Fernando Bel Ortega

Vida e obra de Francisco Añón



FUNDACION PEDRO BARRIE DE LA MAZA, CONDE DE FENOSA
«COLECCION GALICIA VIVA»
Disposta pola
REAL ACADEMIA GALEGA

REAL ACADEMIA
GALEGA
A CORUÑA
32558
Biblioteca

**FUNDACION PEDRO BARRIE DE LA MAZA,
CONDE DE FENOSA**

SERVICIO DE PUBLICACIÓNS

OUTROS TÍTULOS PUBLICADOS NAS SEGUINTES COLECCIÓNS:

COLECCIÓN DOCUMENTOS HISTÓRICOS

— MEIJIDE PARDO, Antonio. Escritos e autores na Galicia da Ilustración (1982).
— LORENZO VÁZQUEZ, Ramón. Crónica Troiana (1985).
— SOTO VISO, Margarita. Marcial del Adalid. Melodies pour chant et piano. Cantares viejos y nuevos de Galicia (1985).
— FERREIRA PRIEGUE, Elisa. Galicia en el comercio marítimo medieval (1988).

SERIE GALICIA VIVA

— CARBALLO CALERO, Ricardo. Libros e Autores galegos I. Dos Trovadores a Valle Inclán (1980). (Agotado).
— CARBALLO CALERO, Ricardo. Libros e Autores galegos II. Século XX (1982).
— TORRES QUEIRUGA, Andrés. Noción, Religación, Trascendencia. O coñecemento de Deus en Amor Ruibal e Xavier Zubiri (1990).
— BEL ORTEGA, Fernando. Vida e obras de Francisco Añón (1990).

SERIE GALICIA HISTÓRICA

— TORRES RODRÍGUEZ, Casimiro. Galicia Sueva (1971). (Agotado).
— TORRES RODRÍGUEZ, Casimiro. La Galicia Romana (1982).
— GONZÁLEZ LÓPEZ, Emilio. La Galicia de los Austria (2 tomos). (1980).

R. 3230

Biblioteca

FERNANDO BEL ORTEGA

Vida e obra de Francisco Añón

Tese de doutoramento presentada por Fernando Bel Ortega, baixo a dirección do Dr. D. Xosé Luis Couceiro Pérez, profesor titular de Literatura Galega na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago. Santiago de Compostela, setembro de 1985

FUNDACION PEDRO BARRIE DE LA MAZA, CONDE DE FENOSA
«COLECCION GALICIA VIVA»
Diposta pola
REAL ACADEMIA GALEGA

Imprime: Artes Gráficas Portela, S.L. — Pontevedra
Encuaderna: Encuga, S.L. — Pontevedra
I.S.B.N.: 84-87819-00-1
Dep. Legal: PO - 10/91

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT EXPURGT INNOVAT
Biblioteca

Esta Tese Doutoral foi defendida o día 14 de novembro de 1985 na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, e obtivo a calificación de «sobresaliente cum laude». O tribunal estaba formado polos seguintes profesores:

Presidente: *Prof. Dr. D. RAMÓN LORENZO VÁZQUEZ*

Vocais: *Prof. Dr. D. BENITO VARELA JÁCOME*
Prof. Dr. D. ANGEL TARRÍO VARELA
Prof. Dr. D. BASILIO LOSADA CASTRO

Secretario: *Prof. Dr. D. JOSÉ LUIS MÉNDEZ FERRÍN*

Para a miña dona
Aurelia Muñiz Pensado.

PRÓLOGO

I

Hai ben anos que son un devoto de Añón: do home Francisco Añón, dos seus xestos cívicos e dalgúns dos seus versos. Trátase, sen dúbida, dunha biografía na que non sempre son os versos os que máis importan. De feito, os seus poemas, aínda os mellores, non conteñen a sustancia reveladora e o xeito formal que caracterizan a obra das tres grandes voces poéticas do noso Dezanove.

Dito doutra maneira, Francisco Añón non pasa de ser unha voz menor no mapa da poesía galega dese século. Non se chama Rosalía, nin Curros, nin Pondal, pero pertence a ese universo de voces no que, aquí e alí, abrolla a calidade dun poeta de certo. Por outra parte, o caso de Francisco Añón contén, no noso anómalo discurso literario, outras virtudes, unha de especial valor: o pertencer a ese tempo, anterior ós Cantares de Rosalía de Castro *(1863), no que eran moi poucos os que poetizaban no noso idioma. Certamente, non é anecdótica a súa producción galega anterior a este ano, o que nos obriga a contalo entre os «precursores» importantes, entre os máis conscientes soldados do Pre-rexurdimento. De 1861 é esta actitude cara ó seu país:*

> *Ai, esperta, adorada Galicia,*
> *dese sono en que estás debruzada.*

II

Debo recoñecer que somos moitos os que chegamos a Añón da man de Curros Enríquez, unha man engaiolante. Nesa xenial batracomiomaquia que se titula O Divino Sainete *(1888), Francisco Añón, o Virxilio desta Commedia, é figura tratada sempre con agarimo e veneración. Sen* O Divino Sainete *os achegamentos á vida e á obra de Añón serían menos ou de menor interese. Por se fose pouco, Curros Enríquez, en 1896, data do décimo oitavo cabodano, publicou unha fermosa e devota semblanza do noso poe-*

ta que está, sen dúbida, na raíz de non poucos entusiasmos. Por Curros, fundamentalmente, chegamos a Añón, pese ás pobres edicións póstumas dos seus versos. Creo que sen Curros Enríquez o Día das Letras Galegas de 1966 non sería adicado a este poeta de vida tan infortunada.

Cómpre sinalar que ese Día —o 17 de maio de 1966— non suscitou traballos eruditos importantes aínda que apareceron algunhas antoloxías dos seus poemas que algo teñen facilitado o acceso á súa obra. O que verdadeiramente cumpría (exhumar textos e precisar certos sucalcos da súa biografía) non se fixo nesa data, ou fíxose de xeito cativo. Bastantes anos despois, a tese de doutoramento do profesor Fernando Bel Ortega vén subsanar algunhas destas importantes lagoas, o que ten que ser para todos nós un motivo claro de ledicia.

III

Porque as biografías de Añón estaban inzadas de imprecisións e de peripecias máis próximas á lenda que á historia. Agora, co libro do profesor Bel Ortega, algúns deses capítulos están contados desde a realidade dos documentos. Creo que aínda non é unha biografía completa, pero sería inxusto subestima-lo labor bibliográfico, hemerográfico e arquivístico do profesor Bel para subsanar lagoas, precisar algúns feitos e situar axeitadamente outros.

Son moi estimables os datos deste libro verbo da estancia de Añón en Portugal (1846-1849?), estancia que, desde agora, non haberá que confundir con exilio. Sen embargo, pese ás pescudas, verdadeiramente teimosas, o profesor Bel non atopou edición ningunha dese Hino dos povos, *tantas veces atribuído a Añón. É certo, nembargantes, que Añón escribiu poemas en portugués.*

Valiosas son as páxinas adicadas á súa presencia en Sevilla (1853-1854), anos nos que Añón exerce como profesor particular de francés e de italiano. Trátase dun capítulo rigorosamente novo. Hai outras aportacións biográficas de valía.

IV

Na tese doutoral do profesor Bel amósase ó lector o corpus, hoxe por hoxe máis extenso, da obra poética de Añón: 153 composicións, das cales 14 son inéditas. Ademais do mérito cuantitativo, non pequeno, o corpus ofrecido por Bel contén outras aportacións, algunhas tan valiosas como a datación, en 1845, dunha composición tan importante como «Recordos da infancia».

En canto ós poemas galegos, que son trinta e nove nesta edición, ben merecían, creo eu, unha introducción sobre os rasgos lingüísticos e os criterios gráficos do escritor Añón. É útil, certamente, o cotexo que o profesor Bel fai das distintas versións dun poema, pero este traballo, tan árido, non sempre é esclarecedor por non ir precedido dun capítulo como o que aquí se sinala. Postos a suxerir, suxeriría un pouco máis de ambición ecdótica.

Convén sinalar que na erudita tese do profesor Bel a parte do león corresponde á biografía, tan meritoria, e son moi poucas as páxinas adicadas ó estudio estrictamente literario da obra poética de Francisco Añón.

En calquera caso, a partir do estudio e da edición do profesor Bel Ortega estamos en condicións bastante precisas para facer unha lectura axeitada da obra literaria de Añón e para precisa-la súa presencia e a súa incidencia dentro do noso Prerrexurdimento.

Xesús ALONSO MONTERO
Vigo, xaneiro, 1990.

PRELIMINAR

A figura de Francisco Añón Paz despertou en min dende fai uns cantos anos un sentimento de achegamento á súa obra, pola que escomencei a interesarme, ó mesmo tempo que o personaxe Añón pareceume de grande valía pola autenticidade e valores humanos con que o describían os seus biógrafos. Deseguida decateime de que, dado o momento histórico que lle tocou vivir, representa na Historia da Literatura Galega un fito importante como impulsor no Rexurdimento do emprego da lingua galega na literatura. Añón é polo tanto un Precursor cunha grande dignidade.

Afondando na investigación da súa vida e a súa obra, foise construíndo esta miña Tese Doutoral «Vida e obra de Francisco Añón», que presento agora na Universidade de Santiago de Compostela.

A dificultade da investigación aséntase principalmente na recollida da obra, que se atopa espallada en xornais e revistas da época, de diferentes lugares, dada a existencia desacougada do escritor.

As nosas pescudas seguiron pois os pasos de Añón dende o curruncho onde naceu «Boel», pasando por «Serra de Outes», «Santiago», arquivos e bibliotecas das catro provincias galegas, Madrid, Lisboa e Sevilla. Todo elo, xunto coas entrevistas mantidas con personalidades da Cultura Galega, foi configurando este traballo.

AGRADECEMENTOS

O meu primeiro agradecemento é para o finado D. Xosé M.ª Alvarez Blázquez.

A continuación dou unha relación de persoas que ben me deron datos, ou me facilitaron o acceso a obras e documentos relacionados con Añón. A todos eles, gracias.

— D. Manuel Fabeiro Gómez
— D. Ecequiel Allut Agrelo
— D.ª Marujita Tuñas Blanco
— D. Xesús Alonso Montero
— D. Francisco Fernández del Riego
— D. Emilio González López
— D. Carlos Martínez Barbeito
— D.ª Isabel Martínez Barbeito
— D. Francisco Fariña Busto
— D. Ramón Martínez López
— D. Benito Varela Jácome
— D. Francisco Puy Muñoz
— D. Antón Avilés Vinagre (Avilés de Taramancos)
— D. Antonio Fraguas Fraguas
— D. Valentín Paz Andrade
— D. Maximino Castiñeiras García
— D. Antonio Prado Díaz
— D. José Maiz Busto
— D.ª Ana Galicia López
— D. X. R. Barreiro Fernández
— D. Xoán Moreno González
— D. Camilo José Cela
— D. Guillermo Folch
— D. José Antonio Durán
— D. Alfonso Braojos Garrido
— D. Pedro García
— D. Baldomero Puerta Henche

— D.ª María Josefa García Gómez
— D. José Luis Pensado Tomé
— D. Domingo García Sabell

Tamén o noso agradecemento ó persoal das seguintes institucións:

— Biblioteca Penzol de Vigo
— Museo de Pontevedra
— Arquivo e Biblioteca da Universidade de Santiago de Compostela
— Real Academia Galega
— Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos, de Santiago de Compostela
— Arquivo Provincial de Ourense
— Hemeroteca Municipal de Madrid
— Biblioteca e Hemeroteca Nacional de Madrid
— Hemeroteca Municipal de Sevilla
— Biblioteca Provincial de Pontevedra
— Biblioteca Provincial de Lugo
— Biblioteca Municipal de A Coruña
— Arquivo Provincial de A Coruña
— Biblioteca da Sociedade «Círculo de Artesanos» (A Coruña)
— Hemeroteca e Biblioteca Nacional de Lisboa
— Biblioteca Geral da «Fundação Gulbenkian» de Lisboa
— Arquivo Municipal de Santiago
— Centro Gallego de Zaragoza
— Bibliographical Information Service (The British Library)
— Alcalde, membros da corporación, e persoal administrativo da Casa do Concello da Serra de Outes
— Directiva da «Sociedad Unión Residentes de Outes» en Buenos Aires
— Un agradecemento especial para os veciños da Serra de Outes

I

BIBLIOGRAFÍA

ABELLA, Santiago: *La villa de Noya, su historia, su topografía, sus monumentos y sus hombres ilustres*, Imprenta de F. Vilanova, Buenos Aires, 1911.

ALADERN, Joseph (seudónimo de Cosme Vidal): *A Literatura Gallega*, en «Revista Gallega», n.° 120, Coruña, 27-VI-1897, páx. 8.

Album de la Caridad. Juegos Florales en 1861, seguido de un mosaico poético de nuestros vates gallegos contemporáneos, Imprenta del Hospicio Provincial á cargo de D. Mariano M. y Sancho, Coruña, 1862.

ALONSO MONTERO, X.: «Situando o Divino Sainete», en *Manuel Curros Enríquez. O Divino Sainete*, Ediciós do Castro, A Cruña, 1969.

ALONSO MONTERO, Xesús: *Os cen mellores poemas da lingua galega*, Edicións Celta, Lugo 1975, (4.ª ed.).

ALONSO MONTERO, Xesús: *Escritores galegos do século XIX: O poeta Francisco Añón*, en «Lingua, literatura e sociedade en Galicia», Akal editor, Madrid, 1977, páxs. 113-119.

ALONSO MONTERO, Xesús: *Añón Paz, Francisco*, en «Gran Enciclopedia Gallega».

— S. NOVO (pseudónimo de Xesús Alonso Montero): *O poeta Francisco Añón*, «Nova Galicia», París, n.° 2, 1966.

ALVAREZ BLÁZQUEZ, José María: *El Romanticismo gallego en Nicomedes Pastor Díaz*, en «Alba», Vigo, 1956.

ALVAREZ BLÁZQUEZ, José María: *Datos para la biografía del poeta Añón. I, Esquema biográfico*, en «Faro de Vigo», 16-3-1960, páx. 6.

ALVAREZ BLÁZQUEZ, José María: *Datos para la biografía del poeta Añón. II, Sus poesías en portugués*, en «Faro de Vigo», 22-3-1960, páxina 7.

ALVAREZ BLÁZQUEZ, José María: *Datos para la biografía del poeta Añón. I, Algunas Efemérides. II, Sus poesías en Portugués*, en «Francisco Añón Paz. Poesías Galegas», Publicacións da Real Academia Gallega, A Cruña, 1966, páxs. 127-136.

ALVAREZ BLÁZQUEZ, José María: *Limiar*, en «Francisco Añón Paz. Poesías Galegas», Publicacións da Real Academia Gallega, A Cruña, 1966, páxs. 9-12.

ALVAREZ BLÁZQUEZ, José María: *La prensa periódica viguesa en el siglo XIX*, en «Vigo en su Historia», Caja de Ahorros Municipal de Vigo, Vigo, 1980, páxs. 493-562.

ALVAREZ INSUA, Waldo: *Teodosio Vesteiro Torres*, en «El Eco de Galicia», n.° 84, Habana, 3-II-1884.

ALVAREZ INSUA, Waldo: *Francisco Añón*, en «El Eco de Galicia», n.° 95, Habana, 20-IV-1884, páx. 2.

ALVAREZ INSUA, Waldo: *Galicia y sus poetas*, en «El Eco de Galicia», n.° 104, Habana, 22-VI-1884.

ALVAREZ INSUA, Waldo: *Los Juegos Florales - Su influencia civilizadora*, en «El Eco de Galicia», n.° 176, Habana, 8-XI-1885.

ALVAREZ INSUA, Waldo: *Los precursores: literatura gallega*, en «El Eco de Galicia», n.° 196, Habana, 28-III-1886, páxs. 1-2.

A. MARTÍNEZ, Xosé: *Francisco Añón. O Patriarca*, en «Antena Dominical de La Voz de Galicia», 25-IV-1982.

AMOR MEILÁN, Manuel: *Francisco Añón y Paz*, en «Biografías Gallegas», Lugo «La Provincia», 1924.

ANÓNIMO: *Francisco Añón, noticia sobre su grave estado en Madrid*, en «Faro de Vigo», n.° 2.699, 20-IV-1878, páx. 1.

ANÓNIMO: *Francisco Añón*, en «El Heraldo Gallego», n.° 261, Orense, 25-IV-1878, páxs. 177-179.

ANÓNIMO: *Aniversario, Abril 20 de 1878. Muere en Madrid en el Hospital de La Princesa, el inspirado y popular poeta D. Francisco Añón Paz*, en «El Heraldo Gallego», Orense, 20-IV-1879, páxs. 121-122.

ANÓNIMO: *¿Se perdieron los restos de Añón?*, en «La Noche», Santiago, 18-V-1946, páx. 4.

ANÓNIMO: *La primera edición de las Poesías de Añón se hizo en Noya*, en «La Noche», Santiago, 18-V-1946, páx. 4.

ANÓNIMO: *Noticia sobre la muerte de Añón*, en «Diario de Lugo», n.° 468, 26-IV-1878, páx. 1.

ANÓNIMO: *Sobre la publicación de las obras de Añón*, en «Diario de Lugo», n.° 484, 15-V-1878, páx. 1.

ANÓNIMO: *La Ilustración de Galicia y Asturias*, en «Diario de Lugo», n.° 520, 28-VI-1878, páx. 1.

ANÓNIMO: *El borracho y el eco, una de las más celebradas poesías de Añón*, en «La Noche», Santiago, 18-V-1946, páx. 4.

ANÓNIMO: *Anecdotario de Añón*, en «La Noche», Santiago, 18-V-1946, páx. 4.

ANÓNIMO: *Añón murió pobre, pero no en la miseria*, en «La Noche», Santiago 18-V-1946, páx. 4.

ANÓNIMO: *Francisco Añón Paz*, en «Galería de Gallegos Ilustres», Edicións Monterrey, Vigo, 1956, páxs. 53-54.

ANÓNIMO: *Hoy, día de las letras gallegas, D. Francisco Añón (comienzo de un libro que no se acabará nunca)*, en «Diario de Pontevedra», 17-V-1966.

ANÓNIMO: *Francisco Añón, o la nostalgia de Galicia*, en «El Pueblo Gallego», Vigo, 17-V-1966, páx. 7.

ANÓNIMO: *Homenaje a Francisco Añón en la Sierra de Outes*, en «La Noche», Santiago, 17-V-1966, páxs. 1-2.

ANÓNIMO: *Antología de urgencia de Añón: A Galicia, O Recordo, A Pantasma*, en «El Correo Gallego», Ferrol, 17-V-1966, páx. 12.

ANÓNIMO: *«Francisco Añón*, en «Día das Letras Galegas», Edit. Galaxia, Vigo, 1985, páxs. 13-14.

ARDILA, J.: *Un poeta gallego*, en «El Eco de Galicia», n.° 35, Habana, 9-XI-1889, páxs. 4-5.

BALAGUER, Víctor: *El Regionalismo y los Juegos Florales*, Madrid, 1987.

BARRAL ANDRADE, R.: *Perfil de Francisco Añón*, en «Diario de Pontevedra», 17-V-1966.

BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón: *Pronunciamento do 1846 e rexionalismo galego*, en «Grial», Revista Galega de Cultura, n.° 50, outubre, Novembre, decembre, Vigo, 1975, páx. 413-428.

BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé R.: *El levantamiento de 1846 y el nacimiento del galleguismo*, Edit. Pico Sacro, Santiago, 1977.

BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé R.: *Historia Contemporánea de Galicia*, III vols., Eds. Gamma, La Coruña, 1982.

BARREIRO, Lisardo: *La hermana de Añón*, en «Esbozos y siluetas de un viaje por Galicia», Andrés Martínez, Editor, La Coruña, 1890, páxs. 35-61.

BELL, Aubrey F. G.: *A Literatura Portuguesa (Historia e Crítica)*, Imprensa da Universidade, Coimbra, 1931, páxs. 474-75.

BERDIALES, Germán: *Las cien mejores poesías humorísticas de la lengua castellana*, Buenos Aires, 1945.

BLANCO AMOR, Eduardo: *El poeta Francisco Añón en su 150º aniversario*, en «Galicia», Revista del Centro Gallego de Buenos Aires, n.º 528, noviembre-diciembre, 1962.

BOUZA-BREY, Fermín: *Os derradeiros días do poeta Añón*, en «Nós», n.º 94, Ourense, 15 de Outono de 1931, páxs. 193-194.

BOUZA-BREY, Fermín: *Os derradeiros días do poeta Añón*, en «Francisco Añón Paz. Poesías Galegas», Publicaciós da Real Academia Gallega, A Cruña, 1966, páx. 125.

BUGALLAL, José Luis: *Mentidero del país*, adicado a Añón, en «Hoja del Lunes», 23-V-1966.

CABANILLAS, Ramón: *A saudade nos poetas galegos* (Discurso de ingreso na Academia Galega), en «Obra Completa», Ediciones Galicia del Centro Gallego de Buenos Aires, 1959, páxs. 805-814.

CABEZA DE LEÓN, Salvador: *Historia de la Universidad de Santiago de Compostela*, materiales acopiados y transcritos por Salvador Cabeza de León. Ordenados, completados y redactados por Enrique Fernández Villamil, 3 tomos, Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos, Santiago de Compostela, 1945-1947.

CARBALLO CALERO, Ricardo: *Francisco Añón*, en «Francisco Añón Paz. Poesías Galegas», Publicaciós da Real Academia Gallega, A Cruña, 1966, páxs. 137-141.

CARBALLO CALERO, Ricardo: *Poesía de Añón*, en «Programa de festejos en honor de Santiago Apóstol», Centro Gallego de Zaragoza, 1966.

CARBALLO CALERO, Ricardo: *Historia da Literatura Galega Contemporánea*, Edit. Galaxia, Vigo, 1975, 2.ª ed.

CARBALLO CALERO, Ricardo: *Castelán e galego no "Álbum de la Caridad"*, en **libros e autores galegos**, Fundación Pedro Barrié de la Maza, «Colección Galicia Viva», La Coruña, 1979, páxs. 127-133.

CARRÉ ALDAO, Eugenio: *Pintos, Añón, Alberto Camino*, en «La literatura gallega en el s. XIX», Librería Regional de Carré, Coruña, 1903, páxs. 33-36.

CARRÉ ALDAO, Eugenio: *Pintos, Añón, Alberto Camino, Pérez Ballesteros, Fernández Morales, Posada*, en «Literatura Gallega», Casa Editorial Maucci, Barcelona, 1911, páxs. 42-48.

CARRÉ ALDAO, Eugenio: Prólogo a *Poesías de Francisco Añón*, Litografía, imprenta y papelería de L. Lorman, A Cruña, 1920, páxs. 5-9.

CARRÉ ALDAO, Uxío: Prólogo a *Poesías Galegas por Francisco Añón*, Biblioteca Lírica Lar-A Cruña, s.d. (2.ª ed.), páxs. 5-13.

CARRÉ ALDAO, Eugenio: *Una sesión conmemorativa. Homenaje a Benito Vicetto y a Francisco Añón*, en «Boletín de la Real Academia Gallega», n.º 205, Coruña, 1 de junio de 1928, páxs. 22-27.

CARRÉ ALDAO, Uxío: *Francisco Añón e José María Posada*, en «Orientación Gallega», Buenos Aires, enero, 1963, páx. 3.

CARRÉ ALDAO, Uxío: *Francisco Añón Paz*, en «Francisco Añón Paz. Poesías Galegas», Publicacións da Real Academia Gallega, A Cruña, 1966, páxs. 101-107.

CARRÉ, Leandro: *Sobre el testamento del poeta Añón*, en «Finisterre. Revista de Galicia», Pontevedra, febrero, 1944.

CARRÉ ALVARELLOS, Luis: *Manuel Curros Enríquez, súa vida e súa obra* (ensaio bio-bibliográfico), Ediciones Galicia del Centro Gallego de Buenos Aires, Buenos Aires, 1953.

CASAL Y LOIS, José: *Colección de Poesías Gallegas*, manuscrito, Pontevedra, 1865.

CASAS, Alvaro de las: *Antología de la lírica gallega*, Madrid, 1928, (3.ª ed.).

CASAS, Alvaro de las: *Antología de Poetas Gallegos*, Edit. Sopena Argentina S.R.L., Buenos Aires, 1939.

CASÁS FERNÁNDEZ, Manuel: *Primeros avances del Regionalismo Gallego*, en «Episodios Gallegos», Eds. Galicia del Centro Gallego de Buenos Aires, Buenos Aires, 1953, páxs. 94-115.

CASTIÑEIRAS GARCÍA, Maximino: *Un poeta y su pueblo*, en «Hoja del Lunes», 16-V-1966, páx. 7.

CASTIÑEIRAS GARCÍA, Maximino: *Añón en Outes*, en «El Correo Gallego», Ferrol, 17-V-1966.

CASTRO LÓPEZ, Manuel: *NICANDRO. A la memoria del poeta gallego, Francisco Añón y Paz*, en «El Heraldo Gallego», Orense, 20-VI-1879, páxs. 219-222.

CASTRO LÓPEZ, Manuel: *Francisco Añón*, en «El Eco de Galicia», n.º 234, Buenos Aires, 20-IV-1898, páx. 1.

CASTRO Y LÓPEZ, Manuel de: *Notas sueltas, Francisco Añón*, en «Almanaque Gallego», Buenos Aires, 1924, páxs. 108 e 137.

CEBRIÁN FRANCO, Juan José: *Santuarios de Galicia* (Diócesis de Santiago de Compostela), edita: Arzobispado de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1982.

CIRVIGO Y VORCA, Antonio: Prólogo a *Tipos de Galicia*, coleccionados para «El Correo Gallego», imp. de «El Correo Gallego», Ferrol, 1887.

CIRVIGO Y VORCA, Antonio: Prólogo a *Tipos, costumbres y leyendas*, en folletín de «El Norte de Galicia», Lugo, 1916, páxs. I-VII.

CORA, S.: *La obra poética de Francisco Añón*, en «El Eco de Galicia», n.° 374, Habana, 24-VIII-1889, páx. 3.

COSTA CLAVELL, Xavier: Francisco Añón: o el amor a Galicia desde el destierro, en «La Voz de Galicia», 22-VII-1979.

COSTA RICO, Antón: *O ensino en Galicia*, Edicións do Cerne, Santiago, 1980.

COUCEIRO FREIJOMIL, Antonio: *Francisco Añón Paz*, en «El Idioma Gallego. Historia, gramática, literatura», Casa editorial Alberto Martín, Barcelona, 1935, páxs. 306-308.

COUCEIRO FREIJOMIL, Antonio: *Francisco Añón y Paz. Datos biográficos*, en «La Noche», Santiago, 18-V-1946, páx. 4.

COUCEIRO FREIJOMIL, Antonio: *Diccionario Bio-Bibliográfico de escritores*, vol. I, A-E, Enciclopedia Gallega, Edit. de los Bibliófilos Gallegos, Santiago de Compostela, 1951.

COUSELO BOUZAS, J.: *Fray Rafael de Vélez y el Seminario de Santiago*, Tipografía del Seminario C. Central, Santiago, 1928.

CRESPO DEL POZO, José Santiago: *Blasones y linajes de Galicia*, vol. II, Parte Genealógica (A-F), Edit. de los Bibliófilos Gallegos, Santiago de Compostela, 1962.

CURROS ENRÍQUEZ, Manuel: *Hijos ilustres de Galicia. Francisco Añón*, en «Obras Completas», tomo IV, Librería de sucesores de Hernando, Madrid, 1911, páxs. 213-222.

CURROS ENRÍQUEZ, Manuel: *Hijos ilustres de Galicia. Francisco Añón*, en «Obras Completas», recopilación, introducción y notas por Carlos Casares, Edit. Aguilar, Madrid, 1979, páxs. 1.041-1.048.

Diccionario de Literatura portuguesa, brasileira, galega, estilística literaria, 1.° volume A/E, Figueirinhas, Porto, 1978.

ESTÉVEZ MOURIÑO, José (Marqués de Sabuz): *De Literatura Galaica*, 3 vols., Encuadernación Cándido Valentín, Valladolid, 1916. En vol. II, páxs. 417-422.

ESTÉVEZ MOURIÑO, José (Marqués de Sabuz): *La Literatura Medieval en Galicia*, 3 tomos, Madrid, 1929.

FABEIRO GÓMEZ, Manuel: *Breves notas sobre Añón*, en «Boletín de la Real Academia Gallega», tomo XXVII, La Coruña, octubre de 1956. páxs. 130-138.

FABEIRO GÓMEZ, Manuel: *Linaje de Francisco Añón*, en «El Correo Gallego», Ferrol, 17-V-1996.

FERNÁNDEZ FERREIRO, José: *Un día importante, Día das Letras Galegas»*, en «El Correo Gallego», Ferrol, 17-V-1966, páx. 12.

FERNÁNDEZ FLÓREZ, Wenceslao: *Antología de Poetas Gallegos*, Madrid, 1929.

FERNÁNDEZ PULPEIRO, Juan Carlos: *Apuntes para la historia de la prensa del siglo XIX en Galicia*, Ediciós do Castro, serie investigación universitaria, A Coruña, 1981.

FERNÁNDEZ DEL RIEGO, Francisco: *Escolma de Poesía Galega, III. O século XIX*, Edit. Galaxia, Vigo, 1957.

FERNÁNDEZ DEL RIEGO, Francisco: *Un país e unha cultura. A idea de Galicia nos nosos escritores*. Discurso lido o día 26 de novembro de 1960 na sua recepción pública na Real Academia Galega por D. Francisco Fernández del Riego e resposta de D. Ricardo Carballo Calero, Artes Gráficas Galicia, S.A., Vigo, 1973.

FERNÁNDEZ DEL RIEGO, Francisco: *Antoloxía de Poesía Galega. Do dezanove aos continuadores*, Edit. Galaxia, Vigo, 1976.

FERNÁNDEZ DEL RIEGO, Francisco: *Manual de Historia da literatura galega*, Edit. Galaxia, Vigo, 1981 (5.ª ed.).

FERNÁNDEZ DEL RIEGO, Francisco: *Pensamento Galeguista do século XIX*, Edit. Galaxia, Vigo, 1983.

FERNÁNDEZ DEL RIEGO, Francisco: *Historia da Literatura*, Biblioteca básica da cultura galega, Edit. Galaxia, Vigo, 1984.

FERNÁNDEZ SÁNCHEZ, José M. y FREIRE BARREIRO, Francisco: *Guía de Santiago y sus alrededores*, Imprenta del Seminario Conciliar, Santiago, 1885.

FILGUEIRA VALVERDE, José: *Santiago de Compostela guía de sus monumentos e itinerarios*, Santiago de Compostela, Porto y Cía., 1950.

GARCÍA BARROS, Jorge: *Medio siglo de vida coruñesa, 1834-1886 (del Miriñaque al tren veloz)*, Grafinsa, La Coruña, 1970.

GONZÁLEZ LÓPEZ, Emilio: *Historia de Galicia*, Edit. La Voz de Galicia, La Coruña, 1900.

GONZÁLEZ LÓPEZ, Emilio: *El reinado de Isabel II en Galicia. La regencia de María Cristina. Moderados, progresistas y carlistas*, Ediciós do Castro, A Coruña, 1984.

Historia de la Educación en España, Textos y documentos, 2 tomos, Secretaría General Técnica, Ministerio de Educación, Madrid, 1979.

IGLESIA, Antonio de: *Juegos Florales*, en «Galicia. Revista Universal de este Reino», n.° 7, Coruña, 1-I-1861, páxs. 104-106.

IGLESIA, Antonio de: *Juegos Florales*, en «Galicia. Revista Universal de este Reino», n.° 17, Coruña, 1-VI-1861, páxs. 269-270.

IGLESIA, Antonio de la: *El Idioma Gallego. Su antigüedad y vida*, Latorre y Martínez, Editores. Imprenta de «La Voz de Galicia», La Coruña, 1886.

LAMAS CARVAJAL, Valentín: *La muerte de Añón*, en «El Heraldo Gallego», Orense, 3-V-1878, páxs. 189-190.

L. LANDEIRA, Ricardo: *Renacimiento de la literatura gallega*, en «La saudade en el Renacimiento de la literatura gallega», Edit. Galaxia, Vigo, 1970, páxs. 19-71.

LANZA ALVAREZ, Francisco: *Añón Paz, Francisco* , en «Dos mil nombres gallegos», Eds. Galicia del Centro Gallego de Buenos Aires, Buenos Aires, 1953.

LEDO ANDIÓN, Margarita: *Prensa e Galeguismo: Da prensa galega do XIX ao primeiro periódico nacionalista*, Ediciós do Castro, A Coruña, 1982.

LÓPEZ AYDILLO, Eugenio: *Las mejores poesías gallegas*, Madrid, 1914.

LÓPEZ GÓMEZ, Jesús: *Muerte del poeta gallego Francisco Añón*, en «Diario de Lugo», n.° 479, 9-V-1878.

LÓPEZ OTERO, Jesús: *El periodismo en Pontevedra*, Imp. de Rogelio Quintáns, Pontevedra, 1899.

LÓPEZ DE SERANTES, Josefina: *Nicolasa Añón, una poetisa de Sierra de Outes que no sabía leer ni escribir*, en «El Ideal Gallego», La Coruña, 7-V-1982.

LÓPEZ DE SERANTES, Josefina: *Nicolasa Añón, una poetisa de Sierra de Outes que no sabía leer ni escribir*, en la revista «Ecos da Terra», Casa de Galicia de Uruguay, xulio, 1982.

LÓPEZ DE LA VEGA, José: *Don Francisco Añón Paz, ha muerto. R.I.P.*, en «Semanario del Faro de Vigo», 27-IV-1878.

LORENZANA, Salvador: Limiar en *Francisco Añon. Poesías Galegas*, Edit. Galaxia, Vigo, 1966, páxs. 5-10.

LORENZANA, Salvador: *Francisco Añón*, en «Faro de Vigo», 15-V-1966, páx. 8.

LOSADA, Benito: *Soazes d'un vello. Poesías Gallegas*, Latorre y Martínez, Editores. Imprenta de «La Voz de Galicia», La Coruña, 1986.

LUSTRES RIVAS, Manuel: *El testamento del poeta Francisco Añón*, en «La Voz de Galicia», La Coruña, 4-V-1927, páx. 4.

MARQUÉS DE FIGUEROA: *De la poesía gallega*, discurso leído en el Ateneo de Madrid, por el Marqués de Figueroa el día 11 de febrero de 1889. Imprenta y fundición de M. Tello. Impresor de cámara de S.M., Madrid, 1889.

MARTÍN GAITE, Carmen y RUIZ TARAZONA, Andrés: *Ocho siglos de poesía gallega*, Antología bilingüe, Alianza Editorial, Madrid, 1972.

MARTÍNEZ-MORÁS, Fernando: *Discurso homenaje a Francisco Añón*, en «Boletín de la Real Academia Gallega», n.° 205, Coruña, 1.° de junio de 1928, páxs. 27-28.

MARTÍNEZ-MORÁS, Fernando: *A la Real Academia Gallega*, en «Francisco Añón Paz. Poesías Galegas», Publicaciós da Real Academia Gallega, A Cruña, 1966, páxs. 119-120.

MARTÍNEZ-MORÁS Y SORIA, Andrés: *La "Biblioteca Gallega" de Martínez Salazar*, en «Grial». Revista Galega de Cultura, n.° 13, xulio, agosto, setembro, Vigo, 1966, páxs. 363-368.

MOSQUERA, Augusto: *Necrología. Francisco Añón*, en «Poesías Varias». Colección debida á la inspirada pluma del eminente gallego D. Francisco Añón Paz, en folletín de la Biblioteca de La Concordia, Vigo, 1878, páxs. 5-15.

MOSQUERA, Augusto: *Los Gallegos en Madrid*, en «El Heraldo Gallego», Orense, 20-V-1879, páxs. 170-173.

MOSQUERA, Augusto: *Francisco Añón*, en «La Ilustración Gallega y Asturiana, Madrid, 18-IV-1880, páxs. 135-136.

MOURE-MARIÑO, Luis: *Del romanticismo gallego*, en «Temas Gallegos», Espasa Calpe, S. A., Selecciones Austral, Madrid, 1979, páxs. 159-173.

MURGUÍA, Manuel: *Necrología. D. Francisco Añón*, en «La Ilustración de Galicia y Asturias», n.° 1, Madrid, 15-VI-1878, páx. 8.

MURGUÍA, Manuel: *Crítica literaria a Espiñas, Follas e Frores: versiños gallegos por Lamas Carvajal*, en «La Ilustración de Galicia y Asturias», n.° 6, 15-IX-1878, páxs. 68-70.

NEIRA CANCELA, Juan: *Don José María Posada y Pereira*, en «Galicia Literaria». Revista de Ciencias, Artes y Literatura, n.° 1, Orense, 15-III-1883, páxs. 1-3.

NEIRA CANCELA, Juan: *Emilia Calé y Torres*, en «Galicia Literaria». Revista de Ciencias, Artes y Literatura, n.° 18, Orense, 30-XI-1883, páxs. 135-137.

NEIRA CANCELA, Juan: *Galicia*, en «Galicia, revista regional de Ciencias, Letras, Artes, Folk-lore, etc.», n.° 1, La Coruña, «Enero de 1887», páxs. 51-55.

NEIRA CANCELA, Juan: *Don José María Posada y Pereira*, en «José María Posada. Poesías Selectas, Andrés Martínez, editor, La Coruña, 1888, páxs. XI-XXI.

NEIRA DE MOSQUERA, Antonio: *Monografías de Santiago y dispersos de temas compostelanos (1844-1852)*, estudio preliminar de Benito Varela Jácome, Bibliófilos Gallegos, Santiago de Compostela, 1950.

NOVO Y GARCÍA, José: *D. Francisco Añón*, en «Por Galicia», Andrés Martínez, editor, La Coruña, 1896, páxs. 111-122.

NOVO Y GARCÍA, Victorino: *Añón*, en «Francisco Añón. Poesías«, Biblioteca Gallega, tomo n.° 19. Estab. tipográfico de la papelería de Ferrer, Andrés Martínez Salazar, editor, La Coruña, 1889, páxs. V-XXVI.

NOVO Y GARCÍA, Victorino: *Añón*, en «Francisco Añón, Poesías», Est. Gráfico J. Estrach, Humberto 966, Buenos Aires, 1922, páxs. V-XXV.

NOVO Y GARCÍA, Victorino: *Añón*, en «Francisco Añón Paz. Poesías Galegas», Publicacións da Real Academia Gallega, A Cruña, 1966, páxs. 89-100.

ODRIOZOLA PIETAS, Antonio: *La Imprenta en Vigo*, en «Vigo en su Historia», Caja de Ahorros Municipal de Vigo, Vigo, 1980, páxs. 459-491.

OSSORIO Y BERNARD, Manuel: *Añón y Paz (Francisco)*, en «Ensayo de un catálogo de periodistas españoles del s. XIX», Madrid, 1903, páxina 19.

OTERO PEDRAYO, Ramón: *Lembranza de Añón*, en «Nós», n.° 53, 15-V-1928, páxs. 82-83.

OTERO PEDRAYO, Ramón: *Guía de Santiago de Compostela*, Edit. Compostela, Santiago, 1943.

OTERO PEDRAYO, Ramón: *Lembranza de Añón*, en «Francisco Añón Paz. Poesías Galegas», Publicacións da Real Academia Gallega, A Cruña, 1966, páxs. 121-123.

OTERO PEDRAYO, Ramón: *Guía de Galicia*, Edit. Galaxia, Vigo, 1980 (5.ª ed.).

OTERO PEDRAYO, Ramón: *Ensaio histórico sobre a Cultura Galega*, Biblioteca Básica da Cultura Galega, Edit. Galaxia, Vigo, 1982.

OUCES, Jan de (Vaamonde, Florencio):*Resume da Historia da Literatura Gallega*, en «Revista Gallega», n.° 133, La Coruña, 26-IX-1897, páx. 2.

OVILO Y OTERO, Manuel: *Francisco Añón*, en «Hijos ilustres de la Universidad de Santiago», Imp. de la Gaceta de Galicia, Santiago, 1880, páxs. 93-104.

PARDO BAZÁN, Emilia: *La poesías regional gallega*, en «De mi tierra, Obras Completas, tomo IX, Madrid, s. d. (2.ª ed.), páxs. 3-52.

PARDO BAZÁN, Emilia: *La poesía regional gallega*, en «De mi tierra», Edicións Xerais de Galicia, S. A., Vigo, 1984, páxs. 11-49.

PARDO, Luis: *O Divino Sainete, poema de D. Manuel Curros Enríquez*, en «El Eco de Galicia», n.º 325, Habana, 16-IX-1888.

PAZ ANDRADE, Valentín: *Luces na sombra de Añón*, en «Galicia». Revista del Centro Gallego de Buenos Aires, n.º 550, Buenos Aires, 1966.

PEDREIRA, Leopoldo: *El Regionalismo en Galicia*, Establecimiento tipográfico de La Linterna, Madrid, 1894.

PÉREZ BUSTAMANTE, C. y GONZÁLEZ GARCÍA PAZ, S.: *La Universidad de Santiago (el pasado y el presente)*, Universidad de Santiago de Compostela, Publicaciones del Instituto de Estudios Regionales, Santiago, 1934.

PÉREZ COSTANTI, Pablo: *Notas Viejas Galicianas*, 3 tomos, Vigo, 1927.

PESQUEIRA, Joaquín: *El testamento del poeta Añón*, en «Finisterre. Revista de Galicia», Pontevedra, «enero de 1944», páxs. 7-8.

PESQUEIRA CRESPO, R.: *Bibliografía. Poesía del señor Don Francisco Añón*, en «El Eco de Galicia», n.º 376, Habana, 7-IX-1889, páx. 4.

PLACER, Camilo: *Necrología. Don Francisco Añón y Paz*, en «Diario de Lugo», n.º 476, 5-V-1878.

PORTELA PÉREZ, Farruco: *Colección de Poesías Gallegas de varios autores*, con un prólogo del Excmo. Sr. D. Luis R. Seoane, Nueva Tipografía de Luis Carragal, Pontevedra, 1882.

PRADO DÍAZ, Antonio: *El Poeta Añón*, en «La Noche», Santiago, 23-IV-1966, páx. 14.

PRADO DÍAZ, Antonio: *El Poeta Añón tendrá un monumento en Outes*, en «Correo de Galicia», n.º 15, Buenos Aires, 5-V-1966, páx. 8.

PRADO DÍAZ, Antonio: *Un olvido irreparable. La amistad del poeta Añón con Montero Ríos*, en «El Correo Gallego», 8-VI-1974, páx. 9.

PRADO DÍAZ, Antonio: *Unha queixa razonábel*, en «A Nosa Terra», n.º 155, 21-27 Maio, 1981.

RISCO, Vicente: *Ensaios de Phisiognomonía. Francisco Añón*, en «Nós», n.º 51, Ourense, 15 Marzal 1928, páxs. 42-43.

RISCO, Vicente: *Ensaios de Phisiognomonía. Francisco Añón*, en «Francisco Añon Paz. Poesías Galegas», Publicaciós da Real Academia Gallega, A Cruña, 1966, páxs. 109-111.

RISCO, Vicente: *Francisco Añón*, en Historia General de las Literaturas Hispánicas, dirigida por Guillermo Díaz Plaja, tomo IV, Edit. Vergara, Barcelona, 1968, reimpresión de la 1.ª ed., páxs. 370-371.

RISCO, Vicente: *Los Juegos Florales y el "Álbum de la Caridad"*, en «Historia General de las Literaturas Hispánicas», tomo IV, Edit. Vergara, Barcelona, 1968, reimpresión de la 1.ª ed., páxs. 371-372.

ROCHA, Hugo: *Francisco Añón Paz, poeta cimeiro do romantismo galego*, en «Sete vozes perenes da Galiza lírica», Livraria Athena, Porto, 1965, páxs. 41-51.

RODRIGUES LAPA, Manuel: *Añón e as saudades de Portugal*, en «Estudos Galego-Portugueses», Livraria Sá da Costa editora, Lisboa, 1979, páxs. 111-116.

RODRÍGUEZ LOPEZ, Jesús: *Aparecidos y fantasmas, A Pantasma de D. Francisco Añón*, en «Supersticiones de Galicia y preocupaciones vulgares», ediciones Celta, Lugo, 1979, 8.ª ed., páxs. 172-181.

RODRÍGUEZ MARTÍNEZ, Manuel: *El Seminario de Santiago, 1829-1868 (Notas para el estudio del clero gallego decimonónico)*. Memoria de la Licenciatura por D. Manuel Rodríguez Martínez, dirigida por el profesor Dr. D. Jesús María Palomares Ibáñez, Santiago, 1977, (non publicada).

R. YORDI, Julio: *Francisco Añón Paz*, en «El Ideal Gallego», 15-V-1966, páx. 20.

R. YORDI, Julio: *El retorno de Añón*, en «El Ideal Gallego», 22-V-1966, páx. 20.

R. YORDI, Julio: *Añón, políglota*, en «Programa de festejos en honor de Santiago Apóstol», Centro Gallego de Zaragoza, 1966.

RUIZ BERRIO, Julio: *Política escolar de España en el s. XIX (1808-1833)*, C.S.I.C., Madrid, 1970.

SACO, Juan A.: *Poesía gallega contemporánea, sus defectos más comunes*, en «El Heraldo Gallego», n.° 104 (5-I-1876), páxs. 3-5; n.° 105 (8-I-1876), páxs. 9-11; n.° 106 (12-I-1876), páxs. 17-18.

SÁNCHEZ PÉREZ, A.: *Crítica Literaria. O Divino Sainete, poema en oito cantos, por M. Curros Enríquez*, en «Galicia. Revista Regional de Ciencias, Letras, Artes, Folk-lore, etc.», Andrés Martínez, editor, La Coruña, 1888, páxs. 595-601.

SANTIAGO Y GÓMEZ, José de: *Al lector*, en «José María Posada. Poesías selectas», Andrés Martínez, Editor, La Coruña, 1888, páxs. V-X.

SARALEGUI Y MEDINA, Leandro de: *Galicia y sus poetas. Poesías escogidas de autores gallegos contemporáneos*, Est. Tipográfico de Ricardo Pita, Ferrol, 1886.

SENDÓN RODRÍGUEZ, Domingo: *Centenario del fallecimiento de Añón*, en «Boletín de la Asociación Unión Residentes de Outes en Buenos Aires», Buenos Aires, 1978.

SOLÁ, Jaime: *En la patria del poeta Añón*, en la revista «Vida Gallega», Vigo, 20-II-1924.

SOTELO FERREIRO, José: *El Pueblo de Outes a su poeta Francisco Añón Paz*, en «La Voz de Galicia», 13-V-1966, páx. 13.

SOTELO FERREIRO, José: *Homenaje al poeta Añón*, en «Hoja del Lunes», 23-V-1966.

S. S. M.: *El inquieto y apasionado Añón*, en «El Correo Gallego», 21-V-1966.

TEIJEIRO MARTÍNEZ, Benigno: *Estudios literarios*, en «El Eco de Galicia», n.° 187, Habana, 22-I-1886.

TEJADA SPÍNOLA, Francisco Elías de: *La añoranza romántica del paisaje: Añón*, en «La Tradición gallega», Madrid, 1944, páxs. 149-152.

TETTAMANCY GASTÓN, Francisco: *La Revolución Gallega de 1846*, Imprenta y fotograbado de Ferrer, La Coruña, 1908.

TETTAMANCY GASTÓN, Francisco: *Los Mártires de Carral*, Imprenta y fotograbado de Ferrer, La Coruña, 1913 (2.ª ed.).

TICKNOR, M. G.:*Juegos florales de Tolosa. Consistorio de la Gaya ciencia en Barcelona*, en «Historia de la Literatura Española», traducida al castellano con adiciones y notas críticas por D. Pascual de Gayangos, individuo de la Real Academia de la Historia y D. Enrique de Vedia, tomo I, Madrid, 1851, páxs. 344-365.

VAAMONDE LORES, Florencio: *Resume da Historia de Galicia*, A Cruña, 1899, páxs. 110-111.

VARELA, José Luis: *Carta de Francisco Añón a Murguía*, en «Cartas a Murguía», «Cuadernos de Estudios Gallegos», tomo XXVIII, Santiago de Compostela, 1954, páxs. 304-305.

VARELA, José Luis: *Poesía y restauración cultural de Galicia en el s. XIX*, Editorial Gredos, Madrid, 1958.

VARELA JÁCOME, Benito: *«Vesteiro Torres y la Galicia Literaria*, en «Cuadernos de Estudios Gallegos, tomo IV, fascículo XII, Santiago de Compostela, 1949, páxs. 73-93.

VARELA JÁCOME, Benito: *Resurgimiento de la poesía gallega. Francisco Añón*, en «Historia de la literatura gallega», Porto y Cía editores, Santiago de Compostela, 1951, páxs. 207-212.

VARELA JÁCOME, Benito: *Poetas Gallegos (Las mejores poesías)*, Porto y Cía. Editores, Santiago de Compostela, 1953.

VARELA JÁCOME, Benito: *La poesía de Francisco Añón*, en «Faro de Vigo», 20-IV-1953.

VARELA JÁCOME, Benito: *Miscelánea. La Academia literaria de Santiago en 1842*, en «Cuadernos de Estudios Gallegos», XXVII, Santiago de Compostela, 1954, páxs. 151-153.

VARELA JÁCOME, Benito: *A Literatura do século XIX*, en «Historia de Galicia», tomo II, Edits. Cupsa e Planeta, Barcelona, 1980.

VÁZQUEZ, Arturo: *Efemérides de Galicia*, Imp. de la «Prop.ª Gallega», Orense, 1878, páxs. 40-41.

VAZQUEZ, Arturo: *Añón*, en «El Heraldo Gallego», Orense, 3-V-1878, páxs. 190-194.

VESTEIRO TORRES, Teodosio: *Saludo á mis queridos amigos los consocios de la "Galicia Literaria", al regresar de mi país*, en «Poesías». Obras póstumas II, Andrés Martínez, editor, La Coruña, 1896, páxs. 155-161.

VICENTI, Alfredo: *Andrés Muruais»*, en «Corona Fúnebre á la memoria del llorado poeta gallego Andrés Muruais», Imp. de J. Millán, Pontevedra, 1883, páxs. VII-XLI.

VIDAL COSME (alcume de Joseph Aladern): *A Literatura gallega, cunha traducción ó catalán da poesía de Añón "A GALICIA"*, en «Revista Gallega», Coruña, 27-VI-1897, páx. 8.

VILANOVA RODRÍGUEZ, Alberto: *Curros, Vesteiro y La Galicia Literaria*, en «Vida y obra de Manuel Curros Enríquez», Ediciones Galicia del Centro Gallego de Buenos Aires, 1953, páxs. 75-87.

VILANOVA RODRÍGUEZ, Alberto: *O Divino Sainete. La Crítica. Curros y Añón*, en «Vida y Obra de Manuel Curros Enríquez», Ediciones Galicia del Centro Gallego de Buenos Aires, 1953, páxs. 153-160.

VILANOVA, Alberto: *Teodosio Vesteiro Torres. Galería de Gallegos Ilustres*, Ensayo bio-bibliográfico sobre Teodosio Vesteiro Torres, tomo I, Eds. Galicia del Centro Gallego de Buenos Aires, 1955, páxs. VII-LXI.

VILLAR PONTE, Antonio: *Nacionalismo Gallego. Nuestra afirmación regional*, Imprenta de «La Voz de Galicia», La Coruña, 1916.

VILLAR PONTE, Antonio: Discurso sobre Añón, en *Una sesión conmemorativa. Homenaje a Benito Vicetto y a Francisco Añón*, «Boletín de

la Real Academia Gallega», n.° 205, Coruña, 1.° de junio de 1928, páxs. 13-17.

VILLAR PONTE, Antonio: *Lixeira semblanza de Añón*, en «Francisco Añón Paz. Poesías Galegas», Publicacións da Real Academia Gallega, A Cruña, 1966, páxs. 113-117.

VILLAR PONTE, Antonio: *O sentimento liberal na Galiza*, discurso lido o día 24 de xullo do 1934 no acto da súa recepción pública por D. Antonio Villar Ponte e resposta de D. Ramón Otero Pedrayo. Publicacións da Real Academia Galega, A Cruña, 1977.

VIÑAO FRAGO, Antonio: *Política y Educación en los orígenes de la España contemporánea*, Editorial s. XXI, Madrid, 1982.

II

INTRODUCCIÓN BIOGRÁFICA

Francisco Añón Paz naceu en Boel, aldea da freiguesía de San Pedro de Outes, partido xudicial de Muros (A Coruña), o 9 de outubro de 1812, segundo di a partida de bautismo:

> «En 10 de Octubre del año 1812: Yo D.ⁿ Juan Ant.° Cern.ʳ., teniente cura de S.ⁿ Pedro de Outes, suplí las sagradas ceremonias del bautismo y puse los santos oleos a un niño que havía nacido el día anterior,....»[1]

Nesta data do nacemento do poeta concordan, entre outros, os historiadores da literatura galega B. Varela Jácome, Xosé M.ª Alvarez Blázquez, e R. Carballo Calero.[2]

Pola súa parte F. Fernández del Riego non concreta: «Nacéu na aldea de Boel, da freiguesía de Outes en terras coruñesas, no outono de 1812».[3]

E dentro dos que poñen outra data distinta, podemos citar a Manuel Ovilo y Otero: «Francisco Añón nació en 1819 en el pueblecillo de San Pedro de Outes, partido judicial de Muros, provincia de La Coruña...»[4] Tamén sinala esta mesma data Manuel Ossorio y Bernard: «Poeta gallego, nacido en S. Pedro de Outes en 1819...»[5]

---

1 Libro de Bautizados da Parroquia de S. Pedro de Outes, ano de 1806 a 1824, folla 75 volta. (Apéndice I).

2 B. VARELA, JÁCOME: *Historia de la literatura gallega*, La Coruña, 1951, páx. 209. X. M.ª ALVAREZ BLÁZQUEZ: *Datos para la biografía del poeta Añón. I, Esquema biográfico*, en «Faro de Vigo», 13-III-1960, páx. 6. R. CARBALLO CALERO: *Historia da literatura galega contemporánea*, Vigo, 1975, 2.ª ed., páx. 83.

3 F. FERNÁNDEZ DEL RIEGO: *Manual de historia da literatura galega*, Vigo, 1981, 5.ª ed., páx. 82.

4 M. OVILO Y OTERO: *Francisco Añón*, en «Hijos Ilustres de la Universidad de Santiago», Santiago, 1880, páx. 94.

5 M. OSSORIO Y BERNARD: *Ensayo de un catálogo de periodistas españoles del s. XIX*, Madrid, 1903, páx. 19.

Outra data desemellante desta, e non exacta, é a que depara nun primeiro momento Eugenio Carrá Aldao: «Nació en Outes (Coruña), el 10 de Octubre de 1817»,[6] anque máis tarde corrixe: «Naceu n-aldea de Boel, parroquia e concello de Outes, partido de Muros, provincia da Cruña, o día 9 de Outono do ano 1812».[7]

Murguía, dános outra data diferente: «Nació nuestro Añón por los años de 1815 en una de las más hermosas y pintorescas comarcas de Galicia,...»[8]

Aínda existe a casa de Boel (en mal estado), onde naceu Añón, na que se pode ver unha placa que pon: «Al poeta Francisco Añón, 1812-1878, La Sociedad Unión residentes de Outes en Sud América. Buenos Aires. República Argentina - 1924», coa faciana do escritor, e unha lira.

Os pais de Añón foron D. Fernando Añón y Taboada, e dona Vicenta Paz y Rodríguez, modestos labradores pero cun certo «status social», pois consultados os libros de defuntos, é Don Fernando Añón, que morreu o 20 de febreiro de 1854, o único que aparece co título de Don. «Hijo de Miguel Añón y de D.ª M.ª Rosa Taboada natural de Outes y el D. Miguel de La Coruña. Le quedaron tres hijos: Nicolasa, casada en casa con Pedro Buján. Tomás casado en otro lugar de Boel con Bernarda Beiro y D. Francisco ausente hay algunos años. Asistieron al entierro 13 señores sacerdotes con el Párroco, un ordenado de grados y dos de prima y lo firma como cura propio de la referida parroquia de S. Pedro de Outes, Juan Peña».[9]

D. Fernando Añón y Taboada, e dona Vicenta Paz y Rodríguez tiveron polo tanto tres fillos: Nicolasa, nada o 20 de abril de 1810; Francisco, nado o 9 de outubro de 1812, e Tomás, nado o 5 de marzo de 1814. Tanto Nicolasa como Tomás figuran como labradores. Nicolasa tivo tres fillos: Xesús, Eduardo e Xosé, e Tomás seis: Ramón, Vicenta, María, Xosé, Fernando, e Manuel.[10]

Nicolasa tamén cultivou a vea poética, e como di Carballo Calero: «A irmá de Añón, como o canteiro que fai cruceiros, o barreiro que fai cazolos

6 E. CARRÉ ALDAO: *Literatura gallega*, Barcelona, 1911, 2.ª ed., páx. 43, (nota 1).

7. E. CARRÉ ALDAO: *Prólogo ás Poesías de Francisco Añón*, A Cruña, 1920, páx. 7.

8. M. MURGUÍA: *Necrología D. Francisco Añón, en La Ilustración de Galicia y Asturias*, 15-VI-1878, páx. 8, anónimo, pero sen dúbida de Murguía, segundo X. M.ª ÁLVAREZ BLÁZQUEZ: *Datos para la biografía del poeta Añón. II, Sus poesías en portugués*, en «Faro de Vigo», 22-III-1960, páx. 7, (apéndice II).

9. Arquivo parroquial de S. Pedro de Outes. *Libro de Difuntos*, ano 1852, folla 29 volta. Pódese ver a árbore xenealóxica dos antepasados de Añón por liña paterna en (apéndice III).

10. Casa do Concello de Outes. Xulgado Municipal. Actas de defuncións: Nicolasa (tomo 10, folla 8 e volta), Tomás (tomo 18, folla 81 e volta).

ou a tecelá que fai colchas, era unha portadora inconsciente do esprito do pobo. A súa poesía, pois, é folklore, anque resgatado do anónimo».[11]

Boel, (onde naceu o noso poeta), é unha pequena aldea moi belida, chea de hortas e arboredas, de grande frondosidade. As terras son un pouco pendentes, e están regadas polo río Tines. Ten un clima suave, xa que alí se recibe a influencia moderadora do mar que aloumiña as próximas costas da ría de Muros e Noia. Boel foi loubada así por Añón:

¡BOÉL![12]
(fragmento)

Este hermoso panorama
De vistosos horizontes,
Que entre pintorescos montes
Se extiende y se desparrama...
El río que se derrama
Dulce, plácido y sereno,
Por medio del valle ameno,
Hasta perderse en el mar,
Sin duda ha sido el lugar
Del paraiso terreno.

Pouco se sabe da infancia de Añón. Como di Victorino Novo y García no limiar á edición de Martínez Salazar: «En sus *Recordos d'a Infancia* cuenta el poeta cómo transcurrieron los primeros años de su vida, los años de la niñez, únicos días de sol en su larga y trabajosa existencia».[13] Deste poema temos dúas versións: unha curta, que se atopa na «redacción orixinal», edicións da Concordia, Tambre, e Álbum de la Caridad, e outra longa (aumentada e inédita) na edición de Martínez Salazar.[14] Fálanos Añón aquí de cando era neno, moi traveso. Fai unha descripción inxenua da natureza: ovellas polo monte, as labercas que voan tembradoras, toxos e bravíos matos, a pradeira, o fresco río, unha ponla retorcida de carballo que servía de randeeira, as devesas e silveiras, as noces e as mazáns, os paxariños. Toda unha escea idílica cargada dunha forte sentimentalidade. Tempo que Añón lembra con nostalxia, e que pasou coma un lóstrego para el.

¿Que podemos dicir dos primeiros estudios que faría o noso poeta?

11 R. CARBALLO CALERO: Ob. cit., páx. 86. Dispoñemos dalgunhas composicións que nos foron facilitadas, en manuscrito, e que trataremos de dá-las a coñecer noutro momento.

12 Véxase o poema enteiro en CP (n.º 79).

13 Prólogo de Victorino Novo y García ás *Poesías*, de F. Añón, La Coruña, 1889, páx. XII.

14 Véxase CP (n.ºs 2 e 3). Pódese ver tamén (apéndice IV).

A escola primaria nesa época non estaba organizada, aínda que existía o artigo 366 da Constitución de Cádiz (19-III-1812), que dicía: «En todos los pueblos de la Monarquía se establecerán escuelas de primeras letras, en las que se enseñará a los niños a leer, escribir y contar y el catecismo de la religión católica, que comprenderá también una breve exposición de las obligaciones civiles.»[15]

As cousas cambian un pouco coa chegada de Fernando VII ó poder: «La restauración del absolutismo se haría notar también en este campo. El 19 de noviembre de 1815 Fernando VII dio un Real Decreto por el que exhortaba a todos los monasterios y conventos a abrir escuelas de niños para que les proporcionaran (hasta los 12 años) primeras letras e instrucción de la doctrina cristiana.»[16]

Máis adiante o «Reglamento xeral de Instrucción Pública», aprobado por decreto das Cortes o 29 de xuño de 1821, título II, artigo 12, di: «En estas escuelas, conforme al citado artículo 366 de la Constitución, aprenderán los niños a leer y escribir correctamente, y asímismo las reglas elementales de aritmética, y un catecismo que comprenda brevemente los dogmas de la religión, las máximas de buena moral y los derechos y obligaciones civiles.»[17] E no artigo 14 do mesmo «Reglamento» dicíase: «Para facilitar la más cumplida observancia de la Constitución: 1.° Se establecerá en cada pueblo que llegue a 100 vecinos una escuela de primeras letras. 2.° Con respecto a las poblaciones de menor vecindario donde no la haya, las Diputaciones provinciales propondrán el modo de que no carezcan de esta primera enseñanza.»[18]

O 16 de marzo de 1822 publicouse o «Proyecto de Reglamento General de Primera Enseñanza», e a súa normativa é a seguinte: «Se mantenía el mismo programa en cuanto a los contenidos (leer, escribir, aritmética, doctrina cristiana y derechos y obligaciones civiles), se prohibía la coeducación por sexos, así como los castigos corporales excepto "hacer hincar a los niños de rodillas por tiempo determinado", se constituía una Comisión de visita para inspeccionar la enseñanza dependiente de la Diputación Provincial y se fijaba una acreditación oficial de los maestros...»

«Tampoco fue posible comprobar la validez de estas medidas que fueron suprimidas en 1824 al reinstaurarse nuevamente el absolutismo.»[19]

15 *Historia de la Educación en España*. Textos y documentos, tomo I, Madrid, 1979, páx. 431.

16 X. R. BARREIRO FERNÁNDEZ: *Historia contemporánea de Galicia*. Vol. III, páxs. 23-24.

17 *Historia de la Educación en España*. Tomo II. Madrid, 1979, páx. 44.

18 *Historia de la Educación en España*. Ibidem, páx. 44.

19 X. R. BARREIRO FERNÁNDEZ: *Historia contemporánea de Galicia*, vol. III, páx. 25.

Temos que esperar ó ano 1825 para atopar un «Decreto Real por el que se aprobaba el Plan y el Reglamento de Escuelas de Primeras Letras del Reino», tamén coñecido polo «Plan Calomarde» que foi debido a Tadeo Calomarde (ministro de xusticia de Fernando VII na 2.ª reacción absolutista de 1824).

Neste «Plan» dicíase que tiña que haber escola nos lugares que chegaran ós 50 veciños. Pero existían catro categorías de escolas. Estas categorías tiñan repercusión nos plans de estudio, e tamén na preparación dos mestres. Como di Ruiz Berrio: «Si el Proyecto del Plan del año 1822 era el primero en su género que se redactaba en España con carácter de ley, éste que nos ocupa era el segundo, y el primero en cuanto a plan nacional de 1.ª enseñanza que estuvo vigente en nuestra patria. Ello no obsta para que, debido a los sucesos políticos de los años siguientes, y a la poca honradez de muchas autoridades provinciales y locales, no se cumpliera en toda España, y mucho menos, fielmente.»[20] Pola súa parte Barreiro Fernández remata: «Se puede concluir que hasta 1838, e incluso después, el mayor esfuerzo en la enseñanza primaria lo realizó la Iglesia.»[21]

Así estaba o panorama da instrucción pública no noso país, naquela época que lle tocou vivir a Francisco Añón. Destas distintas posibilidades, é moi probable que fora o seu padriño D. Francisco Ossorio León, cura párroco de S. Pedro de Outes, o que lle dera instrucción e os coñecementos fundamentais de lingua española, latín, grego, etc., e o guiaría polo camiño que logo tomou, de seguir estudios no seminario. Este dito D. Francisco Ossorio León, vistos os libros de bautizados, firma os documentos como cura párroco ata mil oitocentos trinta e tantos, dato que axuda en apoiar a tese do longo influxo pedagóxico que puido manter sobre Añón.

Sen embargo parece ser que Añón tivo outro mestre, «mi maestro D. Dom.º Martínez» segundo carta de Añón ó seu sobriño-primo Diego Campos.[22].

Temos que pensar que naquela época a maioría dos fillos de campesiños, tiñan case como única saída para ascender socialmente, o Seminario.

---

20 J. RUIZ BERRIO: *Política escolar de España en el s. XIX (1808-1833)*. C.S.I.C., 1970, páx. 61.

21 X. R. BARREIRO FERNÁNDEZ: *Historia contemporánea de Galicia*, vol. III, La Coruña, 1982, páx. 31.

22 Véxase CP (n.º 78). Consultado na Casa do Concello de Sta. Uxía de Ribeira o censo de población de Olveira, correspondente ó ano 1862 figura D.n Domingo Raf.l Martínez Otero, cura párroco, 61 anos, lugar de nacemento S. Pedro de Outes, observacións: 31 anos de residencia. No Arquivo Parroquial de Sta. María de Olveira aparece firmada a primeira partida de defuntos por Domingo Martínez, cura párroco, o «21-X-1831», e a última en «marzo de 1875».

E á xerarquía eclesiástica interesáballe dar «becas» a estes rapaces, porque xulgaba, estaban máis afeitos ó sacrificio, e por seren máis conservadores que outros nas ideas. Nun reconto estadístico que fixo Manuel Rodríguez Martínez sobre a idade dos que solicitan becas, entre os anos de 1829 a 1838 para entrar no Seminario, chega ás seguintes conclusións: «Como puede apreciarse, más del 50% de las solicitudes se concentran entre los 12 y los 15 años, lo que no nos da una edad muy alta si tenemos en cuenta el pobre contexto educacional del momento. Pero como ya queda dicho no faltaban las personas de edad superior a los veinte años, lo que en algún caso podría explicarse por una verdadera vocación tardía, pero al repetirse los casos ya habrá que pensar en que el Seminario podría ser una de las escasas salidas en la vida.»[23]

Añón comezará a estudiar no Seminario Conciliar de Santiago, xustamente o ano da súa fundación, o curso 1829-1830, tendo pois dezasete anos.

Pero para principiar os estudios de Filosofía no Seminario había que ter un certificado de aptitude na gramática e latinidade segundo se desprende das leis vixentes do «Plan literario de Estudios y Arreglo General de las Universidades del reino, aprobado por Real Orden de 14 de Octubre de 1824», que no «Título III. Humanidades y lenguas», no artigo 26 di: «Séptima: El catedrático de Humanidades dará la certificación de aptitud para presentarse a los exámenes de latinidad que se exigen antes de matricularse y comenzar el estudio de Filosofía.»[24]

Isto pode explicarnos tamén o feito de presentar Añón en 1828, unha instancia dirixida ó Sr. Rector e Claustro da Universidade de Santiago, solicitando unha beca para seguir estudios no Colexio de «San Jerónimo», aducindo os poucos recursos económicos de seus pais «para mantenerse durante el curso, y noticioso de la provistación que va a hacerse de las Becas del Colegio de San Gerónimo se muestra opositor previo el examen de suficiencia en la gramática y de los papeles y certificaciones que presenta para acreditar su idoneidad.»[25] Respecto ós estudios que se facían neste colexio chamado tamén de «minoristas» (estudios menores), e de «artistas», fálanos Pérez Costanti: «Desde 1807 en que el Claustro elevó su voz al trono, hasta el día, no han dejado de existir las causas que imperiosamente recla-

23 *El Seminario de Santiago, 1829-1868* (Notas para el estudio del clero gallego decimonónico). Memoria de Licenciatura por D. Manuel Rodríguez Martínez, dirixida polo profesor Dr. D. Jesús María Palomares Ibáñez, Santiago, 1977, páx. 160 (non publicada).

24 *Historia de la Educación en España*, tomo I, páx. 65.

25 (AUS): Expediente persoal de Francisco Añón, en *Expedientes persoais*, século XIX. Serie Histórica, legaxo 65. (Apéndice V).

man la pronta supresión del Colexio Mayor Fonseca y de otro de Artistas que con el título de San Jerónimo, está destinado para doce estudiantes pobres, durante los 3 años de Filosofía...»[26]

Agora ben, do que non temos testemuños é de se Añón certamente estudiou neste «Colexio» no decurso daquel ano, e o que fixo, xa que ó ano seguinte figura matriculado no Seminario Conciliar de Santiago en primeiro de Filosofía, e como «pretendiente pobre para beca.»[27] Dende este momento si temos constancia dos estudios que realizará neste Seminario Conciliar de Santiago de Compostela, que foi fundado por Fr. Rafael de Vélez, o día 14 de outubro de 1829.[28] Serán en total, 3 cursos de filosofía, e 5 de teoloxía.[29]

A ligazón entre Seminario e Universidade era moi estreita, segundo podemos ver no «Plan literario de Estudios y Arreglo General de las Universidades del reino, aprobado por Real Orden de 14 de Octubre de 1824», título II. De los Colegios y Seminarios:

> «Art. 9. Los Seminarios conciliares quedan incorporados a las respectivas Universidades, bajo las declaraciones siguientes:
>
> Art. 10. Primera: El plan literario de estudios, las asignaturas de cátedras, matrículas, exámenes, duración del curso, academias, horas y método de enseñanza serán los mismos que en las Universidades, y sólo así gozarán los seminarios el beneficio de la incorporación.
>
> Art. 14. El rector o superior de los Seminarios y Colegios remitirán a la Universidad todos los años en el mes de diciembre una lista individual de los jóvenes que se hayan matriculado, y otra en septiembre de los que hubieran ganado curso, acompañando a esta última las notas reservadas que hayan dado los Catedráticos, al tenor de las que se mandan a los de las Universidades.»[30]

As notas avaliativas que figuran no seu expediente do Seminario son: «Talento», «aplicación», e «conducta», nas que aparecerán sempre os ter-

26 P. PÉREZ COSTANTI: *Notas viejas galicianas*, tomo III, Vigo, 1927, páx. 378.

27 (AHDS): Instancias pretendendo admisión a becas, 1829. Serie Seminario Conciliar, legaxo 476. (Apéndice VI).

28 J. COUSELO BOUZAS: *Fray Rafael de Vélez y el Seminario de Santiago*, Santiago, 1927, páx. 55.

29 (AUS): Matrícula do Seminario de Santiago (1829-1868). Serie Histórica, legaxo 107.

30 *Historia de la Educación en España*, tomo I, páxs. 62-63.

mos de «superior», «mucha», «buena», respectivamente; atopándonse soamente unha pequena variación cando Añón facía terceiro de teoloxía, no curso 1834-35 no que amóstrase un «regular» en «aplicación». Sen embargo no curso 1836-1837, en 5.° de teoloxía, figura D. Francisco Añón... «clasificación... sobresaliente.»[31]

Para coñecer o «Plan de estudios» do Seminario de Santiago de Compostela, remitímonos á obra de J. Couselo Bouzas na que figura unha descripción do mesmo, feita polo propio fundador:

> «En el Seminario Conciliar de esta ciudad de Santiago, único de esta clase en el Arzobispado, se estudia la gramática latina en combinación con la castellana, en cuyo estudio emplean los alumnos 3 años. Pasan enseguida a estudiar las Instituciones Filosóficas por espacio de otros 3 años. Se ejercitan después 4 años en el estudio de las Instituciones Teológicas, emplean el 5.° en la Teología Moral y en el tratado de la Verdadera Religión, el 6.° en la Sagrada Escritura y el 7.° y último en la Historia y Disciplina general de la Iglesia. Todas estas materias se enseñan por los mismos libros que están señalados en el Plan de Estudios vigente para todas las Universidades del Reyno, y se observan exactamente las demás formalidades prescriptas en el Tit.° 2.° de dicho Real Plan, con el fin de que los Seminaristas puedan recibir los grados académicos en las Universidades, como efectivamente los reciben. Además de las Academias tienen lecciones extraordinarias de Litúrgica y de Canto Llano, como corresponde a los que se dedican y se forman para Ministerios de los altares.»[32]

No tocante ás materias ou asignaturas que se estudiaban nos tres cursos de Filosofía, eran as seguintes segundo o «Plan literario de Estudios y Arreglo General de las Universidades del reino, aprobado por Real Orden de 14 de Octubre de 1824:

> «1.er curso: Metafísica (dialéctica y ontología) y elementos de Matemáticas a impartir por el mismo catedrático de Metafísica.
>
> 2.° curso: Física general y particular, prácticas de Química allí donde hubiese cátedra y máquinas de Física experimental, Astronomía física y Elementos de Geografía.

31 (AUS) Matrícula do Seminario de Santiago (1829-1868). Serie Histórica, legaxo 107. (Apéndice VII).

32 J. COUSELO BOUZAS: Ob. cit., páx. 56.

3.er curso: Metafísica (cosmología, psicología y teología natural) Y Etica.»[33]

O artigo 32 do citado «Plan» dicía: «El estudio de la Filosofía, como preliminar al de las Facultades que se dicen mayores, se hará en 3 años o cursos académicos, indispensables para recibir el grado de bachiller o para comenzar la carrera de Teología, Leyes, Cánones y Medicina.»[34]

Consecuentemente Añón, rematados os cursos de filosofía, solicitou á Universidade, ser examinado para o grao de «Bachiller», e así consta «Le examinaron y aprobaron Nemine Discrepante»,[35] (ou sexa por unanimidade), pola Universidade de Santiago, a 7 de novembro de 1833.

Damos a continuación a lista de profesores e cargos que habia no Seminario Conciliar de Santiago o curso 1829-30:

«Dr. D. Diego Mosquera, canónigo: Rector.
Dr. D. José López Crespo, racionero: Vicerrector y catedrático de 1.° de teología.
D. Manuel Tejo, prbo.: 2.° de teología.
Lic. D. Francisco Landeira: 1.° de filosofía.
D. Joaquín Sesto y Conde, prbo.: 1.° de gramática.
D. Francisco Oitaven, prbo.: 2.° de gramática.
D. Carmelo Corzón, prbo.: 1.er director y maiordomo.
D. Juan Landeira, prbo.: 2.° director y maestro de canto llano.»[36]

Acabado o 5.° curso de teoloxía no Seminario, Añón aproveita un Decreto das Cortes que fala de simultaneidade de cursos e outras gracias no ano de 1837, e fai unha instancia solicitando o seguinte:

«...y además hallándose resuelto a sufrir el examen de 1.er año de Leyes, caso que esto sea ventajoso para simultanear en este año 2.° con 3.° y en el siguiente 4.° con 5.° curso de Leyes, que es la facultad a que aspira; Suplica a V.S. se sirva determinar la conveniente para la aplicación de otras gracias...»,

33 ANTONIO VIÑAO FRAGO: *Política y educación en los orígenes de la España contemporánea*, edit. Siglo XXI, 1982, páx. 270.

34 *Historia de la Educación en España*, tomo I, páx. 66.

35 (AUS) Expediente persoal de Añón, en Expedientes persoais, s. XIX. Serie Histórica, legaxo 65. (Apéndice VIII).

36 MANUEL RODRÍGUEZ MARTINEZ: *El Seminario de Santiago, 1829-68*. Memoria de Licenciatura, Santiago, 1977, apéndice 19, páx. 341. (Non publicada).

E contéstaselle:

> «Al Esponente se le permite estudiar simultaneamente 1.° con 2.° de Leyes en el presente curso y 3.° con 4.° en el de 38 a 39 por tener ganados cinco de Teología y hallarse comprendido en el Decreto de las Cortes de 9 de Junio del corriente año, a cuyo fin se matriculará en este año en 1.° con 2.°...»[37]

Realmente Añón comeza os estudios de Xurisprudencia na Universidade de Santiago de Compostela, o ano 1837.

¿Pero cales foron as causas deste cambio de rota en Añón?

Aparte do bo momento conxuntural do tal decreto, que lle vai permitir estudiar ó mesmo tempo dous cursos en un, podería haber outro:

> «...sabemos que os postos máis destacados da carreira sacerdotal estaban reservados ós cregos procedentes da fidalguía. Isto non se facía por esclusión de orixen senón por outro medio máis sotil: a necesidade de títuos universitarios pra optar a certas plazas ou beneficios. Como os seminarios non foron constituídos hastra moi adiantado o século XIX, a titulación tiña que ser adquirida nas Universidades civiles. E decir, soio os económicamente capaces (en Galicia a fidalguía), podían estar habilitados pra as canonxías, obispados, etc. Os beneficios menores e parroquias cunha dote beneficial máis reducida podían estar ocupados polos non titulados.»[38]

De tódalas maneiras facer unha carreira universitaria supoñía ascender a un certo «status social», e Añón decídese a iniciar o curso 1837-38 a carreira de Xurisprudencia na Universidade de Santiago:

> «No curso 1837-38 fai 1.° e 2.°
> No curso 1838-39 fai 3.° e 4.°
> No curso 1839-40 fai 5.°
> No curso 1840-41 fai 6.°
> No curso 1841-42 fai 7.°
> No curso 1842-43 fai 8.°.»[39]

37 (AUS): Expediente persoal. Seire Histórica, legaxo 65. (Apéndice IX).

38 X. R. BARREIRO FERNÁNDEZ: *Galicia no século XIX*, en «Galicia Eterna», Eds. Nauta, Barcelona 1980, vol. I, páx. XXVII.

39 (AUS): Expediente persoal. Serie Histórica, legaxo 65. (Apéndice X).

Dos profesores que Añón tivo na Universidade, e asinan as actas, salientamos os seguintes:

«Curso 1838-39, cátedra de Instituciones Canónicas, 4.º de Leyes: Dr. D. Manuel Temes Sotelo. Curso 1840-1841, cátedra de Recopilación 6.º de Leyes: catedrático propietario Dr. D. Vicente Ozores Barrio. Cátedra de Economía Política 6.º de Leyes, catedrático sustituto D. Manuel Colmeyro. Curso 1841-1842, cátedra de Práctica Forense 7.º de Leyes: Dr. D. Benito María Losada. Cátedra de Jurisprudencia Mercantil 7.º de Leyes: Dr. D. Juan Taboada Patiño.» (AUS): Listas de alumnos que pueden aprobar, 1838-50. Serie Histórica, legaxo 607.

O Dr. D. Manuel Temes Sotelo obtivo en 1826 por oposición, a cátedra de «Instituciones Canónicas» da Universidade de Santiago, segundo Salvador Cabeza de León: Historia de la Universidad de Santiago de Compostela, tomo III, Santiago de Compostela, 1947, páx. 183. Este profesor xa non figura no plan xeral da Facultade de Xurisprudencia do curso 1846-1847, no que aparece como catedrático propietario de dita asignatura e curso D. Domingo Cortés. (AUS): Tribunales de examen 1838-1938. Serie Histórica, legaxo 257.

O Dr. D. Vicente Ozores y Barrio era catedrático de «Instituciones Civiles» antes do ano 1826 no que pasou por oposición a ser o propietario da cátedra de «Digesto romano-hispano», segundo Salvador Cabeza de León: Ob. cit., páx. 208.

D. Manuel Colmeyro Penido foi historiador, economista e xurisconsulto, nado en Santiago de Compostela o día 1 de xaneiro de 1818. Dende o ano 1840 ó 1843 foi catedrático interino de Economía na Facultade de Xurisprudencia de Santiago. En 1847 obtivo por oposición a cátedra de «Economía, derecho político y administrativo» da Universidade de Santiago, na que non tomou posesión por pasar á Universidade de Madrid na mesma cátedra, onde permaneceu ata a súa xubilación no ano 1881. (Véxase «Gran Enciclopedia Gallega» por Alberto Vilanova Rodríguez).

O Dr. D. Benito María Losada aprobou en 1828 a oposición á cátedra de «Digesto hispano-romano» que quedou valeira por ascenso de Ozores y Barrio. (S. Cabeza de León: Ob. cit., páx. 209).

Deste paso pola Universidade de Santiago será moi de ter en conta a amistade que fixo con Xosé M.ª Posada Pereira, licenciado en xurisprudencia dous anos despois de Añón, é dicir en 1845,[40] e que perdurou ata

(40) (AUS): Expediente persoal de Xosé M.ª Posada. Serie Histórica, legaxo 1.117.

a morte, mantendo correspondencia e escribíndose poemas entre eles. A primeira composición que Añón adica ó seu amigo, data de 1842, e titúlase: «A mi querido amigo D. José M.ª Posada», escrita en castelán.[41] En 1844 atopamos unha colaboración conxunta de Añón e Posada, escribindo un soneto cada un en castelán, adicados «A. S. M. Doña María Cristina de Borbón.»[42] Deste mesmo ano temos outra poesía de Añón a Posada tamén en castelán, que leva por título: «Á MI AMIGO D. JOSÉ MARÍA POSADA»,[43] e que figura en manuscrito coa data de «Santiago Junio de 1844», despois será publicada no «Faro de Vigo» do 30-I-1864, e así as edicións da Concordia e Martínez Salazar, poñerán esta última data de «1864».

Pola súa parte Posada corresponderalle a Añón cunha composición tamén escrita en castelán: «A MI QUERIDO AMIGO Y COMPAÑERO, EL ABOGADO D. FRANCISCO AÑÓN,[44] datada en «Vigo, a 31-III-1865», e publicada ó día seguinte no Faro de Vigo. Máis tarde, e despois da morte de Añón, Posada adicaralle un soneto en castelán titulado: «A MI QUERIDO AMIGO D. FRANCISCO AÑÓN —IN EJUS MORTE—».[45]

A primeira poesía de Añón da que temos noticia, seguindo unha orde cronolóxica, ten a data de 1840, está escrita en castelán, na cidade de Santiago, e titúlase «EL MÉDICO ENAMORADO». Foi recollida nas edicións póstumas da biblioteca da Concordia e no folletín do Tambre, pero non figura na edición de Martínez Salazar,[46] estudiaba o noso escritor 5.º curso de xurisprudencia.

Ó ano seguinte, 1841, escribe unha composición co título: «EPÍGRAMA del Album de D. José M. Posada», en castelán, que leva a firma de «Francisco Añón, Socio constituyente de la Academia Literaria de Santiago.»[47] Falaremos a continuación un pouco da actividade desta «Academia».

---

41 Véxase CP (n.º 51). Pódese ver tamén apéndice XI).

42 «Dous sonetos, por X. M.ª Posada e F. Añón, respectivamente, en *El Centinela de Galicia*, La Coruña, 23-III-1844, páx. 2. Véxase o soneto de Añón en CP (n.º 55).

43. Véxase CP (n.º 56).

44. X. M.ª POSADA: «A MI QUERIDO AMIGO Y COMPAÑERO, EL ABOGADO D. FRANCISCO AÑÓN», en «Faro de Vigo», 1-IV-1865. Pódese ver en PAA (n.º 1).

45 X. M.ª POSADA: «A MI QUERIDO AMIGO D. FRANCISCO AÑÓN —IN EJUS MORTE—», en «Faro de Vigo», 11-V-1878. Tamén en X. M.ª POSADA: *Poesías Selectas*, La Coruña. A. Martínez, editor, 1888, páxs. 199-200. Pódese ver en PAA (n.º 5).
ña, 27-VI-1897, páx. 8.

46 Véxase CP (n.º 47).

47 En *El Idólatra de Galicia*, n.º 5, Santiago, 30-X-1841, páx. 48. Véxase CP (n.º 48).

Un dos voceiros máis importantes desta sociedade «La Academia Literaria de Santiago», foi o periódico santiagués «El Idólatra de Galicia», no que aparecen ó longo deste ano de 1841 publicacións dos socios que integraban dita sociedade. Entre eles, temos que salientar a Antolín Faraldo, «Socio constituyente de la Academia Literaria de Santiago»; a Domingo Díaz de Robles, «Socio constituyente y Presidente interino de la Academia Literaria de Santiago»; a Amalia Fenollosa, que foi socia corresponsal da Academia Literaria e que escribía desde Castellón de La Plana; a José María Carracido, nado en Santiago en 1801, que cursou a carreira eclesiástica e foi «Socio constituyente», e autor das seguintes obras: «El sensualismo considerado en sus relaciones ideológicas, morales y políticas» (Santiago, 1842), e «Observaciones sobre el drama titulado Fernán Pérez Churruchao y el Arzobispo D. Suero» (Santiago, 1842); a Francisco Añón, «Socio constituyente»; a José M.ª Posada, «Socio constituyente»; a Antonio Neira de Mosquera, «Socio constituyente».[48]

O profesor B. Varela Jácome fai historia, pero sobre todo refírese ó gran labor desenrolado por esta sociedade no ano 1842:

> «Fue fundada el 28 de enero de 1731 por el Rector de la Universidad don Juan de Mantiñán y Orgeiras; el Rector del Colegio de Fonseca, don José Benito Cadaval y Montenegro, y un grupo de destacados colegiales de Santiago Alfeo...»
>
> «Pero la Academia Literaria alcanzó su verdadero esplendor hacia finales de la primera mitad del s. XIX. Entre los años 1840 y 1850 acogió en sus reuniones bisemanales a una juventud universitaria ansiosa de saber y orientación... y entre los socios más significados cuenta al crítico y teólogo don José M.ª Carracido; al doctor Amigo, catedrático de Latín y seguidor de la escuela de Diógenes; a Valenzuela y Ozores, Romero Ortiz, Domínguez Izquierdo, José M.ª Posada, Francisco Añón y Vicente Cociña...»
>
> «La actividad de la Academia por esta época es extraordinaria; se pronuncian discursos, se presentan proposiciones sobre temas científicos, históricos, jurídicos y literarios; se leen composiciones varias y se publican obras poéticas y periódicos literarios.»[49]

---

48 De todos eles figuran artigos ou composicións poéticas, en *El Idólatra de Galicia*, n.os 4, 5, 7, 8, Santiago, 1841.

49 B. VARELA JÁCOME: *Miscelánea. La Academia Literaria de Santiago en 1842*, en «Cuadernos de Estudios Gallegos», fascículo XXVII, Santiago de Compostela, 1954, páxs. 151-152.

Joaquín Amigo: Doctor en Dereito e profesor da Universidade Compostelana que atacou en follas soltas ó Claustro da mesma, por exemplo en «Feliz acontecimiento universitario» (Santiago, 1841).

Agora do libro de José Luis Varela, entresacamos o seguinte ó respecto:

> «Veo actuar a tres generaciones o promociones sucesivas en la tarea de crear o acrecentar una cultura gallega en el s. XIX —o, si se habla con más rigor y libertad: de crear y extender en Galicia bienes culturales con la esperanza de alumbrar finalmente bienes individuales y autóctonos—. Este movimiento, que se extiende, con mayor o menor fortuna, a la Historia y a la crítica, a la Música y a la Filología, etc., tiene un impulso inicial político-literario, y sus frutos más sazonados y abundantes en la poesía...»

> «La primera generación se asoma a la vida pública en torno a los años inmediatos a la mayoría de edad de Isabel II; es decir, cuando pierde su actualidad el Romanticismo español. Es un grupo predominantemente compostelano. Los «dioses mayores» de esta generación son Pastor Díaz, Juan Manuel Pintos y Añón. Los principales miembros son: Camino, Antolín Faraldo, Neira de Mosquera, Vicetto, Losada. Pastor Díaz y Pintos nacen en 1811; Añón, un año después...»

> «Otros hombres, evidentemente menos importantes, pueden añadirse todavía a este grupo: D. Díaz de Robles, director de *El Idólatra de Galicia*, José María Posada, J. García Mosquera, J. Puente y Brañas, Antonio María de la Iglesia...»

> «Estos hombres participan, finalmente, en las sesiones de la «Academia Literaria de Santiago», de la que nos informa *El Idólatra*, y que conoce una década de esplendor entre 1840-1850.»[50]

Cando Añón cursaba 7.º de xurisprudencia en Santiago, escribe o poema titulado «UN-A CARTA ANÓNIMA», primeiro que aparece composto en galego, que non figura nas edicións da Concordia, nin no folletín do Tambre, e soamente o atopamos na edición de Martínez Salazar.[51]

José Domínguez Izquierdo: Doctor en Dereito e escritor, nado en Santiago de Compostela. Foi colaborador dos periódicos «El Recreo Compostelano», «El Eco Compostelano», «El Miño», «El Porvenir», «El Heraldo Gallego», etc.

Vicente Manuel Cociña: Naceu en Celeiro (Viveiro-Lugo) en 1818. Fundou en 1843 na Coruña, con Tiburcio Faraldo, o periódico «El Centinela de Galicia», e tamén en 1853, en Madrid, fundou e dirixíu o periódico «El Oriente».

50 JOSÉ LUIS VARELA: *Poesía y restauración cultural de Galicia en el s. XIX*. Edit. Gredos, Madrid, 1958, páxs. 32-35.

51 Véxase CP (n.º 1).

Dentro das composicións varias que foron lidas nas veladas da «Academia Literaria de Santiago», no primeiro trimestre do ano 1842, figuran as seguintes de Añón: «El cazador. Oda a la luna. Colección de epigramas. La pastora.»[52]

Tamén neste ano de 1842 saen á luz un «EPITAFIO», e dous «EPIGRAMAS» en castelán,[53] que escomenzan así:

Duerme aquí... nadie se duela,
Una avarienta señora

a) Un bachiller pobreton
Pagó el alquiler de casa

b) Ines en la iglesia ojea
Un libro patas arriba

Añón escribirá antes de terminar o ano de 1842 outro poema en castelán, que leva por título: «ALFONSO SOBRE LA TUMBA DE Blanca.»[54]

E xa en 1843, e concretamente o día 3 de outubro, despois de ser examinado e aprobado, consegue o título de «Bachiller en Leyes.»[55] O día 4 fai a proba de tanteo, é examinado a porta pechada por espacio dunha hora, e tras votación secreta, resultou aprobado, e como tal, apto para entrar nos exercicios da Licenciatura. O día 5 ten lugar o exame teórico que consistía en escoller un tema de tres saídos á sorte, que no seu caso foron os números 92, 133 e 176. Añón elixiu o 176 que era o artigo 26 da Constitución: «Que al Rey corresponde convocar, suspender y cerrar las sesiones de las Cortes y disolver el congreso de diputados». Pechado durante unha hora, desenrolou a interpretación da lei que escollera, e a continuación os examinadores fixéronlle as preguntas que creron oportunas. O día 9 de outubro tivo lugar o exame práctico, tocándolle en sorte o tema n.º 100 que di: «Un Juez desempeñando su ministerio maltrata gravemente a un súbdito.—Le acusa y procede.» Expuso o tema, e despois por espacio de media hora, o tribunal fíxolle algunhas preguntas e observacións. A continuación pa-

52 B. VARELA JÁCOME: *Miscelánea. La Academia Literaria de Santiago en 1842*, en «Cuadernos de Estudios Gallegos», fascículo XXVII, Santiago de Compostela, 1954, páx. 154.

53 Véxase CP (n.º 52, 53 e 54, respectivamente).

54 Véxase CP (n.º 49).

55 Segundo «Plan Literario de estudios, Real Orden 14-X-1824», artigos 151-154, en «H.ª de la Educación en España», tomo I, páxs. 85-86.

(AUS) Expediente persoal. Serie Histórica, legaxo 65.

(AUS) Graos de todas clases por orde alfabética. De 1825 a 1851. Serie Histórica. Libro 509.

souse á votación secreta, e resultou aprobado.[56] Ese mesmo día tomou xuramento de gardar a Constitución e as Leis, ser fiel á Raíña, e cumprir ben e lealmente as obrigas que impón o exercicio da súa facultade como Licenciado en xurisprudencia. Tamén en outro lugar podemos confirmar o ano en que Añón logrou os graos de «Bachiller», e de «Licenciado».[57] Pola súa parte os estudiosos e historiadores da Literatura Galega ó referirse a este momento da vida de Añón, din:

Victorino Novo y García: «Del Seminario pasó Añón a la gloriosa Universidad compostelana y allí, licenciado ya en Filosofía, recibió en 1845 la licenciatura de Jurisprudencia.»[58] Eugenio Carré Aldao nun primeiro momento soamente apunta: «Siguió la carrera de derecho»,[59] máis tarde: «Seguíu na Universidade da mesma Compostela a nova carreira e licenciouse en Filosofía, facendoo de Xurisprudencia o mesmo ano que o seu grande amigo o poeta vigués José M.ª Posada, o sea no ano 1845.«[60] Varela Jácome: «Estudia en el Seminario de San Clemente y luego la carrera de Derecho.»[61] Fernández del Riego non di nada ó respecto,[62] e Carballo Calero: «En 1845 licencióuse en Xurisprudencia.»[63]

En 1844, e nun periódico da Coruña, aparecen dous sonetos adicados «A. S. M. Doña María Cristina de Borbón», un leva a firma de Xosé M.ª Posada, e o outro a de Francisco Añón, que xa nomeamos na páxina 50 ó falar da amistade recíproca entre os dous poetas. Deste mesmo ano 1844, e nascida da mesma amistade á que nos referimos anteriormente xurde a composición en castelán «Á MI AMIGO D. JOSÉ MARÍA POSADA», asinada por Añón en «Santiago», e coa data de «Junio de 1844», que tamén citamos na páxina 50.

En 1845 escribe Añón un poema, que é un dos máis coñecidos do escritor. Dende o primeiro momento aparece firmado por Francisco Añón, na

56 Pódese ver para os exames da Licenciatura, os artigos que van do 156 ó 163, en *Historia de la Educación en España*, vol. I, Madrid, 1979, páxs. 87-88. (AUS): Expediente persoal. Serie Histórica, legaxo 65. (Apéndice XII).

57 (AUS): Graos de todas clases por orde alfabética. De 1825 a 1851. Serie Histórica. Libro 509. (Apéndice XIII).

58 V. Novo y García: Prólogo ás *Poesías* de Francisco Añón, La Coruña, 1889, páx. XII.

59 E. CARRÉ ALDAO: *Literatura Gallega*, Barcelona, 1911, 2.ª ed., páx. 43, (nota 1).

60. E. CARRÉ ALDAO: Prólogo ás *Poesías* de Francisco Añón, A Cruña, 1920, páx. 7.

61. B. VARELA JÁCOME: *Historia de la Literatura Gallega*, La Coruña, 1951, páx. 209.

62. F. FERNÁNDEZ DEL RIEGO: *Manual de Historia da Literatura Galega*, Vigo, 1981, 5.ª ed., páx. 82.

63. R. CARBALLO CALERO: *Historia da Literatura Galega Contemporánea*, Vigo, 1975, 2.ª ed., páx. 83.

cidade de «Santiago», coa data de «Agosto de 1845». Trátase da composición «Recordos da Infancia. Egloga», á que xa nos referimos na paxina 41 como mostra das súas inquedanzas infantís. É importante esta poesía por ser das primeiras escritas en galego no Rexurdimento do século XIX, e que Carballo Calero outórgalle erroneamente a data de «1849».[64] A este mesmo ano 1845 pertence a composición en castelán «A una mariposa».[65] Tamén neste mesmo ano son publicados no periódico santiagués «La Aurora de Galicia», catro epigramas, dous deles xa saíran en «El Recreo Compostelano» do ano 1842, que citamos na páxina 53, e os outros dous empezan así:[66]

a) Cierto dia que pasaba
un féretro al cementerio.

b) El escribano Garduñas
bajo esta piedra reposa,

64 R. CARBALLO CALERO: Ob. cit., cadro sinóptico, páx. 778.

65 Véxase CP (n.º 57).

66 Véxase CP (n.º 58 e 59, respectivamente).

III

AÑÓN EN PORTUGAL, SEVILLA E MADRID

En 1846 Añón marchou a Portugal, e estivo alí, nesta primeira visita, ata o ano 1850. ¿Pero cal foi o motivo que o levou ó país veciño?

Victorino Novo y García fala deste xeito: «En 1846, a raíz de los acontecimientos políticos que mancharon con sangre una parte del territorio gallego, se vio Añón precisado a huir a Portugal y fijó su residencia en Lisboa...»[1] E. Carré Aldao: «Tomou parte principal na groriosa e malfadada revolución galega do ano 1846 e, coma otros mais, víuse obrigado á fuxir á Portugal.»[2] B. Varela Jácome: «Interviene en la revolución de 1846 y tiene que emigrar a Portugal, como Romero Ortiz y Rúa Figueroa.»[3] Xosé M.ª Alvarez Blázquez dinos: «La vehemencia con que Añón cantó en repetidas ocasiones la causa de la libertad política, ha hecho suponer a algunos biógrafos suyos que el poeta se hubiese envuelto en el pronunciamiento gallego de 1846, que tuvo triste epílogo en Carral. Ciertamente, la suposición nada tiene de descabellada, pues Añón alimentaba sentimientos muy concordes con el grupo de intelectuales que presidía Faraldo, a quien, sin duda, debió conocer y tratar en Compostela.»[4] No tocante a esto último podemos case afirmar con seguridade que Añón coñeceu a Faraldo pois como sabemos, os dous foron socios moi significados e na mesma etapa, da «Academia Literaria de Santiago», e tamén foron colaboradores do periódico santiagués «El Idólatra de Galicia». Pero un pouco máis abaixo, no citado artigo, Alvarez Blázquez pon en boca ó propio Murguía «(vid. "D. Francisco Añón", nota necrológica anónima —pero indudablemente suya— en "La Ilustración de Galicia y Asturias", núm. 1. Madrid, 15-VI-1878).»[5] E Murguía dinos ó respecto: «Poco tiempo después de publicada esta poe-

1 V. NOVO Y GARCÍA: *Prólogo ás Poesías*, de F. Añón, páx. XIII.

2 E. CARRÉ ALDAO: *Prólogo ás Poesías* de Francisco Añón, A Cruña, 1920, páx. 8.

3 B. VARELA JÁCOME: *Historia de la Literatura Gallega*, La Corua, 1951, páx. 209.

4 X. M.ª ÁLVAREZ BLÁZQUEZ: *Datos para la biografía del poeta Añón. II, Sus poesías en portugués*, en «Faro de Vigo», 22-III-1960, páx. 7.

5 X. M.ª ÁLVAREZ BLÁZQUEZ: Ibidem.

sía (refírese a «A Pantasma») abandonó Añón a Galicia, no por haber tomado parte en los acontecimientos de 1846, como se ha dicho, pues él jamás se mezcló en las contiendas políticas, que veía con la mayor indiferencia, sino para satisfacer sus vehementes ansias de ver otros países y conocer otros horizontes.»[6] Tamén o historiador Barreiro Fernández incide no mesmo: «Colaboró en La Aurora de Galicia y en El Idólatra. En 1846 tomó parte del levantamiento y se exilió a Portugal. De Outes. Licenciado en Derecho el 9 de octubre 1843.»[7] Polos datos que temos, e que fan referencia ós individuos que tomaron parte dunha maneira directa na «Rebelión» de Santiago, que tivo lugar o día 4 de abril de 1846, non figura Añón, así como tampouco nos decretos posteriores de amnistía. Entre os individuos que tomaron parte nas xuntas revolucionarias de Santiago figuran: Licd.º D. Pío Rodríguez Terrazo, D. Agustín de Dios, D. Juan Aniceto Sanmartín, Licd.º D. Antonio Romero, D. José M.ª Santos, D. Ramón Buch, D. Antolín Faraldo.[8] Afondando un pouco máis nesta cuestión da marcha de Añón a Portugal, Alvarez Blázquez dános algún dato máis específico:

> «1846: Primera estancia en Lisboa. Se ha dado por cierto que esta marcha a Portugal obedeció a una orden de destierro, como consecuencia de la supuesta participación de Añón en los sucesos de Galicia en aquel año. Murguía desmiente este aserto diciendo que le movió un simple afán de viajar. Pero nadie ha señalado que en Lisboa, vivía su primo Diego Campos Añón, el cual poseía una «Loja de livros e estampas» en la Rua Nova do Carmo, número 20. Les unía un cariño fraternal, y es muy probable que Añón se trasladase a Lisboa llamado por su primo Diego, ya que aquél no se decidía a ejercer la profesión de abogado, para la que carecía de vocación.»[9]

Carballo Calero recolle o anteriormente dito por Blázquez: «En 1846 trasladóuse a Lisboa, onde o seu curmán Diego Campos Añón exercía a profesión de libreiro.»[10]

Entre os estudiosos e investigadores portugueses temos que salientar a Hugo Rocha quen fixo un ensaio sobre Añón, do que recollemos:

6 M. MURGUÍA: *Necrología de Francisco Añón*, en «La Ilustración de Galicia y Asturias», n.º 1, Madrid, 15-VI-1878, páx. 8.

7 X. R. BARREIRO FERNÁNDEZ: *El levantamiento de 1846 y el nacimiento del galleguismo*, Santiago, 1977, páx. 76, nota 27.

8 Arquivo Municipal de Santiago. Legaxo: Sucesos Políticos 1846-1860, follas 114, 116, 121 e 123.

9 X. M.ª ÁLVAREZ BLÁZQUEZ: *Datos para la biografía del poeta Añón. I, Esquema biográfico*, en «Faro de Vigo», 16-III-1960, páx. 6. (Apéndice XIV).

10 R. CARBALLO CALERO: *Historia da Literatura Galega Contemporánea*, Vigo, 1975, 2.ª ed., páx. 83. Efectivamente temos o enderezo da carta a Diego Campos que escribe Añón desde Madrid: «Sr. Don Diego Campos, Loja de libros e estampas, Rúa nova do Carmo n.º 20 —Lisboa— Portugal», e ten a data «13 Abril de 1860», en (FFP).

«Añón, por conseguinte, não fugiu para Portugal. Veio para cá porque lhe apeteceu vir, obedecendo, assim, a um imperativo do seu espírito aventuroso com inato pendor para as viagens.

No seu interessante estudo biográfico, José María Álvarez Blázquez refere que o seu biografado talvez houvesse, ido, em 1846, para Lisboa por viver ali um primo seu, de nome Diego Campos Añón, estabelecido com uma loja de livros e estampas na Rua Nova do Carmo n.° 20. Em casa desse primo, a quen o unia uma estima de irmão, Añón viveu mais de quatro anos, muito a seu gosto, frequentando, graças às relações de Diego, os meios literários da capital portuguesa, varrida, ao tempo, pelos ventos do Norte desencadenados pela guerra da Patuleia e, portanto, propícia a quem, como o vate da Galiza recém-agitada pelas prédicas de Faraldo e do seu grupo, trazia o liberalismo a referver no sangue e nos nervos.»[11]

Pola súa parte o grande investigador portugués Rodrigues Lapa porfiando un pouco máis nesta estadía de Añón en Portugal dinos:

«Pouco se conhece da vida e também não muito da obra de Francisco Añón de Paz, um dos precursores da literatura galega, nascido em 1812 e falecido em 1878, na mais desgraçada penúria. Mas, curiosamente, tendo passado, por razões políticas, uns sete anos em Portugal, e tendo escrito poesias em português, nomeadamente um revolucionário «Hino dos Povos», que todos citam e ninguém leu, nunca se teve o cuidado de rastrear a sua vida e a sua obra em Portugal.

Há pois que procurar nos registos da polícia portuguesa algumas notícias sobre as actividades de um homem que devia, naturalmente, andar vigiado por ela. Há que buscar em jornais e revistas do nosso país algumas produções literárias suas, em especial o tal «Hino dos Povos», que deve ter o maior interesse, político e literário. É bem possível que esteja em documentos da nossa polícia e fosse o motivo da sua expulsão, em 1850 ou 1868.»[12]

Podo dicir no que atinxe a esta cuestión que, feitas as miñas pescudas na «Biblioteca Nacional de Lisboa», así como tamén no arquivo histórico

11 HUGO ROCHA: *Francisco Añón Paz, poeta cimeiro do romantismo galego*, en «Sete vozes perenes da Galiza Lírica», Livraria Athena, Porto, 1965, páx. 44.

12 M. RODRIGUES LAPA: *Añón e as saudades de Portugal*, en «Estudos Galego-Portugueses», Lisboa, 1979, páx. 111.

da «Torre do Tombo», «Servicios Estrangeiros», «Governo Civil», e outros organismos policiais, non atopamos rastro de Añón en Portugal, nin tampouco o tantas veces nomeado «Hino dos Povos», nin outros poemas en portugués, que si algúns escribiu, pero que non apareceron, despois de esculcar os xornais da época editados en Lisboa. No Corpus da obra de Añón presentamos as composicións que foron escritas en portugués, e que aínda algunhas son inéditas,[13] soamente saíu á luz un artigo dando a coñecer algunha poesía neste idioma, feito por Álvarez Blázquez, do que entresacamos o seguinte: «Un estudio demorado de sus manuscritos en portugués —sólo uno de ellos autógrafo— acaso permita ampliar el número de poesías en dicho idioma que pueden serle atribuídas. Hoy nos limitamos a dar noticia de aquellas seis que no ofrecen resquicio a la duda. Cuatro están dedicadas por Añón a fastos familiares del matrimonio Diego Campos-Joaquina Rosa...» «Estas cuatro breves composiciones deben datar de la primera época de Añón en Lisboa, entre los años 1846 y 1850.»[14]

En Lisboa, e coa data de «1848» aparece unha composición escrita en castelán co título «LA MUERTE Y LA VIDA (en el cementerio)»,[15] que é un diálogo onde campea o vello tema do «Ubi sunt». Nunha revista editada en Lisboa, a «REVISTA PENINSULAR», aparece un poema de Añón, en castelán «A LISBOA»,[16] datado en «Madrid, 18 de febrero de 1857».

Pero, ¿a onde foi Añón despois de Lisboa?

O testemuño máis directo dos que o coñeceron é o seguinte, en primeiro lugar o de Murguía: «Partió, pues, alegremente para Portugal, y después de una corta estancia en el vecino reino, pasó á Italia en calidad de secretario particular con un lord inglés que deseaba visitar la península italiana y el reino de Francia. De vuelta á España se detuvo algun tiempo en Sevilla, dirigiéndose por último á Madrid...»[17] Outro personaxe que tamén o coñeceu, Victorino Novo y García di así: «Presentósele entonces una magnífica ocasión de viajar, de satisfacer tal vez deseos acariciados largamente, y acompañó en calidad de secretario a un Lord inglés, Mr. Shawfordt, con el cual recorrió gran parte de Francia, casi toda Italia, yendo luego a Andalucía, donde permaneció tres años escribiendo en algunos periódi-

13 Véxase CP (n.os 40, 41, 42, 43, 44, 45 e 46. Pódese ver tamén apéndice XV.

14 X. M.ª ÁLVAREZ BLÁZQUEZ: *Datos para la biografía del poeta Añón. II. Suas poesías en portugués*, en «Faro de Vigo», 22-III-1960, páx. 7.

15 Véxase CP (n.º 60).

16 Véxase CP (n.º 61).

17 M. MURGUÍA: *Necrología D. Francisco Añón*, en «La Ilustración de Galicia y Asturias», n.º 1, Madrid, 15-VI-1878, páx. 8.

cos en que también colaboraba entonces Vicetto, cuyas novelas empezaban a llamar la atención.»[18] Un periodista que o tratou, precisamente en Sevilla, fálanos deste xeito:

> «Por los años de 1851 á 1853 estudiaba yo jurisprudencia en la Universidad de Sevilla (no discutamos si estudiaba o debía estudiar).
>
> Entre mis compañeros de carrera había uno que dedicaba sus ocios; es decir, todo su tiempo, á dominar la lengua de Dante, bajo la dirección de un profesor especial que le iba á dar lecciones dos o tres veces por semana.
>
> —Tengo que presentarte á mi profesor de italiano, me dijo una tarde, después del largo paseo que dábamos diariamente por la orilla del río...».
>
> «En efecto, al día siguiente cumplió su palabra y me presentó a Francisco Añón, con quien me ligó desde aquel momento franca y estrecha amistad, que no se ha interrumpido hasta su muerte...»
>
> «Por la época en que le conocí volvía de una larga permanencia en Portugal, y no se si esto influiría en el raro sonsonete que daba entonces á todos sus recitados y que llegué a remedar bastante bien; tal gracia me hacía.»[19]

E. Carré Aldao:

> «Alí, en Portugal, redactou na pubricación bilingüe La Revista Peninsular: mais chegadol-os sucesos de D.ª María de la Gloria, o seu Himno dos povos se fixo famoso o seu nome, fixo tamén se vira perseguido e botado fora do país veciño no ano 1850.
>
> Tivo ocasión d'aquela de ver mundo. Como segredario do lord ingrés Mr. Shawfordt visitou Francia, Italia e Andalucía, residindo n-esta rexión española coma cousa de tres anos, durante os que pubricou algúns traballos nos boletís que n-ela vían a luz. N-eles tamén escribía Vicetto, ao que as suas novelas, especialmente Los Hidalgos de Monforte, cuya primeira edición, é a de Sevilla (1851), comenzaban á lle daren merecida sona.»[20]

18 V. NOVO Y GARCÍA: Prólogo ás *Poesías*, de Francisco Añón, Martínez Salazar, editor, La Coruña, 1889, páx. XIII.

19 J. ARDILA: *Un poeta gallego*, en «El Eco de Galicia», n.º 385, Habana, 9-IX-1889, páxs. 4 e 5.

20 E. CARRÉ ALDAO: Prólogo ás *Poesías* de Francisco Añón, A Cruña, 1920, páx. 8.

Varela Jácome ó referirse a este momento da vida de Añón, incide no mesmo: «Por sus ideas es expulsado también de la capital lusitana y recorre entonces Francia e Italia, como secretario del lord inglés mister Shawfordt. Reside unos años en Andalucía; colabora en varios periódicos y enseña idiomas.»[21]

Álvarez Blázquez no seu esquema biográfico di así:

> «1850-1855: Añón posee una gran facilidad para los idiomas —escribe en gallego, castellano, portugués y dícese que también en italiano y francés—. Gracias a ello, obtiene un empleo como secretario del hacendado turista Lord Shawford, con quien viaja durante estos años por Francia e Italia, cumpliendo así uno de sus mayores deseos: ver nuevas tierras y conocer otras gentes y costumbres. Epoca de gran esterilidad en su obra literaria; no conocemos ninguna composición suya fechada en estos años.
>
> 1855-1857: Regresa a España y se establece en Sevilla. Colabora en la Prensa andaluza y da clases de idiomas. El 17 de febrero de 1857 escribe «O recordo. A Galicia»; también es de entonces el gracioso romance «El portugués en Sevilla» y «A Lisboa», composición ésta en la que revela sus nostalgias de la bella capital lusitana.»[22]

Por último Carballo Calero: «En 1850 houbo de abandonar o país. Como segredario de Lord Shawford viaxóu por Francia e Italia. Volto a España, residíu en Andalucía tres anos (1855-1857), traballando no periodismo e o insino de idiomas.»[23]

Tendo en conta tódalas citas anteriores, podemos sacar en conclusión que Añón despois de chegar a Lisboa en 1846 sairía cara Francia e Italia ó redor de 1850 ou quizais antes, e ben poidera ser que acompañara como secretario ó tal Lord Shawford ou Shawfordt, do que non atopei datos de se existiu, e quen foi. Dende logo a maioría dos biógrafos concordan, e sobre todo os que o coñeceron en vida como Murguía e Novo y García, en que despois de Portugal, visitara Francia e Italia, para ir logo a Sevilla. Así explícase mellor que Añón dese clases de francés e italiano en Sevilla.

---

21 B. VARELA JÁCOME: *Historia de la Literatura Gallega*, La Coruña, 1951, páx. 209.

22 X. M.ª ÁLVAREZ BLÁZQUEZ: *Datos para la biografía del poeta Añón. I, Esquema biográfico*, en «Faro de Vigo», 13-III-1960, páx. 6.

23 R. CARBALLO CALERO: *Historia da Literatura Galega Contemporánea*, Vigo, 1975, 2.ª ed., páx. 83.

No periódico de Sevilla «El Porvenir»,[24] atopamos unha manchea de anuncios onde se pode comprobar que o noso escritor estivo efectivamente en Sevilla entre os anos 1853 e 1854, adicándose sobre todo ó ensino dos idiomas francés e italiano, e como mostra delo presentamos a continuación un destes textos, que aparecen unhas veces na sección de «Anuncios», e outras na de «Avisos», e que nos poden servir tamén para aprecia-lo peculiar estilo prosístico de Añón:

> «ESTUDIO RÁPIDO DEL FRANCÉS.—SE ABRE un nuevo curso de francés por el sistema Ollendorff, dirigido por el señor Añón, ex-profesor del liceo parisiense en Lisboa. Y para que todas las clases del pueblo puedan aprovecharse de una instrucción tan útil como rápida, se establece la matrícula gratis, satisfaciéndose únicamente la cantidad mensual de 40 rs. La duración del curso será de 2 a 3 meses, en cuyo tiempo se calcula que los alumnos pueden quedar regularmente instruídos, advirtiéndose que ya al cabo de un mes podrán pronunciar y traducir perfectamente.
>
> Los diversos discípulos de uno y otro secso que en esta capital han aprendido con el profesor, son una nueva garantía de las inmensas ventajas del ingenioso método Ollendorff acogido con entusiasmo en Alemania é Inglaterra como una de las innovaciones mas importantes del siglo en su género. Está abierta la matrícula en la calle de la Cuna núm. 61. El profesor continúa dando lecciones particulares de francés e italiano.»[25]

Por outra parte temos tamén un testemuño poético que nos pode dar algunha luz sobre o particular. Trátase da composición «O RECORDO. A Galicia»,[26] que ten a data «Febrero, 18 de 1857», na que o poeta canta:

> Vin de Lisia(2) a encantada riveira,
> As riquísimas veigas d'a Galia,
> Os jardins d'a magnífica Italia...
> Como o noso bó chan, nada vin.

Desta estadía de Añón en Sevilla quedoulle o influxo da variedade lingüística do Andaluz que se pode rastrexar no poema «El Portugués en Sevilla», e na composición «A UNA GALLEGA RENEGADA», o primeiro

---

24 *El Pornevir*. Diario político de Sevilla, fundado en 1847. O primeiro anuncio figura no n.º 1.716 do «4-V-1853», páx. 4, para logo continuar con algunha intermitencia ata o n.º 1.998 do «30-III-1854», páx. 4.

25 «Anuncio», en *El Porvenir*. Diario político de Sevilla», n.º 1.716, do «4-V-1853», páx. 4. Este texto presenta lixeiras variantes en datas posteriores. Amosamos algunha delas en Apéndice XVI.

26 Véxase CP (n.º 4). (2) Lisboa. Nota da Edición.

en castelán, e a segunda en galego, que foron escritas con posterioridade.

O que si podemos afirmar é que en 1857, Añón atopábase xa en Madrid, onde escribe o poema en castelán «A LISBOA», do que fixemos referencia máis arriba na páxina 62, datado en «Madrid, 18 de febrero de 1857». Tamén podemos confirmar que neste ano de 1857 Añón estaba en Madrid, polo que di Murguía:

> «..., dirigiéndose por último á Madrid, en donde debía pasar los años que le restaban de vida. Dedicado á la enseñanza del frances, viviendo con poco, tranquilo con una posición harto cercana a la miseria, conocióle el que estas líneas escribe en 1857, uniéndoles desde entonces una leal amistad, cuyos lazos no desató sino la muerte. Durante este tiempo compuso la mayor parte de sus poesías, en las cuales campea un inimitabale gracejo, y son fiel reproducción de las costumbres de nuestro país.»[27]

De 1858 temos dúas poesías datadas en «Madrid, 15 Noviembre de 1858». Trátase das composicións «El Borracho y El eco»,[28] e «A UN NIÑO DORMIDO»,[29] ámbalas dúas en castelán. Dentro de ese mesmo ano de 1858 aínda escribiría outra poesía, un soneto en castelán, titulado: «AL AMOR CONYUGAL».[30]

En 1859 escribe as seguintes composicións, todas elas en castelán: «La Agonía»,[31] «A mi querido primo Eduardo Campos»,[32] «A LA ENCANTADORA NIÑA P. A.»,[33] «A mi destino»,[34] e tres sonetos «de pies forzados», que levan os títulos: «LA AUSENCIA»,[35] «VENGANZA»,[36] e «DESPRECIO».[37]

---

27 M. MURGUÍA: *Necrología D. Francisco Añón*, en «La Ilustración de Galicia y Asturias», n.º 1, «Madrid 15 de Junio de 1878», páx. 8.

28 Véxase CP (n.º 62).

29 Véxase CP (n.º 63).

30 Véxase CP (n.º 64).

31 Véxase CP (n.º 65).

32 Véxase CP (n.º 66).

33 Véxase CP (n.º 67).

34 Véxase CP (n.º 68).

35 Véxase CP (n.º 69).

36 Véxase CP (n.º 70).

37 Véxase CP (n.º 71).

Xa de 1860, en Madrid, temos outra composición en castelán, titulada «IMPROVISACION».[38] Tamén deste mesmo ano consérvase unha carta dirixida ó seu primo Diego Campos, na que figuran un poema «Al apreciable y simpático barítono del Rl. Teatro de Sn. Carlos D. Manuel Cresci»,[39] e dous textos en prosa «cartas» a Eduardo Campos e a Diego Campos respectivamente, primos de Añón.

En 1861, e co motivo da celebración na cidade da Coruña, dos primeiros Xogos Florais de Galicia, Añón escribe en galego, e presenta a dito Certame a composición que leva por título: «A GALICIA».[40] Tivo que escribila antes do 15 de xuño, xa que a base 44 do Certame, di: «Las composiciones deberán hallarse en esta capital antes del 15 de Junio. Las que llegaren después de esta fecha no tendrán derecho alguno a ser admitidas.»[41] Tamén presentou para o tal Concurso a poesía en galego, titulada: «JUEGOS FLORALES.[42] Carré Aldao na segunda escolma que da obra de Añón fixo, dinos referíndose á poesía «XOGOS FRORAES», nunha nota ó pé de páxina: «Enviada co himno "A Galicia" aos xogos froraes da Cruña en 1861».[43]

Antes de nada diremos que a composición «A GALICIA» de Añón obtivo o primeiro accésit á Flor Natural, quedando deserto o 1.º premio. O solemne acto da entrega dos premios literarios tivo lugar o día 2 de xullo de 1861 no teatro de «San Jorge», tamén chamado agora «Teatro Principal». Añón non estivo ese día na Coruña, é de supoñer quedaría en Madrid, xa que como podemos comprobar pola «Acta de la Solemnidad», tivo que ler dita poesía o secretario do «Consistorio de los Juegos Florales», D. Antonio de La Iglesia, posto que era condición obrigada que os propios autores, se estaban presentes, as leran: «Y la espresada lectura se verificó bajo el siguiente orden: primeramente el infraescrito secretario leyó la poesía en gallego, por hallarse ausente su autor D. Francisco Añón;.»[44]

Parece ser que o noso escritor non estivo moi conforme coa decisión do xurado, e móstrase magoado no seu amor propio, como podemos ver

38 Véxase CP (n.º 72).

39 Véxase CP (n.º 73). (Apéndice XIV).

40 Véxase CP (n.º 5).

41 *Consistorio de los Juegos Florales de La Coruña. Patria, Fides, Amor*, en «Galicia. Revista Universal de este Reino», año II, n.º 13, Coruña 1-IV-1861, páx. 195. Tamén pódense ver as «Bases» do Certame en «Album de la Caridad», Coruña, 1862, páxs. X-XV.

42 Véxase CP (n.º 6).

43 UXÍO CARRÉ ALDAO: Prólogo ás *Poesías Galegas* de Francisco Añón, biblioteca lírica Lar, A Cruña, sen data (posible 1928), páx. 22, nota 1.

44 *Acta de Solemnidad*, en «Álbum de la Caridad», Coruña, 1862, páx. XXVI.

na composición «Ó MEU AMIGO ANTON M.ª D'A IGLESIA,[45] que escribiu como resposta a unha carta que lle debeu enviar o secretario D. Antonio María de La Iglesia, na que lamentaría non lle outorgaran o primeiro premio, suprimindo este e dándolle o primeiro accésit.

Amosamos algunhas das partes máis expresivas neste senso do nomeado poema, que debeu compoñer sobre finais do 1861.

Ó MEU AMIGO ANTON M.ª D'A IGLESIA

É cal cho digo

Mil gracias, querido Anton,
Po-l'as frases lisonjeiras
Con que alabas e empoleiras
A miña composición.

Saídas d'o corazón
E sin pretensiós mezquiñas
Ceibey ó aire esas liñas,
Que o fado d'os trovadores
Decote é sementar flores
Para arrecadar espiñas.

E un pouco máis adiante segue a dicir o poeta:

Ademais flor tan modesta
Mandar longe é pouco grato;

Para rematar:

Que foy prudente adiviño
Deijala n'eses herbales
Onde sobran animales
Que lle finquen o fuciño.

Facendo un pouco de historia encol das orixes dos Xogos Florais, temos que remontarnos ó ano 1324 na cidade francesa de Toulouse.[46]

45 Véxase CP (n.º 7).

46 M. G. TICKNOR: *Juegos florales de Tolosa. Consistorio de la Gaya ciencia en Barcelona*, en «Historia de la Literatura española», tomo I, Madrid, 1851, páx. 344.

«La decadencia del idioma provenzal y la casi total extinción de su literatura, no podían ser miradas con indiferencia en aquellos países donde por tan largo tiempo habían prevalecido; y así es que primeramente en Francia y después en España se hicieron repetidos esfuerzos para su restablecimiento.

Os xogos florais de Toulouse tiveron unha pronta resoancia no espacio cultural catalán, e así «Juan I de Aragón», foi quen en 1393 os introduciu en Barcelona para desaparecer despois no século XVI. De novo foron reinstaurados no século XIX, concretamente en 1859, tomando o Concello de Barcelona ó seu cargo o certame, baixo o lema: «Fides, Patria, Amor», que tamén será adoptado como tal polo «Consistorio» dos xogos florais da Coruña.

Temos que dicir ademáis con respecto ós nosos primeiros xogos florais, que agás a poesía de Añón «A GALICIA», tódalas restantes que foron premiadas estaban escritas en castelán, e que tanto os xogos florais celebrados na Coruña o ano 1861 como o libro «Album de la Caridad»,[47] que se publicou ó ano seguinte 1862, onde se recollen as poesías premiadas seguido dun mosaico poético dos nosos vates contemporáneos, foron posibles gracias o mecenato de D. Xosé Pascual López Cortón, quen promoveu o certame e sufragou tódolos gastos. En letra pequena na mesma portada do libro recórdasenos a súa finalidade: «Edición costeada por D. José Pascual López Cortón, á cuyas expensas se celebraron dichos juegos florales, dedica esta obra y dona su edición á la Excma. Sra. Presidenta y señoras de la asociación de beneficencia de La Coruña, para que esta dignísima corporación se sirva utilizar su producto en bien del asilo de mendicidad de la capital.[48] Neste libro «Album de la Caridad» figuran as seguintes composicións de Añón: «JUEGOS FLORALES», «A GALICIA», «RECORDOS DA INFANCIA», e «O MAGOSTO» en galego; pola contra en castelán só «EL BORRACHO Y EL ECO».[49]

A nivel xeral temos unha reseña descriptiva deste libro:

> «Se ha concluído la impresión de esta notable obra en su género. Además de la descripción de la solemnidad, discurso del presidente, memoria del secretario, poesías y discursos históricos que

En Tolosa, sobre el Garona, no lejos de las vertientes del Pirineo, los magistrados o concejales acordaron, en 1323, formar una compañía o gremio para dicho efecto, con el nombre de sobregaya companhía dels sept trovadores de Tolosa, la cual despachó luego una carta, escrita parte en prosa y parte en verso, citando para el día 1.° de Mayo de 1324 en Tolosa, á todos los poetas que quisieran disputar con alegría de corazón la violeta de Oro, que había de adjudicarse en premio al que en dicha ocasión presentase el mejor poema.

El concurso fue grande y numeroso, adjudicándose el 1.er premio á un poema en honor de Nuestra Señora, compuesto por Ramón Vidal de Besalú, caballero catalán, autor, según parece, del programa para la fiesta, y el cual fue nombrado en el acto doctor del «Gay Saber».

47 *Album de la Caridad*. Juegos Florales de La Coruña en 1861, seguido de un mosaico poético de nuestros vates gallegos contemporáneos, edición costeada por D. José Pascual López Cortón, Coruña, 1862.

48 Ob. cit., portada.

49 Ob. cit.: «JUEGOS FLORALES», páxs. 1-2. «A GALICIA», paxs. 2-5. «RECORDOS DA INFANCIA», páxs. 120-122. «O MAGOSTO», páxs. 446-447. «EL BORRACHO Y EL ECO», páxs. 473-475.

se premiaron en los juegos florales de La Coruña, encierra 193 poesías de 100 autores, haciéndose mención de otros 74, de quienes no pudo hallarse composición alguna.

De las 193 que se incluyen, son en gallego 97. Ocupa el Mosaico 372 páginas. Forma un volumen toda la obra de 536 páginas en 4.° prolongado, buen papel y una elegante cubierta de color.»[50]

Tamén recollemos o xuicio crítico que sobre o «Mosaico Poético» fai Carballo Calero:

«Ista antoloxía, feita por encárrego de López Cortón, é a máis antiga do noso renacimento. Comprende poesías en galego i en castelán. O número de poetas en galego ascende a coarenta. Atopámonos, pois, co rexistro dun verdadeiro renacimento poético. O «Mosaico» de la Iglesia, con todas as súas deficiencias —carez en absoluto de sistematización—, é dun valor inapreciabre pra quen queira coñecer a poesía galega do primeiro renacimento. Remata un período: o dos verdadeiros precursores. Rosalía e Pondal están xa representados no «Mosaico». Rosalía pubricará ao ano seguinte os *Cantares gallegos*. Con eles entramos no renacimento pleno.»[51]

Antes de finalizar o ano 1861 escribirá Añón en Madrid unha composición titulada: «A mi querida hija Eufrosina».[52] Consultados os libros de Padróns de veciños no xulgado da Serra de Outes e os libros de Actas de defuncións, así como tamén os libros de Bautizados no Arquivo Parroquial, e non atopando ningún vestixio desta «filla de Añón», podemos interpretar que o máis seguro é que se trate dunha invención, dunha creación poética que fai referencia á mitoloxía clásica, «Eufrosina», que foi unha das tres gracias, fillas da terceira esposa de Zeus, pai dos dioses gregos, chamadas: Aglae, Eufrosine ("Alma bella"), e Talía. Estas Gracias espallaban a ledicia na natureza, e no corazón dos homes, e vivían no Olimpo en compaña das Musas coas que cantaban e danzaban. Añón non nos falará de Eufrosina en ningún outro lugar, nin tampouco aparece carta algunha dirixida a ela.

A súa estada en Madrid debeu durar ata o ano 1866, segundo V. Novo y García:

50 *Album de la Caridad*, en «Galicia. Revista Universal de este Reino, tomo III, n.° 5, Coruña 1-III-1863, páx. 45.

51 R. CARBALLO CALERO: *Historia da Literatura Galega Contemporánea*, Vigo, 1975, 2.ª ed., páx. 69.

52 Vèxase CP (n.° 74). Pódese ver tamén (Apéndice XVII).

> «Se trasladó Añón a Madrid en 1861 y vivió dedicado al periodismo político, a esas tareas ingratas e infecundas que no dan honra ni provecho, cuando no se forma en las primeras filas de los partidos políticos, cuando no se hace granjería de la pluma y cuando no se sabe sacrificarlo todo al afán de medro personal; y en 1866 vióse obligado de nuevo a emigrar a Portugal, donde sólo permaneció catorce meses, porque la revolución de 1868 le abrió las puertas de la Patria.»[53]

E. Carré Aldao incide no mesmo:

> «Xa en Madrid pol-o ano 1858, e onde a punxante espiña do recordo da amada terra ausente habíalle de inspirar as mais tenras e saudosas das suas poesías, entregouse ao periodismo político, e os acontecimentos de 1866, fixérono de novo volver á Portugal.»[54]

B. Varela Jácome: «Reside unos años en Andalucía; colabora en varios periódicos y enseña idiomas. No abandona Añón las avanzadas de la política y se ve obligado a emigrar de nuevo a Portugal hasta la revolución del 68.»[55]

R. Carballo Calero: «Trasladóuse a Madrid, que leixóu en 1866 pra se estabelecer novamente en Portugal. En 1868 regresa a España, e reside algún tempo en Galicia.»[56]

O que si podemos afirmar é que en xuño de 1867 Añón xa estaba en Lisboa, pois temos unha composición en castelán «Mi querido Eduardo»,[57] que está datada en «Lisboa 11 de Junio de 1867.» Tamén dese mesmo ano 1867 en Lisboa temos outra composición, un soneto en castelán «orixinal autógrafo», titulado: «En la inauguración de la estatua a Camóens,[58] datado en «Lisboa 9 de Octubre de 1867».

En 1868 parece que voltou de novo a Madrid, pois deste ano temos un «OVILLEJO»[59] en castelán, datado en «Madrid, 1868».

---

53 V. NOVO Y GARCÍA: Prólogo ás *Poesías*, de Francisco Añón, La Coruña, 1889, páxs. XIII e XIV.

54 E. CARRÉ ALDAO: Prólogo ás *Poesías*, de Francisco Añón, A Cruña, 1920, páx. 8.

55. B. VARELA JÁCOME: *Historia de la Literatura Gallega*, La Coruña, 1951, páx. 209.

56. R. CARBALLO CALERO: *Historia da Literatura Galega Contemporánea*, Vigo, 1975, 2.ª ed., páx. 83.

57. Véxase CP (n.º 75). Tamén en (Apéndice XVIII).

58. Véxase CP (n.º 76). (Apéndice XIX).

59 Véxase CP (n.º 77).

Despois viaxa a Galicia onde escribe a composición en galego «A Mariña Barros á la edad de 8 años»,[60] datada en «Santiago 4 de Mayo de 1868». Do 7 de agosto de 1868 temos unha carta dirixida ó seu sobriño Diego Campos, onde se inclúe un anaco da composición «¡Boél!»,[61] escrita en «Puente Don Alonso», lugar situado no medio do camiño entre Noia e Outes. Tamén neste mesmo ano, en outubro, aparece publicada nun periódico de Santiago «LA REVOLUCION. PERIODICO LIBERAL DE SANTIAGO», unha poesía en castelán que leva por título: «LA REVOLUCION. HIMNO PATRIOTICO, DEDICADO AL PUEBLO, AL EJERCITO Y A LA ARMADA».[62] E coa data de «24-X-1868», temos outra carta de Añón, escrita en Santiago e dirixida ó Sr. D. Manuel Murguía, quen estaba daquela en Madrid, e que polo texto interprétase que lle debeu adxuntar o poema nomeado últimamente. Transcribimos completa dita carta a continuación:

> «Sr. D. Manuel Murguía - Santiago 24 de Octubre de 1868: Mi muy querido amigo: Hace algunos días que me encuentro en esta ciudad. Supe que habías partido para la corte, de lo que me alegro infinito.
>
> Ahí te incluyo ese himno, á fin de que lo publiques en esa capital, si lo hallas digno de ver la luz pública.
>
> Creo que en la Política del 12 se propone un premio al mejor himno de la revolucion.
>
> No aspiro a tanta gloria; p.° bueno será que te informes de lo que hay en el particular.
>
> Recibe espresiones de mi primo y de Eduardo. Curti está haciendo la música p.ª ese himno, que tambien se vá a publicar aquí y en la Coruña. Te ruego pues que lo hagas publicar ahí sin perder tiempo.
>
> Sin mas por hoy, dá mis espresiones á algun amigo q.e por ahí esté, y manda como gustes a tu afmo. amigo que pronto tendrá el gusto de abrazarte, Deo volente y te quiere de corazon - Francisco Añón.
>
> P.D.—Tu Sra. y niña siguen muy bien.»[63]

60 Véxase CP (n.° 8).

61 Véxase CP (n.° 78).

62 Véxase CP (n.° 80).

63 Carta de Añón a Murguía, datada en «Santiago 24 de Octubre de 1868». Propiedade de D. Juan Naya, transcrita e facilitada por D. Xosé M.ª Álvarez Blázquez. Publicada por J. Luis Varela: *Cartas a Murguía*, en «Cuadernos de Estudios Gallegos», tomo XXVIII, Santiago de Compostela, 1954, páxs. 304-305.

Consultados en Madrid na Hemeroteca Municipal tódolos periódicos dese ano, que tiñan o título «Política», e outros con títulos distintos pero de contido político, non atopamos a publicación do Himno de Añón, nin tampouco a notificación dando a coñecer o tal premio.

En 1869 escribe Añón unha carta «Santiago, Enero 11 de 1869» ó seu primo D. Eduardo Campos, co motivo da boda deste en Vigo, e vai acompañada dun poema en galego «A MEUS PRIMOS E. y P.»[64] Tamén dende Santiago e coa mesma data ca anterior, escribe outra carta a D.ª Josefa Ramos, que vén sendo a muller que casa co seu primo Eduardo, levando incluído un poema en castelán titulado: «A mis queridos sobrinos, Eduardo y Pepita».[65] Son estes sobriños-primos, don Eduardo Campos e dona Josefa Ramos, que terán un fillo Gerardo Campos Ramos, sobriño-neto do poeta. Deste mesmo ano 1869 temos outra composición en galego «A UNA GALLEGA RENEGADA»,[66] datada en «La Coruña, 17 de Febrero de 1869», e un pouco máis tarde escribe un soneto en galego, titulado: «AMOR APRESURADO».[67] Coa data «Marzo 1869» temos un poema en castelán titulado: «Las Ranas pidiendo Rey»,[68] e datada en «Santiago 1869», dispoñemos doutra composición, esta en galego «A ó meu sobrinho».[69]

Agora atopámonos con outro enigma máis na vida de Añón antes de partir de novo, e parece ser que definitivamente cara Madrid. Así deixou escrito. A. Couceiro Freijomil: «Dícese que pronto apareció en Santiago, al frente de una librería de viejo, tratando de desfigurarse para pasar inadvertido, y que, fracasado este negocio, volvió a Madrid, donde residió hasta su muerte.»[70] Tamén Alvarez Blázquez fai referencia a este pormenor da vida de Añón: «Hace un corto viaje a La Coruña y regresa a Santiago, donde se establece como librero de viejo, oficio en el que se había iniciado en Lisboa, al lado de su primo Diego; también Eduardo Campos poseía en Vigo otra librería, situada en la plaza de la Constitución.»[71] Non temos encol deste momento da vida de Añón, outros datos que poidan asegurar este feito.

64 Véxase CP (n.º 9). Pódese ver (Apéndice XX).

65 Véxase CP (n.º 81).

66 Véxase CP (n.º 10).

67 Véxase CP (n.º 11).

68 Véxase CP (n.º 82.

69 Véxase CP (n.º 12).

70 A. COUCEIRO FREIJOMIL: *Diccionario Bio-bibliográfico de escritores*, editorial de los Bibliófilos Gallegos, vol. I, Santiago de Compostela, 1951, páx. 74.

71 X. M.ª ÁLVAREZ BLÁZQUEZ: *Datos para la biografía del poeta Añón. I, Esquema biográfico*, en «Faro de Vigo», 16-3-1960, páx. 6.

Dende logo en Agosto de 1869, Añón atopábase xa en Madrid formando parte, como vocal, dunha sociedade *La Fraternidad galáico-asturiana,*[72] «asociación recientemente formada en Madrid y que se manifiesta vigorosa,...», e que tiña entre outros, os fins seguintes:

> «Constituir en Madrid un centro de todos los republicanos hijos de Galicia y Asturias, para proteger la idea, como intérprete de sus legítimos intereses y centinela avanzado para allanar todos los obstáculos que se opongan á los levantados fines del Pacto federal de aquellas hermosas provincias,...
>
> La *Fraternidad republicana galáico-asturiana* tiene también á su cargo vigilar la conducta de las autoridades y funcionarios públicos que, faltando á sus deberes, pudieran perjudicar los intereses de dichas provincias, violando las leyes ó conculcando los derechos.
>
> ...Tendríamos entonces, por nuestro solo esfuerzo, elementos sobrados para levantar puentes, construir muelles y abrir canales, vias generales y trasversales de comunicacion, ya en carreteras, ya en caminos de hierro, de los cuales hoy, para vergüenza de nuestros gobiernos, aún carecemos.
>
> ...Finalmente, esperamos de nuestros hermanos en la idea republicana, que residen en Galicia y Astúrias, se sirvan ilustrarnos en cuantas cuestiones de interés vital y de localidad fuere conveniente someter á la deliberación de esta sociedad naciente.
>
> ...¡Viva la República federal? Salud y fraternidad. Madrid setiembre de 1869.—Antonio Rodil y Argüelles, presidente.—Camilo Barros, vicepresidente.—Vocales: Juan Blanco y Perez.-Juan Antonio L. de Mántaras.-Ambrosio Berridi y González.-Francisco Añón.-Víctor Barrera.-Francisco Gonzalez.-Eladio Fernandez Ulloa, secretario.-Andrés Alvarez, vicesecretario.-Enrique Arredondo, secretario honorario.»[73]

A partir de aquí dinos Murguía:

> «...volvió á Madrid y ¡ay! volvió también á las antiguas privaciones. Entónces fué cuando nuestro querido amigo D. Joaquín Compañel le recomendó eficazmente al Sr. Montero Ríos, que á la sazón era ministro de Gracia y Justicia, y extendió éste á favor

72 X. M. MORENO GONZÁLEZ: *Pacto galaico-asturiano*, en «Gran Enciclopedia Gallega».

73 Anónimo: *La Fraternidad galáico-asturiana*, en «La Discusión», n.º 288, Madrid, 11-IX-1869.

de nuestro paisano una credencial de seis mil reales, con promesa de ascenderle más tarde, como lo hizo, elevando su sueldo á ocho mil reales. Esta pobrísima situación fue considerada por el poeta como una cosa desconocida, y gracias á ella gozó, por bien poco tiempo ciertamente, de las delicias de Cápua. Una cesantía tanto más inmerecida, cuanto que Añón, dando por esta vez un mentís á su pereza, cumplía religiosamente sus deberes de empleado subalterno, es decir, de empleado que trabaja, vino á devolverle á sus dias de angustias y estrecheces.»[74]

Victorino Novo y García:

«en 1869 recibió una modesta credencial de oficial del Ministerio de Gracia y Justicia, destino en que fué declarado cesante bien pronto.»[75]

Pola súa parte E. Carré Aldao:

«... e no ano 1869 logrou, por mediación do noso paisano Montero Ríos, un cativo emprego no Ministerio de Gracia e Xusticia, mais víuse logo cesante. Antes de logral-o emprego viviu en Galicia, en Santiago e na Cruña, de 1866 ao 1869, e n-estas duas vilas escribíu algunhas novas poesías.»[76]

Varela Jácome non concreta:

«Montero Ríos le otorga un cargo oficial en el Ministerio de Gracia y Justicia.»[77]

Álvarez Blázquez escribe:

«1869-1878: Nuevo y definitivo traslado a Madrid. Tras la revolución de septiembre, Montero Ríos, titular de la cartera de Gracia y Justicia, consigue para Añón un puesto en la «covachuela», que dura, apenas, lo que una nube de verano. Cae Montero Ríos y cae Añón, quien dedica a aquel dos poesías, una en gallego y otra en castellano.»[78]

---

74 M. MURGUÍA: *Necrología D. Francisco Añón*, en «La Ilustración de Galicia y Asturias», n.º 1, «Madrid 15 de Junio de 1878», páx. 8.

75 V. NOVO Y GARCÍA: Prólogo ás *Poesías de Francisco Añón*, La Coruña, 1889, páx. XIV.

76. E. CARRÉ ALDAO: Prólogo ás *Poesías de Francisco Añón*, A Cruña, 1920, páx. 8.

77. B. VARELA JÁCOME: *Historia de la Literatura Gallega*, La Coruña, 1951, páx. 209.

78 X. M.ª ÁLVAREZ BLÁZQUEZ: *Datos para la biografía del poeta Añón. I, Esquema biográfico*, en «Faro de Vigo», 16-III-1960, páx. 6.

Por fin Carballo Calero:

> «En 1869 disfroitóu dun emprego no ministerio de Gracia e Xusticia. Cesante, viviu adoecido e probe o resto dos seus días.»[79]

Verdadeiramente D. Eugenio Montero Ríos[80] ocupou a carteira de Gracia e Xusticia por primeira vez, o día 18 de xuño de 1869 cando era presidente D. Juan Prim, e seguiu mantendo a cabeceira do dito Ministerio case ininterrumpidamente ata o día 11 de febreiro de 1873, sendo presidente do goberno D. Manuel Ruiz Zorrilla. Entre esas datas, soamente estivo fóra do cargo político en dúas ocasións, unha que vai do 4 de xaneiro de 1871 ó 24 de xullo dese mesmo ano, e a outra entre o 5 de outubro de 1871 e o 14 de xuño de 1872. Polo tanto ben poidera ser que Añón entrara a traballar no dito Ministerio en 1869, pois o seu benefactor xa era Ministro daquela, pero non foi exactamente nese ano, senón en 1872 cando Francisco Añón foi nomeado «auxiliar de archivo», segundo se pode ver no seu expediente persoal.[81] Neste expediente consta que Francisco Añón é nomeado «auxiliar de archivo» o día «8-VII-1872», e toma posesión do seu cargo o día «13-VII-1872», co xornal de 1.500 pts. ó ano. Máis tarde ascende ó cargo de «Oficial 3.° del archivo de este M.° Oficial de Negociado de 4.ª Clase en Admon. con el haber anual de 2.000 pts.» O nomeamento deste novo posto ten a data de «26-I-1873», e a posesión «27-1-1873». Añón é declarado «cesante», por orde de primeiro de xuño de 1873.

Entre os anos 1872 e 1873, Añón además de traballar no arquivo do Ministerio de Gracia e Xusticia en Madrid, tamén escribe poesías. Así coa data «12 de Mayo de 1872», temos a composición en galego, titulada «A LA FAMILIA DEL SR. ELORZ.»[82] Deste mesmo ano temos outra, esta en castelán: «A GALICIA visitada por el Rey Don Amadeo I»,[83] e pasamos ó ano seguinte, 1873, do que temos dúas poesías escritas en galego, a primeira leva o título: «O meu querido amigo Xan Bautista Neira, salvado providencialmente no descarrilamento de Viana»,[84] e a segunda trátase do «HIMNO Á AGRICULTURA».[85]

---

79 R. CARBALLO CALERO: *Historia da Literatura Galega Contemporánea*, Vigo, 1975, 2.ª ed., páx. 83.

80 Pódese consultar a *Gran Historia General de los Pueblos Hispañicos*, dirixida por Luis Pericot García, Instituto Gallach de librería y eds., tomo V, Barcelona, 1975, 6.ª ed., páxs. 466 e ss.

81 Arquivo do Ministerio de Xusticia de Madrid. Expediente persoal, legaxo 52, letra A. (Apéndice XXI).

82 Véxase CP (n.° 13).

83 Véxase CP (n.° 83).

84 Véxase CP (n.° 14).

85 Véxase CP (n.° 15).

Estamos en 1874, e Añón fica en Madrid, aquí escribe un «BRINDIS»,[86] en castelán. Tamén neste mesmo ano aparece publicada no periódico de Ourense «El Heraldo Gallego», unha moi pequena composición, en castelán, titulada: «IMPROVISACION».[87]

En 1875, e co gallo da efemérides do Dous de Maio, Añón escribe en castelán a composición: «AL DOS DE MAYO».[88] Aínda escribirá neste mesmo mes de maio dúas composicións máis, unha en galego, adicada ó gran poeta español, sevillano, D. Gabriel García Tassara, co motivo da súa morte acaescida o día 14 de febreiro de 1875 en Madrid, «Á memoria d'o eminente poeta español D. GABRIEL GARCÍA TASSARA»,[89] e outra en castelán titulada «MIS DESEOS»,[90] datada en «Madrid, 28 Mayo del 75». Tamén sairán publicadas no mes de xuño deste ano, as composicións «MADRIGAL»,[91] e «AMORES VIEJOS»,[92] ámbalas dúas en castelán.

Pero antes de terminar este ano de 1875, ten lugar en Madrid un acontecemento literario de gran importancia na vida e na obra de Francisco Añón, e asemade para a literatura e cultura galegas. Trátase da fundación dunha sociedade que se chamou «La Galicia Literaria». Nun traballo do profesor B. Varela Jácome[93] explícase a finalidade desta sociedade:

> «La "Galicia Literaria" es fundada en Madrid, en septiembre de 1875, por el poeta vigués Teodosio Vesteiro Torres. Su intención era crear "una sociedad de hijos de Galicia residentes en la capital de España para estrechar más y más sus vínculos de afecto, estimularse mutuamente al cultivo de las Bellas Letras y constituir un centro de buenos gallegos que trabajasen aquí por la honra y prosperidad del país en la esfera propia de sus facultades.»[94]

86 Véxase CP (n.° 84).

87 Véxase CP (n.° 85).

88 Véxase CP (n.° 86).

89 Véxase CP (n.° 16).

90 Véxase CP (n.° 87).

91 Véxase CP (n.° 88).

92 Véxase CP (n.° 89).

93 B. VARELA JÁCOME: *Vesteiro Torres y La Galicia Literaria*, en «Cuadernos de Estudios Gallegos», tomo IV, fascículo XII, Santiago de Compostela, 1949, páxs. 73-93.

94 B. VARELA JÁCOME: Ob. cit., páx. 75. O texto citado enriba, figura na páx. 75 deste traballo, e ten unha nota ó final do mesmo (3), sinalando ó pé da páxina a fonte de onde se tomou: (3) «Acta fundacional de "Galicia Literaria", Archivo de la Universidad de Santiago».

Pola súa parte JOSÉ LUIS VARELA en *Poesía y Restauración Cultural de Galicia en el s. XIX*, Madrid, 1958, páx. 45, nota 23, di: «En el artículo de Curros escrito a la muerte de Vesteiro, y recogido por

Tamén pola nosa parte estivemos pescudando no Arquivo e Biblioteca da Universidade de Santiago de Compostela, mirando en «Vesteiro Torres», «Galicia Literaria», «Actas», etc., etc., e tampouco atopamos as ditas «Actas y papeles de La Galicia Literaria», material doado por Teodosio Vesteiro Torres á biblioteca da Universidade de Santiago. Temos pois que remitirnos, en ausencia das fontes, ó mentado traballo de B. Varela Jácome, do que recollemos aquelas partes que nos parecen máis trascendentes, comezando por:

> «Los componentes de Galicia Literaria»:[95] «En la calle madrileña de la Estrella se reunían en torno a Vesteiro todos los gallegos que constituían la colonia literaria que Galicia reputaba por suya».
>
> «A la reunión fundacional asisten Francisco Añón Paz, Manuel Curros Enríquez, Andrés Muruais Rodríguez, Jesús Muruais Rodríguez, Victorino Novo García, Cecilio Gómez Labrada, Emilio Núñez Couto, Manuel de la Peña Rucabado, Arturo Vázquez Núñez y Eduardo Verdes Quintián. Son considerados también como socios fundadores Luis Taboada, Lorenzo Gómez Quintero, Emilia Calé de Quintero, Celso García de la Riega y José Novo García...
>
> A estos socios de número se incorporaron en la reunión del 8 de octubre Felipe Vázquez y Vázquez y Evaristo Vázquez Reyes, y en las veladas del mes de enero de 1876 Juan Benito Alvarez Mera y Manuel Rey de Rey. Fueron nombrados socios de mérito, además de Emilia Calé, Benito Vicetto Pérez, Juan Manuel Pintos, José María Posada, José Montero Aróstegui, Alfredo Vicenti Rey, Valentín Lamas Carvajal y Antonio Bocelar Bermúdez de Castro, como prueca de simpatía y profunda consideración de "Galicia Literaria".
>
> El portavoz de la tertulia es Vesteiro: ve la perspectiva de la literatura de entonces y quiere encauzar el movimiento que iniciaron los precursores, por eso funda "Galicia Literaria".
>
> ...Entre los hombres más prestigiosos de "Galicia Literaria" estaba Francisco Añón, por eso le fue conferido por unanimidad el cargo de Presidente; contaba al fundarse la sociedad sesenta y

Novo en su prólogo a los *Recuerdos* de Vesteiro, p. XVIII, figura que las actas y papeles de la «Galicia Literaria» habrían de pasar a la Biblioteca de la Universidad de Santiago. El P. Mouriño, ob. c., l. c., señalaba la misma residencia. Acudí, pues, a tal Biblioteca con el objeto de su estudio, pero sin éxito: los documentos "no estaban". El mismo resultado parece haber obtenido poco después L. CARRÉ ALVARELLOS (vid. su *Curros Enríquez, A sua vida e a sua obra*, Buenos Aires, 1954, p. 62). Estas actas aparecieron después en CEG, XI, 73-93, señalándose allí la procedencia citada».

95 B. VARELA JÁCOME: Ob. cit., páxs. 78-80.

tres años; las desventuras habían llenado de amargura su vida; había cantado tipos, costumbres, paisajes de su tierra; la "adourada Galicia" temblaba en sus versos plenos de exaltaciones románticas».

Proseguindo na mesma publicación de B. Varela Jácome, doutro epígrafe, tomamos o seguinte:

> «Las Reuniones:[96] La reunión fundacional se celebró el 20 de septiembre de 1875 en la calle de la Estrella, núm. 7, domicilio de Vesteiro Torres y de su prima doña Emilia Calé de Quintero, y la inaugural el 30 del mismo mes. Las veladas literarias se celebraban los días 10, 20 y 30 de cada mes, bajo la presidencia del poeta Francisco Añón; en ellas se estrechaban los lazos de amistad, se admiten nuevos socios, se discuten las propuestas presentadas, se cubre el turno de lectura; se habla siempre de Galicia, porque la voz de la nostalgia es un estremecido mensaje del paisaje natal.
>
> Vesteiro Torres, en su cargo de secretario es el alma de la institución. El poeta vigués mantiene latente el recuerdo de las tierras verdeantes del Noroeste, evoca los ingenios gallegos del pasado, hace suprema ley de la existencia su acendrado amor a Galicia. En la reunión extraordinaria del 8 de octubre organiza un homenaje al P. Jerónimo Feijóo, con motivo del 199 aniversario de su nacimiento. Vesteiro preparaba por entonces su trabajo sobre el egregio benedictino, para incluir en el apéndice a su *Galería de gallegos ilustres*. El P. Feijóo —dice el escritor vigués—, "acometió el solo la noble y difícil empresa de la emancipación de España".
>
> ...Cuando Emilia Calé de Quintero se ausenta de la Corte, las reuniones que se celebraban en su acogedor domicilio han de tener lugar en adelante en la Corredera alta de San Pablo, 7, principal, morada del contertulio Vázquez Reyes.
>
> El 26 de octubre se celebra una reunión extraordinaria para despedir a Vesteiro Torres que hace un viaje a Vigo; para sustituírle es nombrado secretario interino Victorino Novo García. Vesteiro Torres carácter unificador, había logrado mantener la concordia en las reuniones; pero su marcha rompe la armonía; en la reunión siguiente se provoca la primera crisis, motivada por el proyecto de publicación de *Los gallegos pintados por sí mismos*. Sólo la energía de Victorino Novo y el apoyo decidido de Curros Enríquez y Jesús Muruais, salvan la sociedad.

96 B. VARELA JÁCOME: Ob. cit., páxs. 80-83.

Para resolver definitivamente la crisis se convoca una reunión extraordinaria el 3 de noviembre; asisten Novo García, Jesús Muruais, Taboada, Vázquez y Vázquez, Vázquez Reyes, Vázquez Núñez, Curros y Peña Rucabado. Es elegido presidente Luis Taboada, y las reuniones siguen celebrándose con normalidad. No falta en estos momentos difíciles el recuerdo y el cariñoso saludo del ilustre fundador que se encuentra en Galicia.

En la velada del 10 de diciembre se acuerda hacer una reforma de las bases de "Galicia Literaria", para lo que se nombra una comisión. Las reuniones se suspenden hasta enero, con motivo de las fiestas navideñas.

Con el comienzo del año 1876 se reanudan las actividades literarias de la sociedad, contando ya con la presencia de Vesteiro Torres. El 20 de enero se discuten y aprueban por mayoría absoluta de votos las nuevas bases. La base quinta prescribe la elección de nueva Junta directiva y mediante papeleta secreta se procede a la votación; resultan nombrados Presidente, Francisco Añón; Vicepresidente, Luis Taboada; Secretario-Contador, Teodosio Vesteiro Torres.

En lo esencial las nuevas bases son iguales a las redactadas en la reunión fundacional. Además se regulan las tareas del presidente y secretario, se fija la cuota mínima de una peseta; pero la sociedad "verá —según señala la base 7.ª— con el mayor agrado que sus individuos hagan donativos de libros, con el objeto de formar una biblioteca que por ahora se establecerá en el mismo local donde se celebran las reuniones". Los socios podrán tener estos libros en su poder por un mes, previo recibo.

Los contertulios acudieron a esta llamada, como lo demuestra la lista de donativo de libros, incluída en la sesión del 30 de enero:

— Victorino Novo dona:
Perfiles de personajes y bocetos de ideas, por Castelar.
Cuentos soporíferos, por Jesús Muruais.

— Vesteiro Torres dona:
Poesías, de Emilio G. Olloqui.
Gritos del combate, de Gaspar Núñez de Arce.
Moralejas agridulces, de Eduardo Vasco.
Defensa de Galicia y de sus hijos, de Manuel F. Fernández de Herba.
Filosofía de las Matemáticas, por J. M. Couceiro da Costa.
Mis hijos, por Víctor Hugo.

Descripción de la Catedral de Santigo, por José Villa-Amil y Castro.
Versos, por Vesteiro.
Galería de gallegos ilustres, por Vesteiro.

— Vázquez Reyes dona:

Cartas transcendentales, por José Castro y Serrano.
La capitana Cook, por J. S.

— Por último, José María Hermida regala su obra *Iglesia del Colegio de Monforte de Lemos. Retablo del altar mayor construído por el escultor Francisco Moure.*

Noutro apartado do citado traballo de Varela Jácome, fálase das Bases.[97]

97 B. VARELA JÁCOME: *Las Bases de "La Galicia Literaria"*, en Ob. cit., páxs. 75-78.

«...Las bases que reglamentan la sociedad fueron aprobadas por unanimidad, después de una breve discusión, en la reunión inaugural celebrada el 20 de septiembre de 1875. Las trascribimos del "Libro de Actas" que su fundador donó a la Biblioteca de la Universidad de Santiago:

Primera: Los que suscriben, fundan y constituyen en Madrid desde esta fecha una sociedad de hijos de Galicia con el título de "Galicia Literaria".

Los fines principales de la sociedad son: contribuir a la prosperidad de Galicia, velando por sus intereses morales y materiales; y procurar el solaz y adelanto de sus individuos en el cultivo de las Bellas Artes.

2.ª La sociedad patentiza su espíritu en el lema: "Libertad, igualdad, fraternidad". Por eso, lejos de hacerse una asociación reglamentada, no reconocerá más leyes que las que presidan a todas las relaciones sociales y las que exija su instituto patriótico y literario.

3.ª Las reuniones ordinarias se verificarán, si es posible, los días diez, vente y treinta de cada mes, leyéndose en ellas composiciones y discutiéndose temas relativos a los intereses de Galicia y a cualquier rama de las que constituyen las Facultades de Filosofía y Letras, quedando prescrita toda cuestión directamente personal, religiosa y política.

Las reuniones extraordinarias, que puedan suplir a las ordinarias, tendrán por objeto la celebración de hijos ilustres de Galicia.

4.ª Los socios se turnarán en la presentación de composiciones y temas. De los primeros, que deben ser inéditos, se archivará un ejemplar en la sociedad, pudiendo el autor disponer libremente de su obra. De los segundos sólo se tomará nota.

5.ª La sociedad elegirá de su seno un presidente y un secretario. Aquél dirigirá todas las tareas. Este levantará acta de cuanto se lea, discuta y acuerde en las reuniones y tendrá libros y papeles bajo su custodia.

6.ª La entrada de nuevos socios se efectuará por presentación. El que ingrese leerá un trabajo literario de que sea autor, y le contestará el socio que entre en turno de lectura.

7.ª La sociedad podrá honrar a las personas que le merezcan distinción, con el título de socios de mérito y socios corresponsales.

8.ª Los socios decidirán, por mayoría de votos, cuantos asuntos ocurran en lo sucesivo, referentes a la organización, fines, progreso, actividad pública, interés privado y honra del instituto y de sus individuos.

E agora pasamos a «Los turnos de lectura»:[98]

«Los socios de la "Galicia Literaria" se turnaban en la presentación de trabajos para su lectura. En cada reunión se nombra un turno para la velada siguiente; los poetas leen sus composiciones en prosa o en verso, dejan una copia para archivar pero pueden disponer libremente de su obra.

Aquellas veladas madrileñas de fines del 75 eran un poderoso aliciente para la producción poética y un homenaje a Galicia.

A veces se leían cosas viejas como homenaje a los ingenios gallegos del pasado. La reunión del 8 de octubre, por ejemplo, fué dedicada al P. Feijóo; pronuncian palabras encomiásticas Añón y Vázquez y Vázquez, se recitan poesías de Curros, Añón y Emilia Calé, se leen composiciones del P. Feijóo y Vesteiro Torres da a conocer la inédita *Carta gratulatoria de un médico de Sevilla al Doctor Aquenza*, impugnador del *Teatro Crítico*.

...Vesteiro Torres leyó en la sesión inaugural un trabajo en prosa titulado *Galicia Literaria*, y en las veladas posteriores algunas de sus poesías.

...Al regresar de Vigo, a principios del año 1876, lee Vesteiro su *Saludo a mis queridos amigos consocios de la "Galicia Literaria";...*

Francisco Añón lee la composición en gallego *A la inspirada poetisa gallega Emilia Calé Torres de Quintero;...*

Curros Enríquez recita *Homenaje a la poetisa gallega doña Emilia Calé Torres de Quintero en la inauguración verificada en su casa la noche del 30 de septiembre de 1875,...* Lee asimismo *Ante la estatua de Feijóo*, y las dos poesías *A una amiga* y *Sobre el abismo*.

...Luis Taboada da a conocer la poesía *A Galicia* y el soneto *Nostalgia*; García de la Riega *A Galicia* e *Incertidumbre*; Gómez Labrada la poesía *A mis queridos paisanos los fundadores de "Galicia Literaria"*. Peña Rucabado *Mi amada, Suspirillo germánico, ¿Me lo quiere usted decir?* Andrés Muruais da a conocer la elegía *En la muerte de Ecilda Ruiz*, la letrilla *Os sete pecados do crego* y la poesía *En un álbum*.

...Jesús Muruais, Victorino Novo y José Novo son los autores que más intervinieron en las veladas de "Galicia Literaria". Jesús

98 B. VARELA JÁCOME: Ob. cit., páxs. 83-86.

Muruais leyó las poesías *La Posada*, *Espejismo* y *Dolor sin nombre*, los artículos *Agua de limón fría* y *Erratas* y el cuento *La hija de Valenzuela*.

Victorino Novo leyó los poemas *Un ángel*, *Vida privada* y *Vivir muriendo* y los artículos *En la presentación del Sr. Alvarez Mera* y *Espiritismo*. Y José Novo el poema *Duda*, el romance *Nochebuena*, la poesía *A Rosa* y el artículo *A la vuelta*».

A continuación imos considerar un tema, que foi un proxecto literario proposto por algúns membros de «La Galicia Literaria», e que ocasionou certos problemas internos ata o punto de case chegar á disolución da sociedade. Trátase de «Los gallegos pintados por sí mismos».

A historia deste acontecemento é descrita por Varela Jácome no citado traballo,[99] onde se fai referencia ó "Libro de Actas de La Galicia Literaria", pero además temos outro testemuño, o de Antonio Cirvigo y Vorca,[100] anagrama de Victorino Novo García segundo Varela Jácome,[101] que foi protagonista dos feitos que el mesmo nos conta:

> «... Al finalizar el mes de Octubre de 1875, Vesteiro hizo un viaje a Vigo, su patria; y la *Galicia Literaria* trasladó sus sesiones a una casa de la Corredera alta de San Pablo donde vivía el entusiasta gallego Emilio Vázquez Reyes. Allí bajo la presidencia de Añón, y sustituyendo a Vesteiro en las funciones de secretario, Victorino Novo, continuaron los trabajos de la sociedad; y en una de las primeras sesiones que se celebraron después de la partida de Vesteiro, ocurrió lo que es objeto de estos apuntes.
>
> Jesús Muruais, uno de los más distinguidos socios, y amigo muy querido para todos, propuso la publicación de un libro, imitación de *Los españoles pintados por sí mismos*, que fuese una completa colección de tipos del país gallego, pintados por los gallegos. Quería Muruais que no solo los socios de *Galicia Literaria* redactaran el libro, sino que invitaran también a todos los literatos del país para que colaborasen en él, a fin de conseguir que por las páginas del libro desfilasen a un tiempo los tipos y los escritores gallegos;

99 B. VARELA JÁCOME: *Los gallegos pintados por sí mismos*, en «Vesteiro Torres y la "Galicia Literaria"», páxs. 86-91.

100 ANTONIO CIRVIGO Y VORCA: Prólogo a *Tipos de Galicia* coleccionados para «El Correo Gallego», Imprenta de El Correo Gallego, Ferrol, 1887.

Esta publicación reprodúcese máis tarde con prólogo do mesmo autor, pero co título de *Tipos, costumbres y leyendas* no folletón do periódico de Lugo «El Norte de Galicia», dende o n.º 4.392 do 26-VI-1916 ata o n.º 4.443 do 21-VIII-1916. Desta última facemos as nosas citas.

101 B. VARELA JÁCOME: ob. cit., páx. 90, nota (24).

y después de defender su proyecto con calor y desenvolver su pensamiento, leyó un artículo suyo titulado *Agua de limón fría*, que es una cabal descripción y una graciosísima pintura de ese tipo tan conocido en las fiestas rurales que pregona su mercancía con la frase que Muruais escribió al frente de su artículo.

...Andrés Muruais, el impetuso Andrés, se manifestó contrario a la idea y pronunció uno de aquellos discursos suyos, vehementes y desaliñados, de formas bruscas, en que palpitaba su inmenso amor a Galicia y se descubría el temor de que el libro proyectado se prestase al ridículo y de que ese ridículo cayera sobre la patria querida, tan sagrada para él, que la sola idea de que pudiera hacérsela objeto de un ultraje le irritaba y le ponía fuera de sí.

Todos los esfuerzos por convencer a Andrés Muruais de que no existían los peligros que él se imaginaba; de que todos anteponíamos el bien y el prestigio de la patria común, a todo otro pensamiento; de que el mismo ejemplo invocado del libro *Los españoles pintados por sí mismos*, alejaba todo temor de ridículo; de que siendo los escritores gallegos los que habían de describir los tipos no era siquiera presumible que de su trabajo resultara ofensa para Galicia; todos esos esfuerzos fueron completamente inútiles: Jesús Muruais, Victorino Novo, Manuel Curros, Luis Taboada, todos intentaron convencer a Andrés Muruais y todos fracasaron en su intento.

A dar mayor fuerza a Andrés, que no necesitaba extraños impulsos, acudió Añón, que con aquella frase suya suave y cariñosa, rogó también que se desistiera del proyecto, aunque sólo fuera porque no había unanimidad para apreciarlo, y teniendo en cuenta que la *Galicia Literaria* se asentaba en bases de unión y solidaridad.

Pero la rudeza de Andrés Muruais y la forma destemplada con que abandonó la reunión, amenazando a todos y conminando con sus puños a los que no se dieran por convencidos con sus razones, exaltó a los más y se decidió por mayoría la publicación del libro. Como consecuencia de esto, Añón creyóse en el caso de dimitir la presidencia, y ni súplicas ni ruegos lograron hacerle desistir de su resolución.

La misma noche de la reunión, Andrés Muruais que había ofrecido solemnemente una *fraterna* a todo el que se atreviese a describir un tipo, comenzaba por su hermano Jesús el cumplimiento de sus amenazas.

Por su parte, Añón anunciaba su propósito firme de alejarse de *Galicia Literaria*.

Y lo que las amenazas y las brusquedades de Andrés Muruais no hubieran podido alcanzar, lo consiguió el cariñoso respeto que todos profesaban a Añón y al temor de que se aflojasen los lazos que con él unían a todos los socios de la *Galicia Literaria*: estos se ofrecieron a sacrificar en aras de la unión, su proyecto: Luis Taboada y Victorino Novo fueron los encargados de las negociaciones diplomáticas cerca de los disidentes; y a los pocos días se dió al olvido para siempre el proyecto del libro y volvió a celebrar *Galicia Literaria* sus sesiones presididas por Añón y a las que nunca dejaron de concurrir los dos hermanos Muruais.»[102]

Neste punto Varela Jácome recolle do «Libro de Actas», o seguinte:

«...Francisco Añón manifiesta en la velada del 10 de diciembre, el inmenso placer de verse de nuevo entre sus queridos amigos, pues "si un momento de mal humor le había obligado a retirarse, su pensamiento estuvo siempre en Galicia Literaria", y conociendo el aprecio en que le tenía la sociedad volvía con más fe y más entusiasmo a unirse a sus consocios, para seguir con nuevos bríos la progresiva marcha de la sociedad que estaba llamada a dar muchos días de gloria a la patria.»[103]

E continuamos coas palabras de Antonio Cirvigo y Vorca:

«La grata nueva se comunicó inmediatamente a Vesteiro Torres, enterado ya de lo que ocurría, en unas quintillas que empezaban de este o parecido modo:

"Noticia de sensación
(más de lo que vos pensáis)
han vuelto a ingresar Añón
y el fiero Andrés Muruais
autor de la colisión".

Y a esto contestó Vesteiro, en una tarjeta postal, con estas dos redondillas:

"Vuestra noticia me llena
de alegría extraordinaria:
reciba mi enhorabuena
la *Galicia Literaria*.

102 ANTONIO CIRVIGO Y VORCA: Prólogo a *Tipos, costumbres y leyendas*, páxs. II-V.

103 B. VARELA JÁCOME: Ob. cit., páx. 90.

> Y haced mi satisfacción
> presente a los que citais,
> abrazando al digno Añón
> y al bullidor Muruais''.

Así nació y así murió el proyecto de escribir un libro que se titulase *Los gallegos pintados por si mismos.*[104]

E para rematar esta páxina histórica de «La Galicia Literaria», chegamos ó final: «Fin de la "Galicia Literaria"»:[105]

> «Vesteiro Torres regresa a Madrid a principios de enero de 1876. Asiste a la velada del día 13 y es recibido con muestras de alegría por sus contertulios. Victorino Novo hace entrega al ilustre fundador de la Secretaría que venía regentando interinamente. El poeta demuestra en cálidas frases el júbilo que le embarga al encontrarse de nuevo en las reuniones de la "Galicia Literaria".
>
> Y Galicia volvía también sus ojos hacia esta juventud que laboraba en Madrid. Benito Vicetto enviaba sus parabienes y ofrecimientos a "Galicia Literaria"; Vesteiro traía mensajes afectuosos de Juan Manuel Pintos, José María Posada, José Montero Aróstegui, de las redacciones de "La Concordia" de Vigo y "El Telegrama" de La Coruña.
>
> La presencia de Vesteiro Torres, la reintegración de Andrés Muruais y Francisco Añón y el nombramiento de nueva directiva, con la aprobación de las nuevas bases, parecía augurar un período floreciente de vida para "Galicia Literaria". Sin embargo, el arranque juvenil de Galicia en el Madrid del 75 muere a los cuatro años (sic) [cremos debe ser "cuatro meses"] de existencia.

104 ANTONIO CIRVIGO Y VORCA: Prólogo a *Tipos, costumbres y leyendas*, páx. V.

Sen embargo o proxecto levouse ó cabo en parte, ainda que fóra da sociedade, tal como este mesmo autor manifesta noutro momento do prólogo á publicación dos cadros galegos. (Ob. cit., páx. VI).

«Entre los tipos que hoy se reunen en estas hojas del Album, algunos son anteriores al proyecto, y entre los posteriores, los más nacieron al calor de aquella fracasada idea, y alguno es completamente ageno al propósito de Jesús Muruais.

Pueden citarse, entre los primeros, *El gaitero* de Neira Mosquera publicado en la obra «Los españoles pintados por sí mismos», (pág. 259) editada en 1851 por Gaspar y Roig; *El segador*, publicado en el mismo libro (pág. 211) y descrito por Enrique Gil; *Marcos da Portela*, que publicó en 1862 en la revista «Galicia», José Rodríguez Seoane; y *El caiceño* de Rosalía de Castro. Y entre los segundos, es decir, entre los que debieron su vida al proyecto de Muruais, tal vez no habría error en citar, además de *Agua de limón fría*, *O codeo*, *El zapatero de Noya*, *O animeiro*, *La costurera de aldea* y algún otro.

Por último son agenos a esa idea, aunque posteriores a ella, *La gallega*, de Emilia Pardo Bazán, *El segador* y *Las mujeres del Barco* de Lisardo Barreiro».

105 B. VARELA JÁCOME: Ob. cit., páxs. 91-93.

La última acta lleva la fecha del 30 de enero de 1876 y está sólo firmada por el secretario. Los motivos de la disolución los sugiere veladamente Vesteiro Torres en una nota adicional:

Cuando el fundador de la sociedad "Galicia Literaria" volvió de su país, dispuesto a realizar todo género de sacrificios en obsequio de aquélla, quisieron sin duda evitarle disgustos y disolvieron la asociación.

Quiénes han sido los patriotas, que esto realizaron y por qué lo realizaron, no lo dirá él jamas, porque no acostumbró a su pluma a diseñar grandezas de este género.

Para memoria de su intento, frustrado como todos, en especial refiriéndose a Galicia, deja este libro a la Biblioteca de la Universidad de Santiago.

Casi todos los trabajos de los socios han sido publicados, pero no así el romance del P. Feijóo *El no sé qué de la hermosura*, que se incluye aquí.

Deseando todo éxito a los que de nuevo acometan tal empresa, saluda en esta página a los hijos de la Galicia futura el último de los de la Galicia.[106]

Esta nota está fechada en Madrid en el mes de junio de 1876, coincidiendo casi con su prematura y desesperada muerte. José Novo se horroriza de la fría meditación que le llevó a este fin. Aquellos últimos días clasifica sus trabajos, destruye dos tratados de filosofía y teología, dos dramas, una zarzuela, poesías... Se despide en una sentida carta de su amigo Lamas Carvajal; y dirige otra carta a Curros Enríquez,[107] llena de evocaciones de su tierra, participándole la voluntad de morir.

Los versos desesperanzados de *Ultimo anhelo* son también un presagio de su desgraciado fin:

¡Imposible, imposible!... El alma mía
vive aquí desterrada,
y es el fúnebre adiós de mi agonía
el saludo a la patria suspirada.

¡No puedo más!... La libertad espero,
de mi dolor sin límites cautivo;

106 B. VARELA JÁCOME: Ob. cit., páx. 92 (remite a «Libro de Actas», pág. 61).

107 B. VARELA JÁCOME: Ibidem. Especifica en nota (28) «Reproducción en "El Eco de Galicia", de Buenos Aires, 10 de junio 1897».

y si viviendo muero,
quiero morir, porque muriendo vivo.[108]

La noticia se propala en forma velada primeramente:

"En la madrugada del 12 se suicidó en Madrid en el Salón del Prado, disparándose en el cráneo un tiro de revólver, un joven poeta de bastante mérito, cuyas publicaciones han visto la luz pública con aceptación tanto en Madrid como en su país, a cuya ilustración había procurado contribuir con una importante publicación".[109]

En cambio, unos días más tarde, el mismo periódico santiagués da la noticia en forma clara y publica íntegra la carta escrita por Vesteiro a Lamas Carvajal.

Pocos años después moría Francisco Añón en una cama del Hospital de la Princesa de Madrid, lejos de su amadísima tierra; Andrés Muruais muere también muy joven. De la "Galicia Literaria" queda medio centenar de composiciones que atesoran el espíritu de una época, y unos hombres, encauzados por el mismo ideal, que viven hasta principios del siglo XX, y triunfan en el periódico, en el libro, en la vida, para gloria de Galicia.»

E ata aquí o que recollemos do que nos pareceu máis atraente da sociedade «La Galicia Literaria», na que xogou un sobresaliente papel, Francisco Añón, polo seu labor como presidente que foi da mesma. Soamente nos queda lembrar as dúas composicións en galego que Añón leu na Galicia Literaria, a primeira na velada do 30 de setembro de 1875 «Á inspirada poetisa gallega EMILIA CALE TORRES DE QUINTERO, tributo d'admiración e amistá»,[110] e a segunda «A FEIJÓO,[111] que foi lida na velada literaria adicada ó xenio, celebrada o día 8 de outubro de 1875. Neste mesmo ano e como proba de amistade a Vesteiro Torres, Añón escríbelle unha décima en galego: «En el momento de regalarle a TEODOSIO VESTEIRO TORRES la Historia del Emperador Teodosio.»[112]

En maio de 1876 aparece publicada unha composición en castelán, un soneto, titulado «VAIVEN»,[113] e un chisquiño máis tarde ten lugar a morte

108 B. VARELA JÁCOME: Ob. cit., páx. 93, nota (29), (remite a *Poesías*, pág. 167).

109 B. VARELA JÁCOME: Ibidem, nota (30) «El Diario de Santiago», 16 de junio 1876.

110 Véxase CP (n.° 17).

111 Véxase CP (n.° 18).

112 Véxase CP (n.° 19).

113 Véxase CP (n.° 90).

do amigo e compañeiro de «La Galicia Literaria», Teodosio Vesteiro Torres, que aconteceu dunha forma dramática, pegándose un tiro na tempa o día 12 de xuño en Madrid, xustamente o día que cumpría os 28 anos. Añón é invitado pola devandita sociedade a colaborar literariamente na «Corona Fúnebre», adicada a Teodosio Vesteiro Torres. Ademais de Añón son invitados a participar os seguintes escritores:

> «Sras. Calé de Quintero y Castro de Murguía.
>
> Sres. Añón, Alvarez Pertierra, Amado, Alarcon, Grilo, Hermida, Jalon, Lamas Carvajal, Losada, Mestre, Murguía, Montes, Mosquera, Novo y García (D. J.) Peña Rucabado, Paz, Posada, Pondal, Quereizaeta, Ruiz Aguilera, Taboada, Vazquez Nuñez, Vicetto, Vicenti y Zorrilla.
>
> Varios de los Sres. arriba citados, han enviado sus escritos y se espera que los que faltan por hacerlo no demoraran mucho tiempo en acceder á la invitacion que le ha pasado la sociedad "La Galicia Literaria".»[114]

A composición que escribe Añón leva por título: «Á INDELEBLE MEMORIA DO MALOGRADO POETA E LITERATO GALLEGO DON TEODOSIO VESTEIRO TORRES.[115]

En 1877, e nun periódico de Madrid,[116] figura Francisco Añón como traductor da novela rusa «Los dos amigos», de «M. J. Tourguenef», soamente en dous números, polo que non aparece a traducción completa da obra. É de supoñer que Añón non sabería ruso e que faría a traducción ó castelán a partir dunha edición francesa. Tamén neste ano 1877 figura datado un soneto en castelán, titulado «AL PAPA».[117] Antes de remata-lo ano, aínda escribirá Añón outra composición máis «Á GALICIA»,[118] datada en «Madrid, Octubre 1877». Desta poesía fálanos Curros Enríquez:

> «Los ejes inflexibles en que giró siempre su lozana inspiración eran principalmente dos: uno, el amor, mejor dicho, la idolatría por su tierra; otro, la esperanza para ella de un porvenir rico y brillante. ...; del segundo hay varias muestras, entre ellas... algunas estrofas de las que tengo por última composición suya, escrita en

114 «Faro de Vigo», n.º 2.428, do 20-VII-1876.

115 Véxase CP (n.º 20).

116 *Crónica de la guerra*, n.º 4, Madrid, 16-VI-1877, páxs. 31-32, e n.º 5, Madrid, 23-VI-1877, páxinas 39-40.

117 Véxase CP (n.º 91).

118 Véxase CP (n.º 21).

12 de octubre de 1877, que permaneció inédita hasta que en 1880 la publicó *El Correo Gallego*, periódico ferrolano; titúlase *Galicia*, y empieza:

De teus recordos vivo, Galicia encantadora...

En ella se lee:

Ergue esa altiva testa, Galicia, e non t'engruñes;
d'o teu porvir dourado a estrela vay rayar;
.....
serán famosas vilas as qu'hoxe son aldeas...

La última estancia de esta bellísima composición parece un penoso presentimiento. Dijérase que Añón esperaba la muerte lejos de su patria, y que su despedida no fue un capricho poético, sino un desahogo de su corazón, angustiado por justos y fundados temores. Dice así:

¡Adiós, frondosos bosques! ¡Adios, floridos prados,
onde en felices días corrín e rebuldey!...
Serenas, claras rías, outeiros perfumados,
collede os meus suspiros de bágoas salpicados...
¡Lonxe de vos, eu morro! Sin vos, vivir non sey.»[119]

E chegamos a 1878, ano da morte de Añón, non sen antes deixarnos o poeta unha composición en galego titulada «A MIÑA ENFERMEDÁ»,[120] que escomenza así:

Fraco como un asubío,
Con tres enemigos loito,
Enfermedá, fame e frío,
E d'a miña vida o fío
Vaise adelgazando moito.

O mesmo día do seu pasamento publicaba o «Faro de Vigo» a seguinte nota:

«Nuestro estimado colaborador el Sr. López de la Vega nos escribe de Madrid dando cuenta que el vate gallego D. Francisco Añón, cuyas producciones en dialecto de nuestro país gozan de gran popularidad, se encuentra en un grave estado en el Hospital de la

119 M. CURROS ENRÍQUEZ: *Hijos ilustres de Galicia, Francisco Añón*, en «Obras completas», recopilación, introducción y notas por Carlos Casares, edit. Aguilar, Madrid, 1979, páxs. 1.045-1.046.

120 Véxase CP (n.º 23).

Princesa, sala de San Lesmes, núm. 20, donde es fácil se le opere, y por consiguiente privado de toda clase de recursos y en la imposibilidad de retornar á Galicia, si es que la muerte no le sorprende en tan triste situación...

Para el Sr. Añón, pedimos hoy en nombre de las letras un recuerdo de Galicia, una limosna ya que así es fuerza llamarle, que los corazones generosos pueden remitir al interesado directamente ó entregarla en esta Redacción. Como creemos que Galicia no se hará sorda á esta queja que recogerán nuestros colegas, anticipamos las gracias á las personas caritativas, que por cierto no faltan en este hermoso país.»[121]

Agora ben, para tratar de saber como pasou o poeta Francisco Añón os seus derradeiros días, temos que botar man en primeiro lugar dun artigo de Bouza-Brey:

«Ninguén, antre os amigos póstumos do Poeta, tirou proveito dos libros que se levan no Hospital da Princesa, de Madride, pra saber das horas postreiras de aquil bohemio que quixo morrer na sua terra ou acougar n-ela os seus osos sin conseguilo. Somentes o esprito xeneroso de Anxelo Romero Cerdeiriña, namorado da figura apaixoante do romántico Añón, foi dar con isas miudas cousas, que engaden algunhas notas â sua vida, pouco coñecida ainda, que vou dar eiquí por oferta cordial de aquel amigo que ten contribuído a divulgar a obra do noso Poeta.

Consta por aquéles libros que o Añón ingresou no Hospital dito "padecendo afecto hepático" âs cinco da serán do catorce de Abril de 1878, ocupando a cama núm. 20 da sala de San Lesmes e que âs catro da mañan do día 20 finou "de cancro de fígado". Vivía Añón, cando entrou n-aquel Estabrecimento pra nunca mais sair â vida, na Rúa "de los Amigos", núm. 10, coarto segundo. Tiña cédula do Distrito da Universidade, Barrio do Campo de Guardias, núm. 2.302.

Ben pouco é o que alí consta do *precursor* que non recibeu ainda homeaxe ô seu patrianismo; mais ista nota serve pra demostrar que o seu nome non está esquencido no presente como tampouco Galicia o esquencerá endexamáis.»[122]

121 «Faro de Vigo», n.° 2.699, do 20-abril-1878, páx. 1.

122 F. BOUZA BREY: *Os derradeiros días do poeta Añón*, en «Nós», n.° 94, Ourense, 15 de Outono do 1931, páxs. 193-194.

Valéndome destes datos, estiven buscando eses libros do Hospital da Princesa de Madrid, que foi inaugurado o día 16 de xaneiro de 1853,[123] e funcionou ata 1954 ou 55; foi construído gracias á aportación económica dunha suscripción nacional, e estaba destinado a enfermidades de medicina e ciruxía agudas, con carácter caritativo e benéfico. Esta función do «Hospital de la Princesa» foi logo recollida polo «Hospital General de la Beneficencia», único no seu xénero que hoxe hai en Madrid, pero alí só atopei documentación do dito Hospital a partir do ano 1936. Escribín ó «Archivo General de la Administración» en Alcalá de Henares, por ver se poidera estar o historial clínico deses cinco días que Añón pasou encamado, e contestáronme o seguinte:

> «Alcalá de Henares, 27 de Enero de 1984. Muy Sr. mío: En contestación a su escrito de fecha 15 de los corrientes en el que se interesa por documentación relativa a Don Francisco AÑON PAZ le comunico que entre la documentación del Hospital de la Princesa de Madrid que se conserva en la Sección de Gobernación de este Archivo General de la Administración Civil, no figura ningún historial clínico que haga referencia a pacientes. Sólo se refiere esta documentación a facturas de material de construcción; solicitudes de plaza de practicantes; solicitudes de los capellanes para que aumentasen sus haberes, cuentas, etc... Atentamente le saluda. Fdo.: María Josefa García Gómez, directora accidental.»[124]

A acta de falecemento tampouco se atopa, xa que ó morrer no Hospital, alí faríase dita acta, e polo tanto non figura nos libros de defuntos da parroquia.[125]

Os testemuños que temos máis recentes despois da súa morte, referentes ó enterramento, son os que damos a continuación, en primeiro lugar un artigo asinado por «Dr. López de la Vega, Madrid», que di así:

> «El 21 del corriente, á las seis de la tarde, fué sepultado el cuerpo del Beranger gallego, Francisco Añón, abogado de la ilustre Universidad compostelana, y uno de los más inspirados defensores de la *verde Erín española*. Quedó en el núm. 131, patio del Pozo del cementerio general del Sur, para resucitar, como todos, en el gran día del juicio, que llegará, pese á los incrédulos.

123 Arquivo de «La Villa», Madrid. Libro de Secretaría, n.° 11.

124 Carta persoal procedente do «Archivo General de la Administración», Alcalá de Henares, Madrid.

125 Tendo en conta os datos que figuran no artigo de Bouza Brey: «Os derradeiros días do poeta Añón», en «Nós», n.° 94, citado anteriormente, Añón vivía na Rúa «de los Amigos» (verdadeiramente rúa «Dos Amigos»), distrito da Universidade, Barrio do Campo de Guardias. A parroquia que lle correspondía a esta zona era a de *San Marcos*, e alí estivemos no Arquivo Parroquial mirando o «Libro de difuntos» do ano 1878, e non consta a acta da morte de Añón.

Como su fallecimiento no se anunció por los periódicos, solo le acompañamos algunos de sus más íntimos amigos, entre los cuales se hallaba el Sr. Montero Ríos, con el Sr. Mugártegui, diputado provincial de Pontevedra. Cuando ya le iban á dar sepultura, se presentaron D. Manuel Murguia y el señor Compañel, al que yo participara lo acaecido.

Fué llevado en una caja decente, en hombros de supultureros, y salió el capellan del cementerio á recibirle, ofreciéndole en la capilla las preces del ritual, para ser llevado despues al sitio de la verdad. El pobre vate estaba *desfiguradiño*, y con su hábito mortuorio y la frente ancha amarillenta y surcada de arrugas, parecía el propio San Francisco de Asís, al ser contemplado por sus compañeros de retiro, antes de ser enterrado. El que escribe estas líneas besó su mortaja y guardó un puñado de tierra de su fosa.

...Y aprovecho esta ocasión, para rendir un homenage de respeto al Sr. Romaña, que con su buena esposa, cuidó mucho tiempo del pobre Añón, haciendo los mayores sacrificios para que no le faltase nada. Le habilitó entierro y le acompañó al sepulcro como lo hicieron sus primos y sus padres, con quienes antes viviera muy estimado...»[126]

O seguinte testemuño en orde cronolóxica de aparición é o de Murguía:

«...En la sala de un hospital exhaló su último suspiro; su cuerpo, cubierto por un pobre hábito, fué llevado en hombros; pocos le acompañaron hasta el mismo miserable hoyo en que debía caer, nave deshecha por innumerables tempestades. El que escribe estas líneas y le consagra tan pobre recuerdo, llegó á tiempo —después de una larga ausencia— de ver por última vez aquel rostro en que la muerte y el dolor habían impreso sus huellas supremas, y de darle el postrero adios. Aquel era el primer dia que el poeta gozaba del descanso y dormía en paz un sueño eterno, cubierto por la madre tierra. Cayeron entónces sobre su humilde caja los primeros puñados echados por manos amigas y compasivas, y que en presencia de tan grande soledad, pensaban si acaso el cielo les tendría reservada igual suerte y sepultura igual.»[127]

126 DR. LÓPEZ DE LA VEGA: *DON FRANCISCO AÑON PAZ, HA MUERTO. R. I. P.* Semanario del Faro, «Faro de Vigo», sábado 27 de abril de 1878.

127 M. MURGUÍA: *Necrología D. Francisco Añón*, en «La Ilustración de Galicia y Asturias», n.° 1, Madrid, 15-VI-1878, páx. 8.

Outro personaxe que asistíu ós últimos momentos da vida de Añón, foi Augusto Mosquera:

> «...Francisco Añón murió pobre, como pobre habia vivido.
>
> ...Sin embargo, Añón no murió en la miseria y abandonado, que gratuitamente supone la prensa gallega. Pobre, viejo ya, y enfermo, fué recogido por un generoso, noble y desinteresado amigo; el Sr. Romaña, cuyo nombre recomendamos á la buena memoria y gratitud eterna de cuantos se interesaron por nuestro poeta.
>
> En la casa de aquel estuvo este, cariñosamente asistido, y allí fué visitado y ayudado Añón por algunos otros buenos amigos.
>
> Cuando el enfermo pidió que se le operase, se le trasladó al hospital de la Princesa, sala de pago, donde desgraciadamente falleció á los pocos dias.
>
> El Excmo. Sr. Montero Rios, que presidió el duelo, y algunos otros paisanos y amigos del poeta, costeamos su modesto entierro y acompañamos el cadáver á su última morada del cementerio general.
>
> Pocos días despues, una comision nombrada entre aquellos, abrió una suscricion para rendir el último tributo á la memoria del inolvidable poeta, publicando sus obras, de lo cual se está ocupando con la posible asiduidad.
>
> Dicho esto, para rectificar algunos errores vertidos por la prensa gallega, hijos sin duda de la falta de datos ó de la precipitación del momento, solo nos resta unir nuestro mas profundo sentimiento al sentimiento general que ha producido á cuantos le conocían, la muerte de este ilustre gallego, honrado ciudadano y conocido poeta, con tanta mayor razon, cuanto que á mas de tales títulos, tenia para nosotros los de amigo cariñosísimo y bondadoso maestro.»[128]

Uns anos despois Victorino Novo y García escribe:

> «...Enfermo, viejo y pobre, resignado con su enfermedad y su pobreza, buscando donde caerse muerto, fué Añón el día 15 de Abril de 1878 al Hospital de la Princesa: ocupó cinco días una

128 AUGUSTO MOSQUERA: *Necrología, Francisco Añón*, en folletín da edición «Poesías Varias de D. Francisco Añón Paz», Biblioteca de La Concordia, Vigo, 1878, páxs. 13-15. Esta «Necrología» volvíuse a reproducir idénticamente polo mesmo autor dous anos máis tarde, co título de «FRANCISCO AÑON», en «La Ilustración Gallega y Asturiana», núm. 11, Madrid, 18-IV-1880, páxs. 135-136.

cama de la sala de San Lesmes, y murió el día 20, fijando la última mirada en el rayo de sol, piadosísimo, que penetraba a través de los hierros y los cristales de una ventana para besar amorosamente la faz del poeta.

Al siguiente día, amortajado con el hábito de San Francisco, fué conducido su cadáver al cementerio del Sur y enterrado allí, en el patio del Pozo, donde quedaron sus restos para siempre.

La noticia de su tristísima muerte produjo en Galicia honda sensación; algo parecido al rubor de la vergüenza coloreó las mejillas de los que podrían ser sospechados de cómplices en aquel abandono que rodeó los últimos días del poeta, y algo parecido a un principio de reparación hubo de intentarse.[129] Pero al fin todo se quedó en intento; no por falta de amor al recuerdo del desgraciado Añón, sino porque la vida es así, fácil para el olvido, y porque el tiempo es un implacable calmante de todas las sensaciones y un eterno torcedor de voluntades.»[130]

Eugenio Carré Aldao dinos nun principio: «...: enfermo, viejo y pobre arrastró sus desventuras, ocultándolas, y murió en Madrid el 15 de Abril de 1878, abandonado de todos, pues infortunado hasta en la hora de la muerte, la colonia gallega de la Corte, tan numerosa, no tuvo noticia de su fallecimiento, asistiendo contadas personas á su entierro desde el Hospital al Cementerio.»[131] Pero máis tarde corrixe os datos, e amplía:

«... No Hospital matritense da *Princesa* finou seus días, este fillo amante de Galicia, no maor do desamparo dos seus, pois hasta no viaxe â súa derradeira morada, foron poucos, contados, dos seus amigos os que o acompañaron, pois nin eles nin a numerosa colonia galega da Corte, souperon cando morrera, que foi o 20 de Abril de 1878.

¡Pobre Añón! Dormes o sono de paz no patio do Pozo do Cimeterio do Sul de Madride, en terra allea e baixo un ceo que

129 V. NOVO Y GARACÍA: Prólogo á edición das *Poesías de Francisco Añón*, La Coruña 1889, páx. XV, nota (1): «Dos días después de la muerte de Añón se constituyó en Madrid una junta para gestionar recursos con objeto de publicar en un tomo las poesías de Añón y satisfacer los gastos originados por su enfermedad y fallecimiento. Esa junta estaba compuesta de los Sres. D. Eugenio Montero Ríos, presidente; D. Federico Romaña y D. José López de la Vega, vice-presiente; D. Augusto Mosquera, D. Luis Taboada, D. Antonio Fernández Carril y D. Evaristo Vázquez Reyes, vocales; D. Pedro Román Valdés, tesorero; D. Eduardo Quintián y D. Emilio Núñez Couto, secretarios.

Grandes dificultades debieron surgir para que gallegos tan distinguidos desistieran de su empeño; pero esos nombres atestiguan el elevado concepto que de Añón tienen los que tanto significan en Galicia.»

130 V. NOVO Y GARCÍA: Ob. cit., páxs. XIV-XV.

131 EUGENIO CARRÉ ALDAO: *Literatura Gallega*, Barcelona, 1911, 2.ª edición, páx. 43, nota (1).

non é o da tua patria; mais se ésta non recramou teus restos para reposar no seu seo amante cal eran os teus deseos, se ela non honrou ainda a tua memoria como tén deber de facel-o, tes como premio un altar no corazón de todol-os galegos que non han d'esquencerense de quen coma tí, fillo agarimoso, tiña seus pensamentos nos eidos ben amados, mais morreu sen vere feito cumprido o tan cobizado soño de:

Mesmo entrar non quixera na Groria
sin primeiro pasar por ahí.»[132]

En 1928 a Real Academia Galega intentou rescatar os restos de Añón para traelos a Galicia, e así descansar no seu caro curruncho. Foi xustamente o día 25 de maio dese ano, cando a Academia Galega celebrou «una sesión conmemorativa, homenaje a Benito Vicetto y a Francisco Añón.»[133]

Don Fernando Martínez Morás, secretario da Academia leu o seguinte escrito:

«Aunque ya un contemporáneo y amigo del poeta, Victorino Novo, lo hubiera indicado en el prólogo que en 1889 escribió para el volumen de *Poesías gallegas y castellanas* de Añón, editado por M. Salazar, la Real Academia Gallega estaba en el deber de comprobar de una manera evidente, en esta hora del cincuentenario de la muerte del insigne hijo de Boel, que el cadáver del poeta tuvo su reposo en la fosa común de un cementerio madrileño y que sus restos estaban para siempre e irremisiblemente perdidos.

...Sépase desde hoy que el pobre cantor, enamorado de su país, murió en la miseria, de todos abandonado, y su cadáver fué a la común yacija que la caridad ofrece al desprovisto de todo amparo de familia y amistades y compatriotas. Los huesos de Añón, mezclados a los de otros incontables desgraciados, en el gran osario están, imposibles de identificar.

Un gran patriota y distinguido miembro Correspondiente de nuestra Academia, a la vez que ilustre artista, el Presidente del "Centro de Galicia", de Madrid, D. Francisco Llorens, hubo de secundarnos con gran acierto y fervorosa devoción, en la gestión que le encomendamos.

132 EUGENIO CARRÉ ALDAO: Prólogo á edición das *Poesías de Francisco Añón*, A Cruña, 1920, páx. 9.

133 *Una sesión conmemorativa. Homenaje a Benito Vicetto y a Francisco Añón*, en «Boletín de la Real Academia Gallega», n.º 205, Coruña. «1.º de Junio de 1928», páxs. 9-29. Figuran aquí os discursos que sobre Añón pronunciaron D. Antonio Villar Ponte, e D. Eugenio Carré Aldao.

De su labor directa y personalmente hecha, en parte, y, en otra, encomendada a un funcionario que inoportunamente la ha hecho pública, hemos obtenido el resultado final, lamentable, triste; esta nota desoladora:

"Ayuntamiento de Madrid. (Dirección de Cementerios). Don Francisco Añón Paz falleció el 20 de Abril de 1878 en el Hospital de la Princesa y fué enterrado en el Cementerio General del Norte, según consta en el Juzgado municipal del distrito de Palacio que era al que pertenecía entonces dicho establecimiento. En virtud de R.O. fecha 31 de Agosto de 1899 se trasladaron los restos mortales del General del Norte al General del Sur (aunque dice la disposición a la nueva Necrópolis). En el registro de inhumaciones del citado Cementerio General del Norte, obrante en el Obispado, figura la inscripción de Francisco Añón Paz, enterrado el día 21 de abril de 1878 en sepultura común (caridad) sin filiación, ignorándose la edad, estado, etc., lo cual nos demuestra que de Añón no hubo quien se ocupara ni en su última hora, y es de suponer también que el poeta falleció careciendo de todo recurso. Los restos no es posible reunirlos porque están en el osario del General del Sur, a donde fueron trasladados del General del Norte."

La Academia Gallega, que al iniciar hace meses la gestión para hallar los restos del poeta de Boel, pretendía repatriarlos solemnemente a Galicia en estos días del cincuentenario, ha tenido que renunciar a su propósito.

¡Enseñanzas de la vida, que uno y otro día nos aleccionan! Pero hemos cumplido nuestro deber en este caso. Y ciertamente no es culpa de los que hoy vivimos —¡reos de tantas otras faltas!— el que hayan quedado eternamente perdidos en un montón anónimo los pobres huesos del gran poeta gallego!»[134]

Moita tinta correu ata hoxe arredor deste tema. Pola nosa parte fixemos as pescudas pertinentes, e atopamos o nome de Francisco añón Paz,[135] soterrado o día 21 de abril de 1878 en sepultura común, en caixa [que non é o mesmo que fosa común], ocupando o número primeiro baixo terra, dun total de oito cara enriba. Diremos como pormenor curioso, que ó lado da sepultura de Añón, no fondo, foi colocada outra, dunha párvula que tiña un ano. Non figura estado nin idade, o cal ten a súa explicación, pois ó

134 *Una sesión conmemorativa. Homenaje a Benito Vicetto y a Francisco Añón*, en «Boletín de la Real Academia Gallega», n.º 205, Coruña, «1.º de Junio de 1928», páxs. 27-28.

135 *Archivo del Obispado de Madrid. Libro de sepulturas comunes, (1871-1900)*. (Apéndice XXII).

morrer no Hospital, non se poñían estes datos. A sepultura ten o número 131 do patio 2.° da dereita.

Agora ben, o que si non está moi claro é se este libro pertence ó cimeterio do Norte ou ó do Sul, xa que non consta na coberta do mesmo. O señor arquiveiro tampouco tiña seguranza. De tódalas maneiras no cemiterio de «Nuestra Sra. de La Almudena», que é o actual de Madrid, confirmáronme en resposta telefónica a imposibilidade de atopar ren ó respecto cos datos que lle daba, pois só gardaban constancia dos enterramentos a partir do ano 1889, e por outra banda, tamén hai que ter en conta que cando se fixeron os traslados, previos os anuncios nos xornais da época, tiñan que presentarse os familiares ou xente achegada para facerse cargo dos gastos económicos que ocasionaban tales traslados; polo que é de supoñer con toda seguridade que os restos mortais de Añón perdéronse neses pasos dun cemiterio a outro.

IV

RETRATO E ETOPEIA DE AÑÓN

Para ter unha idea de como sería Añón, o seu carácter e maneira de ser, o seu físico, temos que valernos en primeiro lugar do testemuño que deixou un periodista, Joaquín Ardila, que o coñeceu precisamente en Sevilla sobre o ano 1853, cando Añón tiña uns 41 anos, e o seguiu tratando despois en Madrid:

«Cándido como un niño y malicioso como una solterona, ofrecía Añón el contraste de una sensibilidad exquisita al lado de las irónicas puntas de un escepticismo por decirlo así inconsciente. Nada más común que sorprender en sus labios una burlona sonrisa en medio de una conversación séria ó sentimental; era que el soplo de alguna de sus favoritas, hacía cruzar por el cerebro una idea diabólica, algo así como la caricatura ó el reverso de la conversación.

Aunque sobrio por lo comun, era alegre su compañía en la mesa y chispeaban sus frases como el champagne, cuando se excitaba un poco.

Si jugaba, no era por vicio ni por codicia, sino porque hallaba un picante placer en entregarse en cuerpo y alma á las emociones de la ganancia ó de la pérdida, por más que una y otra fueran insignificantes.

Generoso hasta la prodigalidad, nunca le parecía que daba mucho, y algún rasgo suyo pudiera citar que dejase atrás el de San Martín. En cambio le bastaba muy poco para sus necesidades...

Perezoso y soñador, dos cosas que casi siempre van juntas, era Añón un verdadero poeta y un verdadero bohemio al mismo tiempo; pero no un bohemio traducido del francés, sino completamente original, con todos los defectos y todas las virtudes del español de pura raza. Por eso no fué nunca ambicioso ni soñó con la gloria.

Bastábale para vivir alegre ó al menos para distraer sus melancolías, un rayo de sol, una ráfaga de perfumada brisa y un PETIT POT providencial. ¡La vida de los pájaros!

Nota dominante en la accidentada existencia de Añón fué un amor sin límites hácia Galicia unido con indisoluble abrazo al de su independencia personal. El enlace de estos dos amores, explica su juventud azarosa y sus inspiradas poesías, especialmente las dedicadas á su adorada tierra, en gallegas rimas, que son las que le han hecho popular.

Cuando al cabo de algunos años volvimos a encontrarnos en Madrid, empezaban ya á blanquear sus cabellos; había perdido indudablemente algunas ilusiones, pues sabido es que la experiencia las consume ó devora, pero su bondad seguía inalterable, con sus puntas de escepticismo y su indiferencia hácia las adversidades de la suerte. Entónces fué cuando conocí sus mejores poesías, tanto castellanas como gallegas, y le admiré en el completo desarrollo de sus facultades.

¡Pobre Añón! En tantos años de lucha, con su claro talento, con su basta instrucción, no pudo conseguir labrarse un nido que le sirviera de lecho de reposo y de tumba después de LA VIZOSA TIERRA DE PINTORESCOS MONTES. Verdad es que luchó débilmente; no había nacido para eso, pero otros con menos esfuerzo y valer se han elevado á grandes alturas.

Los versos de Añón se distinguen por su facilidad; el pensamiento brota unido á la rima, lo mismo cuando le inspira festiva musa que cuando se desborda de su corazón el sentimiento...

Muerto Añón, Galicia entera debió vestir luto por un doble motivo: en primer lugar, por haberle dejado morir desamparado en el lecho de un hospital y lejos de la tierra que tanto amó, y luego porque al sentimiento de su pérdida se unía el de no poseer coleccionados los tesoros que fué sembrando el poeta en periódicos y revistas. Esto último ha podido remediarse al menos, gracias á sus amigos y admiradores, prestando cada cual el contingente que poseía al inteligente editor de La Coruña don Andrés Martínez, que acaba de publicarlos en un precioso volumen. ¡Lástima es, sin embargo, que solo se haya conseguido coleccionar una pequeña parte á juzgar por muchos fragmentos aislados que conservo en la memoria.

De todos modos, es consolador que se haya rendido siquiera este último tributo al desgraciado cuanto generoso poeta. ¡Aún hay gratitud!»[1]

1 J. ARDILA: *Un poeta gallego*, en «El Eco de Galicia», Habana, 9-XI-1889, páxs. 4 e 5.

Por outra parte o retrato máis coñecido de Añón é a reproducción do grabado que para «La Ilustración de Galicia y Asturias», fixera Ricardo Balaca,[2] que debe datar aproximadamente dos anos 1870 e tantos, cando xa Añón se atopaba nos derradeiros anos da súa existencia. Tendo á vista dito retrato, Vicente Risco escribiu un ensaio, do que recollemos o seguinte:

> «Iste estudo,... está feito por un retrato: o retrato mais popularizado do Poeta dos Himnos, feito en dibuxo e reproducido d'abondo en libros, revistas e xornaes, retrato ben mais coñecido da xente que non os versos xa pouco leídos d'Añón. Anque hoxe, co intrés qu'encomenza a espertar o romantismo, non quita que volvan ser traguidos â autualidade.
>
> Foi a persoalidade interna de Francisco Añón superior ou inferior â sua obra de poeta? D'un xeito xeral, a obra d'un escritor non é mais qu'aquela parte da sua vida interior qu'o escritor atinou a espresar...
>
> Veleiquí temos ésta caraiterizada e forte testa romántica de Francisco Añón, que logo veremos que non tiña nada de forte...
>
> A fronte outa pra atrás, o naris prominente, a queixada recollida por adiante, co papo pouco acusado, curto e tendendo â vertical, determiñan un prefil acusadamente convexo, que denota unha forte masculinidade, un caraute varonil e animoso, optimista e afirmativo. Face carnosa e grandeira, qu'ofrece ô ollar moita supreficie, que s'amostra e s'ostenta, e parez franca, apesares de certos siñás de concentración, com'o plegamento das sobrecellas e o bico pechado debaixo do gran bigote. Carauteres todos concordantes, com'os qu'agora imos ver.
>
> A fronte despexada, moi ancha, da que vai recuando o cabelo, que semella levado pra trás por un vento de treboada —o vento de que foi xoguete a vida do gran romántico, do gran viaxeiro, que foi un pouco com'as follas secas que cantou Castor Elices, ánimo incerto, que loita desespradamente co-a sorte, que é o vento qu'axita ises cabelos, botados pra trás, co ise peiteado que n-aquil tempo chamaban *á la Robespierre*, en consonancia co-as ideas do autor do *Himno dos povos*, o qual amostra tamén un bigote *castelarino*, com'as sobrecellas... Añón tiña un dermatoesquelete repubricán...— e rematando abaixo n-unhas sobrecellas crespas e enrugadas, forma a parte anterior d'un cráneo braquicéfalo, de gran des-

2 Grabado de Añón feito por Ricardo Balaca, en «La Ilustración de Galicia y Asturias», n.º 1, Madrid, 15-VI-1878, páx. 1.

enrolo sobre todo en outura, qu'o faría clasificar decididamente no tipo cerebral, senón fora pol-a importanza que semella ter o diámetro bicigomático, que nos leva a telo mais ben coma tipo respiratorio. De todol-os xeitos, esta frente que se vai pra trás arredándose da vertical, indica o home impulsivo, arrautado, que pensa pouco o que fai, ou que fai mais do que pensa. Xa emprincipiamos a ver que non era Añón un home forte, un home de vontade sostida, senón d'arrautos, de vontade intermitente, d'alternancias d'optimismo e pesimismo, d'iniciativa e pasividade: un ciclotímico.

O tramo meio da face, que corresponde orgánicamente ô peito e metafisecamente ô mundo intermeio ou vital —a vida (curazón e aparato respiratorio) ten o seu principal asento no peito— ten un desenrolo especial que amostra un esprito inquedo, aventureiro, soñador, utopista: gran diámetro bicigomático, pómulos marcados. Oferce â ouservación, n-iste retrato, carauteres ben dinos d'estudo: tres liñas paralelas descendentes de cada lado da face, que parten do ángulo interno dos ollos, d'enriba das aletas do narís, e dos ángulos dos beizos, e que sucan fondamente as fazulas, marcando os regos da disgracia, do home estragado e traballado pol-a vida, esclerosado, vencido e tristeiro. A carón d'istes tres regueiros das bágoas, pouco fai o narís audaz, cortado na punta, cheo d'acometividade e de grandes ideas; pouco fan ises ollos craros e francos, un pouco saídos pra fora; cheos de confianza e lealdade, que nol-o amostran ademais com'un estravertido, un home dado â vida de relazón e con preocupaciós d'orde social preferentes...

Probe Añón! Era todo esprito. O tramo inferior da face, onde s'amostran os apetitos materiás, está n-il caxequ'atrofiado. Ten unha queixada forte, mais retirada e coma posta en derradeiro termo, recollida, domiñada, escurecida pol-a fronte, pol-o narís, pol-os pómulos.

O bico que se non pode apreciar n-iste retrato, adiviñase sorridente por debaixo do gran bigote de trunfal xovialidade, igual qu'os ollos qu'ainda queren rir en contra dos sucos de tristura que n-iles comenzan. Denuncian istes carauteres un humorismo confiado e san, verdadeira *bonhomie*, en contraste remarcábele cos plegues preocupados e doorosos do entrecello...

Añón amóstranos unha sorte de semi-infantilidade sostida moitos anos contra vento e mareia qu'ô fin o venceu. Era un inxenuo; era feble d'alma. Deixábase levar no trebón da vida; era capás de grandes pulos, mais cansaba logo; se non conformaba con soñar o seu soño, e queríao atopar na realidade da vida, e tampouco era

forte pra conformar a vida —ô menos a sua vida— ô qu'era o seu soño. Romantismo dinámico. E, crar'está...»[3]

3 VICENTE RISCO: *Ensaios de Phisiognomonía, Francisco Añón*, en «Nós», Ourense, 15 Marzal 1928, páxs. 42-43.

V

RASGOS LITERARIOS

TEMAS, MOTIVOS E TÓPICOS

Podemos considerar na obra de Añón os temas, motivos e tópicos seguintes:

Un dos temas máis tratados é o *Amor* que aparece nas composicións (11-12-44-45-46-47-49-57-64-69-70-71-80-86-87-88-90-109-112-114-115-116-137-140-144-147-148-150). Os amores cándidos entre mozos pastores son tratados no poema (2), ós que se engaden motivos sentimentais no (3). Dentro das matizacións que o tema pode presentar, sinalamos a de «expresión de cariño» (8-32-35-40-43-63-67-74-110), de «epitalamio» (9), e de «amistade» (13-14-17-41-42-51-56-66-75-92-93-96-111-113).

En canto ó tema *patriótico* temos que distinguir cando se trata de Galicia (4-5-6-10-14-15-17-18-20-21-25-83-84-93), España (18-55-72-80-82-86-94-95-99-107), Portugal (61-66), e xuntamente España e Portugal (61).

O tema da *Liberdade* figura nos poemas (4-5-11-16-17-20-32-50-61-71-76-80-83-91-101).

A *paisaxe de Galicia* é cantada nas poesías (5-6-16-17-21), e dentro desta temática teremos en conta a descripción da fauna e flora da Serra de Outes (2-3-4-31-78-79), e unha pequena enumeración dalgúns peixes das rías galegas (24). Tamén o *Costumismo* amóstrase nas composicións (15-17-21-26-27-28-30-34).

Testemuños autobiográficos de Añón (autobiografismo), pódense rastrexar en (1-2-3-4-6-7-10-13-16-21-23-24-26-27-30-31-32-34-35-45-56-57-68-72-93-96-103-104-105-108), e atopamos o tema da *Morte* nas poesías (60-65-98-146).

Dentro do tema do *Tempo*, aparece o motivo tradicional coñecido por «tempus fugit», nas composicións (2-3-4-5-16-20-21-32-60-84-89-105-113-146), e tamén o do «carpe diem», na (11).

No tocante á *Relixión*, Añón ataca á Institución Eclesiástica nos poemas (18-91-97-125-153), e a trata positivamente no poema (146). A Virxe é vista con benignidade nos poemas (143-145-152).

Como *De Circunstancias*, consideramos as composicións (7-16-18-19-20-24-25-30-31-32-55-73-76-83-86-92-100-102-103-104-105-107).

Polo que respecta ós *Tópicos*, sinalaremos aqueles que se repiten máis na obra de Añón, e que se refiren a súa terra:

«O corruncho onde libre nacin». (4)
«querido corruncho», (5)
«o natal corruncho» (21)
«o patrio corruncho», (30)
«Un rinconcito mejor». (79).

Para Añón, Galicia é un «Paraíso terreno», e salientan na súa obra, pola abundancia, os sustantivos «Galicia», e «Edén», sempre acompañados de adxectivos unhas veces antepostos e outras pospostos, como podemos reparar nos seguintes exemplos:

«¡adorada Galicia!» (4)
«, adorada Galicia», (5)
«¡Galicia encantadora!» (21)

«meu célico Eden». (4)
«delicioso Eden», (13)
«mágico Eden». (15)
«risoño Edén!» (17)
«venturoso Edén». (21)
«rico Edén». (63)
«rico Edén», (79)
«Edén risueño». (87)
«Edén hermoso», (113)
«edén de flores y fragancia» (113)
«venturoso Edén». (152)

Outros tópicos:

«cal ceivo pájaro», (17)
«cal ceivo pájaro» (32)

«as libres andoriñas», (20)
«¿Volar la libre avecilla?» (66)

«meu negro destino», (5)
«ó duro fado», (24)
«o rigor do negro fado?» (30)

MÉTRICA

Polo que respecta á Métrica, achamos na poesía de Añón unha grande variedade de estrofas:

Décima (6-7-9-10-12-13-19-22-24-29-30-33-35-36-37-39-42-43-66-67-78-79-81-84-86-92-101-103-104-109-115-116-125-130-133-140-145-153. Décima aguda de versos heptasílabos (56-152). Ovillejo (77). Octava italiana, tamén chamada octava aguda, de versos octosilábicos (49), e de versos decasílabos (4-5-15-18-63-80-94-95). Octava Real (44-73). Octavilla (146). Sexta Rima (61). Sexta Rima de versos octosilábicos e verso final pentasílabo a modo de estribillo (28). Sextilla (52-97). Sextilla de pé quebrado co segundo verso tetrasílabo, de rima (abaccb) (151). Quinteto de versos alexandrinos (21). Quinteto de versos endecasílabos (100). Quintilla (8-14-23-26-31-34-48-54-57-59-86-88-92-108-110-118-119-120-124-126-127-128-129-136-137-138-147). Seguidilla, 1.° e 3.° versos endecasílabos soltos, e 2.° e 4.° decasílabos con rima consoante (17), ou asonante (32). Seguidilla con bordón (111). Redondilla (38-47-93-96-99-117-121-122-123-131-132-134-135-144-149). Combinación de redondilla e sextilla (45). Cuarteta (53-85-123-132-144). Serventesio (50-60-113). Serventesio de versos dodecasílabos (65). Pareado con eco (62).

Tamén cultivou poemas non estróficos como a Silva (2-3-16-20-27). Romance (106-143). Romance endecha de versos esdrúxulos (142). Romance de rimas variadas (46). E poemas poliestróficos: Soneto (11-41-55-64-68-72-74-76-83-88-90-91-98-102-105-107-112-114-139-148-150). Soneto de pés forzados (69-70-71), e Soneto con estrambote (51).

O tipo de verso máis empregado por Añón é o octosilábico que figura sobre todo nas décimas e quintillas, pero tamén utiliza o verso endecasílabo nos sonetos. Despois con menos asiduidade aparecen os versos decasílabo, alexandrino, heptasílabo, pentasílabo e tetrasílabo.

En canto á rima, abonda a consoante nos sonetos, décimas, quintillas, etc. pero tamén atopamos a rima asonante nos romances. Añón parece ter unha certa predilección pola rima aguda, unhas veces asonante como por exemplo nos versos pares da seguidilla (32), e outras consoante nas décimas de versos heptasílabos (abbcd'effgd') (56-152), e tamén nas octavas agudas de versos octosilábicos (abbc'deec') (49), e decasílabos (ABBC'DEEC') (4-5-15-18-63-80-94-95). Tamén aparece unha rima difícil, como é a esdrú-

xula en asonante nos versos pares (142), e consoante nos cuartetos e tercetos do Soneto de pés forzados (70).

No que atinxe ás formas poéticas, atópanse: Epigrama (22-36-37-38-39-48-53-54-58-59-117-118-119-120-121-122-123-124-125-126-127-128-129-130-131-132-133). Epitafio (29-52-92-134-135-136). Cantar (137-138). Canción (50). Brindis (37-41-42-84). Epitalamio (9). Madrigal (87-115-116). Himno (15-80-94-95-152). Epístola en verso (1-35). Fábula (82-142). Egloga (2-3). Improvisación (36-85-140). Elexía (16-20). Acróstico (40-141).

VI

COLECCIÓNS, ESCOLMAS E ANTOLOXÍAS

que conteñen algunha obra de Añón

— *Poesías de Francisco Añón* c'un prólogo de Eugenio Carré Aldao, Imp. e Lit. de L. Lorman. A CRUÑA, 1920.

A GALICIA (Dos teus recordos vivo ¡Galicia encantadora!—A PANTASMA.—A GALICIA (¡Ay! esperta, adourada Galicia).—Recordos da infancia.—Amor apresurado.—A LEITEIRA.—O RECORDO a Galicia (Como un niño de Víchel-o crego).—O MAGOSTO.—ANTE A TORRE D'HÉRCULES.—EPÍGRAMA (A o saltar este regueiro,).—Himno á Agricultura.—A unha gallega renegada.—A MIÑA ENFERMEDÁ.—A MI AMIGO JOSÉ MARÍA POSADA.

— *Poesías galegas por Francisco Añón*, prólogo de Uxío Carré Aldao. Biblioteca Lírica LAR, A CRUÑA, sen data (moi posible 1928).

A GALICIA (Dos teus recordos vivo ¡Galicia encantadora!).—A PANTASMA.—XOGOS FRORAES.—A GALICIA (¡Ay!, esperta, adourada Galicia,).—Recordos da infancia.—A LEITEIRA.—O RECORDO a Galicia.—O MAGOSTO.—HIMNO Á AGRICULTURA.—Á UNHA GALLEGA RENEGADA.—A MIÑA ENFERMEDADE.—EPÍGRAMA (Ao saltar este regueiro).—A mi amigo José M.ª Posada.

— Francisco Añón Paz, *Poesías Galegas*. Publicacións da Real Academia Gallega. A CRUÑA, 1966.

JUEGOS FLORALES.—A GALICIA (¡Ay!, esperta adourada Galicia,).—Ó MEU AMIGO ANTÓN M.ª D'A IGLESIA.—RECORDOS D'A INFANCIA.—A GALICIA (De teus recordos vivo, ¡Galicia encantadora!).- O RECORDO A Galicia.-HIMNO Á AGRICULTURA.—A PANTASMA.—AMOR APRESURADO.—A LEITEIRA.—AL EXCMO. SR. D. FLORENCIO VAAMONDE, ministro de G. y J.—A MEU PRIMO PEPE TUÑAS.—A O MEU QUERIDO AMIGO XAN BAU-

TISTA NEIRA, salvado providencialmente d'o descarrilamento de Viana.—A UNA GALLEGA RENEGADA.—GALICIA VISITADA POL'OS REYS.—A MARIÑA BARROS.—A INSPIRADA POETISA GALLEGA EMILIA CALÉ TORRES DE QUINTERO, tributo d'admiración e amistá.—A OS DÍAS DE N...—EN EL MOMENTO DE REGALARLE A TEODOSIO VESTEIRO TORRES la historia del emperador Teodosio.—A MEUS PRIMOS E. y P.—Á MEMORIA D'O EMINENTE POETA ESPAÑOL DON GABRIEL GARCIA TASSARA.—A LA FAMILIA DEL SR. ELORZ.—A FEIJOO.—Á INDELEBLE MEMORIA D'O MALOGRADO POETA E LITERATO GALLEGO DON TEODOSIO VESTEIRO TORRES.—ANTE A TORRE D'HÉRCULES.—UN-A CARTA ANÓNIMA.—A SABELIÑA.—EPIGRAMAS Y BRINDIS (¡Ay! ¿Tamén o vinculeiro) - (Brindo a don Xoan Cereixo,) - (ó saltar este regueiro,) - (Un crego ó tempo d'alzar) - (Indo a misar don Martiño,).—A MIÑA ENFERMEDÁ.

— Francisco Añón, *Poesías Galegas*, Limiar de Salvador Lorenzana, editorial Galaxia, Vigo, 1966.

A GALICIA (¡Ai! esperta, adorada Galicia,).—RECORDOS DA INFANCIA.—A GALICIA (Dos teus recordos vivo ¡Galicia encantadora?).—O RECORDO.—A PANTASMA.—AMOR APRESURADO.—A LEITEIRA.—O MAGOSTO.—A UNHA GALEGA RENEGADA.

— ALBUM DE LA CARIDAD. Coruña, 1862.

Juegos Florales,	...páxs. 1-2.
A GALICIA,	...páxs. 2-5.
RECORDOS DA INFANCIA,	...páxs. 120-122.
O MAGOSTO (Fragmento), incompleta	...páxs. 446-447.
EL BORRACHO Y EL ECO,	...páxs. 473-475.

— COLECCION de POESIAS GALLEGAS de diferentes autores por JOSÉ CASAL Y LOIS, Tomo 1.°, Pontevedra, 1865.

Recordos da infancia,	...páxs. 66-69

— Portela Pérez, Farruco, *Colección de Poesías Gallegas de varios autores* con un prólogo del Excmo. Sr. D. Luis R. Seoane. Nueva tipografía de Luis Carragal, Pontevedra, 1882.

A PANTASMA,	...paxs. 27-29.

— Saralegui y Medina, Leandro de, *Galicia y sus poetas*, Est. Tipográfico de Ricardo Pita, Ferrol, 1886.

Á GALICIA, ...páxs. 204-206.
MADRIGAL (Con tus miradas heriste) ...páx. 281.

— Iglesia, Antonio de la, *El Idioma Gallego. Su antigüedad y vida*, tomo I, Latorre y Martínez, editores, Imprenta de La Voz de Galicia, La Coruña, 1886.

Á PANTASMA ...páxs. 115-118.
O MAGOSTO (Fragmento) ...páxs. 175-176.

Carré Aldao, Eugenio, *Literatura Gallega*, con extensos apéndices bibliográficos y una gran antología de 300 trabajos escogidos en prosa y verso de la mayor parte de los escritores regionales, casa Edit. Maucci, Barcelona, 1911 (2.ª ed.).

A PANTASMA, ...páxs. 314-316.
A GALICIA, ...páxs. 317-319.

— López Aydillo, Eugenio, *Las mejores poesías gallegas*, Madrid, 1914.

A PANTASMA, ...páxs. 96-98.
AMOR APRESURADO ...páx. 98.
A SABELIÑA, ...páxs. 98-99.

EPIGRAMAS:
(Un crego ó tempo d'alzar),
(Indo á misar don Martiño),
(A o pasar este regueiro), ...páxs. 99-100.
ANTE A TORRE D'HERCULES, ...páx. 100

— *Antología de la lírica gallega*. Selección y prólogo de Alvaro de las Casas, Madrid, 1928 (3.ª ed.).

A PANTASMA, ...páxs. 58-61.

— *Antología de Poetas Gallegos*. Prólogo de Wenceslao Fernández Flórez, Madrid, 1929.

A PANTASMA, ...páxs. 18-21.

— Casas, Alvaro de las, *Antología de Poetas Gallegos*, Edit. Sopena Argentina S.R.L. Buenos Aires, 1939.

A PANTASMA, ...páxs. 60-63.

A GALICIA, ...páx. 63.
(Dos teus recordos vivo,
¡Galicia encantadora!;)
A SABELIÑA, ...páxs. 63-64.

— LAS CIEN MEJORES POESÍAS HUMORÍSTICAS de la Lengua Castellana. Seleccionadas por Germán Berdiales, Buenos Aires, 1945.

Francisco Añón: «El Eco y el Borracho», ...páxs. 27-30.
(Nota: Trátase dunha versión moi diferente a de Añón)

— Varela Jácome, Benito, *Poetas Gallegos*, (Las mejores poesías). Porto y Cía. Editores. Santiago de Compostela, 1953.

A GALICIA, ...páxs. 147-150.
Recordos da Infancia, ...páxs. 150-155.
A PANTASMA, ...páxs. 156-158.
Amor Apresurado, ...páxs. 158-159.

— *Escolma de Poesía Galega, III*. O século XIX. Edición, limiar e notas bio-bibliográficas de Francisco Fernández del Riego. Edit. Galaxia, Vigo, 1957.

Reseña biográfica de Añón Paz ...páx. 27.
A PANTASMA, ...páxs. 28-29.
A GALICIA, ...páxs. 30-31.
Recordos da Infancia, ...páxs. 31-35.
A Leiteira, ...páxs. 35-36.
Amor Apresurado, ...páx. 36.

— *Ocho siglos de poesía gallega, Antología bilingüe*. Selección y prólogo de Carmen Martín Gaite y Andrés Ruiz Tarazona. Alianza Editorial, Madrid, 1972.

A GALICIA, ...páxs. 217-221.
Amor Apresurado, ...páx. 221.

— Alonso Montero, Xesús, *Os cen mellores poemas da lingua galega*. Edicións Celta, Lugo, 1975 (4.ª ed.).

F. Añón: A Leiteira, ...páxs. 31-32.

— Fernández del Riego, Francisco, *Antoloxía de Poesía Galega. Do dezanove aos continuadores*. Edit. Galaxia, Vigo, 1976.

A PANTASMA, ...páxs. 47-49.
A LEITEIRA, ...páxs. 50-51.
AMOR APRESURADO, ...páx. 52.

VII
CONCLUSIÓNS

O noso traballo consistiu en reconstruír dende o principio os datos biográficos, así como tamén en recopilar a obra total do escritor, sinalando as variantes textuais dos poemas que presentamos nunha orde cronolóxica de datación ou aparición.

En canto á biografía aportamos algúns datos que non se coñecían, tales como os referentes ós estudios no Seminario Conciliar de Santiago, calificacións e titulación de «Bachiller en Filosofía»; a carreira de Xurisprudencia, cos títulos de «Bachiller en Jurisprudencia», e «Licenciado en Jurisprudencia», e as datas correspondentes da obtención deses «grados», que estaban trabucadas en tódalas Historias da Literatura Galega. Referente á fuxida a Portugal, chegamos á conclusión de que non se exiliou por motivos políticos, senón que a súa marcha coincidiu cos acontecementos do Levantamento Galego de 1846. En Lisboa tiña Añón un primo chamado Diego Campos Añón, quen posuía unha «Loja de livros e estampas», na Rúa Nova do Carmo.

Outro dato que non estaba comprobado era a estadía de Añón en Sevilla, que agora sabemos foi certa entre os anos 1853 e 1854, adicándose alí ó ensino, sobre todo dos idiomas francés e italiano. Tamén en Madrid sabemos que en agosto do 1869 formaba parte como vocal da sociedade «La Fraternidad galáico-asturiana», e que en xullo do ano 1872 ocupaba unha praza de «auxiliar de archivo» no «Ministerio de Gracia y Justicia», para ascender un pouco máis tarde a «oficial 3.° de 4.ª clase», e quedar cesante por orde de primeiro de xuño de 1873. Por fin, tamén sabemos que non foi soterrado en «fosa común» senón en «sepultura común», anque de tódolos xeitos os seus restos perdéronse nos pasos dun cemiterio a outro en Madrid.

Polo que se refire ó seu carácter, forma de ser e cualidades persoais, temos o testemuño dun periodista, Joaquín Ardila, que o tratou, deixándonos a descripción máis plástica e pormenorizada que existe do autor.

No tocante a súa obra, e dentro das aportacións máis importantes, salientamos a datación exacta da composición «Recordos da Infancia», en «Santiago Agosto de 1845», segundo consta no manuscrito, catalogado por X. M.ª Álvarez Blázquez como «redacción original», que existe nos Fondos da Fundación Penzol, e que ata agora Carballo Calero na súa Historia da Literatura Galega Contemporánea, databa en 1849. Pero quizais a maior aportación sexa o dar a coñecer 14 composicións totalmente inéditas, e presentar en total 39 poesías máis das que figuran na edición de Martínez Salazar.

VIII
APÉNDICES

APÉNDICE I

Boel
Fran.co
de Borja
hijo de
D.n Fern.do
Añón

En 10 de Octubre del año 1812: Yo D.n Juan Ant.o Cern.r, teniente cura de S.n Pedro de Outes, suplí las sagradas ceremonias del bautismo y puse los santos oleos a un niño que havía nacido el día anterior, hijo lexítimo de D.n Fernando Añón y de Vizenta Paz, y Re.z v.os de Boel. Abuelos paternos D.n Miguel Añón y Doña María Rosa Taboada difuntos, maternos Basilio Paz difunto, y Pasqua Re.z v.os de Entines. Llamele Fran.co: fueron sus padrinos D.n Fran.co Ossorio Leon, y Doña Thomasa Ossorio Catalan, no le adverti sus obligaciones por suponer las tienen presentes, y p.a que conste lo firmo con el Parroco = Fran.co Ossorio Leon.—Juan Ant.o Cernadas.

(Hai dúas firmas)

Arquivo Parroquial de S. Pedro de Outes. **Partida de Bautismo de Francisco Añón**, que figura no Libro de Bautizados da Parroquia de S. Pedro de Outes, ano de 1806 a 1824, folla 75 volta.

LA ILUSTRACION DE GALICIA Y ASTURIAS.

REVISTA QUINCENAL ILUSTRADA

AÑO I. Madrid 15 de Junio de 1878. NÚM. 1.°

PRECIOS DE SUSCRICION.

ESPAÑA Y PORTUGAL. Un año..... 15 pesetas. Seis meses..... 7,50 »

ULTRAMAR.—Los mismos precios, y sobre ellos la mitad y el franqueo que según los países señalan los correspondientes.

EXTRANJERO. Un año..... 20 pesetas. Seis meses..... 10 »

SUMARIO. Texto.—La escuela de dibujo de la Sociedad económica de Santiago, por D. Manuel Murguía.—Los gallegos en Galicia, por D. Modesto Fernández y González.—Necrología: D. Carlos R. Fort y Pazos y D. Francisco Añon.—Recuerdos de Asturias: El ramo de la verbena, por D. Camilo Pérez Romero.—Nuestros grabados.—Poesía, por Doña Rosalía Castro de Murguía.—Revista de la quincena.

Grabados.—D. Carlos R. Fort y Pazos, y D. Francisco Añon.—Mercados de cachorros en Lugo.—Riberas del Nalon.

Ilmo. Sr. D. CARLOS RAMON FORT, de la Academia de la Historia † 3 de Abril de 1878.

D. FRANCISCO AÑON. † 20 de Abril de 1878.

Grabado de D. Francisco Añón en la **Ilustración de Galicia y Asturias**, n.° 1, Madrid, 15-VI-1878.

Del Dante y de Quintana
Viviente verbo,
Tú que tantos laureles
De tanto precio
Conseguiste adulando
Poderes viejos,
Tú que sabes cuán triste,
Cuán triste y negro
Es morir sin el nombre
Que merecemos,
Tú, que temiste acaso
Ser un día objeto
De ese olvido que cae
Sobre los muertos,
Y medroso temblaste
Sentir creyendo
Sordamente roidos
Por él tus huesos,
Óyeme: De la patria,
Su ídolo, lejos,
Otro artista un aplauso
Buscó sediento:
De las musas querido
Cantó el progreso,
La libertad las glorias
De nuestro pueblo.

Mas, ingrata la patria
Ni oyó su acento,
Ni dió alivio á sus ánsias,
Ni á sus tormentos.
Hoy que desconocido,
Su eterno sueño
Duerme donde reposan
Los pordioseros,
De las que tú desprecias,
—Yo te lo ruego,—
Una corona tan solo te pido
Que adorne las pálidas sienes del muerto.

V

Primavera bendita,
Risa del cielo,
Símbolo de esperanzas,
De Dios reflejo,
Tú que alegras la tierra
Que heló el invierno,
Tú, que contigo traes
Pájaros ledos,
Hazes de luz, rumores,
Flores y céfiros,
¡Derrama tus tesoros
De amor espléndidos
Sobre la oscura tumba
Del poeta viejo!
¡Que tus auras arrullen
Su último sueño!
¡Que florezca su pobre
Mortuorio lecho,
Para que cuando nadie
Tenga un recuerdo
Del ignorado mártir,
Tu dulce beso
Sea la santa corona de gloria
Que la sien ciña del pálido muerto!

MANUEL CURROS Y ENRIQUEZ

7

N'A MORTE
d'o ilustre poeta gallego
FRANCISCO AÑON*

Non sei si chore, nin sei si ria
Cando me lembro d'a cruel hestoria
D'o noso ilustre querido AÑON.
¡Desventurado¡ Quén lle diría,
Que de Galicia sendo unha groria
Tal fin tivera por galardon!

Vírono xóven; as inspiradas
Cántigas suas cheas d'o fogo
D'o amor d'a patria, seu ideal,
En áas d'a fama foron levadas,
¡E tantos trunfos... pra morrer logo
N'o probe leito d'un hespital!

Vírono vello, pobre, e fuxiron
Própeos y-estranos d'a veira sua,
Maña cativa d'o mundo vil;
Y-aqueles mesmos qu'onte o apraudiron,
O velo escravo d'a sorte crua
Foscos pasaron por diante d'il.

N'os infortunios que o magoaban,
Non houbo un alma que compañeira
D'a sua xemela quixera ser;
Por iso as suas canciós levaban
Como as d'a fúnebre ave agoreira
Surrisas xuntas con pranto e fél.

Fondas saudades, íntimas coitas
Pelegrinando n'o seu desterro
Aquil esprito soubo sofrir;
Mais anque foron grandes e moitas,

* Esta composición foi publicada na Revista Literaria de Ourense «El Heraldo Gallego» do «3-V-1878», e vai firmada por «VALENTIN L. CARVAJAL», páxs. 195-196, de onde facemos esta reproducción.

Quixo calálas, ninguen un verro,
Naide unha queixa lle poido oubir.

Ansí tan probe morreu, por iso
Os seus talentos e fidalguía
Non alcontraron mais galardon:
Anxel caido d'un Paraíso,
Sin luz, sin áas, esmorecia
Horfo n'as tréboas, d'ista rexion.

Cuasi inorado, mal comprendido,
Viviu o xénio que á gala tiña
Cantar á pátrea que o viu nacer
E lonxe d'ela, lonxe, esquecido
Cal-a que emigra, sol-anduriña,
Esconsolado foy a morrer.

Hastra unha coba Galicia nega
O ilustre fillo que n'a sua fala
As suas lembranzas engrandeceu:
Veira d'o morto ninguen s'achega,
E n'o sepulcro que o dor acala
Déixano solo como viveu.

¿Máis que lle importa? ¿De que lle vale
O libre xénio que coroado
De lus e groria n'os ceos fai,
Que o seu renome pubrique ou cale
Un pobo inútil e desleigado,
Unha indifrente noxosa nai?

¡Cultivadores d'a poesia
Pr'os hespitales os leva a groria
Que cobizades por galardón:
Non sei si chore, nin sei si ria
Cando me lembro d'a cruel hestoria
D'o noso ilustre querido AÑON!

VALENTIN L. CARVAJAL

8

A GALICIA*
en la muerte del poeta D. FRANCISCO AÑON

¡Otra oculta sepultura!
Un génio más, que se muere!:
Galicia, en tu desventura
Hoy rebosa tu amargura
Con el pesar que te hiere.

Lejos del natal rincon,
Donde su infancia corriera,
Suspiraba el viejo Añon
Con entusiasta pasión
Por su plácida ribera.

Soñaba con las colinas,
Donde entonó sus cantares;
Cual vuelven las golondrinas
Desde las playas vecinas,
Tornar ansiaba á estos lares.

Era el anciano poeta,
Un hijo desheredado:
Era su musa discreta,
Y cual pobre violeta,
Murió del mundo ignorado.

Ya no tendrás, patria mia,
Quien te requiera de amores;
Ya no oirás la melodía,
Ni aquella dulce armonía,
Del mejor de tus cantores.

Ya tus bosques de verdura,
Donde el amor se respira,

* Esta composición foi publicada na Revista Literaria de Ourense «El Heraldo Gallego», do «3-V-1878», páxs. 196-197, e vai firmada por «JUAN NEIRA CANCELA», datada en «Orense Mayo 3 de 1878», de onde facemos esta reproducción.

No tendrán la galanura
Que en trova amorosa y pura,
Les regalaba tu lira.

¡Ayer Vesteiro! ¡Hoy Añón!
Mueren tus admiradores...
¡Ten patria, resignación
Pues sin cumplir su mision,
Te dejan tus trovadores.

Al despedirse el mortal,
De esta vida de tormentos,
Solo encontró un Hospital,
Donde el eco sepulcral
Repetia sus lamentos.

Allí en miserable lecho,
Sin una frase propicia,
Que consolara su pecho,
En desaliento deshecho,
Perdió una perla Galicia.

¡Quien consiguiera endulzar
Su último y triste sufrir!
Pues no ha llegado á encontrar
Un solo amigo á quien dar,
Su despedida al morir.

Sufre Galicia el rigor
De tu infortunada suerte,
Pues ya tu anciano cantor,
Dejó el mundo del dolor
Por el reino de la muerte.

Con melancólico son,
El viento que el roble abate,
Murmura en el bosque «¡Añon
Ya no entona otra cancion!
¡No existe el ilustre vate!

JUAN NEIRA CANCELA

Orense Mayo 3 de 1878.

9

Á BOA MEMORIA*
d'o infortunado poeta Añon.

¡Probe poeta! Morriche
Sin xiquera conseguir
O ver de novo bulir
D'a ribeira onde naciche
As ondiñas de zafir.

¡Quen os teus versos ó ler
Pudera, Añon, agoirar
Que chegaras á espirar,
Sin outro consolo ter
Que n'a coba descansar!

Xa n'a hora postrimeira,
O teu curazon leyal
Latiu d'estraña maneira
O verte n'un hespital
Com'unha infame rameira.

A tua morte é unha leucion
Pr'os que quedamos n'a terra:
¡N'esta coitada nacion
Fáiselle d'intento á guerra
Ós que teñen curazon!

Galicia debe calar:
Ó seu pranto, hoxe, sería
Pr'o teu recordo ultraxar;
¿Por qué morto t'ha d'honrar
Quen vivo non te queria?

JOSÉ TRESGUERRAS Y MELO

Orense, Mayo 4 de 1878.

* Esta composición foi publicada na Revista Literaria de Ourense «El Heraldo Gallego», do «3-V-1878», páx. 197, e ten a firma de «JOSÉ TRESGUERRAS Y MELO», datada en «Orense, Mayo 4 de 1878», de onde facemos esta reproducción.

10

JUSTA OFRENDA*
Á LA MEMORIA DEL POETA GALLEGO, FRANCISCO AÑON.

Cubrid con negro crespon,
Vates, la entusiasta lira;
Hoy solo el dolor inspira
Una doliente cancion.
Su melancólico son
Eco del alma apenada,
Llegué á la tumba ignorada,
A la miserable fosa,
Dó el triste cantor reposa
Lejos de su pátria amada.

No de su postrer momento
Renoveis la amarga historia;
De esta vida transitoria
Coronó ya el sufrimiento.
En su horrible desaliento,
Tal vez no halló un seno amigo,
Y encontró por todo abrigo
En su amargura mortal,
El techo de un hospital
Como el último mendigo.

No busqueis un mausoleo
Ni galas que brinda el cobre;
«Aquí solo duerme el pobre,»
Es la inscripción que ver creo.
Del amor el fiel deseo
Es allí vano tesoro;
El eco de acerbo lloro
Solo aquel dintel traspasa,
Por que la pobreza abrasa
Las flores que riega el oro.

* Esta composición foi publicada na Revista Literaria de Ourense «El Heraldo Gallego», do «20-V-1878», páxs. 228-229, firmada por EMILIA CALÉ TORRES DE QUINTERO, e datada en «Lugo, Mayo de 1878», de onde facemos esta reproducción.

Emilia Calé Torres de Quintero, naceu na Coruña (12-II-1837). Escritora, cultivou a poesía, o conto, e o teatro. Prima de Vesteiro Torres, na súa casa de Madrid celebráronse algunhas reunións da Sociedade «LA GALICIA LITERARIA».

¡Flores... coronas... atras!
Dejad que duerman los muertos...
Tras esos muros desiertos
El lujo no entró jamás.
Las lágrimas nada más
Son aquí la ofrenda pura
Del que llora sin ventura
Ante esa tápia sombría,
Que presencia cada día
El dolor y la amargura.

Galicia, tu bardo anciano
Murió solo, en la miseria,
Como murió de lacería
El poeta lusitano.
Tiende hoy amante la mano
Hácia el libro de tu historia,
Y eterniza la memoria
Del que en bellos ideales,
Te dió para tus anales
Sus versos, que son tu gloria.

Vates de este hogar querido,
Que en vuestra frente llevais
Verde laurel con que ornais
El suelo dó habeis nacido.
De la muerte el negro olvido
Borre un tributo sincero;
Haced como don postrero,
De vuestras liras la cruz
Que marque cual santa luz,
La tumba del compañero.

EMILIA CALÉ TORRES DE QUINTERO

Lugo, Mayo de 1878.

11

¡UNHA VÁGOA!*

Un probe vate naceu,
preto d'a veira d'o mar,

* Esta composición figura no libro titulado «Poesías», do autor Benito Losada, Coruña 1878, páxs. 161-163, e está datada en «Mayo 1878», de onde facemos esta reproducción.

n'un logar que me esquenceu,
q'a esta terra triste veu
pra xemer e pra chorar.

Cantou por esparexer
as suas coitas de cote;
cantou sempre pra esquencer
que nin ten caldo n'o pote,
nin codelos que roer.

Coitado, seu tempo emprega
en facer rir os demais:
él con vágoas ó chan rega
e canta en fala gallega,
qu'e a lengua d'os nosos páis.

N'a sua desdicha forte,
á ninguen lle debeu nada;
arrastrou ben negra sorte
hastra que crement'á morte
puxo fin á sua xornada.

Morreu, pois era mortal,
non en leito de fiuncho
nin de loureiro reyal;
morreu probe, n'un curruncho,
n'o leito d'un espital.

A xente q'o conoceu
dempois que, quizais, de fame
n'o Santo espital morreu,
¿coida que con el cumpreu
por q'oxe xenio lle chame?

Así o mundo adoita ser.
N'a nosa terra nadal
o xenio de mais valer,
ten ¡coitado! que morrer
pra que seiban canto val.

D'o meu pesar verdadeiro,
Añón, pra darch' unha proba,
anque non son ó premeiro,
guindo un muchado loureiro
enriba d'a tua coba.

Deixa q'o meu corazon
unha vágoa ardente vote
pra chorarte ¡pobre Añon!...
Mais tí non, morriche, non,
q'o xénio vive de cote.

Mayo 1878.

12

A mi apreciable amigo
el inspirado poeta
Dn. Francisco Añón de Paz.
Ymprovisacion.*

La humilde flor del pensamiento mio
á consagrarte voy
una pequeña gota de rocío
en el abierto cáliz de una flor.
Si sus cambiantes al ardiente rayo
del rubicundo sol
no brillan esplendentes sin desmayo
es causa de mi pobre inspiración.
Sol eres tu en el verjel ameno
de Galicia, sin par;
y la flor que el rocío vá en su seno
allí á depositar,
inquieta mariposa revolando
en torno tuyo voy,
mis pálidos colores marchitando
con mis cantares hoy.

Adios cantor querido
el cielo guarde tu ecsistencia, adios
yo voy en tus cantares adormido
de tu sublime inspiracion en pos.

Félix Moreno Astray

* Esta composición figura en manuscrito dos F.F.P., carpeta 7-1, leva a firma de «Félix Moreno Astray», e non ten data. Trátase do escritor galego, incluído no libro «Los Precursores» de Manuel Murguía, nado en Santiago de Compostela, e que finou en Alcázar de San Juan (Ciudad Real), o 21 de abril de 1880.

Polo contido da poesía pódese datar como posterior á morte de Añón.

13

Á LA MEMORIA DE MI PAISANO Y VATE GALLEGO D. FRANCISCO AÑON*

Del verso y la poesía
recuérdome á tu memoria
cuando repaso la historia
de Galicia por ti escrita.

En ella demuestras ingenio
tu gusto a la poesía
y tu afan en el progreso,
de la olvidada Galicia.

Un año hace que mora
en fria cueba tu cuerpo;
tu espiritu se incorpora
para dedicar un verso,
A GALICIA que te adora.

Adios poeta, sueño ideal
de tu desgraciada Galicia,
ella te ha sido propicia
y tu nombre hará inmortal.

Sierra 30 Marzo de 1880.

Manuel Molinos.

14

AÑÓN**

O canto d'este martir é-á sua pátria
As pantasmas d'ofrio simenteiro,

* Esta composición figura no periódico noiés «El Tambre». n.º 37 do «7-IV-1880», datada en «Sierra 30 Marzo de 1880», e firmada por «Manuel Molinos».

** Esta composición foi publicada no periódico de Santiago «GACETA DE GALICIA», na páxina adicada a «Notas Literarias», do «30-I-1883», incluída no artigo «CATRO LUMBREIRAS» que abrangue catro composicións, adicadas respectivamente a PONDAL, ROSALIA CASTRO, AÑÓN, e AGUIRRE, todas elas baixo a firma de «LISARDO R. BARREIRO», que era naquel intre o director do periódico.

As casiñas d'os probes, ferruxentas,
E-agachadas aló-antr'os salgueiros.
As mariposas que n'o xardin vóan,
Un amor que-ó-roi mal encuberto,
Y eses buracos qu'alumean trémolos
Alá lonxe n'a bóvada d'o ceo.
Son-ás pingas de fél que pouc'á pouco,
Foron n'un vello corazon caendo,
O pago ¡mala sorte! que dá ó mundo
Os homes qu'aquí veñen con talento...
E-ó derradeiro ay! que papexou.
Cand'ó botaron d'un hespital dentro!...

LISARDO R. BARREIRO

15

*

«¡Quén me dera ir á Madril
á chorar n'o campo santo
á rezar por meu hirmán
n'a cova ond'o guindaron!

Dend'a aldea onde nacin
voá meus versos, voá
camiñiño de Madril
¡ay quén poidera ir alá!

Decille d'a miña parte
as caladas, que me morro,
¡e que nin por nosa nai
chorei como agora choro!

Voá, meus versos, voá
camiñiño de Madril
¡meu hirman, meu hirmanciño
pediráslle á Dios por min!»

* Esta composición é de Nicolasa Añón, irmá de Añón, e figura sen título no libro de Lisardo Barreiro: *Esbozos y siluetas de un viaje por Galicia*, páxs. 53-54, de onde facemos esta reproducción. R. Carballo Calero cita esta composición como mostra do «nume popular da señora Nicolasa», co título: «unha elexía á morte do probe Farruco», en *Historia da literatura galega contemporánea*, páx. 85.

Para datar esta poesía temos que ter en conta que lle foi recitada a Lisardo Barreiro pola poetisa na visita que aquel lle fixera en Boel «en uno de los primeros días de Mayo», segundo palabras do mesmo investigador, ob. cit., páx. 36; o ano sería «1886», segundo Carballo Calero, en ob. cit., páx. 85, nota 20.

Voá, meus versos, voá
camiñiño de Madril
¡meu hirman, meu hirmanciño
pedirásslle á Dios por min!»

16

CURROS ENRIQUEZ E AÑON

Manuel Curros Enríquez xa nomea a Añón no seu libro «Aires da miña terra», na Introducción, versos 65-68:

Fecundo nume do úneco rei sabio
que no solio de España tivo asento,
arpa imortal da doce Rosalía,
do infortunado Añón, himno postreiro:

E volve de novo a falar de Añón na composición titulada «O Ciprianillo», do mesmo libro, versos 97-102:

Cando consultes Murguía,
Paz, Pondal, Añón e Lamas,
e no bico
as canciós de Rosalía
teñas sempre, que tanto amas,
¡serás rico!

Pero onde o nome de Añón adquire verdadeira importancia é no libro «O Divino Sainete», de Manuel Curros Enríquez, que foi publicado no ano 1888.[1]

A continuación presentamos unha escolma das pasaxes nas que sobrancea a figura de Añón. (Citamos pola numeración dos versos e texto da edición preparada por X. Alonso Montero).

1 Manuel Curros Enríquez: *O Divino Sainete*, Imprenta Ferrer, La Coruña, 1888.

Hoxe pódense consultar doadamente:

— Manuel Curros Enríquez: *Obras Completas*, recopilación, introducción y notas por Carlos Casares, Editorial Aguilar, Madrid, 1979.
— Manuel Curros Enríquez: *O Divino Sainete*, prólogo e notas por X. Alonso Montero, Ediciós do Castro, A Cruña, 1969.

Canto I

151-153: »¡Groria á Añon! - en altas preces,
¡Groria á Añon! - berraron todos
¡Groria á Añon!» - por catro veces;

Canto II

1-18: —Mestre Farruco!... ¿Él é certo?
¿Tí aquí? ¡Nunca Dios me dera!
¿Estou soñando ou desperto?

—Inórasme, ¿n'é verdade?
Trátannos tan porcamente
Por esa inmortalidade...

Y-eso que, déndes que rouco
De cantar, morrín de fame,
Fúnme repoñendo un pouco.

—De fame? —Sí, meu querido.
—¿Tí, autor d'os *himnos* á Patria
Com'outros non teño lido?

—Foi trance un pouquiño forte;
Pero, queiras que non queiras,
Tí non has ter millor morte...

Tal foi o noso saúdo.
Añon sorríu tristemente
Y-eu quedéi pasmado e mudo.

40-45: Continóu: —Morto en Castilla,
Fun d'o hospital para a coba
Levado n'unha angarilla.

Un amigo verdadeiro,
Amparo meu moitas veces,
O bon Euxenio Monteiro,

94-96: ¿Choraba de certo, óu ría!
Quen a Añon non conecese,
Dudaría... dudaría...

133-138: E páledo como a morte
Véndome Añon —¿Qué che pasa
Pra te poñer d'esa sorte?

Díxome; y-eu: —Non é nada,
Repriquéille —pero coido
Que hemos ter mala xornada.

172-177: Añon quedóuse calado;
Erguéuse, choscóume o ollo
E d'o meu brazo agarrado,

Por un pasadizo interno
Levóume ó vagón segundo,
Círculo d'un novo *Inferno.*

Canto III

13-18: Alritado á tal esceso,
Queixéime á Añon d'o saúdo.
Dixo: —Pois eche un progreso;

Que en non moi lexanos prazos
O tren francés recibíase
En España á trabucazos.

169-180: Atento Añon ó meu dito
—Ten conta, ouserbóu, ten conta
Con non alzarel-o grito;

Que se esta xente soubera
Quen eres tí, que a censuras...
¡Non ch'arrendo a que ch'espera!

¿Coidabas outra caricia
Outer d'a que outemos todos,
D'os críticos de Galicia?...

Pois, meu amante, vai vendo...
Y-Añón amostróume un frade
Que iba os meus osos roendo.

Canto IV

55-60: Y-Añón, turra que turra
De min, levóume a rempuxos,
Cal can que á loitar s'azurra,

A un vagon, onde con pía
Gravedá, mulleres y-homes
Cantaban a letanía.

Canto V

43-48: Y-hachando os dedos lixados
D'un polvo branco e miudo,
Volvínme pra todos lados.

E vin á Añon n'a faena
De peneirar entretido
C'unha peneira pequena

82-87: E sin me dar máis resposta
Añon, sempre d'o meu brazo,
Téndose en pé a moita costa,

Entróu comigo de novo
N'outro vagon ás escuras,
Negro cal boca de lobo.

157-162: Añon, que agardaba á porta,
Perguntóume: —¿Qué hai, meu rolo?
—¿A tí que rayo ch'importa?

Repriquéi. —¿Vesme enfadado?
¡Bon modo de agradecerme
O de terte peneirado!

Canto VI

121-129: Oín qu'Añon me dicía:
—Pra qu'esto non ch'aconteza,
Non biques, furta outro día.

O ladron sempre ch'escapa
Con ben: todo este tesouro
Que vai de regalo ó Papa,

Eche o furto d'a protervia,
Que d'a bulsa d'a Homildade
Pasa ó ventre d'a *Soberbia*.

145-150: Xa drento d'a Cibdá santa,
Vendo n'unha longa rua
Perderse a xente que canta,

Dixo Añon: —¡Danme trembores
De pensar que han d'ir ó ceo
Tal fato de pecadores!

Canto VII

16-18: —*Deo gratias* —Añon dicía
Batendo ás portas, y-en todas
Repóñenlle: *¡Andate vía!*

142-153: Sentin, d'armonía tanta,
Que de perguntar ó vate
Non puden menos: —¿Quén canta?

—¡Quen ha de ser! ¡malpocados!
Quitóulles a igrexa o xénero;
Non tén nome; son... castrados.

N'a loita d'a santidade
Aquí a muller perde... a honra,
Y-o home... a virilidade.

Tal dixo Añon, e calóuse
A tempo que d'o *Tu es Petrus*
O himno xigante escoitóuse.

Canto VIII

127-129: Y-aquí o Papa outro traguiño
Botando, escramóu: —¡Qué tempos!
Y-Añon respondeu: —¡Qué viño!

208-210: Sentinme enton conmovido
Tamen: o Papa marchóuse,
Y-eu, d'Añon sempre collido,

214-228: Aquela noite saímos
De Roma eu y-o vate; á penas
Os dous n'o vagon nos vimos

De volta pr'o chau paterno,
Díxenlle: —Mestre ¿qué pensas?
—Que é un gran viño o de Falerno...

—¿Dudas d'os votos formales
D'o Papa? —¡Nunca se compren
Os programas liberales!

Logo de chegar á España
Añon tornóuse ó comando
D'a sua *Santa Compaña*

Y-eu, d'o que vin parvo e mudo,
Dende enton creo... ou non creo...
Pero dudar ¡xa non dudo!

17

UN OUTESAN QUE COMPREU UN SÉCULO NO RECORDO*

Fraco coma un asubío,
o outense Farruco Añón,
o trovador da rexión,
nun humilde leito frío,
a Parca cortoulle o fío,
e así devolveulle a terra
o pouco que tiña dela.
No noso Pindo a tal hora
as Musas cantano a groria,
mais o mar embravecido
ruxeu nas laxes do olvido
pra así despertar o chan
que foi lar do Breogán.

Fai cen anos que morreu,
pro seu esprito volveu,
o astorgán Salazar
na Cruña fixo brotar
a ternura e a pasión
das poesías de Añón;
cos versos que del xuntou
testimonio del deixou.

Enríquez de Celanova
fixo levantar da cova
para guía da compaña
que iba a cidade romana
e foi por la vía adiante

* Esta composición asinada por Domingo Sendón Rodríguez, figura coa data «Bos Aires, abril 20 de 1978», e foi publicada no Boletín da «Asociación Unión Residentes de Outes», Buenos Aires, 1978.

como Virxilio con Dante.
Invitado por paisanos
veu a Bos Aires hai anos,
a súa estrofa rimada
divulgouse nesta praia.

A Academia da rexión
levou pra Outes a Añón
e alí está perpetuado
co seu peito bronceado
entre as estatuas de pedra
cas vestimentas da terra.
Sente o río que susurra
o que pasou noite escura
cando foi buscar un fouce
en cambio déronlle un couce.
Nas ramiñas de un salgueiro
colgadas sobre o regueiro
oi o trino da chinchorra
que lle acorda a feliz hora
cando as Musas recitaban
e de rapaz o inspiraban
hastra mandalo ca lira
por estraño mundo en xira
de xornalista e troveiro
con pouco afeuto o diñeiro.

Nas leis foi entendido
e en letras tamén sabido.
Alfonso Brañas e Añón
e Cabeza de León
foron d'os que deron vida
a nosa lingua dormida.

Añon tuvo que morrer
pra o seu curruncho volver,
a Boel a mais a Serra,
a súa encantada terra
onde o mar bica a xunqueira,
horta, pinal e pradeira
onde brincaba o tunante
cando era xa estudiante
e entraba na primaveira.

D. SENDON RODRIGUEZ

Bos Aires, abril 20 de 1978.

18

Hoxe nesta bisbarra*

Dous compañeiros meus, os dous outenses,
pedíronme fai días que fixera
unha presa de versos pra ser ditos
nesta louvada data eiquí na Serra.

Eu, que nunca neguéi a miña axuda
pra gabar ós bons fillos de esta terra,
carguéi, mal como puden, cô traballo
de traguer neste día a miña pedra.
Vale pouco a probiña,
pois non as ten millores a canteira!
Non esperés que sexa a máis brilante,
moito menos que sexa a millor feita;
mais podemos ter todos por seguro
que ela trai o calor da faltriqueira,
deste peto que teño eiquí no peito
preto do curazón, ven envolveita
na meirande ledicia que hoxe estoupa
dentro da miña ialma de poeta.

Hoxe nesta bisbarra
todo viste de festa:
rínse os frolidos cómaros,
a bris ten máis esencea;
a lus do sol é outra
i hastra as mesmas labercas
erguéronse máis cedo
e peneiran as ás de outra maneira.
No meu peito choutando de ledicia,
leva meu curazón a lus acesa
dunha doce ilusión de moitos anos...

Quero ver eu moi cerca
de todos nos as sômas benamadas

* Esta composición adicada a Añón é obra do mestre e poeta galego José Fernández da Ponte. Foi publicada no libro titulado *Latexos*, Ediciones Celta, Lugo, 1979, páxs. 31-34. Ó remate da mesma, páx. 34 hai unha nota, que di: «(Leída pol-o autor na Serra de Outes, o 17 de Maio do 1966, Día das Letras Galegas).

de Pondal, de Noriega,
de Curros, Alvariño,
e a Santa Rosalía... a nosa meiga...
cantora, en compañía de outros moitos
fillos sonados desta nosa terra.

Seus espritos inquedos
paresce que nos rin e nos alentan
pra seguir pol-a estrada escomenzada
camiñando con recho paso, á veira
de todos os que en vida nos deixaron
o vieiro tracexado dunha reita.

Un déles foi Añón,
noso irmán das guedellas:
o dos cabelos longos e moi crechos
que os pelos dun león mesmo semellan.

Morto fai moito tempo,
naide se lembróu dél cando deberan,
mais hoxe, por fortuna, a súa vila
seu recordo inmorrente eiquí festexa.
Que Deus premie ós homiños escolleitos,
ventureiros autores desta idea!

Qué fuches tí na vida, malpocado?
Anduriña viaxeira
a quen os sinvergonzas dos pardales
botan do niño sin que mal fixeras.

Alonxáronte os homes que mandaban
dos teus eidos, Añón, sin que tiveras
cousa que te luxase; foi tan soilo
porque eras tí quen eras:
UN GALEGO ESCORREITO
CUNHA IALMA MOI BOA E MOI SINCEIRA!

Neste Boel nascido,
no curazón da Serra,
tiveches que fuxir deica o veciño
Portugal... Con qué pena

deixarías a casa tan querida
i este meigo curruncho, no que as leiras
son anacos do mesmo paradiso,
onde medran a feixes, nas ladeiras
dos seus montes, as froles máis fermosas
no meio das silveiras.
No que o mar, cobizoso de bical-o
mete os beizos ó longo da ribeira
pra despóis de bicar a túa vila
non marchar nunca máis da túa veira.

Pelengrino do mundo, viches Francia,
Italia, Inglaterra...
Pasaches moitas, moitas,
e morriches de fame unha calquera
tarde do mes de abril, abandonado,
no Hospital da Princesa.
Teu corpo amortaxado con dozura,
foi por mans cariñentas
levado deica o santo cimiterio
madrileño do Sur; en él aberta
tiñan xa túa coba pra deixarte
perdido aló pra sempre...
¡Ai, quen nos dera
traguer as túas cinzas
deica esta nosa terra
pol-a que tanto tí, Añón, choraches,
e na que tí quixeras
o derradeiro sono
dormir pra sempre nela!
Mais si esto n'é posibre,
teremos, cando menos, sempre ergueita,
como un fito chantado, a túa imaxen
no campo das concencias.

Por eso na bisbarra dendes de hoxe
todo fala de festa:
rínse os frolidos cómaros,
a bris ten máis esencea,
a lus do sol é outra
i hastra as mesmas labercas
erguéronse máis cedo
e peneiran as ás de outra maneira.

19

Soneto
O Bon Poeta Francisco AÑON*

Foi a tua vida tristeira e asogabada
con nobres ideais e de tormento,
por Galiza con forte sentemento
en belos versos por ti agarimada.

Cantaches dende lonxe namourada
tua i-alma, con anceio pensamento
a paisaxe deleitoso con lamento
pola terra agarimosa asoballada.

¡Canto sofriches Añon!... Oxe esquencido
por moitos e a tua mamoria
de tanto que valiches, de tal sorte.

Foi tan probe é triste tua groria
que vivindo co curazón ferido,
nun hespital, tiveches tua morte.

20

A FRANCISCO AÑON.
TRIPTICO**

I

¡Foi egrexio poeta, e foi tristeiro
seu inquedo vivir! Deuse a soñar e,
Sendo de Galicia un pregoeiro,
bon homaxe lle deu, no seu cantar!

* Esta composición foi publicada no libro titulado «*Lembranzas Dun Tempo*, Versos Romantecos, por Antonio Prado Díaz con dibuxos do mesmo, con unha adicación a maneira de prorogo polo ilustre académico e direutor do Museio do Pobo Galego D. Antonio Fraguas Fraguas, Imprenta El Eco Franciscano, Santiago, 1979», páx. 69.

** Este tríptico adicado a Añón, é obra do poeta da Mahía, Maximino Castiñeiras García, publicado en *Antología Poética*, Imprenta El Eco Franciscano, Santiago, 1982, páxs. 147-148.

¡Ferírono as espiñas do carreiro
i-a Vida deulle abondo que laiar,
e debeu coñecer chan foresteiro
e chorar, dende alí polo seu lar!

¡Ouh, AÑON, grande mestre na poesía
da nosa sagra TERRA! ¿Quén diría
que debías morrer alá en Castela!

¡Ainda tua lembranza; ben nos guía!;
Ti fuches de Galicia crara estrela
e pervive a tua luz a veira dela.

II

¡E pervive tua luz a veira dela,
pois, ficou a tua TERRA excrarecida
por aquel ben sentir na tua vida
bon amor, coma fose a unha doncela!

¡Ben debiches sofrir á triste arela
de voltar a tua OUTES, tan querida,
con visións de mariñas na xanela
donde houbeches a neneza refrorida!

Foi Destino, foi Fado. Foi a sorte
cativa que che deu triste morte
nos queimados petoutos da meseta!

¡Bon mestre, bon hirmán, bon adalide!
¡Que Galicia con groria te convide
por devoción o fillo, e gran poeta!

III

¡Por devoción o fillo, e gran poeta,
ehí, na NOSA PATRIA, que é reutora,
na ialma de GALICIA que te honora
un frorir de lembranza se concreta!

¡Cal si fose unha branca volvoreta
teu nome, ben agraciado, sigue agora
tal coma unha bandeira triunfadora
do povo, que mamoria che proieuta!

¡Terás ben preservada a pervivencia
do teu nome! ¡Na crárida concencia
do povo de GALICIA, estás presente!

¡Sempre GALICIA ten sua voz galega
e craras verbas de louvor emprega,
e lembranza pra ti será, INMORRENTE!

Monumento erixido na Serra de Outes (Provincia da Coruña), ó Poeta Añón, obra do escultor nicrariense Andrés Barbazán, que foi inaugurado o día 17 de Maio de 1966.

Placa enviada pola «Asociación Unión Residentes de Outes» en Buenos Aires, en honor do poeta Francisco Añón, o 17 de Maio de 1968.

HOMENAJE AL POETA AÑON

Ayer quedó inaugurado en Outes, el monumento en honor del poeta gallego Añón. En el grabado, un grupo de asistentes a la ceremonia ante el monumento, después de la inauguración.



Fotografía publicada na «Voz de Galicia» o 18-V-1966, na 1.ª páxina.

PROGRAMA

das solemnidades que o Honorable Concello de Outes
co'a entusiasta colaboración da

REAL ACADEMIA GALLEGA

celebrará na devandita localidade o 17 de maio do 1966
en homenaxe ô esgrevio cantor da Terra

FRANCISCO AÑÓN PAZ

no LXXXVIII aniversario do seu pasamento

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

ORDEN DOS ACTOS

I

1.º Â unha da tarde, inauguración e benzón do moimento erixido na praza principal de Outes en honra do groriosо Patriarca, obra do notable escultor Andrés Barbazán.

2.º A continuación, ofrenda froral realizada por membros da corporación municipal e individuos de número da Real Academia Gallega.

3.º Discurso do Alcalde de Outes.

4.º Verbas do Presidente da Real Academia Gallega.

5.º Intervención d'un conxunto folklórico galego.

II

Xantar de irmandade (1).

III

SESIÓN ACADÉMICA NA CASA CONSISTORIAL

(6 da tarde)

1.º Discurso do Presidente da Real Academia Gallega.

2.º Lembranza de Añón a cargo do insigne escritor e académico don Ramón Otero Pedrayo.

IV

Festexo popular co'a actuación de bandas de música, coros rexionás, orquestas e gaitas do país.

(1) As inscripcións para asistir a este xantar deben ser solicitadas na Secretaría do Concello de Outes antes do día 14 de maio.

IX

MANUSCRITOS E EDICIÓNS

Nos Fondos da Fundación Penzol de Vigo residen un feixe de manuscritos autógrafos e apógrafos, que conteñen poesías e algunha carta de Añón, en moitos casos inéditas.

A historia destes manuscritos é a seguinte:

Añon, que dende 1846 sae de Galicia e viaxa, vai ter bastante relación cos seus sobriños-primos Diego Campos Añón, que vivía en Lisboa, e con Eduardo Campos Añón veciño de Vigo, pasando algunhas tempadas con eles. A profesión dos dous primos era a de libreiros, polo que non é de estrañar conservaran ditos textos, escritos pola man de Añón unhas veces, e outras copiados por eles mesmos, ou por outras persoas. Tódolos escritos irían parar logo ás mans do sobriño-primo Eduardo Campos Añón, que casou en Vigo a finais do ano 1868 ou primeiros de 1869 con dona Josefa Ramos, a quen Añón tamén adicou algunhas composicións. O fillo deste matrimonio, Gerardo Campos Ramos (Vigo 1885 — 11-IX-1964), herdou ditos manuscritos que entregou, en proba de amistade, a D. Xosé M.ª Álvarez Blázquez, xuntamente cun tomo das Poesías de Añón editadas na «Biblioteca de La Concordia», complementada cun caderno, que contiña algunhas poesías manuscritas. No ano 1968 Álvarez Blázquez, vendeu tódolos manuscritos menos un (o que contén a poesía «Exposición de las putas de Madrid al Gobierno») á Fundación Penzol.

Presentamos en Apéndice XXIII, fotocopia dos fondos que figuran na Fundación Penzol, relativos a Añón, catalogados por Álvarez Blázquez quen sinala nalgunha ocasión as consideracións de «autógrafo», «borrador original», «redacción original», «apógrafo», etc. Dentro destes fondos hai que distinguir:

— Manuscritos en follas que están pegadas a uns cartóns (Carpetas 7-1, e 7-3).
— Manuscritos en follas soltas.
— Libriño «Rústicas Flores».
— «Album de Poesías de E. Campos, Madrid, 13-I-1862».

O libriño «Rústicas Flores» (LRF), catalogado como «apógrafo», contén as seguintes composicións: «Recordos da Infancia», «Brindis», «Epigrama» (Ay! tamen o vinculeiro), «A fonte dos amores».

En canto a o «Album de Poesías de E. Campos, 13-I-1862, Madrid», trátase doutro caderno considerado «apógrafo», que tal como figura na portada, debeu escribilo o primo de Añón, Eduardo Campos, ou ben outra persoa para el. Contén unha colección de poesías en galego e castelán, e ó final figura un «Indice», que só chega ata a páx. 59, tendo en total o caderniño 109 páxinas. Desto pódese colixir que as composicións que non figuran no «Indice», quizais sexan posteriores á data da portada «13-I-1862», e así o temos considerado. As poesías que figuran no «Indice», son:

	«Pga.»
«Para los juegos florales de la Coruña».....	1
«Al Sueño».....	11
«A leiteira».....	12
«A la espedición de Mejico».	16
«La Ser.ma Ynfanta Duquesa de Montpensier».....	18
«A mi querida hija Eufrosina».....	20
«A los dias de N.».....	22
«A la guerra de Africa».....	24
«El Suicida».....	31
«A mi querido primo Eduardo C.pos».....	38
«Alma en pena».....	43
«Galicia visitada por los Reyes».....	48
«A Lisboa».....	54
«A Napoleon».....	59

Pero esto non se corresponde moi ben coa realidade , que é a seguinte:

> Escomenza cun Epigrama en folla sen paxinar: «Es mi santa vocacion».—«Para los juegos florales de la Coruña», páxs. 1-3.—«A Galicia», páxs. 3-8.—«En respuesta á un amigo que escribe al autor elogiando la precedente poesía, y lamentando que no le hayan concedido el primer premio, suprimiendo este, y dandole el único accessit, contra el programa» páxs. 8-10.—«Al Sueño», páx. 11.—«A leiteira», páxs. 12-14.—A páx. 15 está en branco.— «A la espedicion de Méjico», páxs. 16-17.—«A S.A.R. la Serma. Sra. Ynfanta Duquesa de Montpensier presentando en el templo a su hija la princesa Doña Maria Cristina»., páx. 18 (incompleta), salta á páx. 21 onde soamente figuran os 6 versos finais da composición «A mi querida hija Eufrosina».—Faltan as páxinas que van

da 22 á 38.—«A mi querido primo Eduardo C.pos» (incompleta) dende a páx. 39 á 42.—«Alma en pena», páxs. 43-47.—«Galicia visitada por los Reyes», páxs. 48-53.—«A Lisboa», páxs. 54-58.—«La Virgen del Rial», páxs. 61-65 (incompleta).—Páxina 66 en branco.—«El Borracho y el Eco», páxs. 67-75.—Páxina 76 en branco.—«El Cazador», páxs. 77-83 (incompleta).—Páxina 84 en branco.—«Al Excmo. Sr. D. Florencio Vaamonde, Ministro de Gobernación», páxs. 85-90.—«A o Excmo. Sr. D. Eugenio Montero Rios. Ministro de Gracia y Justicia», páxs. 91-97.—Páxina 98 en branco.—«El Portugues en Sevilla», páxs. 99-107.—Páxina 108 en branco.— «Indice» páx. 109.—

AS EDICIÓNS

En vida do autor non se publicou ningunha colección das poesías de Añón, temos que valernos, por tanto, moitas veces de publicacións dispersas, que aparecen nos periódicos da época. As coleccións que existen son todas elas póstumas.

A primeira edición póstuma cronoloxicamente considerada é a da «Biblioteca de La Concordia», Vigo, 1878, Imprenta de M. Fernández Dios. Constitución, núm. 6., titulada: «POESÍAS VARIAS. Colección debida á la inspirada pluma del eminente gallego D. FRANCISCO AÑON PAZ. PRECEDIDAS DE UN ARTÍCULO NECROLÓGICO».[1] Esta edición presenta na páx. 2 unha fotografia de Añón que é copia do grabado feito por Ricardo Balaca para «La Ilustración de Galicia y Asturias» n.º 1, Madrid, 15 de Junio de 1878», páx. 1., vai seguida dun artigo que firma «La Redacción», titulado «DOS PALABRAS», páxs. 3-4, a continuación: «FRANCISCO AÑON. Necrología», páxs. 5-15, firmado por Augusto Mosquera. A publicación divídese en dúas partes: «PRIMEIRA PARTE.— Poesías en Gallego», e «SEGUNDA PARTE.— Poesías en Castellano». Segundo a opinión de Álvarez Blázquez, esta edición non sería moi de fiar, xa que os redactores encargados da confección destes folletíns, eran uns aficionados.

A segunda edición póstuma que contén composicións de Añón, é a publicada en folletín polo periódico «El Tambre», de Noia.

1 Esta edición é moi rara, difícil de atopar, foime facilitada por D. Xosé M.ª Álvarez Blázquez, quen nun artigo titulado: «La prensa periódica viguesa en el s. XIX», en **Vigo en su Historia**, Vigo, 1980, páxinas 493-562, fainos historia deste periódico vigués «La Concordia», dos seus folletíns, titulados «Biblioteca de La Concordia», e tamén pódese completar este estudio, co artigo de Antonio Odriozola Pietas: «La Imprenta en Vigo», en **Vigo en su Historia**, Vigo, 1980, páxs. 459-491.

No periódico «La Noche» de Santiago, do día »18-V-1946», páx. 4, na sección titulada «PLUMAS Y LETRAS GALLEGAS», adicada toda a páxina a Añón, figura un artigo, sen firma, que di: «La primera edición de las Poesías de Añón se hizo en Noya», e segue a dicir: «Añón no sacó a luz ningún libro. Su obra quedó dispersa en los periódicos. En 1879, al año siguiente de su muerte, el semanario de Noya «El Tambre», tiene la feliz ocurrencia de publicar en folletín varias composiciones del desventurado poeta», e a continuación descríbese o Índice de tal edición, que reproducimos aquí pola mesma orde:

> «A la Inmaculada Concepción. Himno Angélico. A su Majestad don Alfonso XII. A o Excmo. Sr. D. Eugenio Montero Ríos. El médico enamorado. A o meu querido amigo Xan Bautista Neira, salvado providencialmente no descarrilamento de Viana. A una mariposa. El portugués en Sevilla. Alfonso. Sobre la tumba de Blanca. Epigramas. A dos novios. A los Mártires del Dos de Mayo. El epitafio. Contestación. A mi querida amiga Manuelita Casal. Al Excelentísimo Sr. D. Florencio Vaamonde, ministro de Gobernación. El cazador. Canción. Al Excmo. Sr. D. Manuel Ruíz Zorrilla. A Ella. No te hagas ilusiones. A la Santísima Virgen de los Dolores. A la Virgen del Monte Carmelo. A meu primo Pepe Tuñas. A leiteira. Las ranas pidiendo rey. El autor da gracias al Secretario de los Juegos Florales por el accésit, etc. A Pantasma. Himno patriótico, dedicado al pueblo, al ejército y a la armada de España. O magosto. El borracho y el eco. A Galicia. A T... La muerte del homicida. O gallego na guerra da Independencia. La esperanza perdida. A una sombra. A los artistas. Mi último adiós. El poeta. ¡No soy capaz! La vida a J.».

Atopamos despois algúns números deste periódico, que ten por título: «El Tambre (Periódico de intereses generales, noticias y anuncios). Se publica los miércoles y sábados. Imprenta el «El Tambre» propia de José Rodríguez Rubial. c/ Mazacáñamos, n.° 11. Noya». O n.° 1, ten a data «3-XII-1879», e o derradeiro n.° atopado é o 161 do «9-VII-1888».

Agora ben, soamente un número, o 25, coa data de «25-II-1880», conserva a parte adicada ó folletín, páxs. 69-72, no que figuran, a última décima da poesía «Al Excmo. Señor D. FLORENCIO VAAMONDE. Ministro de la Gobernación», a composición «EL CAZADOR», e un fragmento da titulada «CANCION». Por unha afortunada casualidade fixémonos con parte deste folletín do Tambre, que escomenza na páxina 21 e só chega ata a 108, non estando completo. Tódolos esforzos encamiñados a conseguir a parte que falta, non tiveron éxito.

Cotexando as páxinas anteriores, onde se atopa por exemplo, a poesía «EL CAZADOR», páxs. 70-71, e tendo en conta a súa situación no Índice

en que aparece no periódico «La Noche», e a parte do folletín de que dispoñemos, podemos chegar a unha aproximada conclusión, de que o folletín que se publicou contendo as poesías de Añón, debeu terminar sobre os meses de xuño ou xullo de 1880. Hai que facer aquí a salvedade de que non concorda exactamente o Índice do xornal «La Noche», nin en canto a orde, nin ós títulos das composicións, coas que figuran realmente na parte do folletín. De tódalas maneiras parece unha data razonable a de xuño ou xullo de 1880 como remate da publicación das poesías de Añón no folletín do Tambre de Noia.[2]

Con respecto a esta edición dinos D.ª Emilia Pardo Bazán: «Las poesías de Añón no han sido coleccionadas, que yo sepa, más que en el folletín de un periódico llamado El Tambre; pero tan mal impresas y con tales erratas que apenas se podía formar idea de su valor».[3] Pola súa parte Uxío Carré Aldao,[4] que quizais coñeceu a Añón, xulga tamén esa edición como a primeira. Antonio Couceiro Freijomil incide no mesmo: «Algunas de sus poesías gallegas y castellanas se publicaron al año de su muerte, en el folletín del periódico «El Tambre» (Noya, 1879), sumamente descuidadas».[5]

A terceira edición póstuma, a máis completa de todas, é a titulada «Francisco Añón: Poesías, en Biblioteca Gallega, tomo n.º 19, editor: Andrés Martínez Salazar, Coruña, 1889. La Comercial: Estab. tipográfico de la Papelería de Ferrer.—La Coruña». Vai precedida dun limiar: «AÑÓN», páxs. V-XXVI, firmado por «V. Novo y García, Ferrol, 1889»; veñen despois as «Poesías Gallegas», páxs. 29-145, e as «Poesías Castellanas», páxs. 151-328.

Esta edición é a máis coidada de todas, tendo en conta a personalidade de D. Andrés Martínez Salazar, arquiveiro-bibliotecario, e as persoas que figuran na «Lista»,[6] que achegarían moi posiblemente, manuscritos autógrafos ou copias de primeira man, para confeccionar este volume.

---

2 Anos despois de ser presentada esta Tese chegaron ás miñas mans as primeiras vinte páxinas deste folletín co título: «Folletín de EL TAMBRE. COMPOSICIONES POETICAS del VATE GALLEGO D. FRANCISCO AÑON. Noya 1879: Imprenta de El Tambre, Maza-cáñamos n.º 11.

3 E. PARDO BAZÁN: *La poesía regional gallega*, en «De mi tierra. Obras Completas», tomo IX, Madrid, s.d. (2.ª ed.), nota (16), páx. 46.

4 E. CARRÉ ALDAO: *La Literatura gallega en el s. XIX*. Coruña, 1903, páx. 155.

5 A. COUCEIRO FREIJOMIL: *Clásicos Gallegos. Francisco Añón y Paz. Datos biográficos*, en «La Noche», 18-V-1946, páx. 4.

6 Na páxina 329 figura unha «Lista de las personas y corporaciones que han contribuído á coleccionar las poesías de D. Francisco Añón», que seguindo a orde en que están, son as seguintes:

Barreiro (D. Lisardo).
Buján y Añón (D.J.B.)
Busto (D. Eugenio¿. (sic).

Da edición que estamos a comentar, fíxose unha copia-reimpresión en «Buenos Aires». Est. Gráfico J. Estrach, Humberto 966, 1922», a cargo da «Comisión Directiva de la Sociedad Unión Residentes de Outes en Sud-América». Aínda sendo unha copia, ten bastantes erratas[7] con respecto ó orixinal, polo que non é de fiar.

En resume, facendo un reconto do número de composicións que figuran nas tres edicións comentadas, e confrontándoas coas presentadas por nós, temos o seguinte cadro:

EDICIÓNS

POESÍAS en	Concordia	Tambre	M. Salazar	Noso Cp
Galego	19	10	35	39
Portugués	—	—	—	7
Castelán	47	33	79	107
Total	66	43	114	153

O Corpus Poético de Añón que presentamos, vén dado fundamentalmente, polo cotexamento das tres edicións póstumas, aínda que tamén algunha composición soamente figure publicada en periódico. Así o número total de poesías ascende a 153, 39 máis das que aparecen na edición ata agora máis completa, a de Martínez Salazar. Algunhas destas, atópanse exclusi-

Calé Torres de Quintero (D.ª Emilia).
Couto (D.E. Núñez de).
Domínguez (D. Fernando).
Elorz (D.ª Marcelina).
Espada (D. Juan Manuel).
Folk Lore gallego.
García Ferreiro (D. Alberto).
González (D. Vicente).
Iglesia (D. Antonio de la).
La Fuente (D. Alfredo de).
Martínez Salazar (Andrés).
Millán (D. José).
Murguía (D. Manuel).
Neira (D. Juan B.).
Novo (D. Victorino).
Núñez Sarmiento (D.E.).
Pérez Ballesteros (D. José).
Ribalta (D. Aurelio).
Santiago (D. José de).
Saralegui (Excmo. Sr. D. Leandro de).
Vázquez (D. Arturo).

7 Así por exemplo na primeira poesía en galego «JUEGOS FLORALES», falta o verso 9: «Por adornal'as gadellas». Tamén na titulada «A LA FAMILIA DEL SR. ELORZ», falta o verso 64: «Partindo estan un piñón;». E ademais en moitas ocasións faltan, ou engádense vírgulas; en vez de 5 puntos suspensivos ponse 3; e ás veces nas vocais «a, e», varían os acentos con respecto ó orixinal.

vamente na edición da Concordia ou proceden da do Tambre, e ademais 14 composicións totalmente inéditas, que teñen os números correspondentes en CP (12-41-42-43-46-75-98-101-108-133-146-147-149-153).

PRESENTACIÓN DO TEXTO

Non tratamos de facer unha edición crítica. O noso modesto propósito é o de amosar a evolución lingüística e estilística do autor a través da súa creación. Hai que ter en conta que no caso de Añón, cremos que apenas retocaría a súa obra despois da primeira publicación, e se nalgún caso así constase, como tamén é certo, a existencia de versións aumentadas ou retocadas, reproducimos ou constatamos ditas versións, pero en todo caso reflexamos as variantes da edición que presentamos, co borrador manuscrito se o hai, e coas publicacións posteriores. Pensamos que en moitas ocasións foron os editores os que retocaron os textos, e velaí as erratas que aprarecen a cotío. Explicamos a continuación os criterios de edición:

— Se dispoñemos de manuscrito, publicacións en vida e publicacións póstumas, escollemos a primeira publicación en vida, por supoñer que o texto responde ó desexo do autor.

— Se só dispoñemos de publicacións en vida e póstumas, escollemos tamén a primeira publicación en vida, pola mesma razón.

— Así mesmo, se dispoñemos de manuscrito e publicacións en vida, tamén escollemos a primeira publicación en vida.

— Cando se trata de manuscrito e publicación póstuma, escollemos o texto do manuscrito, por parecernos máis fidedigno ó autor.

— Se soamente figura a composición en publicacións póstumas de periódicos, escollemos a primeira publicación, despois da morte do poeta.

— Se figura a poesía nas tres edicións póstumas (Con), (T), e (MS), escollemos o texto da edición de Martínez Salazar en «Biblioteca Gallega», tomo 19, La Coruña, 1889, por considerar que é a edición máis coidada, e por ter a garantía de que se fixo a tal edición tendo presente en moitos casos os manuscritos autógrafos, como podemos comprobar pola «Lista de las personas y Corporaciones que han contribuído á coleccionar las poesías de D. Francisco Añón», que figura en páx. 329 da tal edición.

— Se soamente figura unha determinada composición nas edicións (Con), e (T), escollemos o texto da Concordia, por ser a primeira, aínda que calquera das dúas non son de fiar, como temos dito ó falar das edicións.

Unha vez escollidas as composicións matrices para nós, reproducímolas con toda exactitude, e imos cotexando as demais versións, sexan manuscritos, publicacións en vida, edicións póstumas, etc., coa versión matriz, sinalando verso a verso, dunha maneira exhaustiva, tódalas variantes, que aparecen ó pé de cada páxina.

En canto ó modo de presentar o Corpus Poético de Añón (CP), primeiramente separamos as composicións en tres grupos: Poesías en Galego (G), Poesías en Portugués (P), e Poesías en Castelán (C). A continuación, dentro de cada grupo, e tendo como norte a orde cronolóxica, amosamos as Poesías con *data segura*, con *data aproximada*, e *sen data*. As poesías en portugués, por ser poucas (7 composicións), e non ter ningunha data segura, poñémolas todas nun grupo, e ó pé de páxina explicamos as incidencias.

SIGLAS E ABREVIATURAS

(AAG): *Almanaque de La Aurora de Galicia para 1879*. Editor, Vicente Abad. Coruña, 1878.

(AC): *Album de la Caridad*. «Juegos Florales de La Coruña en 1861, seguido de un mosaico poético de nuestros vates gallegos contemporáneos, Coruña, 1862».

(AG): *La Aurora de Galicia*, periódico de Literatura, ciencias y artes, fundado en Santiago en 1845.

(AHDS): Arquivo Histórico Diocesano de Santiago.

(AHG): *Almanaque Humorístico de Galicia* para 1878, dirigido por Arturo Vázquez con la colaboración de la señora Pardo Bazán (Doña Emilia) y los señores Añón (D. Francisco), Bugallal (D. Rafael), Curros Enríquez (D. Manuel), Lamas Carvajal (D. Valentín), Mosquera (D. Augusto), Muruais (D. Jesús), Neira Cancela (D. Juan), Peña y Rucabado (D. Manuel), Puente y Brañas (D. Ricardo), Quereizaeta (D. Alejandro) y Taboada (D. Luis). Orense, 1877.

(APEC-FFP): *Album de poesias de Eduardo Campos*, Madrid, 13-I-1862, dos Fondos da Fundación Penzol.

(AUS): Arquivo da Universidade de Santiago.

(C): Castelán, (Poesías en).

(CG): *El Correo Gallego*, diario político de la mañana, fundado no Ferrol por Francisco Barcón de Quevedo. O primeiro número saíu o día 1 de Agosto de 1878.

(CL): COLECCION de POESIAS GALLEGAS de diferentes autores por JOSÉ CASAL Y LOIS, Tomo 1.º, Pontevedra, 1865.

(Con): Edición en folletín das poesías de Añón en «Biblioteca de La Concordia»: «POESIAS VARIAS, colección debida á la inspirada pluma del eminente gallego D. FRANCISCO AÑON PAZ, precedidas de un artículo necrológico. Biblioteca de LA CONCORDIA. Vigo,1878».

(CP): *Corpus Poético* de Añón.

(EG): *El Eco de Galicia*, periódico mensual de La Habana. A súa existencia vai dende o día 8 de marzo de 1878 ata o 29 de nadal de 1900. Foi o seu director Waldo Alvarez Insua.

(FFP): Fondos da Fundación Penzol, (Biblioteca Penzol).

(FFP-1.º): Primeiro manuscrito dos Fondos da Fundación Penzol.

(FFPc7-3): «Fondos da Fundación Penzol en carpeta 7-3», que conteñen manuscritos con poesías de Añón.

(FFV): *Folletín de El Faro de Vigo.*

(FV): *El Faro de Vigo*, o seu primeiro número saíu o día 3 de novembro de 1853.

(G): Galego, (Poesías en).

(GRR): *Galicia. Revista Regional* de Ciencias, Letras, Artes, Folk-Lore, etc. O primeiro número apareceu na Coruña en xaneiro de 1887. Nela pódense percibir dúas épocas: A primeira, que vai de xaneiro de 1887 ata maio de 1889, e a segunda que escomenza en xullo de 1892 ata xuño de 1893. O seu animador e director foi D. Andrés Martínez Salazar.

(GRU): *Galicia. Revista Universal de este Reino*, que escomenzouse a publicar na Coruña o primeiro de outubro de 1860 e durou ata o 15 de nadal de 1865. Foi o seu director D. Antonio de la Iglesia.

(HG): *El Heraldo Gallego*, revista de Ourense dirixida por V. Lamas Carvajal. A súa publicación extendeuse dende o primeiro de xaneiro de 1874 ata o 23 de outubro de 1880.

(IG): *El Idólatra de Galicia.* «Periódico sabatino, de Literatura, Ciencias y Artes, Moral y Costumbres», publicado en Santiago, dende o 4 de nadal de 1841 ata o 15 de xaneiro de 1842. Foi dirixido por Domigo Díaz de Robles.

(IGA): *La Ilustración Gallega y Asturiana*, revista ilustrada, que foi continuación de «La Ilustración de Galicia y Asturias». A súa publicación extendeuse do 10 de xaneiro de 1879 ata o 28 de nadal do 1881.

(LRF): *Libriño «Rústicas Flores»*, dos Fondos da Fundación Penzol, que contén en manuscrito apógrafo, algunhas poesías de Añón.

(M2): *Manuscrito n.º 2*, ou *segundo manuscrito*.

(MFFP): *Manuscrito dos Fondos da Fundación Penzol*. (Biblioteca Penzol).

(MLG): *Museo Literario de Galicia*, periódico de Santiago de Compostela, que apareceu no ano 1863.

(MS): Edición das «Poesías Gallegas y Castellanas de Francisco Añón», por A. Martínez Salazar. La Coruña, 1889.

(P): Portugués, (Poesías en).

(PAA): *Poesías Adicadas a Añón*, (incluímos aquí os fragmentos de «O Divino Sainete» de Curros Enríquez, nos que sobrancea a figura de Añón).

(T): Edición en folletín do periódico de Noia «El Tambre», que escomenzou a publicarse en 1879, e que contén algunhas poesías de Añon en galego e castelán.

(TMP): *O Tío Marcos d'a Portela*, que foi a primeira publicación periódica escrita enteiramente en galego, dirixida por Valentín Lamas Carvajal, que saíu o 7-II-1876, e durou ata finais do ano 1889.

CORPUS POÉTICO DE AÑÓN

Poesías en Galego con data segura

1

UN-A CARTA ANÓNIMA*[1]
(Inédita)

Mi señora doña Urbana,
Anque non lle cadra o nome
Pois groseira como un porco
Algun-as veces portouse:
Voulle dar un conselliño
Dende esta aldea de Cornes
Donde veñen á comer
O leite alguns rapazotes;
E mentras lamben as cuncas,
Parolan d'os seus amores,
Falando cousas tan chuscas
Que ¡vaya!, Dios me perdone,
Si non mejei co'a risa
Co'que lles oin... escoite:

* Esta composición soamente figura na Ed. de M.S., páxs. 135-138, da que facemos esta reprodución, e está datada en «Santiago, 1842». Cronoloxicamente é a primeira poesía en galego de Añón.

1 «Entre los originales de Añón que conservaba el también difunto poeta, D. José M.ª Posada, se halló éste que, con otros varios, debemos á la amabilidad del Sr. D. José de Santiago, hijo político del Sr. Posada. Parece que por el año de 1842 no admitieron ó despidieron de una tertulia de Santiago al poeta Añón y otros estudiantes, quienes se vengaron escribiendo este anónimo á la dueña de la casa y repartiéndolo entre otros vecinos de aquella ciudad.— N. del E.»

Dis que tén n'a sua casa
Un-as nenas como soles,
Mocosiñas e escorreitas
Ainda de patria e cajotes;
Con todo, as tales meniñas
Anque novas son atroces,
Pois dis que meten n'o seo
Farrapos, para que os homes
Todos rebulden con elas
Cando beilan po-l'a noite.
Por fertuna os q'ahí entran
Son lampos e sin bigotes
E non hay mayor peligro
Si as meniñas non escorren.
Con todo, á un d'os rapaces
Dis que ja o can de San Roque[1]
Lle chantara ben os dentes
E que sufreu ben o probe.
Ten conta, Urbana, co'as nenas
Mira que o demo non dorme.

¿Qué mil demos fan ahí
Eses perillans decote?
¿E cal é a gente d'eles?
Ja ves que ningun é nobre
E ti baijas liña reuta
D'o cú de Wamba catorce;
Pois teus ilustres avós
Se defenderan entonces
D'un-a nube de piollos
Que servían para odres
Tirándolles a peleja
E pondo a secar os foles.
Dis, que mataban con seijos
Aqueles bichos enormes,
E dende aquela de Seijas
Adequeristes renome.
Un d'os tales rapazacos
Dis que quijo certa noite
Esmujicar a candea,

1 «Aludiendo al Hospital de este nombre, en Santiago, y á las enfermedades que se curan en él».

(Tal ves un descoido fose)
Esmujicouna tan ben
Que quedaron... buenas noches...
Mentras chaman á criada
Ou á os fósforos acóden
Dis que houbo bicos, abrazos,
Ou quizáis cousas mayores;
Pois cando veu o candil,
O sobrado alumiouse
E estaban tan bermelliñas
As nenas como un-as flores.
Ten conta, Urbana co'as nenas
E bota fóra de noite
Á eses canciños faldreiros
Que sin ladrar, morder póden.
Fíate d'os meus consellos,
Mira que o demo non dorme.

Santiago, 1842.

2

Recordos da Infancia*
Egloga

Sobre las rústicas flores
sentado orillas del Miño
un pastor á otros pastores

* Desta composición hai dúas versións: Unha curta e outra longa. Primeiramente amosamos a versión curta que aparece nos seguintes lugares: En manuscrito dos F.F.P. co título: «Poesía gallega-Recordos da Infancia-Egloga», leva a firma de «Fran.co Añon», e está datada en «Santiago Agosto de 1845»; segundo a catalogación de ditos fondos, feita por D. Xosé M.ª Álvarez Blázquez, trátase de «redacción original». Foi publicada no periódico «La Aurora de Galicia, n.º 8 do 9-VIII-1845, páx. 63», co título: «Recordos da Infancia-Egloga», que vai firmada por Francisco Añón; de onde facemos esta reproducción. Figura tamén no «Album de la Caridad», páxs. 120-122, co título: «RECORDOS DA INFANCIA». Figura co título «Recordos da infancia», na «COLECCION de POESIAS GALLEGAS de diferentes autores por José Casal y Lois, tomo I.º, Pontevedra, 1865», páxs. 66-69. En Ed. Concordia, co título: «RECORDOS D'A INFANCIA», datada en «Santiago, 1845», páxs. 43-46. En Ed. Tambre, co título: «RECORDOS DA INFANCIA, sen lugar nin data, páxs. 44-50. E figura na Revista: «La Ilustración Gallega y Asturiana» do «8-XII-1880», páx. 423, co título: «Recordos da Infancia».

A continuación desta, damos a versión longa, por ter múltiples variantes.

1 *rusticas flores, (FFP). flores, (Con).*
2 *Sentado á (AC). á orillas del Miño, (CL), (IGA).*
Sentado, orillas del Miño, (T).
3 *Un pastor a (FFP).*

les contaba sus amores
y sus recuerdos de niño.

Ainda me acordo cal si fora onte,
cando eu era pequeno,
salton, vizoso, atravesado neno
ibame c-as obellas po-lo monte
a par d'unha garrida compañeira
tan pura como as aguas de esa fonte,
alegre, falangueira,
estreito ó van, ó seu mirar sereno,
pe curto, longo pelo a sua cara
era d-un anxel de lindura rara.

Ledos cantando, parolando ou rindo
con preguiseiro paso
po-los outeiros ibamos subindo
escorrentando acaso
as labercas que voan trembadoras
peneirando nos aires cantadoras.
¡Conque solás facía varios ramos
de froliñas do monte para Anxéla!

---

4 *Le (Con). amores, (T). cantaba (IGA).*

6 *m'acordo (T). honte, (AC), (CL).*

8 *neno, (AC), (Con). Salton vizoso, atravesado neno, (CL), (IGA).*

9 *ovellas (FFP). Íbame c'as ovellas pol o monte (AC), (CL). c'as ovellas po lo (Con). iba c'as ovellas (T). Ibame c'as obellas pol o monte (IGA).*

10 *Á par d'unha garrida compañeira, (AC), (CL), (T), (IGA). compañeira, (Con).*

11 *com'as aguas de esa fonte. (Con). augas (IGA).*

13 *Estreito ó ván, o seu (FFP). Estreito o van, o seu (AC), (IGA). , o seu (CL). Estreito o ván, o seu (Con).*

14 *Pé curto, longo pelo, (AC), (CL), (IGA). Pé curto, longo pelo; (Con). pé curto, longo pelo, á sua cara (T).*

15 *Era d'un ánjel (AC), (IGA). Era de un anxel (FFP), (Con). d'un ánjel (CL).*

16 *Ledos cantando ou rindo (FFP), (Con). rindo, (CL),(T), (IGA).*

17 *Con priguiseiro (AC), (IGA).*

18 *ibamos (AC). subindo, (FFP), (Con), (T). Pol-os outeiros íbamos subindo, (CL), (IGA).*

20 *trembadoras, (FFP), (Con), (T).*

22 *¡Con qué solás facía (AC), (CL), (IGA). Conque solás facía (Con). ¡Con que solás facía (T).*

23 *Anjéla! (AC), (CL), (IGA). Anxela (Con). Anxela! (T).*

(este era o nome d-ela)
na cabeza ponialas en roda...
¡Oi! era un gusto mais graciosa vela
q'unha novia no dia da sua boda.

En ningures m'hachaba ben sin ela,
enrredando de cote corriamos
po-la pradeira toda
porque as obellas, cando queríamos,
deixabamolas soas
depinicando ós gomos das queiroas.

Si algun regueiro hachabamos de atranco
e derguía o meu ben as suas naguas
para botar ás aguas
o seu fidalgo pe cal neve branco,
destonces ¡miña xoya!
non márra de Anxeliña quen se doya:

---

24 *ó nome de ela) (FFP). o nome d'ela (AC), (Con), (IGA).*
ó nome d-ela) (T).

25 *póñiallas (FFP), poñiallas (AC). poñiallas (Con), (IGA).*
poñiallas en roda... (CL). poñiallas en roda... (T).

26 *máis (AC), (IGA).*

27 *Que unha (AC), (CL), (IGA). boda: (T).*

28 *En ningúres me achaba (AC), (IGA). me achaba (CL). sin ela (T).*

29 *Enredando decote corríamos (FFP).*
Enredando decote corriámos (AC), (IGA).
Enredando de cote corriámos (CL).
Enredando de cote, corríamos (Con). enredando (T).

30 *toda, (FFP), (Con), (T). Pol-a (AC), (CL), (IGA).*

31 *Porque as ovellas, cando queriámos, (FFP). queriámos, (AC), (CL), (IGA).*
as ovellas, (Con). por que as ovellas cando queríamos (T).

32 *Deixabámolas (AC), (CL). Deixábamolas (Con). Deixabámosla (IGA).*

33 *Dipinicando os gomos (FFP). os gomos (AC), (T).*
Depinicando os gomos (CL).
Dipinicando os gomos d'as (Con). Depenicando os gromos (IGA).

34 *atranco, (FFP). achábamos (AC), (CL), (T), (IGA).*
achabamos de atranco, (Con).

35 *náguas (AC), (IGA). E derguía o meu ben as suas náguas (CL).*
E derguía (Con). é dergía ó meu (T).

36 *as aguas (Con). as aguas, (T).*

37 *pé, cal neve branco, (AC), (CL), (Con), (IGA). ó seu fidalgo pé (T).*

38 *¡miña Xoya! (FFP). Destónces ¡miña joya! (CL).*
Destónces ¡miña xoya! (Con). destonces miña xoya, (T)

39 *Non marra d'Anjeliña que se doya. (AC), (CL), (IGA).*
Non marra d'Anxeliña quen se doya. (Con). non marra (T).

Pillaba nos meus brazos
guindando a outra banda cos zapatos
e entre doces abrazos,
como a edra se enreda a un tronco forte,
parabamos, e d-esta mesma sorte
por entre toxos e brabíos matos.

E si quizais d-un fresco rio a beira
baixabamos a xunta os mais rapaces
¡aquelo era unha feira!
argallando e brincando n'pradeira
como bravos cabirtos montaraces.

De carballo unha pola retorcida
en dous gallos no medio dividida
servianos alí de randeira
para as calores refrescar do estío
arrandeando n-ela.

---

40 *Pillábaa nos meus brazos, (AC), (CL), (IGA). brazos, (Con).*
Pillaba-ha (T).

41 *á outra banda cos zapatos, (AC), (CL), (T), (IGA). c'os zapatos, (Con).*

42 *é entre (T).*

43 *s'enreda (AC), (CL), (IGA). Com'a (Con). com'á edra se enreda á (T).*

44 *Pasabamos, e desta (FFP). Pasabámos, e d'esta (AC), (CL), (IGA).*
Pasábamos, e desta mesma sorte, (Con). pasabamos d'-esta (T).
— Nota: No n.º 9 de «La Aurora de Galicia do 16-VIII-1845, páx. 72», di: «Errata. En la poesía gallega del n.º 8 donde dice parabamos léase pasabamos».

45 *bravíos (FFP). tojos e bravíos (AC), (IGA).*
bravíos (CL), (Con). é brabios (T).

46 *dun fresco río a veira (FFP).*
E si quezais d'un fresco río á beira (AC), (IGA).
d'un fresco río á (CL).

47 *rapaces, (FFP). Baijabámos á junt'a os mais rapaces, (AC), (CL), (IGA).*
Baixábamos a xunto os mais rapaces; (Con).
baixabamos á xunta os mais rapaces, (T).

48 *Aquelo era unha feira, (AC), (CL), (IGA).*

49 *na pradeira (FFP), (AC), (CL), (Con), (IGA). é brincando na pradeira (T).*

50 *cabritos (Con).*

51 *póla (AC), (CL), (IGA). retorcida, (Con).*

52 *dividida, (AC), (CL), (Con), (IGA). dividido, (T).*

53 *randeeira (FFP). Servíanos alí de randeeira (AC), (CL), (IGA).*
Servianos alí de randeeira, (Con). servianos alí de randieira (T).

54 *Para os calores refrescar do estío (Con).*
para as calores refrescar do estío (T).

55 *nela. (AC), (CL), (IGA). n'ela (Con). nela; (T).*

Xogabamos o trompo ou a estornela,
mentras outros patuxan polo rio
para pillar as troitas,
outros a reboladas
por non poder cas mans,
estragaban as arboles é froitas
ainda non logradas.

Chacina, leite, noces e mazáns
e puches cubuladas
de cereixas ou doces cirigüelas
(sendo no tempo delas)
era a nosa merenda
cando a sombra deitabase a facenda.

Ibamos por debesas e silbeiras
moras buscando e niños

---

56 *Jogabámos ó trompo ou á estornela, (AC), (CL), (IGA). Xogábamos o trompo e a estornela, (Con). ó trompo ou á (T).*

57 *po'-lo río; (FFP). Méntras outros patujan po-lo rio (AC). Méntres outros patuxan pol-o rio (CL). po-lo (Con), (T). Méntras outros patujan pol-o rio (IGA).*

58 *Para apañar as troitas; (FFP), (Con). troitas; (T).*

59 *reboladas, (AC), (CL), (Con), (IGA). á (T).*

60 *mans (FFP). c'as mans (AC), (CL), (IGA). c'as mans, (Con).*

61 *e (FFP). as árbores e (AC), (CL). os árboles e froitas. (Con) os arboles e (T). as árboles e (IGA).*

62 *logrados. (FFP). logradas: (T).*

63 *noces, e mazans (FFP). mazans (CL).*

64 *cuguladas (AC), (CL), (IGA). cobuladas (Con). é puchas cubuladas, (T).*

65 *De cereijas ou doces cirigüelas, (AC), (CL), (IGA). De cereixas ou doces cirigüelas (Con). de cereixas (T).*

66 *de elas) (FFP). d'elas) (AC), (CL), (Con), (IGA). d-elas) (T).*

67 *merenda, (FFP), (Con). era á nosa merenda, (T).*

68 *Cando á sombra deitábase a facenda: (AC), (IGA). á sombra deitábase (CL). deitábase (Con). cando á sombra deitabase á facenda. (T).*

69 *Ybamos por debesas e silveiras (FFP). Ibámos por devesas e silveiras (AC), (CL), (IGA). e silveiras (Con). Ibamos por dehesas é silbeiras (T).*

70 *ou niños (AC), (CL), (IGA). é niños (T).*

de merlos, estorniños,
rulas, vichelocregos, carniceiras,
e dabamos as nosas compañeiras,
os tenros paxariños.

Asi pasou aquela idá primeira
con tanta lixeireza,
cal lóstrego sutil que as nubes racha
cando un metido se acha
en noite horrible de negrura espesa.

Francisco Añón.

3

RECORDOS D'A INFANCIA*[1]

Égloga (aumentada e inédita)

Sobre las rústicas flores
Sentado orillas del Miño,
Un pastor á otros pastores
Les contaba sus amores,
Y estos recuerdos de niño.

72 *,vichilocrego, (Con).*

73 *compañeiras (FFP).*
E dabámos ás nosas compañeiras (AC), (CL), (IGA).
E dábamos as nosas compañeiras (Con). é dabamos (T).

75 *Asi (AC), (IGA). vida primeira, (Con).*

76 *ligeireza, (AC), (CL), (IGA).*

77 *q'as (FFP).*
lóstrogo sutil que as nubres racha, (AC), (IGA). racha, (CL).
q'as nubes racha, (Con).
sutíl que as nubes racha, (T).

78 *acha (AC), (CL), (Con), (IGA). hacha, (T).*

* Esta versión longa é a de M.S., páxs. 37-43, na que non figura lugar nin data.

1 «Con este título se publicó esta composición en el tomo 1.° del Album de la Caridad: el autor la modificó y aumentó más tarde, dejándole solamente el epígrafe de Egloga.—N. del E.»

Os versos engadidos van do 30 ó 81, e do 130 ó 160.

Inda m'acordo cal se fora honte
Cand'eu era pequeno,
Salton, vizoso, atravesado neno,
Íbame c'as ovellas po-l'o monte,
Á par d'un-a garrida compañeira,
Alegre, falangueira,
Tan pura como as aguas d'esta fonte.
Lindo, espigado corpo, donairoso,
D'estreito van donoso,
Divinos ollos de mirar sereno,
Pé curto, longo pelo, a sua cara
Era a d'un angel de lindura rara.
Ledos cantando, parolando ou rindo,
Con preguiceiro paso
Po-l'os outeiros íbamos subindo,
Escorrentando acaso
As labercas que voan trembadoras
Pineirando n'os aires cantadoras.
Con que solaz facía varios ramos
De froliñas d'o monte para Angela
(Este era o nome d'ela)
N'a branca testa púñallas en roda.
¡Oy! era un gusto mais graciosa vela
Que un-a novia n'o día d'a sua boda:
¿Non vistes a anduriña,
Que en mil confusas voltas po-l'o aire
Cantando remohiña
Formando caprichosos laberintos?
Inda con mais donaire
Corria a miña nena
Po-l'a pradeira amena
Para coller os rústicos jacintos
Melosas madreselvas, amapolas,
Campaíñas, pampillos, dedaleiras
N'os arrós, entr'o pan, ou n'as silveiras,
E d'os castaños esgazando as pólas;
Abranguía aromáticos cencenos.
Con todas estas flores
Tecíamos lindísimas guirnaldas
Á beira d'os riachos mais serenos,
Ou d'un outeiro n'as amenas fraldas,
Para croar as nosas loucas testas,
Q'os inocentes nenos

Ja ambicionan ser reis desde pequenos.
¡Mal pocadiña! un día
Iba apañando as recendentes flores
Con plácida alegría,
Suspirando un-a cántiga d'amores,
Que continuar non pudo.
Un ay dorido, penetrante, agudo,
Chegou á meu oido.
Corrin á ver que tiña acontecido,
Estaba a linda nena
En bagullas bañada,
Com'a rosa n'orballo d'a alborada,
Que me partia o corazon de pena.
Un-a maldita abella
Chantara a sua punta venenosa
N'os doces labios de color vermella,
Coidando acaso qu'era algun-a rosa:
Por eso lastimosa
Geme, suspira, chora
A miña amada angelical pastora.
Trato d'acalantala
Con mil cariños e consellos sabios,
E para consola-la
Juntey os meus á aquelos virges labios
E tireille o ferrete pesoyento...
Trocouse o noso alento
N'un longo, doce, divinal suspiro
Que grabado inda está n'o pensamento.
En tan fatal momento
Amor á entrambos nos fireu d'un tiro
E pasou o dolor d'a picadura;
A picada d'amor inda hoje dura.
Dend'a pasage aquela
En ningures me hachaba ben sin ela,
E enredando decote corriámos
Po-l'a pradeira toda á nosa anchura,
Porque as ovellas, cando queriámos,
N'o medio d'a espesura
Deijabámolas sóas
Depinicando os gomos d'as queiroas.
Se algun regueiro hachábamos d'atranco
E derguia o meu ben as suas naguas
Para botar ás aguas
O seu fidalgo pé cal neve branco,

Entonces ¡miña joya!
Non marra d'Angeliña que se doya.
Pillába-a n'os meus brazos,
Guindando á outra banda c'os zapatos
E entre doces abrazos,
Como a hedra s'enreda á un tronco forte
Pasabámos, e d'esta mesma sorte
Por entre tojos e bravíos matos.
E se quizais d'un fresco rio á beira
Baijabámos á junt'a os mais rapaces
Aquelo era un-a feira;
Argallando e brincando n'a pradeira
Como bravos cabirtos montaraces.
De carballo un-a póla retorcida,
En dous gallos n'o medio dividida,
Servíanos alí de randeeira,
Para os calores refrescar d'o estío,
Arrandeando n'ela.
Jogábamos ó trompo ou á estornela,
Mentres outros patujan po-l'o rio,
Para pillá-l'as troitas.
Outras á reboladas,
Por non poder c'as mans, os enemigos,
Estragaban as álbores e froitas,
Ainda non logradas.
Chacina, leite, noces, mazans, figos,
E puchas cuguladas
De cereijas ou doces cirigüelas,
Sendo n'o tempo d'elas,
Era o noso festin n'o campo brando,
Mentres á sombra se deitaba o gando.
Íbamos por devesas e silveiras,
Moras buscando e niños
De merlos, estorniños,
Rulas, vichelo-cregos, carniceiras
E dábamos ás nosas compañeiras
Os ternos pajariños,
Que metian n'o seyo palpitante,
Para darlles calor algun instante,
Mentras de rama en rama,
Revoando con chio penetrante,
A triste nay ós seus filliños chama.
¡Ninguen se doy d'a coitadiña ave!...
¡Malpocadas meniñas! ¡ay! quen sabe,

Se d'ese mesmo geito
Amor vos rouba o corazon d'o peito,
Para da-l'o tal vez á un falso amante,
Que con falsos cariños
Vo-l'o estrague, cal vos os pajariños!
Andábamos tamen ás agachadas,
A pita cega e outros varios jogos
De prendas, que ja esquezo,
En que non valen súplicas nin rogos,
Pero as nenas graciosas,
Risoñas como as fadas,
Nos puñan penitencias tan gustosas,
De tan doce embeleso,
Que sempre volviámos po-l'o veso.
E n'as noites d'o bran ó libre vento,
N'o Medio d'un-a eira,
Como a palma d'a man redonda, lisa,
Ou baijo as verdes follas d'a parreira,
En que jogaba a suspirante brisa,
Era de ver alegres fouliadas
Que d'oílas voaba o pensamento,
Como levado por celestes fadas.
Ó pais venturoso d'os amores
Entre os abalos d'armoniosos cantos.
Así pasóu aquela edá d'encantos,
De jogos e de flores,
E d'inocentes plácidos amores,
Con tanta ligeireza e tal premura,
Cal lóstrego sutil que as nubes racha,
Cando un metido se hacha
En noite horrible de fatal negrura.

4

O RECORDO*

A Galicia

Como un niño de vichelo-crego[1]
Que arrandea entre follas a brisa,

* Soamente figura esta composición na Ed. de M.S., coa data de «Febrero, 18 de 1857», páxs. 49-51, de onde facemos esta reproducción.

1 El ave oropéndola. (Nota da Edición).

Eu contemplo con maga sorrisa
O corruncho onde libre nacin.
Vin de Lisia[2] a encantada riveira,
As riquísimas veigas d'a Galia,
Os jardins d'a magnífica Italia...
Como o noso bó chan, nada vin.
¿Onde están as devesas frondosas
E floridos hervales amenos,
En que alegres rebuldan os nenos,
Ou quizais namorado pastor?...
¿Onde os mágicos valles sombríos
Serpentados de frescos regueiros,
En que están debruzados salgueiros
Convidando á furtiños d'amor?

En ningúres s'encontra n'o mundo
Un anaco de terra mais lindo...
Soutos, prados e flores sorrindo
N'os riachos mirándose están.
Penduradas n'as álbores crecen
Doces froitas de rica fragancia,
E con tan asombrosa abundancia
Que os ramallos se pousan n'o chán.
Van ás festas de gran romería
Lindas nenas de angélica cara...
Devoción, alegría, algazara
En confusa mistura alí hay.
A jovial fouliada comeza
D'os feitizos de música e danza,
E entr'amores, loucura e folganza
Como un lóstrego a noite se váy.
¡Que risoña s'ostent'a alborada
De Galicia n'o puro horizonte!
A laberca trinando n'o monte,
N'o pomar o feliz roisiñol.
N'as ladeiras remedan os ecos
O cantar d'inocentes pastores:...
Todo é encanto, suspiros, amores
N'aquel himno d'os campos ó sol.
¡Cantas veces d'as rústicas flores
Respirey os aromas suaves!...

2 Lisboa. (Nota da Edición).

¡Cantas veces n'os bosques as aves
Me saudaron cantando tamen!
E d'amores o peito encendido
Engolfado en tamaña delicia...
¡Que recordo!... ¡adorada Galicia!
¡Ay! ti foste meu célico Eden.

Febrero, 18 de 1857.

5

A GALICIA*

Airiños d'a miña terra,
airiños, airiños, aires
airiños, levám'à ela.

Balada

Ay esperta, adorada Galicia,
D'ese sono en q'estás debruzada;
D'o teu rico porvir a alborada
Po-l'o Ceo engergándose vay.
Ja cantando os teus fillos te chaman,
E c'os brazos en cruz se espreguizan...

* Esta composición foi premiada co accésit ó primeiro premio (o da Flor Natural) nos primeiros Xogos Florais de Galicia celebrados na Coruña o día 2 de Xullo de 1861 no teatro de «S. Jorge» ou «Teatro Principal». Aparece en manuscrito apógrafo segundo catalogación dos F.F.P., no libriño A.P.E.C., «Madrid, 13-I-1862», páxs. 3-8, coa firma de «Francisco Añón de Paz», sen lugar nin data. Foi publicada nos seguintes lugares: «Album de la Caridad», Coruña, 1862, páxs. 2-5, de onde facemos esta reproducción. Na revista «Galicia Revista Universal de este Reino», n.º 5, Coruña «1-III-1865», páxs. 67-68, coa firma de «Francisco Añón». Na revista «El Heraldo Gallego» do «3-V-1878», páx. 198. No Faro de Vigo do «11-V-1878», coa firma de «Francisco Añón». E figura tamén na Ed. da Concordia, páxs. 20-23, e no Índice do periódico «La Noche», do «18-V-1946», que fai referencia ó folletón do Tambre, da que non dispoñemos. Así mesmo figura en M.S., páxs. 31-34.

1 Airiños, (GRU). da (APEC-FFP).

3 leváme à (APEC-FFP). levám'a (Con).

4 Ay! (APEC-FFP). Ay, esperta (Con). ¡Ay! (MS). adourada (HG), (FV), (Con).

5 que estás (APEC-FFP). q'estas (HG).

7 Engergandose (APEC-FFP). enxergándose (HG), (FV), (Con).

8 Xa (HG), (FV), (Con).

9 espreguizan; (APEC-FFP).

Malpocados! o q'eles cobizan
É un bico d'os labios d'a Nay.

D'ese chan venturoso arrincado
Po-l'a man d'o meu negro destino,
Hastra mesmo soñando magino
Eses campos risonos cruzar.
E correr po-l'as hortas e prados,
Onde leda pasou miña infancia,
Respirando a süave fragancia
De jazmin, caravel, azahar.

Coido ver esas rias serenas,
Escumando con barcos veleiros,
E cantares oir feiticeiros,
Q'en ningúres tan doces oin.
Inda creo sentir as labercas,
Que pineiran n'os aires cantando,
Cando o sol vay as nubes pintando
D'amarelo, de lume e carmin.

Ó través d'aguzados penedos
Penso ver empinados petoutos,
Viñas, hortas, devesas e soutos,
Q'apouvigan os ventos d'o Sul.

---

10 *qu'eles (APEC-FFP).*
11 *E (APEC-FFP), (FV), (Con). lábios (HG), (FV), (Con).*
13 *Destino, (APEC-FFP).*
14 maxino (HG), (FV), (Con).
15 *risoños (APEC-FFP), (HG), (FV), (Con).*
16 *é (FV).*
18 *suave (APEC-FFP), (HG), (FV), (Con).*
19 *xazmin (HG), (FV). xasmin (Con).*
20 *rías (HG). Cóido ver esas rias serenas; (Con).*
23 *Que en ningures tan doces oín. (APEC-FFP). ningures (HG), (FV), (Con), (MS).*
26 *Cand'o (MS).*
27 *é (FV).*
28 *O través (HG), (FV), (Con).*
29 *Coido (APEC-FFP).*
30 *Viñas hortas pradeiras (APEC-FFP). é (FV).*
31 *Que apouvigan (APEC-FFP).*

E saltando regueiros e valos,
Cata ja outros bós horizontes,
Outras veigas, mariñas e montes,
Que se perden n'a brétema azul.

Soño ahí q'entre verdes pereiras
Fouliadas alegres escoito,
Cando o Ceo se reviste de loito
N'as pöéticas noites d'o bran.
E q'en medio de nenas garridas
Canta un mozo con voz pracenteira,
Para o lado tumbada a monteira,
Un-a orella tapando c'a man.

Eu soñey ver n'a cume d'o Pindo,[1]
Adornados de mirto e loureiros,
Escritores pöetas guerreiros,
Que sorrindo se daban a man.
Eran eses os fillos mais caros,
Que d'a Patria aumentaron a gloria:
Os seus nomes n'os fastos d'a historia
Con diamante grabados serán.

E dimpois un-a endromena rara
Vin moverse con agoa fervente,

---

32 *En ningures se encontran, e ulos? (APEC-FFP). é (FV).*
33 *Eses lindos e bós horizontes (APEC-FFP). xa (HG), (FV), (Con).*
34 *Esas veigas, mariñas e montes (APEC-FFP).*
35 *azul?... (APEC-FFP).*
36 *que entre (APEC-FFP).*
37 *escouto (APEC-FFP).*
38 *Cand'o (MS).*
39 *N'as poeticas noites do bran. (APEC-FFP). poéticas (FV), (Con). pöeticas (GRU). pöéticas (HG).*
40 *E que en (APEC-FFP).*
44 (1) *Pindo de Galicia. (AC), (GRU), (HG), (FV), (Con), (MS).*
46 *Escritores, poetas, guerreiros, (APEC-FFP), (FV), (Con).*
47 *sonrrindo (HG). sonrindo (FV), (Con).*
48 *máis (GRU).*
49 *a groria: (HG). a groria; (Con). á groria; (FV).*
52 endrómena (APEC-FFP), (GRU), (HG), (FV), (Con), (MS).
53 *agua (APEC-FFP).*

E silvando com'un-a serpente,
Como un lóstrogo os campos cruzou.
Era aquel o porvir que ja soa
E d'as probes aldeas fay vilas...
Adios cantos e Musas tranquilas,!
O imperio d'a industria empezou.

Acordey... O meu soño dourado,
Como fume pasou de repente,
E magoado o meu peito se sente
De soidades e amor palpitar.
Marmurey— ¡adorada Galicia!...
(E d'os ollos chovíanme as bágoas).
¡Quén pudera beber tuas agoas,
E teus aires feliz respirar!!!

De ti longe, querido corruncho,
Eu mirrándome estou d'amargura,
Como a froita que vay ja madura,
E entre silvas o vento guindou.
¡Teño envidia d'a libre andoriña,
Q'ahí chega por todo-l'os mayos:!..
¡Teño envidia d'as nubes e rayos,

---

54 *Que silvando como un-a serpente (APEC-FFP). com'unha (HG), (FV), (Con). E silbando (MS).*

55 *lostrego (APEC-FFP). lóstrego (HG), (FV), (Con), (MS).*

56 *xa (HG), (FV), (Con). soa, (MS).*

58 *tranquilas, (APEC-FFP), (MS).*
tranquilas!, (HG), (FV). tranquilas! (GRU), (Con).

59 *Industria (APEC-FFP).*

60 *...o (GRU).*

63 *De soidades é amor palpitar. (FV).*

64 *= adorada Galicia..! (GRU).*

65 *chovianme as bagoas) (APEC-FFP).*
(E d'os ollos chovianme as bágoas (HG). as bágoas (FV).

66 *Quen (APEC-FFP). ¡Quen (MS).*

68 *lonje, (APEC-FFP). lonxe (HG), (FV), (Con). curruncho, (MS). corruncho (GRU).*

69 *morréndome (Con).*

70 *á (APEC-FFP). xa (HG), (FV), (Con).*

72 *Teño envidia d'a libre andorina, (APEC-FFP).*

73 *mayos: (APEC-FFP). Mayos..! (GRU). mayos!... (Con).*

74 *Teño (APEC-FFP).*

Q'o Sudeste a esas terras levou!...
A ti voa entre ardentes suspiros,
Sobre as trémulas alas d'o vento,
A soidade d'o meu pensamento.
Que decote cravado está en ti.
Por diversos paises que eu vaya,
Ti serás miña doce memoria;...
¡Mesmo entrar non quixera n'a gloria
Sin primeiro pasar por ahí.!!!

(De Don Francisco Añón)

6

JUEGOS FLORALES*

Chegou á miña noticia
Que hay tamen jogos florales,

75 *Que o sudeste á esas terras levou. (APEC-FFP).*
á (HG), (FV), (MS). levou...! (GRU).
76 *suspiros (GRU).*
77 *vento (APEC-FFP), (GRU).*
78 *pensamento, (APEC-FFP), (FV), (Con), (MS).*
79 *esta en ti!! (APEC-FFP). países q'eu (MS). de cote (FV), (Con).*
80 *qu'eu (APEC-FFP). países q'eu (MS).*
81 *memoria... (GRU). memoria:... (FV). memoria... (Con).*
82 *Mesmo entrar non quijera (APEC-FFP), (MS). groria (Con).*
83 por ahí. (APEC-FFP).

* Esta composición aparece en manuscrito apógrafo segundo catalogación dos F.F.P. no A.P.E.C. «Madrid, 13-I-1862», co título: «Para los juegos florales de La Coruña», páxs. 1-3. Foi publicada nos seguintes lugares: «Album de la Caridad», Coruña, 1862, páxs. 1-2, daquí facemos esta reproducción. Na revista «Galicia. Revista Universal de este Reino», n.° 5, Coruña 1-III-1865, páx. 67, co título «JUEGOS FLORALES». En «El Heraldo Gallego» de Ourense do «3-V-1878», páxs. 197-198, co título: «A GALICIA», abranguendo baixo este mesmo título a poesía premiada nos Xogos Florais. No Faro de Vigo do «11-V-1878», onde acontece o mesmo que en «El Heraldo Gallego», de figurar esta composición e a premiada baixo o mesmo título «A GALICIA». En Concordia tamén figura co título «A GALICIA», xuntamente coa premiada, páxs. 19-20. En Tambre figura co título: «En los Juegos Florales DE LA CORUÑA», páxs. 98-100. En M.S. figura co título: «JUEGOS FLORALES», páxs. 29.30. Nesta Ed. ten unha Nota (1) ó pé da páx. 29 que di: «En los celebrados en la Coruña en 1861. Esta composición ha sico copiada y corregida exactamente por el mismo original del autor, según la envió al Certamen». E aparece aquí tamén unha segunda Nota (2) ó pé da mesma páx. 29 que di: «En ninguno de los autógrafos, que hemos examinado, usa el autor de la x que sustituye por la g ó la j. Notas del Editor».

Esta composición tivo que ser escrita antes do 15 de Xuño de 1861, xa que a Base 44 do Certame sinalaba esa data como a última para participar no mesmo.

1 *a miña (Con).*
2 *xogos (HG),(FV), (Con), (T).*

Como n'outras capitales,
N'a Capital de Galicia.
Hacha n'esto un-a delicia
O pöeta aventureiro,
Que á esas vay ligeiro,
Como ás flores as abellas,
Por adorna-l'as gadellas
C'un ramallo de loureiro.
N'os recordos d'o pasado
Seus pensamentos abisma,
Mirando por outro prisma
O mundo metalizado.
A'beira d'o mar sentado,
Cando brua e ferve en ira,
Ou cando brando suspira,
Rugir sente n'a memoria
Sublimes cantos de gloria,
Que Dios dend'o Ceo lle inspira.
Eu, que ende mal, m'arredey
D'eses mares e riveiras,
D'eses soutos e pradeiras,
En que alegre rebuldey;

---

3 *com'a (T). Capitales, (APEC-FFP).*

4 *capital (GRU). de Galicia: (APEC-FFP). de Galicia; (T).*

5 *un-ha (GRU). unha (HG), (FV), (Con). un'ha (T).*

6 *O poeta (APEC-FFP), (HG), (FV), (Con). o Poeta (T). aventureiro (GRU).*

7 *Qu'a esas festas vay lixeiro, (HG), (FV), (Con).*
que á esas festas vay lixeiro (T).
Que á esas festas (APEC-FFP), (MS). ligeiro (GRU).

8 *as flores (Con). com'as frores (T). abellas (GRU), (MS).*

9 *adornar as gadellas (APEC-FFP).*
adornal-as (GRU), (HG), (FV)
por adornar as querellas (T).

14 *metalizado: (T), (MS).*

15 *A beira (APEC-FFP). Á beira (MS). do (HG), (FV).*
A veira d'o mar sentado (T). sentado (GRU), (FV).

16 *é (FV). é ferve en ira (T). en ira (GRU), (MS).*

18 *Ruxir (HG), (FV), (Con). ruxir sinte na (T).*

20 *Que Dios dende o ceo (APEC-FFP).*
quo Dios dende o ceo lle envia.(T).

21 *Eu que ende mal m'arredey (APEC-FFP).*
Eu qu'ende mal me arredei (T).

22 *é (FV). ribeiras, (Con). é riveiras (T).*

23 *é (APEC-FFP), (FV). é pradeiras (T).*

24 *en qu'alegre rebuldei; (T). rebuldey, (MS).*

A Galicia cantarey
Cheo d'amor e d'orgullo:
D'entusiasmo ja esbagullo;
Non teño papel á man,
E estes versiños n'o chan
Escribo c'un garabullo.

7

O MEU AMIGO ANTON M.ª D'A IGLESIA*

É cal cho digo

Mil gracias, querido Anton,
Po-l'as frases lisonjeiras
Con que alabas e empoleiras
A miña composición.

25 *Á (MS). cantarei (T).*

26 *Chea (HG), (FV). é d'orgullo; (FV), (T). e d'orgullo; (Con).*

27 *xa (HG), (FV), (Con). xa esbagullo, (T).*

28 *a (Con).*

29 *estos versiños no chan (T).*
versiños, n'o chan (MS).

*Esta composición aparece no «Album de Poesias de E. Campos», «Madrid, 13-I-1862», en manuscrito apógrafo segundo catalogación dos F.F.P., coa firma de «F.A.», e figura a continuación da poesía premiada nos Xogos Florais: «A Galicia», en páxs. 8-10; non ten título, e antes de comezar, pon o seguinte: «En respuesta á un amigo que escribe al autor elogiando la precedente poesia, y lamentando que no le hayan concedido el primer premio, suprimiendo este, y dandole el único accessit, contra el programa». Publicouse en «El Heraldo Gallego» de Ourense, «3-V-1878», páxs. 221-222, co título: «EPISTOLA á D. Antonio Maria de la Iglesia» *, ten unha chamada que explica ó pé da páxina 221: «Escrita con motivo de no haber obtenido el poeta la flor natural en que consistia el primer premio ofrecido en los juegos florales celebrados en la Coruña en 1861 á la mejor composición A Galicia y si solo el accesit, N. de la R.» Figura tamén na Ed. da Concordia, co título: «EPISTOLA a D. Antonio Maria de la Iglesia» 1 páxs. 41-42, ó pé da páx. 41 contesta a chamada 1 «Escrita con motivo de no haber obtenido el poeta la flor natural en que consistia el primer premio ofrecido en los juegos florales celebrados en la Coruña en 1861, á la mejor composición á Galicia, y si solo el accesit.— N. de la R.» Así mesmo figura no Índice de «La Noche» do «18-V-1946», que fai referencia ás poesías que foron publicadas no folletón do Tambre, e da que non dispoño, co título: «El autor da gracias al Secretario de los Juegos Florales por el accésit, etc.» E figura en M.S., páxs. 35-36, da que facemos esta reproducción. Hai unha nota 1 na páx. 36 que di: «La mayoría del Jurado no concedió la flor natural a ninguna composición de este tema, que premiada así, otorgaba el derecho a su autor para elegir la reina del certamen. Se verificó la solemnidad sin este requisito. La poesía de Añón fue la única laureada con el primer accessit.— N. del E.»

2 *Pol-as frases lisonxeiras (HG). Por as frases lisonxeiras (Con).*

3 *alabas, empoleiras, (HG).*

4 *composición: (APEC-FFP).*

Saídas d'o corazon
E sin pretensiós mezquiñas
Ceibey ó aire esas liñas,
Que o fado d'os trovadores
Decote é sementar flores
Para arrecadar espiñas.

Coido que un-a flor de lis
Era o premio que debía
Darse á mellor poesía
Dedicada á ese país.
Estivo casi n'un tris
Que m'a desen...; foy millor:
Tembrando inda estou d'horror
Que Galicia —¡mal pocada!—
Quedaría desflorada
Se á alguen lle der esa flor...

---

5 *Saídas d'o corazon, (APEC-FFP). Nacida (HG). Saídas do (Con).*

6 *E sin pretensions mezquiñas, (APEC-FFP). pretensions (Con).*

7 *o vento esas liñas; (HG). o aire esas liñas; (Con).*

8 *Trovadores (APEC-FFP). Q'o fado (HG).*

9 *De cote é sementar frores (HG).*
Decote he sementar frores (Con).

10 *Pra despois coller (HG).*
Para recoller (Con).

11 *lis (APEC-FFP).*
Penso q'unha fror (HG).
Coido q'unha fror de Lis (Con).

13 *a millor poesia (APEC-FFP), (Con).*

14 *país: (APEC-FFP). pais. (HG). país; (Con).*

15 *Estuvo casi n'un tris (APEC-FFP). Estuvo (HG), (Con).*

16 *desen... foy millor; (APEC-FFP).*
m'a deran: ¡foy millor! (HG).
ma desen... foy millor. (Con).

17 *Trembando inda estou d'horror, (APEC-FFP).*
Por que sería un dolor (HG).
Trembando ind estou de horror, (Con).

18 *Pois Galicia, malpocada (APEC-FFP).*
¡¡mal pocada! (HG). Pois Galicia, ¡mal pocada! (Con).

19 *Quedaría desflorada, (APEC-FFP).*
Se quedase desfrorada (HG). Quedaría desfrorada, (Con).

20 *S'á alguén lle dese esa flor. (APEC-FFP).*
Por darme a min esa fror. (HG). Si a alguen lle dise esa fror. (Con).

Ademais flor tan modesta
Mandar loge é pouco grato;
Se viña por maragato
Podía comerlla a besta.
Para que a desgracia esta
Non pasase n'o camiño,
Que foy prudente adiviño
Deijala n'eses herbales
Onde sobran animales
Que lle finquen o fuciño.

8

A Mariña Barros*
á la edad de 8 años

Garrida como os amores
E lista como a andorina
¿Onde aprendeste, meniña,

21 *Ademais, flor (APEC-FFP). Ademais, fror (HG), (Con).*

22 *grato: (APEC-FFP). lonxe non é grato: (HG).*
lonxe e pouco grato: (Con).

23 *Si viña por maragato, (APEC-FFP). Si (HG), (Con).*

24 *Podia comerlla a besta; (APEC-FFP).*
Podia comela á besta. (HG). Podía comerlla a besta: (Con).

25 *Mais, pra que a desgracia esta (APEC-FFP).*

26 *no (Con).*

27 *, adiviño, (HG), (Con).*

28 *hervales, (APEC-FFP).*
Deixala n'eses erbales, (HG). Deixala n'eses herbales, (Con).

29 *Dondo (HG). Donde (Con).*

30 *o fociño (APEC-FFP), (Con).*

* Esta composición aparece en manuscrito dos F.F.P. co título que aquí ten, ó final figuran as siglas «F.A», e está datada en «Santiago 4 de Mayo de 1868», de onde facemos esta transcripción. Foi publicada no Faro de Vigo do «31-VIII-1878», co título: «A MARIÑA BARROS, A LA EDAD DE 8 AÑOS», remata coa firma de «Francisco Añón», e está datada en «Santiago 4 de Mayo de 1868». Tamén figura na Ed. da Concordia co título: «A MARINA BARROS», e está data en «Santiago, 1868», páxs. 38-40. Non figura na Ed. do Tambre, e si na de M.S. co título: «Á MARIÑA BARROS», e está datada en «Santiago 1868», páxs. 97-100.

2 *á andoriña, (FV). a anduriña, (Con), (MS).*

3 *¿Onde aprendeste meniña, (Con).*

Tantas gracias e primores,
Sendo tan pequerrechiña?...

Seique as fadas arrolaron
O sono da tua infancia,
Suas artes che ensinaron
E teu berce arrandearon
Entre flores e fragancia...

A lingoa de Fenelon
Falas tan castiza e pura,
Que nos causa admiracion,
Na tua testa fulgura
A estrela da inspiracion.

Hay quen diga por ahí
Que ja naceste falando:
Que ó estarche bautizando,
Respondeste ó cura: *Oui*,
Entre gemendo e chorando.

¡Con que gracia o Italiano,
Medio seria e medio rindo,

---

5 *pequerrechiña? (Con), (MS).*
6 *as falas (FV).*
7 *d'a (MS).*
8 *ensiñaron (MS).*
10 *frores é fragancia... (FV). frores e fragancia, (Con). e fragancia. (MS).*
11 *lingua (Con), (MS).*
12 *Fala, tan castiza é pura, (FV).*
13 *admiracion; (Con), (MS).*
14 *N'a (MS).*
15 *d'a inspiracion, (Con), (MS).*
17 *xa (FV), (Con).*
18 *Qu'o (Con).*
19 *Oui, (FV). o cura: (Con). Respondeche á o cura: (MS).*
20 *xemendo (FV), (Con).*
21 *¡Con qué gracia ó (FV). Conque gracia o italiano (Con). Con que (MS).*
22 *é (FV).*

Vas falando e traducindo
En tan puro castellano,
Que non sey cal é mais lindo!

Eses mimosiños dedos
Que nunca se enjergan quedos
Sobre o piano estendidos,
Ceiban tan doces sonidos
Tan melodiosos tan ledos
Que enfeitizan os sentidos.

De rosas croa esplendente
Ha de adornar tua frente
Se de esa sorte camiñas...
Mais, Ay! filla* inocente
Que esas flores ten espiñas.

Da gloria o aspro carreiro
É Tan dificil andar!**
Un penedo ou un regueiro,
Un barranco ou un outeiro,
Ven sempre o paso a estrovar.

Mais do teu talento as galas
Han de vencer os atrancos

---

23 *é (FV).*

25 *Que non sei cal é mais lindo. (FV). e (Con). lindo. (MS).*

26 *dedos, (MS).*

27 *enxergan (FV). enxergan quedos, (Con). engergan quedos, (MS).*

28 *ó (FV). estendidos (Con). En M.S. falta este verso.*

29 *sonidos, (FV), (Con).*

31 *Qu'enfeitizan (Con), (MS).*

35 ***tachado** Marina. Mais ¡ay! filla inocente (FV). Mais, ¡ay! Marina inocente (Con). Mais, ¡ay! Mariña inocente, (MS).

36 *frores (FV). Qu'esas frores ten espiñas, (Con). Qu'esas flores tén espiñas. (MS).*

37 D'a (MS). groria (FV).

38 ****posto por riba** galgar! E tan difícil andar! (FV), (Con). É tan difícil galgar! (MS).

40 *monteiro, (Con).*

41 *ó paso á estorbar. (FV). á estorvar. (MS).*

42 *d'o (MS).*

43 *Had (Con).*

De penas, outeiros, valas,
Que o genio tamen ten alas
Para salvar os barrancos.

Coses, bordas e dibujas
Dimpois de tanto estudiar.
Cuidado se te enrabujas!
Debes correr e brincar
Non lle boten culpa ás brujas
Se chegares á enfermar.

Por tamaña habilidá
Non debes ter vanidá
Senon dar gracias a Dios,
Que o ceo esas gracias dá
Tan sólo ós angeles bós.

De entusiasmo e de cariño
Ja se me cortan as falas...
Ven acá: dame un biquiño,
Que para ser angeliño
Solo che marran as alas.

F. A.

Santiago 4 de Mayo de 1968.

---

44 *valas; (MS).*

45 *ó enio (FV). Qu'o xenio (Con). tamén tén (MS).*

47 *é dibuxas (FV). e dibuxas (Con).*

48 *Dispois de tanto estudiar, (Con). Despois de tanto estudiar, (MS).*

49 *si te enrabuxas! (FV). ¡Cuidado si te enrabuxas! (Con). ¡Cuidado si che (MS).*

50 *é brincar. (FV).*

51 *as bruxas (FV). culpas as bruxas (Con).*

52 *a (Con).*

55 *Se non dar gracias a Dios. (Con). Se non dar gracias á Dios. (MS).*

56 *Qu'o ceo (Con). da (FV), (MS).*

57 *os ángeles (FV). os anxeles (Con). á os ángeles bos. (MS).*

58 *é (FV).*

59 *Xa (FV). as falas..., (Con). as falas..., (MS).*

61 *anxeliño (Con).*

9

¿Que fora este mundo ingrato
Sin ilusión, sin amores?
Triste deserto sin flores,
Cheo de silvas e mato.
É un feitizo tan grato
¡Amarse o home e muller!!...
¡Oy! se se ven a querer,
Fan da terra un paraiso.
Conque, amigos, é preciso
Adorarse hastra morrer.

* Esta composición aparece interposta nunha carta que Añón dirixe ó seu primo Eduardo Campos que vivía en Vigo, co motivo da súa boda. A carta está escrita en castelán, e ten a data de: «Santiago, Enero 11 de 1869», deste manuscrito autógrafo dos F.F.P., facemos esta transcripción. A poesía figura tamén na Ed. da Concordia, co título «A MEUS PRIMOS E. Y P.», sen lugar nin data, páx. 58. Non figura na Ed. do Tambre, pero si na Ed. de M.S., «A MEUS PRIMOS E. y P.», sen lugar nin data, páx. 109. Transcribimos a continuación a carta.

Eduardo Campos, sobriño-primo de Francisco Añón casou en Vigo con Josefa Ramos.

1 *Que fora (Con).*
2 *ilusión (MS).*
3 *frores (Con). flores (MS).*
4 *matos. (Con).*
5 *¡E (Con). ¡É (MS).*
6 *Amarse (Con).*
Amarse o home e muller!!..... (MS).
7 *si se ven querer (Con).*
si se saben querer, (MS).
8 *paraiso: (Con).*
paraiso: (MS).
9 *e preciso (Con).*

Sr. D. Eduardo Campos
Vigo.

Santiago, Enero 11 de 1869.

Mi muy querido sobrino:

Ayer tarde he llegado á esta donde he encontrado á tu padre muy bueno y contento.

Yo no sabia nada de tu efectuado enlace, y lo siento en el alma, pues aunque no me fuera posible hallarme en esa a tu boda, podria hacerme representar por medio de una poesia ad hoc.

Dentro de algunos dias iré a abrazarte á ti y a tu adorable compañera y mi nueva sobrina. Salúdala en mi nombre, y entretanto recibid la mas sincera enhorabuena que os envio con toda la efusión de mi alma.

Recomiendame igualmente a tu nueva familia a quien deseo mucho conocer.

Cuando emprenda mi viaje a la corte me detendré dos ó tres dias en esa. Reservo para nuestra feliz entrevista un himno epitalámico que te tengo ofrecido y que quiero tener el honor de recitaros en un brindis.

Recibe espresiones de tu papá, de Joaquina, de mi sobrino Pepe de su madre y parientes de Boel, de Ríos, de Manolo García y familia. S.S.S. Se feliz.

Tuyo afmo Tío

Fran.co Añon

10

A UNA GALLEGA RENEGADA*

Cando Dios fijo este mundo,
Dis que empezou po-l'a España,
E as provincias con maña
Foy pondo en orden profundo.
—Este pais sin segundo
Eu encherey de portentos...
¡Vamos! ¿estades contentos?
E todo o mundo calou,
Seno'Antona que rosmou
Con modos ben rabujentos.

—Fala; que queres, muller?
En min confía e sosega.
—Eu non quero ser gallega.
—¿Entonces que queres ser?
—Andaluza... Foy de ver
As burlonas carcajadas,
Os silbidos e chuscadas
Que estaban en confusión,
Hastra que dijo chitón
Dios, sorrindo ás agachadas:

—Provincias d'Andalucía,
Terra de sal e sandunga,
Basta ja d'alegre chunga,
E tende mais cortesía...
Pois ten tanta simpatía
Por vós esta pobre tola,
E tanto se desconsola
Lonje de vós; un corruncho
Dádelle á este sapo cuncho;
Pois ja non teño onde pola.

—Zeñó, que no puede zé,
(Protestan os sevillanos...)

* Esta composición non figura na Edición da Concordia, nin na do Tambre, sí na de M.S., datada en «La Coruña, 17 de Febrero de 1869», páxs. 89-91.

Que ze vaya á los gitanos,
E estes gritan: ¡Chachipé!
Mos vamos á dí ¿ta oté?
¿Pue no ve ya cuantos semo?...
Dios, véndose en tal estremo,
Gritou: ¿No hay que a queira?
Responde a nacion enteira:
—¡Que cargue con ela o demo!...

La Coruña, 17 de Febrero de 1869.

11

AMOR APRESURADO (Inédita)*

Soneto

Miráchesme, mireiche, nos miramos;
Sorrícheste, sorrinme, os dous sorrimos;
N'os nosos ollos nosa imagen vimos:
Ti n'os meus, eu n'os teus nos retratamos.
Desde entonces d'amor nos abrasamos;
Un mesmo gusto ou pena os dous sentimos,
E anque á parages diferentes imos,
Decote n'o camiño tropezamos.
Ja que d'o corazon libres dispomos,
Ós pájaros d'os bosques imitemos,
Que os niños fan entre ramage e gomos;
Nosa doce ventura apresuremos,
Que a vida é curta e responsables somos
D'o tempo tan precioso que perdemos.

Coruña, Febrero 25 de 1869.

* Esta composición soamente figura na Ed. de M.S., como «Inédita», e aparece datada na «Coruña, Febrero 25 de 1869», páxs. 61-62.

12

A ó meu sobrinho*

Recomendasme sobrinho
Un mozo como unhas flores
Que as ninfas dos seus amores
Fai inchar ó demoniño.
D'unha xá tubo un miniño,
Outra esta feita un novelo
Pois xa le foxe ó mantelo
Por diante, non por detras:
Digoche que ó tal rapas
E peor q'un can rabélo.

Abandonou á primeira
Por outros amores novos
E cand'esta choca os ovos
Quer casarse con á terceira:
Si sigue d'esta maneira
E con tales reconconias,
Pépas, Farrucas é Antonias
Tendran que lle por demanda
Si ó Goberno non ó manda
Vaya poblar as colonias.

---

* Esta composición «Inédita», figura en dous manuscritos: un, dos F.F.P., co título «A ó meu sobrinho», que aparece na catalogación de ditos fondos como «Inédita, de fuertes tintas burlescas», de onde facemos esta transcripción, e que non ten data. E o outro que me foi facilitado por D. Xosé M.ª Álvarez Blázquez ten o título seguinte: «En contestación a un Sobrino del autor, que le escribe, pidiendole una recomendación para un amigo que se queria casar y el Cura no lo casaba porque habia varias mujeres que habian presentado impedimento», e que está datado en «Santiago 1869».

1 *Sobriño (M2).*
2 *u'has (M2).*
4 *o (M2).*
5 *xa (M2).*
6 *está (M2).*
7 *lle (M2)*
8 *detrás; (M2).*
11 *a (M2).*
14 *cu'a terceira; (M2).*
17 *Pepas, Farrucas e (M2).*
18 *tendrán (M2).*
19 *o Goberno (M2).*

Eu non quero tomar parte
N'esas mal fadadas bodas;
Por min, q'as empreñe á todas
Si pode hasta que se farte:
Xá q'o demo lle deu arte
Para lles encher os foles
Debe encintar ¡Caracoles!
Tamen es'outra miniña,
Por un pouco de fariña
Que non deixe as papas moles.

Asi podera esperar[1]
N'ese serrallo da aldea
A que lle veña á idea
Para levala á ó altar;
E non lla podran negar
Anque non teña gallispo
De razon, ¡voto á Sn. crispo!
Que se ouver dificultade
Pode empreñar á ó Abade
Provisor é o Arzobispo.

13

A LA FAMILIA DEL SR. ELORZ*

Dende a vila d'o madroño,
Que a ciudá chegar non pudo,
Vos mando un terno saludo

22 *bodas, (M2).*
24 *farte; (M2).*
25 *Xa (M2).*
31 *(1) Asi non lle han de faltar*
Así non lle han de faltar (M2).
34 *a (M2).*
35 *podrán (M2).*
36 *an'que (M2).*
37 *San Crispo! (M2).*
39 *a o (M2).*

* Esta composición soamente figura na Ed. de M.S., e está datada en «Madrid, 12 de Mayo de 1872», páxs. 117-120. Na páx. 329 desta Ed. móstrase unha «Lista de las personas y Corporaciones que han contribuido á coleccionar las poesías de D. Francisco Añón», e entre elas figura «Elorz (D.ª Marcelina)».

Entre chungueiro e tristoño.
Os versos que aquí vos poño,
Anque de chiste despidos,
Son d'o corazon sahidos
Que relouca de soidades,
Solo para que seibades
Que non vos teño esquecidos.

Luciano é o portador
D'estas décimas malditas
Que de présa van escritas,
Como quen dis, á vapor.
Momentos de bon humor
Anque poucos, ende mal!
Pasey n'esta capital
Con el e con Ramonciño
Que é outro bo demoniño,
Pro churrusqueiro e jovial.

N'o confuso remohiño
D'esta corte bullangueira
Rola a vida tan ligeira
Cal rodicio d'un mohiño.
De volver ó patrio niño
Ganas non me faltan, non,
Pois con divina ilusion
Recordo as prendas amadas
Que decote están grabadas
Dentro d'o meu corazon.

Entre os objetos queridos
D'as miñas ternas soidades
Vós un lugar ocupades,
Pero d'os mais preferidos.
En lazo d'amor unidos,
Como as doas d'un rosario,
Ahí non fay tempo vario,
Que chova ou cayan centellas,
Pois esa casa, ¡abofellas!
É d'amistá santüario.

P.D. —Souben agora de prisa
Que ahí tendes duas nenas

Garridas como azucenas
Que son Sabela e Luisa.
S'eu fora o sopro d'a brisa,
Leváralles mil olores
D'as embalsamadas flores
Que aquí temos n'o Retiro,
E un terno bico e un suspiro
Lles levara ¡meus amores!
Dis que un-a quinta frondosa
Tendes aló por Iñás,
Onde hay peras e mazás
E rica froita sabrosa.
Si n'a estacion calurosa
Por fortuna alá nos vemos,
Comeremos, correremos
N'ese delicioso Eden,
E jogaremos tamen
Hastra que en fin nos cansemos.

Felipa e Luciano son
Dous corpos e un-alma fiel,
E Marcelina e Manuel
Partindo estan un piñon;
Mariquiña, en conclusion
É un ángel, un serafin,
Boa, doce, falangueira,
E dous botons de roseira
Son Pilar e Felipin.

Teño ganas d'ir á Cruña
Para abrazarvos á todos;
Parolarey po-l'os codos,
Que a lingua non se me engruña.
S'a sorte non me rabuña,
Verey n'o próuximo bran
As ondas loucas d'o Orzán
Desde a Torre d'a Farola...
¡Adios!... Recados á Lola,
A Pepiña e sua hirmán.

Madrid, 12 de Mayo de 1872.

14

O meu querido amigo Xan Bautista Neira, salvado* providencialmente no descarrilamento de Viana.

Maldigo o ferro carril,
carros con lume é vapor,
que cal lóstrego sútil,
arrebatan de Madril
o meu amigo millor.

En menos que canta un galo
andan doce ou vinte leguas...
eu non son tolo, anque calo:
—Dentro vay algun cabalo...
—cabalos non.— Serán eguas.

Ceibando chispas de lume,
apenas avista xente,
silva como un-a serpente;
roxo, negro e branco fume
e seu respirar ardente.

* Esta composición aparece publicada no periódico de Lugo «El Eco de Galicia, n.º 187 do 9-X-1873», firmada por «Francisco Añón», e datada en «Madrid», 13 de Setiembre de 1873», de onde facemos esta reproducción. Así mesmo publicouse en «El Heraldo Gallego» de Ourense do «30-IV-1878», páx. 186, co título: «O MEU QUIRIDO AMIGO J.B.N.», firmada por «Francisco Añón», e datada en «Madrid, Setiembre de 1873». Tamén figura na Ed. da Concordia co título: «O MEU QUIRIDO J.B.N.», sen lugar nin data, páxs. 32-34. Non figura na Ed. do Tambre, e si en M.S.: «Á o meu querido amigo JAN BAUTISTA NEIRA, salvado providencialmente d'o descarrilamento de Viana.», non ten lugar nin data, páxs. 83-87.

1 *Maldito o ferro-carril, (Con), (HG).*
2 *Carro con lume e vapor, (Con), (MS), (HG).*
3 *sutil (Con), (MS), (HG).*
4 *Arrebata de Madril (Con), (MS), (HG).*
7 *Anda (Con), (MS), (HG).*
8 *Eu non son tolo anque calo: (Con), (HG).*
Eu non son tolo anque calo... (MS).
9 *Dentro vay (Con), (MS), (HG).*
10 *Cabalo non, ¡serán eguas! (MS). éguas. (HG).*
11 *de lume (Con), (HG).*
12 *a gente (MS).*
13 *silba com'un-a serpente; (MS).*
14 *, branco e negro fume (Con), (HG). Rojo, (MS).*
15 *É seu (MS), (HG).*

Entra por montes furados
onde a luz se enxerga apenas,
e en saindo a os descampados
vense os rapaces e nenas,
como rosas colorados.

Cando un tren con outro tren
se escornan de opostos lados,
¡Armase cada belen!...
e todos os que alí ven
quedan esfatamiñados.
Por mais que me mordo as uñas,
a endrómena singular
moito me dá que pensar.
Pois se me marran as cuñas
¿a onde demos vay parar?

Alayos, choros, xemidos,
n'o medio d'a escuridá
rachan a alma e oidos...
en tan suprema ansiedá
atolóndranse os sentidos.

S'algun descarrilamento
acontece, ¡Dios nos valla!

---

17 *Se engerga apenas; (MS). á luz (HG).*

18 *E-en saíndo a os escampados, (Con).*
Y-en saíndo á os escampados, (HG).
E en saíndo á os escampados, (MS).

19 *e nenas (MS).*

22 *Se escornan d'opostos (Con), (HG).*
S'escorna d'opostos (MS).

23 *¡Ármase (MS), (HG).*

24 *os q'alí (Con). q'alí (HG).*
E todo-l'os que alí vén (MS).

26 *as uñas (MS).*

27 *singular, (MS).*

28 *me da que pensar, (Con), (HG). que pensar; (MS).*

29 *Pois se lle marran as cuñas (Con). se lle marran as cuñas, (HG).*
Pois si lle marran as cuñas (MS).

30 *¿Á onde démos (MS). Nas Eds. da (Con), (MS), (HG), do v. 30 saltan ó 36 e seguen ata o 40, coas seguintes variantes:*

36 *descarrilamento, (Con), (HG).*

37 *valla!... (Con), (HG).*

todo convoy se esmingalla;
xente e coches po-l'o vento
van como frebas de palla.
Este faise un-a tortilla,
aquel po-l'os aires voa
e contra o chan s'escostilla;
aquel outro s'esnacoa
saltando por escotilla.

Outros se ven esmagados,
cal n'o lagar o bagullo,
e en tal infernal barullo
¡cantos quedan enterrados
debaixo d'aquel entullo!

Nin os combates da terra,
nin as tormentas do mar
me poden facer tembrar;
o que me espanta e aterra
e solo o descarrilar.

---

38 *Todo o convoy se esmigalla; (Con).*
Todo o convoy se esmingalla: (HG). Tod'o convoy se esmingalla, (MS).

39 *Gente e cóches (MS). De novo as Eds. da (Con), (HG), e (MS), saltan do v. 40 ó 31, e siguen ata o 35 coas variantes que presentamos a continuación, para volver a saltar outra vez do v. 35 ó 41.*

31 *chorros, (HG)., gemidos (MS).*

32 *oscuridá, (Con), (HG). escuridá, (MS).*

33 *e os oídos; (Con). á alma e os oidos: (HG). e os oidos... (MS).*

34 *Y-en (Con), (HG).*

35 *Atordóanse (Con), (HG). Atolandran (MS).*

43 *s'escotilla. (MS).*

45 *Saltando po-l'a escotilla. (MS).*

46 *esmagados (Con).*

47 *o bagullo... (Con), (HG).*

48 *Y-en (Con), (HG). E en tan (MS).*

49 *¡Cátos (Con). ¡Cántos (HG).*

50 *Debaijo (MS).*

51 *n'a terra (Con), (HG). d'a terra, (MS).*

52 *n'o mar (Con), (HG). d'o mar (MS).*

53 *trembar; (Con), (HG).*
póden (MS).

54 *y-aterra (Con), (HG).*

55 *E sólo descarrilar. (Con). é sólo (MS), (HG).*

Tal peligro me acobarda,
e acó para min discurro,
sendo un cacho d'alpabarda;
que viaxar mais val en burro,
anque sea sin albarda.

Dios che salvou por milagro,
para librar moita xente...
por ser tan nobre e valente,
este canto che consagro,
porque me teñas presente.

Vaite a o venturoso chan
d'a encantadora Galicia
onde esperándo che están
amor, pracer e delicia
que as nenas che brindarán.

Viaxar podes moy ben
alí con gracia e donaire,
sin que che estorbe ninguen...

56 *acobarda; (Con), (HG).*
m'acobarda, (MS).

57 *E acá (MS).*

58 *d'alpabarda: (Con), (HG). de alpabarda, (MS).*

59 *vale en burro (Con).*
Que viajar, mais val en burro (MS).

60 *Aunque (Con).*

61 *te salvou (Con), (HG). milagro (MS).*

62 *gente... (MS).*

63 *e valente (Con), (HG).*

64 *consagro (MS).*

65 *Para que o teñas (Con), (HG).*
por que (MS).

66 *o venturoso (Con). ó venturoso (HG). á o venturoso (MS).*

67 *Da (Con), (HG). Galicia, (MS).*

68 *Onde esperándote (Con), (HG). esperándoche (MS).*

69 *e delicia, (Con), (HG).*

71 *muy (Con), (HG). Viajar pódes moy bén (MS).*

72 *Alí (HG). Alí, (MS).*

73 *ch'a empate ninguén: (MS).*

cando alá se gaste tren,
aquí andarán po lo aire.

Francisco Añon

Madrid 13 de Setiembre de 1873.

15

HIMNO Á AGRICULTURA*
(Dedicado ó meu amigo J.M.P.)

-Coro-

Traballade, rapaces e nenas
Para vos o proveito ha de ser,
Tra-l'os dias de rudas faenas
Virán noites de folga e placer.

Cando Dios este noso planeta
Po-l'o espacio guindou entre soles,
N'un jardin d'arboredas e froles
Pujo á nosos primeiros abós.

E-lles dijo: vivide felices
Entre jogos d'amor e caricias:

74 *aló (Con), (HG). ¡Cando alá vayan en tren (MS).*

75 *po-l'o aire. (Con), (HG). po-l'o aire! (MS).*

* Esta composición apareceu publicada na revista de Ourense «El Heraldo Gallego» do «3-V-1878», páx. 199, co título: «HIMNO A AGRICULTURA». «Dedicado o meu amigo JUAN M. PAZ»., firmada por «Francisco Añón», e datada en «Madrid 23 de Setiembre de 1873». Foi despois publicada no «Faro de Vigo» do «11-V-1878», co mesmo título. Figura na Ed. da Concordia:«HIMNO A AGRICULTURA. (Dedicado o meu amigo Juan M. Paz)», páxs. 24-26, datada en «Madrid 23 de Setiembre de 1873». Figura tamén na Ed. do Tambre: «HIMNO A AGRICULTURA dedicado A'O MEU AMIGO J.M.P.», sen lugar nin data, páxs. 101-107. Así mesmo figura na Ed. de M.S. co título que ten no encabezamento desta reproducción que amosamos, páxs. 53-56, e que está datada en «Madrid, 23 Septiembre 1873». A poesía está adicada ó abogado e escritor galego Juan Manuel Paz Nóvoa (1839-95), amigo de Añón.

1 *nenas; (HG). é (FV), (T).*

2 *ser; (HG), (FV), (Con), (T). ó proveito (T).*

3 *tral'os (T). faenas, (FV), (Con).*

4 *é pracer. (FV). veran moitos de folga é placer. (T).*

6 *pol'o (T). soles (FV), (Con).*

7 *xardin (HG), (FV), (Con). xardin d'arboledas é froles (T).*

8 *Puxo (HG), (FV). Puxo a (Con). puxo nosos primeiros ados, (T).*

9 *E lles dixo: (HG), (FV), (Con). Elles dixo vivide felices (T).*

10 *Entre xogos (HG), (FV), (Con). entre xogos de amor é caricias, (T).*

Vos farede-l'as miñas delicias
E as vosas si fóredes bos.

Inmortales seredes n'a terra
Como os genios que están alá arriba;
E comer certa fruta lles priva
Que non sey s'era figo ou mazan.
Por aqueles pomares frondosos
(En coiriños por falta de jastres)
Sin coidar en futuros desastres,
Rebuldaban de tarde e mañan.
Hastra os ángeles tiñan envidia,
Atisbando d'a célica altura,
Tanto encanto, pracer e ventura,
Q'encerraba aquel mágico Eden.

Mais un día ¡funesto capricho!
Lambricaron d'a froita vedada,
E perderon tan rica morada,
A inocencia perderon tamen.

¡Ay! a terra que d'antes mimosa
De seus amos cumprira os antojos

11 *vos faredl'as (T).*
12 *Eu as (Con), bós. (HG), (Con). e'as rosas se foredes vos. (T.)*
13 *sereredes (T). terra, (HG), (FV).*
14 *Como os xenios qu'están alá arriba... (HG).*
Como os xenios que están alá arriba... (FV).
Como os xénios que están alá arriba... (Con).
como os xenios qu'están alá arriba (T).
15 *De comer certa froita lles priva, (HG).*
De comer certa fruta lles priva, (FV), (Con).
17 *fondosos, (HG). frondosos, (FV), (Con).*
18 *xastres) (HG), (FV), (Con). en coiriños (por falta de xastres, (T).*
19 *Sin cuidar en futuros desastres (HG), (FV), (Con). desastres (T).*
20 *é (FV), (T).*
21 *ánxeles (HG), (FV), (Con). Hasta os anxeles tiñan envidia (T).*
23 *é (FV), (T).*
24 *Que encerraba aquel máxico Eden. (HG).*
Que encerraba aquel máxico Edem. (FV), (Con).
que encerraba aquel máxico edem, (T).
25 *Mais un dia, funesto capricho! (HG), (FV).*
Mais un dia, (Con). mais un dia funesto capricho (T).
26 *Lambiscaron (HG), (FV), (Con). lambicaron da (T).*
28 *perdendo (HG).*
29 *Ay! (HG), (FV). Ay! á terra que d'antes mimosa, (Con). Ay á (T).*
30 *antoxos, (HG), (FV), (Con), (T).*

Sólo cardos, espiños e tojos
Lles ofrece... ¡desgracia fatal!!...
Mais d'o home n'o espíritu arteiro
Un-a idea feliz remoiña,
Que é facer d'esta terra mezquiña
Outro Eden positivo e real.

D'o chan virge a cuberta rachando,
A montós brotará d'o seu seo
Canto abonde p'ra o noso recreo,
Para noso regalo e pracer.
Desmontemos as verdes ladeiras,
Cultivemos os vales e montes,
Que orballando de rios e fontes
En fartura nos han de manter.

Baijo a tona d'a terra s'esconde
Un tan rico e preciado tesouro,
Que val mais que a prata e o ouro,
Porque a nosa ventura alí está.
Traballemos con firme constancia;
O traballo é a alma d'o mundo;

31 *solo (HG), (FV), (Con), (T). e toxos (HG), (Con). é toxos (FV), (T).*

32 *desgracia fatal!!... (HG).*

34 *remoiña; (HG). remoiña: (FV), (Con). un'ha (T).*

35 *mesquiña (HG), (FV), (Con). e (Con).*

36 *Outro Edem positivo é real. (FV). Outro Edem positivo e real. (Con). outro edem positivo é real. (T).*

37 *virxe (HG), (Con). virxe á (FV), (T).*

38 *seo. (Con). a montos brotará d'o seu seno (T).*

39 *Canto abonde pra noso recreo (HG), (FV), (Con). canto abonde pr'a o noso recreo, (T).*

40 *é (FV).*

41 *ladeiras; (FV), (Con).*

42 *é (FV). os valles (Con). é montes (T).*

43 *orvallados (HG), (Con). orvallados de rios é (FV). qu'orballando de rios é fontes, (T).*

45 *Baixo (HG), (T). Baixo á tona d'a se esconde (FV). Baixo a tona d'a quela se esconde (Con).*

46 *é (FV). é preciado tesouro (T).*

47 *á prata e ó (FV). á prata e'o (T).*

48 *á (T).*

49 *constancia: (FV), (Con). constancia, (T).*

50 *mundo: (HG), (FV), (Con). e a alma d'o mundo, (T).*

É o sopro d'a vida fecundo,
Que solaz e virtudes nos dá.

Nojo inspiran n'as grandes ciudades
Ledos bailes de libres escenas;
Valen mais as campestres faenas
Que respiran pureza e candor.

Os trafegos d'o campo acabados
D'a restreba, d'a esfolla ou d'a malla...
¡Como é grato enredar entr'a palla
Suspirando cantares d'amor!...

¡Canto e doce n'as noites d'inverno
A o calor d'os tizós d'a lareira,
Escoitar d'a jovial fiandeira
A sentida cancion popular!...
Ou pendente d'os labios d'un véllo
Admirar as guerreiras fazañas,
E brindar á o compas d'as castañas

51 *E (HG), (Con). E ó (FV). e o sopro da vida fecundo (T).*

52 *é (FV). da. (Con).*

53 *Noxo (HG), (FV), (Con). Noxo inspiran nas grandes ciudades, (T).*

54 *Ledas bailas (HG), (FV), (Con). escenas, (T).*

55 *faenas, (HG), (FV), (Con).*

56 *é (FV). é candor, (T).*

57 *trafégos (HG).*

58 *malla, (T).*

59 *¡Cómo e grato enredar entre a palla, (HG).*
¡Cómo é grato enredar entre á palla, (FV).
¡Como e grato enredar entre a palla, (Con).
¡como e (T).

60 *d'amor! (FV), (Con).*

61 *¡Cánto (HG), (Con).*
¡Cánto é doce n'as noites de inverno, (FV).
¡Cánto e doce n'as noites de inverno, (Con).
Canto é doce n'as noites (T).

62 *A o redor d'os tizós d'lareira, (HG), (Con).*
A ó redor d'os tizós d'lareira, (FV).
a'o redor d'os tizós d'a lareira, (T).

63 *xovial (HG), (FV), (Con).*

64 *popular! (HG). a sentida cancion popular... (T).*

65 *vello, (HG), (FV), (Con).*
o'u pendente d'os labios dun bello (T).

67 *E brincar a o compás (HG), (Con). E brincar á ó compás (FV). e brindar a'o (T).*

Que n'as brasas estoupan d'o lar!...
Pastorciños d'as verdes montañas,
Labradores d'as veigas tranquilas,
Por vos comen ciudades e vilas...
¿Que sería d'o mundo sin vos?
Cando o home e o chan s'emancipen
Desde a serra hasta o valle profundo,
Vos serede-l'os donos d'o mundo
Como nosos primeiros abós.

Madrid, 23 Septiembre 1873.

16

Á memoria d'o eminente poeta español* D. GABRIEL GARCÍA TASSARA

Morreu Tassara! un lánguido suspiro
Foise estendendo triste e lastimoso
Po-l'o espacio anchuroso,
Cal onda circular que en lento giro
S'alonga e se dilata,
Cando leve barquiña un lago cruza,
Chispas erguendo d'escumante prata
Á pancada d'o remo que chapuza...

68 *qu'e n'as brasas estoupan d'o lar. (T).*

69 *Pastoriños d'as verdes montanas, (HG).*
Pastoriños (FV), (Con), (T).

70 *tranquilas (HG), (FV), (Con), (T).*

71 *é (FV). vilas... (Con). é vilas: (T).*

72 *¿Qué seria do mundo sin vos? (HG), (FV).*
¿Qué saria do (Con).

73 *ó home e ó (FV). e'o chan se émancipen (T).*

74 *hastra o valle profundo (HG), (Con).*
Desde é serra hastra ó valle profundo (FV).
desd'a serra (T).

75 *mundo, (HG), (FV), (Con).*
vos serede los donos (T).

76 *avós. (HG), (FV), (T).*

* Esta composición soamente a atopamos na Ed. de M.S., e está datada en «Madrid, Mayo de 1875», páxs. 111-116.

Gabriel García Tassara, poeta que naceu en Sevilla o «19-VI-1817» e morreu en Madrid o «14-II-1875».

Morreu Tassara! o eco pavoroso
As brétemas rachou d'o horizonte;
Voando po-l'os aires vagaroso;
Estrebujando foy de monte en monte,
E perdeuse n'os mares d'occidente,
Onde entre nubes d'ouro o sol desmaya,
Hastra chegar d'o novo continente
Á venturosa praya...
Alí tamen pulsou, cuitado! un dia,
Entre aplausos de gloria,
Aquel plectro de mágica armonía,
Raudales espallando de poesía
Que eterna han de facer sua memoria...
¡Morreu Tassara! as musas s'alagaron
Po-l'os outeiros d'o sagrado Pindo;
C'o seu cabelo as baguas enjugaron
Que aljofaraban o seu rostro lindo,
Como as rosas d'orballo salpicadas,
En lánguido desmayo,
N'as doces aloboradas
D'o embalsamado recendente Mayo...
Rios, fontes, regueiros, antes rindo,
Parece que gemendo van agora,
D'os verdes prados á o través fugindo.
Ay! sí, n'as grandes maguas
A terra tamen chora,
E esas puras cristalinas aguas,
Esas claras correntes
De riachos, ribeiros e torrentes,
Son d'o globo dorido as tristes baguas:
As fontes que murmullan,
Non corren nin chorrean, que esbagullan.
Cal bandada de doces ruiseñores,
De varios puntos d'a fecunda Iberia
Outros tamen acòden trovadores,
Que en actitú meditabunda e seria,
Versos, ciprés, loureiro, mirto e flores,
Depositan n'a tomba d'o gran vate.
Culto debido á o genio e ò talento;
O corazon lles bate
D'admiracion, de pena e de cariño,
Déntusiasmo, emocion e sentimento.
O Tajo, o Ebro, o Bétis opulento,
O Turia, o Douro, o Guadiana, o Miño,

Seus bárdos enviaron,
Q'en melodioso acento,
D'o gran poeta a gloria empoleiraron...
Eu tamen chego d'a areosa praya,
Que alá en remotos dias
Arrandeou o berce de Macías,
D'o terno trovador d'a cencia gaya,
Que en justas e torneos
E n'os jogos poéticos de Flora,
D'amor e gloria obtuvo mil trofeos,
Sua ambicion colmando e seus deseos...
¡Ay! eu tamen cantar quijera agora,
N'a fala encantadora,
En que trovou o seu amante labio
Tan doces melodías,
En que cantou tamen Alfonso o Sabio
Á o brando son de cítara sonora,
Chea d'amor de cencia e d'armonías,
Que n'as beiras d'o Sar e d'o Sarela
Escoitou estasiada Compostela...
Sombra d'o gran Tassara,
Escoita desde a gloria,
Ti que gloria és tamen, gala e delicia
D'o venturoso chan que o Bétis rega,
Esparramando a sua linfa clara,
Por entre perfumados alboredos
D'olivas, laranjeiras e viñedos...
Escoita este cantar que á o vento entrega,
Para mais ensalzar tua memoria,
Un fillo de Galicia,
Que as musas acaricia
De cando en cando, pois se a vida é soño,
O soñar de poeta é mais risoño;
S'o morrer é dormir, hoje soñemos,
Que mañan ¡ei d'a puja! dormiremos...
Eu non veño á chorar sobre esa lousa
Que d'o poeta os tristes restos tapa;
O corpo alí repousa;
A alma libre d'aquel fardo escapa
D'eses espacios po-l'a inmensa anchura
Para alí respirar brisa mais pura...
Un-a vida sucédese á outra vida.
¡Misterio escuro, impenetrable e forte!
N'a mesma vida a morte está escondida;

Pero d'a mesma sorte
Novas vidas tamen incuba a morte.
D'o podre vèrme sorde a mariposa,
Que po-l'os aires voa convertida
En lindas follas de flotante rosa,
E entre flores espira presurosa
Para dar á outros seres nova vida...
Tal vèn á ser a existencia nosa:
Como a neve que en agua se disolve,
Transformándose en fontes, rios, lagos,
En brétema, en relente, en densa nube,
Ora en celajes trasparentes, vagos;
Por mares, ceus e plantas se revolve:
Rola, gira, desfaise, baija, sube,
E á ser neve cen mil veces vòlve...
¡D'a vida o gran problema, quén resolve!!!
Os genios que cal lóstrego pasaron
D'o mundo po-l'a escena transitoria,
Detrás de si deijaron
Un-a estela de luz de inmensa gloria,
Que o tempo cada vez mais abrillanta.
Sua querida e plácida memoria
Sempre agrandando vay de gente en gente:
Como a sombra d'os corpos s'agiganta,
Cando alá n'o occidente
Entre nubes de grana e fogo ardente,
O moribundo sol n'o mar se chanta.

Madrid, Mayo de 1875.

17

Á inspirada poetisa gallega*
EMILIA CALE TORRES DE QUINTERO,
tributo d'admiración e amistá.

Quijera, Emilia, d'a tua cítara
O melodioso, vibrante son,

* Esta composición figura na Ed. da Concordia co título: «A INSPIRADA POETA GALLEGA EMILIA CALÉ Y TORRES DE QUINTERO. Tributo d'admiracion e amistá.», está datada en «Madrid 30 de Setiembre 1875», páxs. 50-52. Non figura na Ed. do Tambre, e si na de M.S., datada en «Madrid, 30 Setiembre 1875», páxs. 101-103, de onde facemos esta reproducción.

1 *Quixera, Emilia, d'a tua citara (Con).*

2 *O melodioso vibrante (Con).*

Pra dar á o vento sentidas cántigas
N'as doces horas d'inspiracion.
¡Ay! quen pudera cal ceivo pájaro,
Voar á o noso querido chan,
E entre os ramallos cantar d'as álbores
Alegres trinos po-l'a mañán!

Cando entre nubes de roja púrpura,
De caraveles e rosicler,
O sol nacendo racha o crepúsculo,
Volvendo á o mundo vida e pracer;

Sobre os petoutos d'as serras ásperas
Engergaría, como o condor,
Montes e vales e veigas fértiles,
Serpenteados d'agua e verdor.

Patriarcales escenas rústicas
Cheas d'encantos, alí se ven,
Sempre animadas... ¡Recordo bíblico
D'aquel perdido risoño Eden!

Vería á sombra de verdes álamos
Mozos e nenas qu'en en runfla están,
E á o son de flauta, ferriños, pífanos,
Cantan, atrujan e brincos dan.

---

3 *a o vento sentidas cantigas (Con).*
5 *cual ceivo paxaro, (Con).*
6 *a (Con).*
7 *d'os álbores (Con)*
8 *mañan! (Con).*
9 *roxa púrpura (Con).*
11 *O sol, nacendo, (Con).*
12 *a o mundo vida e pracer. (Con).*
14 *Enxergaría como (Con).*
15 *valles e veigas fertiles (Con).*
17 *rústicas, (Con).*
18 *de encanto alí (Con).*
19 *animadas... recordo bíblico (Con).*
20 *Eden!... (Con).*
21 *Vería a (Con).*
22 *rufla (Con).*
23 *E a o son de flautas, ferriños, pífanos, (Con).*
24 *, otruxan (Con).*

Desde esa altura vería estático
O esbarrancado muro feudal,
E aló n'a lomba o castro céltico
Enmarañado n'un silveiral;

Mares serenos, tranquilos, plácidos,
Q'á o ceo d'espello servindo estan,
E cruzan barcos de velas cándidas,
Como as gaivotas que vèn e van.

¡Ay! cantas veces en noites mágicas
Alí a brisa m'arrandeou,
E a lua chea n'as ondas trémulas
Seus vivos rayos esnaquizou.

E a estrelada celeste bóveda
Medindo en longa meditación,
Arder sentía dentro d'o espíritu
O santo fogo d'a inspiración.

Que anque é o home n'a terra un átomo,
Se se compara c'a inmensidá,
Encerra dentro d'a fragil máscara
O inmortal sopro d'a Divindá.

D'o amor d'a patria a mente bébeda,
Ergue, Poetisa, grata cancion,
Que say d'as cordas d'a tua cítara
N'as doces horas d'inspiracion.

Madrid, 30 Setiembre 1875.

25 *veria (Con).*
26 *O esbarrocado (Con).*
27 *E alá na lomba o castro céltico, (Con).*
28 *silveiral. (Con).*
30 *Que a o celo d'espello sirvindo están, (Con).*
31 *E cruzar (Con).*
32 ven (Con).
36 *esnaquizou!... (Con).*
38 *Metido (Con).*
39 *sentia dentro do espíritu, (Con).*
40 *inspiracion. (Con).*
41 *Qu'aunque e (Con).*
42 *Si (Con).*
43 *frágil (Con).*
46 *, poetisa, (Con).*

18

A FEIJOÓ*

Falsos héroes que a terra cubristes
De bagullas, de sangre e d'horrores,
Arredade!... O meu plectro de flores
Hoje adorno, mais non para vos.
D'outros héroes mais grandes m'ocupo,
De mais grata e querida memoria,
Que atesouran os fastos d'a historia
Como un raro presente de Dios.

D'Aleixandre, Escipion e d'Aníbal
De Cortés, Bonaparte e Pizarro,
Outros canten o arrojo bizarro
E seus trunfos e lauros tamen.

Hoje un nome mais alto m'inspira
Á cantar d'o talento fecundo
A luz viva q'arraya este mundo,
E o guia n'a estrada d'o ben.

Como hoje en tal día fay anos
Que alá prèto d'as beiras d'o Miño

* Esta composición figura na Ed. da Concordia co título: «A FEIXOÓ. (1)», e está datada en «Madrid, 1875», páxs. 30-31; ó pé da páx. 30 hai unha nota (1) que di: «Leida n'a velada d'a Galicia Literaria en honra d'o xenio». Non figura na Ed. do Tambre, e si na de M.S., páxs. 121-123, na que pon a data de «1870», o que pode ser unha errata, e da que facemos esta reproducción.

A velada da «Galicia Literaria» en honra do xenio tivo lugar o 8 de Outubro de 1875 segundo Varela Jácome, B. en «Vesteiro Torres y La «Galicia Literaria», C.E.G., páxs. 80, 83 e 84.

1 *qu'a (Con).*
3 *frores (Con).*
4 *Hoxe (Con).*
5 *heroes (Con).*
7 *Q'atesouran (Con).*
9 *D'Alexandre, Esciprion e d'Aníbal, (Con).*
11 *arroxo (Con).*
13 *Hoxe (Con).*
14 *A (Con)*
15 *qu'arraya este mundo (Con).*
16 *do (Con).*
17 *hoxe en tal dia (Con).*
18 *Q'alá preto d'as veiras (Con)*

Veu a luz un precioso meniño
En que Dios ricos dons espallou.
O seu berce as balsámicas brisas
Entre rosas e azahar arrolaron,
E as chispas d'o genio estalaron
Cando o neno á ser home chegou.

Santo Oficio, tormento, fogueiras,
E censuras d'obispos e frades,
E parásitas comunidades
¡Ay! d'a patria abrumaban o chan!
Mais por fin say a aurora sorrindo
Entre nubes de fogo e topacio
E as sombras que toldan o espacio
Ja c'os rayos d'o sol se desfan.

Este sol è o crítico sabio
En que toda-l'as cencias campean,
Como os trémulos astros flamean
Po-l'a noite n'a bóveda azul.
É o faro que á o náufrago triste
N'as borrascas d'o mar ilumina;
E un porto seguro lle ensina
Contra a furia d'os ventos d'o sul.

É FEIJOÓ, noso ídolo amado,
Fillo ilustre d'a nobre Galicia,

19 *meniño, (Con).*
23 *xenio (Con).*
24 *a (Con).*
28 *parasitas comunidades, (Con).*
30 *topacio, (Con).*
32 *Xá (Con).*
33 *e o crítico sábio, (Con).*
34 *quen todas as ciencias (Con).*
36 *pol'a (Con).*
37 *E o faro que a o naufrago (Con).*
39 *ll'enseña (Con).*
40 *Sul. (Con).*
41 *E Feixóo, (Con).*
42 *noble (Con).*

Nosa gloria, pracer e delicia,
Honra e gala d'o pobo español.
Saludemos á o astro radiante
Que d'o Miño naceu n'as orelas:
Os maios sabios serán as estrelas,
E FEIJOÓ, entre todos, o sol!

1870.

19

En el momento de regalarle a* TEODOSIO VESTEIRO TORRES la Historia del Emperador Teodosio.

N'a miña gran libraría,
Que conta volumes cinco,
Topey este, e dey un brinco
Cando n'el Teodosio lía.
¡Vede-l'o demo! decía,
¿Si será Vesteiro Torres?
Mais ja que por libros morres,
Si algo lambiscan de historia,
Garda esta probe memoria,
E d'a tua non me borres.

Madrid, 1875.

43 *groria (Con).*
45 *a (Con).*
46 *do Miño naceu n'as orelas; (Con).*
47 *sábios (Con).*
48 *E Feixóo, entre todos, o Sol! (Con).*

* Esta composición figura na Ed. da Concordia, co título: «EN EL MOMENTO DE REGALARLE Á TEODOSIO VESTEIRO TORRES, la Historia del Emperador Teodosio», datada en «Madrid, 1875», páx. 57. Non figura no Tambre, e si en M.S., datada en «Madrid, 1875», páxs. 107-108, da que facemos esta reproducción.

1 *Na miña gran libreria, (Con).*
4 *leia; (Con).*
5 *¡Védelo demo! decía, (Con).*
7 *xa (Con).*
10 *da (Con).*

20

Á INDELEBLE MEMORIA* DO MALOGRADO POETA E LITERATO GALLEGO DON TEODOSIO VESTEIRO TORRES.

«La libertad espero,
De mi dolor sin límites cautivo;
Ya que viviendo muero
Quiero morir, porque muriendo vivo.»

I.

¡Profecía fatal! Morrendo vives
Da patria tan querida na memoria:
Ti volves á vivir cando recibes,
Entre solouzos de dolor profundo,
A diadema de gloria,
Debida á o génio creador, fecundo:
A o génio que é de Dios á luz mais pura,
Celeste faro que alumía ó mundo
Nas borrascas da vida transitoria,
E tras remotas épocas fulgura
Nas varolentas páginas da historia,
Ou do poeta na esquecida lousa
Onde á posteridá estátuas pousa.

En nome de Galicia
A miña probe musa canta é chora

* Esta composición figura na «Corona Fúnebre a la memoria del malogrado Poeta Gallego Teodosio Vesteiro Torres, Ferrol 1879, páxs. XLI-XLVI», de onde facemos esta reproducción. Non figura nas Eds. da Concordia e Tambre, e si na de M.S., co título: «Á INDELEBLE MEMORIA D'O MALOGRADO POETA E LITERATO GALLEGO DON TEODOSIO VESTEIRO TORRES», coa data «1876», páxs. 125-131.

Teodosio Vesteiro Torres suicidouse en Madrid, o 12 de xuño de 1876, e esta poesía debeuna escribir Añón moi pouco despois.

2 *D'a patria tan querida n'a (MS).*
6 *genio creador, fecundo; (MS).*
7 *Á o genio que é de Dios a (MS).*
9 *N'as borrascas d'a (MS).*
11 *N'as varolentas páginas d'a (MS).*
12 *Ou d'o poeta n'a esquecida lousa, (MS).*
13 *a posteridá estatuas (MS).*
15 *e chora (MS).*

A o vate ilustre, á o generoso amigo
Que arrebatou consigo,
D'este mundo arrincándose en mal hora,
Nosa mayor delicia
E feiticeiro encanto...
¡Ay! o seu triste canto,
A última caricia,
o derradeiro ay ¡malpocadiño!
Foy po la pátria, imán do seu cariño,
Do seu constante amor ídolo santo.

Sombra querida, escoita d'esa altura
A endecha lastimosa,
Que nas alas da brisa vagorosa,
A ti voa entre bagoas de amargura,
Na lingua querendosa
D'aqueles primitivos trovadores
Que estrenaron á nobre cencia gaya:
N'esa fala mimosa
Que remeda o cantar dos ruiseñores,
O murmurar do brincallon regueiro,
O lánguido suspiro loumiñeiro
Do vento rebuldon bicando as flores,
E o doce rumor con que s'alaya
A onda azul a o espirar na praya.

Gracias, virtudes, mocedá, talento,
Sublime inspiración, génio divino,

16 *Á o vate (MS).*
20 *encanto; (MS).*
23 *¡mal pocadiño! (MS).*
24 *po-l'a patria, imán d'o (MS).*
25 *D'o (MS).*
28 *n'as alas d'a brisa vagarosa (MS).*
29 *d'amargura, (MS).*
30 *N'a (MS).*
32 *gaya; (MS).*
34 *d'os (MS).*
35 *d'o (MS).*
37 *D'o vento rebuldou bicando ás (MS).*
39 *á o espirar n'a (MS).*
41 *, genio (MS).*

Foron na terra ó mágico ornamento
Con que ch'engalanou alto destino.

Sedorenta de gloria é de ventura,
Voou po los espacios
A tua alma pura,
Como no brau as libres andoriñas,
Que con gentil donaire
Rasguean po lo aire
De laberintos caprichosas liñas;

E entre nubes d'ópalo é topacios
Frabicaches quiméricos palacios,
Engergando en fantásticos mirages
A tua vista leda,
Por entre lindas flores é ramages
D'un risoño porvir ancha vereda;
Mentras no campo das realidades,
Da mundanal tramoya,
D'intrigas é maldades
E de falsas endrómenas mezquiñas,
De que estabas alleo ¡miña joya!
As rosas, ¡ay! trocábanse en espiñas!...
¿Quen o ceu ch'entoldou d'esa esperanza?
¿Qué arrayou tua alma de querube?
¿Qué borrascosa nube
Convirteu de repente ó claro dia
En negra noite, funeral, sombria?
¿Cómo as serenas horas de bonanza
D'un tempo venturoso,

42 *n'a terra o (MS).*
44 *e de ventura (MS).*
45 *po-l'os (MS).*
47 *n'o bran as libres andoriñas (MS).*
49 *po-l'o (MS).*
51 *de ópalo e (MS).*
55 *e ramages (MS).*
56 *vereda, (MS).*
57 *n'o campo d'as realidades (MS).*
58 *D'a (MS).*
59 *e (MS).*
62 *rosas ¡ay! (MS).*
66 *o claro día (MS).*
67 *, sombría? (MS).*

Trocadas viche en tempestá bravia?
¡Misterio tenebroso,
Que contigo encerrou á cova fria!!!

II

Era ja media noite— á lua chea
Con argentada luz á terra inunda,
E da corte na leda barafunda,
Po las prazas é ruas serpentea
A gente que ven vindo
De volta dos teatros é paseos,
Cochicheando ou rindo
De política, amor é devaneos...

Todo é por fora deliciosa calma;
¡Mais ay do triste que ala dentro encerra,
No íntimo da alma,
A mais encarnizada é crua guerra,
Que resistir non pode, malpocado!!...
No combate interior de cote absorto,
Leva no peito ó corazon mirrado,
Ja para o mundo é seus encantos morto...

Alí ven él con vagoroso paso,
Atravesando á plácida corrente

70 *bravía? (MS).*
72 *a cova (MS).*
73 *noite: a (MS).*
75 *d'a Corte n'a (MS).*
76 *Po-l'as prazas e (MS).*
77 *vén (MS).*
78 *d'os teatros e (MS).*
80 *e devaneos... (MS).*
81 *fóra deliciosa calma, (MS).*
82 *d'o (MS).*
83 *N'o íntimo d'a (MS).*
84 *e (MS).*
85 *póde (MS).*
86 *N'o combate interior decote (MS).*
87 *n'o peito o (MS).*
88 *e seus enca..tos morto... (MS).*
89 *vén él con vagaroso (MS)*
90 *a (MS).*

Da falangueira gente,
Sin siquera facer das lindas caso...
Corre á perderse como ó leve esquife
Que vay do furacan arrebatado
A escacharse n'un áspero arrecife,
Ou como o pajariño descuidado,
Que atraido da pérfida serpente,
Entre as ramas oculta,
Aletea gemendo atordoado
E do reptil na gorja se sepulta...
Alá se foy... perdeuse na revolta...
¡Ja non volverá mais! porque o vampiro,
Que vay tras él con invisible giro,
A víctima non solta
Hastra chuparlle o último suspiro.

Da derradeira lúgubre jornada
Cubra un denso telon á escena triste
Con sangre salpicada...
¡Noite fatal, horrible, malfadada,
De batallar, de dudas é agonía,
Que á maginala á mente se resiste
E na testa ó cabelo s'arrepia!!...
O que alí pasaria Dió ló sabe,
Que El solo ten dos corazós á chave...

---

91 *D'a (MS).*
92 *d'as (MS).*
93 *o leve (MS).*
94 *d'o (MS).*
95 *aspero (MS).*
96 *descoidado, (MS).*
97 *d'a (MS).*
100 *E d'o reptil n'a gorja se sepulta... (MS).*
101 *n'a revolta... (MS).*
102 *Ja (MS).*
104 *Á (MS).*
106 *D'a (MS).*
107 *a escena (MS).*
108 *salpicada... (MS).*
110 *e (MS).*
111 *a maginala a (MS).*
112 *n'a testa o cabelo s'arrepía!!... (MS).*
113 *pasaría, Dio-l'o (MS).*
114 *tén d'os corazós a chave... (MS).*

Caeu no chan ó valeroso atleta,
Cansando de loitar na flor da vida;
Por nos pasou cal rápido cometa,
Pero deijou na sua despedida
D'inestinguible luz un rastro inmenso
Que ha de ser cada dia máis intenso.

Baijou do ceo a terra,
Coidando que era esto un paraiso,
Mais a o ver que este mundo solo encerra
Liortas é maldades,
Tuvo do ceu soidades
E quijo alá volverse d'improviso.

Guirnaldas de perpétuas, mirto é flores
Con loureiro é ciprés dos nosos hortos
Vinde á por, inspirados trovadores,
Do noso bardo sobre os restos mortos.
Vinde ajiña por Dios ¡juntos choremos!
As bagullas que alí confundiremos
Na sua humilde campa,
Serán chuvia d'amor que nunca escampa.

Francisco AÑON DE PAZ.

---

115 *n'o chan o (MS).*

116 *Cansado de loitar n'a flor d'a (MS).*

118 *n'a (MS).*

120 *mais (MS).*

121 *d'o ceo á (MS).*

123 *á (MS).*

124 *e (MS).*

125 *d'o ceo (MS).*

127 *perpetuas, mirto e (MS).*

128 *e ciprés d'os (MS).*

131 *ajiña, (MS).*

132 *confundiremos... (MS).*

133 *N'a (MS).*

21

Á GALICIA*

(Inédita)

De teus recordos vivo ¡Galicia encantadora!
Por teus anacos morro, idolatrado chan,
Onde voou sorrindo d'a miña infancia a aurora,
Onde as mais caras prendas que ó corazon adora,
O derradeiro sono en paz dormindo están!...

¡Ay! eu tamén quijera dormir no teu regazo,
Cando fechando os ollos, dijer a o mundo adios!
Para contigo unirme en mais estreito lazo,
N'un empinado outeiro, n'un fojo ou n'un ribazo,
Que son para quen morre todos os sitios bós.

Pintar quijera agora en loumiñeiro canto
Teus vales e montanas, teus rios e teu mar;
Mais describir non podo tan feiticeiro encanto
E as ourentes froles do teu precioso manto
C'as miñas tristes báguas podríanse ourijar,

* Atopamos publicada por primeira vez esta poesía, no periódico ferrolán «El Correo Gallego» do «17-XI-1878», onde figura o subtítulo de «Inédita, firmada por «Francisco AÑON», e datada en «Madrid, Octubre 1877», da que facemos esta reproducción. Apareceu despois na revista literaria «El Heraldo Gallego» de Ourense, o «15-XII-1878», co título: «A GALICIA», páxs. 437-438,, coa firma de «Francisco Añon», e datada en «Madrid Octubre de 1877». Figura na Ed. da Concordia, co título: «A GALICIA. (1)», datada en «Madrid, Octubre 1877», páxs. 125-128; na páx. 125 hai unha Nota (1) ó pé, que di: «Publicada por El Correo Gallego del Ferrol, despues de haber aparecido la primera parte de esta coleccion.» Non figura na Ed. do Tambre, e si na de M.S., co título: «A GALICIA», datada en «Madrid, Octubre de 1877», páxs. 45-48.

3 *vou (Con).*

4 *o corazon (HG), (Con), (MS).*

6 *quixera (HG), (Con).*

7 *dixer a o mundo, adios! (HG). dixer (Con). dijer'á (MS).*

9 *foxo (HG), (Con).*

10 *todo-l'os sitios bos. (MS).*

11 *quixera (HG), (Con).*

14 *frores d'o (HG). frores (Con). d'o (MS).*

15 *ourixar. (HG), (Con). Co'as miñas tristes bagoas podríanse acrisar. (MS).*

¡Ay! S'alas eu tivese, traspondo o Guadarrama
E outras altas serras, cual rápido condor,
Iria ver, Galicia, teu rico panorama,
Teu verde chan florido, que os aires embalsama
E o natal corruncho do meu primeiro amor.
Vería d'esa altura teu mar d'azul e prata,
Que desde a nobre Astúrias á o libre Portugal,
Pol'a rachada costa bruando se dilata,
Vería o sacro Pindo e a grande catarata,
Que o Ézaro gomita d'un alto penedal.

Do opulento Miño á deliciosa orela,
Esverdejando en viñas, que é un regalo ver,
As colosales torres da augusta Compostela,
E os risoños campos do Sar e do Sarela,
Teatro n'outros tempos d'amores e pracer!...

Teus trajes e costumes n'as populares festas,
Bailas, merendas, runflas, n'as horas de calor,
A sombra d'os carballos, ou entre as verdes gestas,
Con gaitas e pandeiras e rústicas orquestas,
De primitivas eras recordo encantador.

Parece que inda enjergo, por entre as ramalleiras,
Travesos estudiantes correr e estrelousar,
Versos botando e flores as mozas churrasqueiras,

---

18 *Iría (MS).*
20 *d'o (HG), (MS).*
22 *a o libre (HG), (Con).*
23 *Pol-a (HG). Po-l'a (MS).*
24 *veria (HG), (Con).*
25 *Ezaro (HG).*
26 *D'o (HG), (MS). a deliciosa (MS).*
27 *Esverdexando (HG). Esverdexando en viñas, que e (Con).*
28 *d'a (HG), (MS).*
29 *d'o Sar e d'o (HG), (MS).*
31 *traxes (HG), (Con).*
32 *Bailes (MS).*
33 *xestas, (HG), (Con). Á (MS).*
36 *enxergo, (HG), (Con). por entre ramalleiras (MS).*
37 *entrelousar, (HG). estralouzar (MS).*
38 *e frores as mozas churrusqueiras, (HG). e frores (Con).*

Mentras na probe ermida as nais camanduleiras,
Por un ou dous ichavos o Santo van bicar.

.....
.....
.....

¡Que terra tan vizosa! Que pintorescos montes!...
¡Que vales e montañas de mágica ilusion!...
Si derdes alguns pasos, cambiades d'horizontes;
Descúbrense outras veigas, mariñas, rios, fontes,
Que á o terno vate infunden sublime inspiracion.

Os soutos e ladeiras, os mais amenos prados,
As álbores e froitas que acá e alá se ven,
Parece que están fonchos de verse duplicados,
D'os rios e fontelas n'as aguas retratados,
Como un pequeno cróquis do venturoso Edén.

Ergue esa altiva testa, Galicia, e non t'engruñes:
Do teu porvir dourado a estrela vay rayar;
D'armas e d'as letras tempo é que o cetro empuñes,
Que a terra onde se crian Feijóos e Mendez Nuñez,
Do mundo n'os destinos gran parte ha de tomar.

O tempo s'apresura... Querida pátria, escoita
Ese gemido rouco que racha o aire ván...

39 *n'a pobre (HG), (MS). na pobre (Con).*
— En tódalas versións atopamos despois do verso 40, tres ringleiras de puntos.
41 *¡Qué (HG), (Con). montes! (HG), (MS).*
42 *¡Qué (HG), (Con). máxica (HG), (Con).*
43 *cambiados (HG), (Con).*
45 *Que o terno (HG). Que a o terno (Con).*
Que ó terno (MS).
47 *Os álbores (HG).*
48 *están (HG).*
49 *retratados (MS).*
50 *cróquit d'o (HG). d'o (MS).*
52 *D'o (HG), (MS).*
53 *e que (Con).*
54 *se crean Feijóos e Mendez Nuñes, (HG). se creian (Con).*
e Mendes Nuñes, (MS).
57 *xemido (HG), (Con). van... (MS).*

E'o vapor que chama con violencia moita
A ese porvir gigante que c'o pasado loita,
E a trasformar s'apresta o teu fecundo chan.

Serán famosas vilas as que hoje ves aldeas...
A Cruña, Ferrol, Muros e Vigo encantador,
Da orela do teu manto magníficas preseas,
Serán mais visitados d'embarcaciones alleas
Do que hoje son Lisboa, Marsella e Nova-York.

Magínome estar vendo os escumosos mares,
Con velas e vapores que cruzan, van e ven,
Mentras por entre soutos, dehesas e pinares,
Con fouliadas dentro, silvando pasa o tren.

¡Ay cantas veces, cantas, en noites pracenteiras,
A suspirante brisa no mar m'arrandeou,
Cantando barcarolas con lindas compañeiras,
E desde o ceo a lua n'as ondas bailadeiras
Os seus brillantes rayos de prata esnaquizou!!!

Galicia da miñ'alma, o corazon ch'adora,
Cando na escura noite retrina o rousinol,
Cando entre nubes d'ouro, sorrindo esperta a aurora,
Cando o choroso orballo d'as froles s'evapora,
E cando tras os montes no mar se chanta o Sol.

---

59 *xigante (HG), (Con).*

60 *chan! (MS).*

61 *hoxe (HG), (Con).*

63 *D'a orela d'o teu manto magnificas (HG). magnificas (Con).*
D'a orela d'o (MS).

65 *D'o que hoxe (HG). hoxe (Con). D'o (MS).*

67 *Con vélas e vapores que cruzan, van e vén, (MS).*

68 *devesas (MS).*

69 *máxicos (HG), (Con).*

70 *silbando (HG), (Con), (MS).*

72 *n'o mar m'arrendeou, (HG). n'o (MS).*

74 *hondas (HG). á lua (Con).*

77 *Cando n'a escura noite retrina ó ruisenol, (HG).*
Cando n'a oscura noite retrina o ruiseñol, (MS).

78 *sonrrindo esperta aurora, (HG). esperta aurora, (Con). espert'a aurora, (MS).*

79 *flores (MS).*

80 *n'o (HG). tra-l'os montes n'o (MS).*

¡Adios frondosos bosques! adios floridos prados,
Onde en felices dias corrin e rebuldey!...
Serenas, claras rias, outeiros perfumados,
Collede os meus suspiros de báguas salpicados...
¡Longe de vos eu morro!!! ¡Sin vos vivir non sey!

Francisco AÑON.

Madrid, Octubre 1877.

22

EPIGRAMA*

O pasar este regueiro
Certa noite de tronada,
Caeu d'unha trambullada,
Chispo, Goriño d'Outeiro.
Acode o lugar inteiro:
Faise a autosia de Goriño;
Os médicos o fociño
Morden, a pesar d'a cencia,
Pois non saben en concencia
S'afogou d'auga ou de viño.

Francisco Añón.

84 *bagoas (MS).*

85 *¡Lonxe (HG), (Con).*

* Esta composición foi publicada co título de «EPIGRAMA» no «Almanaque Humorístico de Galicia para 1878», diríxido por Arturo Vázquez, «Orense-1877», páx. 17, de onde facemos esta reproducción. Figura na Ed. da Concordia como o último de tres «EPIGRAMAS», páx. 61. Non figura no Tambre, e si na Ed. de M.S. en terceiro lugar, dentro do grupo «EPIGRAMAS Y BRINDIS», páx. 142.

1 *O saltar este regueiro, (Con).*
Ó saltar este regueiro, (MS).

2 *troboada (MS).*

3 *d'un-a (Con). Caéu d'un-a (MS).*

4 *d'Outeiro; (MS).*

5 *inteiro; (Con). Acóde o lugar enteiro, (MS).*

6 *a Goriño; (Con).*

7 *medicos (Con). fuciño (MS).*

8 *da (Con). á pesar (MS).*

9 *concencia, (Con).*

10 *Se afogou d'agua (Con), (MS).*

23

A MIÑA ENFERMEDÁ(1)*

Fraco como un asubío,
Con tres enemigos loito,
Enfermedá, fame e frío,
E d'a miña vida o fío
Vaise adelgazando moito.

Dimpois de fortes dolores,
Tuven derrames de bílis
Con revolucion d'humores;
Pero os demos d'os doctores
Non tèn dado c'o busílis.

Consultey con un franchute,
Que de paso estaba aquí,
E díjome: mon ami,
Vous vous guerirez sans doute;
Mais faut prendre ceci.

E espetoume tres recetas
que custaban seis pesetas;
Pero como non as tiña
Sigueu d'o mal a morriña
Que s'encruou co'as dietas.

Tènme outro italiano visto,
E exclamou: ¡Cappo di Cristo!
Lei ha d'orangio la faccia
Malatía cativaccia;
Ma ïo vengo provisto.

E tirou d'a faltriqueira
Un-a bonita carteira,

* Só figura esta composición na Ed. de M.S., datada en «Madrid, 1878», páxs. 145-148, da que facemos esta reproducción. Na páx. 145, hai unha Nota (1) ó pé, que di: «Debemos esta poesía al ilustrado ingeniero, señor don Juan Bautista Neira quien conserva la autógrafa y asegura fué compuesta por el autor muy pocos días antes de su fallecimiento.— N. del E.»

Qu'era a sua gran farmacia;
Ponderou sobremaneira
D'os grauíños a eficacia.

Engulin homeopatía
Con pouca fé e esperanza;
Mais encontrey certo día
Á un médico de Braganza
Que d'antigo conocía.

E deijey ò italiano
Po-l'o doctor lusitano...
—¡Diabo! ¡Como está amarelo!
Dijo rindo o Señor Melo,
Que é un portugues campechano.

—Pois, meu caro amigo, eu hacho
Que d'esta s'escapará;
Mas de manhan tomará
Raiz de carqueija macho
Con seis chavenas de chá.

Á o herbolario Garduña
Pedinlle: macho carquesia...
Entre dentes refunfuña
E por pouco m'esgaduña
Se non entro n'un-a iglesia,

Díjome o tio Cucaña:
O papel Fayard non daña...
¿Porqué non se serve d'él?
—S'hey de curar con papel
Será d'o Banco d'España.

De duros un-a poutada
Podrá curarme a hepatítis,
Enfermedá condenada,
Cando vèn acompañada
D'un-a gran sindineritis.

Madrid, 1878.

52 *Fayard: Papel que se empregaba como revulsivo lixeiro para combater reumatismos. Ó papel engadíaselle o verdadeiro medicamento que contiña un cerato a base de aceite, minio e cera.*

Poesías en Galego con data aproximada

24

A meu primo,
PEPE TUÑAS.*

Se me topase ó teu lado
en tan pracenteiro dia,
¡que de cousas che diria!
primo d'a alma adourado,
pero quer ó duro fado,
que separados estemos,
e en semellantes estremos

---

* Esta composición non figura na Ed. da Concordia, si na Ed. do Tambre, páxs. 94-97 da que facemos esta reproducción. Tamén figura na Ed. de M.S., páxs. 79-81, co título : «A MEU PRIMO PEPE TUÑAS».

José Tuñas Paz naceu o 6-IV-1815, o seu oficio era «sastre eclesiástico», casou o 10-I-1848 con Francisca Blanco del Río (a Farruca do verso 33), e viviu en St.ª María de Entines que era o arciprestado. A nai do poeta, D.ª Vicenta Paz e a nai de Pepe Tuñas D.ª Lorenza Paz Romero, eran irmáns. Case ó final da poesía, noméase a D. Froitoso, e en Nota (1) de M.S. ó pé da páx. 81 di: «D. Fructuoso Perez Faya, vicario y hoy párroco de San Orente.-N. del E.» Consultados os libros de «La Fábrica» no arquivo parroquial de S. Orente, aparece como cura vicario a partir do 31-I-1852 e o 5-I-1865 firma xa como cura párroco; a derradeira firma é do 21-XI-1901. Morre D. Fructuoso Pérez y Faya o 8-I-1902, segundo o «Libro de Defunciones».

Pódese datar esta composición na Semana Santa do ano 1856, tendo en conta que escribe «o vernes de Dolores», e termina anunciando a súa saída para a Corte, onde sabemos que se atopa xa en Febreiro de 1857 por poesías datadas.

---

3 *che diría (MS).*

4 *adourado! (MS).*

5 *o (MS).*

7 *E, en semellantes estremos, (MS).*

com'a mensageiro fiel
recurro á este papel,
qu'ala vay con cen mil demos.

¡Que dia tan despexado!
¡Dimpois d'un tempo diabólico
non teras viño católico,
nin teras ó dia aguado,
comeredes de pescado
xuntando ó xantar c'a cea,
merlusa, congro lamprea,
linguados, sopa d'ameixas,
e'inda ch'an de darllas queixas,
s'algen enfermar c'a chea.

Hoxe vernes de Dolores
debe ser muy triste dia;
mais s'espiñas ten Maria
S. Jose ten lindas flores
pois se gustos e amargores,
praceres é desventuras
forman se moito m'apuras
d'esta vida un pote podre,

---

8 *Como á (MS).*
9 *Eu recurro (MS).*
10 *Que alá (MS).*
11 *despejado! (MS)*
13 *terás (MS).*
14 *terás o viño aguado! (MS).*
15 *pescado, (MS).*
16 *Juntando o jantar co'a (MS).*
17 *Pescada, congro, lamprea, (MS).*
18 *d'ameijas; (MS).*
19 *E inda ch'an de dar as queijas (MS).*
20 *S'alguen (MS).*
21 *Hoje, vernes de Dolores, (MS).*
22 *moy (MS).*
23 *tèn Marìa (MS).*
24 *San José tèn lindas flores; (MS).*
25 *amargores (MS).*
26 *e (MS).*
27 *Forman, se moito m'apuras, (MS).*
28 *pòte (MS).*

ide metendo no odre
as verdes c'o as maduras.

Hoxe habria de falar
tamen de Farruca un pouco,
anque me puxese rouco
de beber e de brindar,
algo habia de palrar
d'o meu primo o Vinculeiro,
d'os Tuñas é de Barreiro,
e'outro brindis respeitoso
faria por D. Froitoso,
meu amigo é compañeiro.

Oy! s'hoxe estives'ahi,
por vida de Balcebu,
faria á tua salú
os versos qu'eu fago aqui;
se por min preguntan di,
qu'estoupando estou de forte,
que vou sahir para á corte
(non das vacas) de Madril,
e rezade as once mil
porque me protexa á sorte.

---

29 *n'o (MS).*
30 *co'as (MS).*
31 *Hoje habría (MS).*
32 *pouco (MS).*
33 *pujese (MS).*
34 *brindar. (MS).*
35 *habia (MS).*
36 *o vinculeiro, (MS).*
37 *e (MS).*
38 *E outro brindis respetoso (MS).*
39 *Faría por don Froitoso (1) (MS). En M.S. ó pé da páx. 81: (1) «D. Fructuoso Perez Faya, vicario y hoy párroco de San Orente.— N. del E.»*
40 *e (MS).*
41 *¡Oy! s'hoje estivese ahí (MS).*
42 *¡Por vida de Belcebú! (MS).*
43 *Faría á tua salú, (MS).*
44 *aqui. (MS).*
45 *perguntan; di (MS).*
46 *Que (MS).*
47 *a Corte (MS).*
48 *(Non d'as vacas) de Madril; (MS).*
49 *ás (MS).*
50 *proteja a sorte. (MS).*

25

Galicia visitada por los Reyes*

Mozas =
¿Q'é aquelo q'ó longe relumbra
Como os rayos d'a lua n'o mar?
¿Non sentís de cabalos os rinchos,
e de carros confuso rolar?
Escoytade, escoytá!!

Entre nubes de polvo s'engerga
rebolizo de gente avanzar,
e por voltas cual lóstrago vese
como d'armas sinistro espellar.
¿Que será que será??

Mozos =
Non fujás brincallonas meniñas,
que non hay para que se asustar;
son os nosos queridos monarcas,

* Esta composición aparece en manuscrito apógrafo no «Album de Poesías de E. Campos, 13-I-1862, Madrid», páxs. 48-53, coa firme de F.co A. Paz, dos F.F.P., de onde facemos esta transcripción, e aparece en outro manuscrito, éste parece ser da man de Añón, pero que ten correxido case tódolos g, j en x, tamén dos F.F.P. Non figura na Ed. da Concordia, e tampouco no Indice do periódico «La Noche do 18-V-1946», que fai referencia ó folletón do Tambre. Si figura na Ed. M.S., co título: «GALICIA VISITADA PO-L'OS REYS», páxs. 93-96.

A raíña Isabel II chegou á Coruña en Setembro de 1858 acompañada do Príncipe de Asturias, Don Alfonso, neno de poucos meses, do seu marido D. Francisco de Asís de Borbón, e dun grupo de cortesanos, para inaugurar as obras do Ferrocarril. Visitou tamén Ferrol, Santiago de Compostela e outras cidades galegas.

E moi posible que Añón escribira esta poesía nese ano de 1858 en Madrid.

1 *lonxe (corrixido por riba do g) (FFPc7-3). que ó lonje (MS).*
3 *sentis (MS).*
5 *escoytá!!... (MS).*
6 *s'enxerga (corrixido por riba do g) (FFPc7-3) se engerga (MS).*
7 *xente (corrixido por riba do g) (FFPc7-3). Revolizo (MS).*
8 *lóstrego (FFPc7-3), (MS).*
9 *sinestro (MS).*
10 *¿Que será, que será?... (MS).*
11 *fuxás (corrixido por riba do j) (FFPc7-3). fujás, (MS).*
12 *asustar, (MS).*
13 *monarcas (MS).*

que bondosos n'os ven visitar.
Vinde aca, vinde aca!!

Sementade o camiño de froles
por onde eles o pé van pousar,
e guinday, se vos marran alfombras,
cofias, dengues, mantelos o chan.
Chegan ja, chegan ja.

Mozas =
Cata a Reyna: que nova e garrida
que sorrisa, que doce mirar!
Vede o Rey que bo mozo e que guapo
se me dan a escoller non sey cal.
Ben sey cal, ben sey cal!
Que bonitos que son os pequenos
Rapaces = Ulos, ulos?
Mozas = A Ynfanta ali está;
Aló téndelo pequerrechiño,
rebuldando n'o colo d'a Nay.
Acolá, acolá!
Mozos =
Ou rapaces, por hortas e prados
por jardins e silveyras pulay:

14 *vèn (FFPc7-3), (MS).*
15 *¡Vinde acá, vinde acá!! (MS).*
16 *flores (MS).*
18 *si (MS).*
19 *ó (FFPc7-3), (MS).*
20 *xa (corrixido por riba do j) (FFFPc7-3)*
¡Chegan ja, chegan ja!! (MS).
21 *¡que nova e garrida! (MS).*
22 *¡Que sonrisa, (MS)*
23 *23 ¡Vede (MS).*
24 *sei (FFc7-3). á escoller, non sei cal! (MS).*
25 *¡Bèn sei cal, bèn sei cal!! (MS).*
26 *¡que bonitos que son os pequenos! (MS).*
27 *¡Ulos, ulos!! (MS).*
28 *alí (FFPc7-3). alí está:(MS).*
29 *pequerrechiño (MS).*
30 *nay. (MS).*
31 *¡Acolá, acolá!! (MS).*
33 *xardins (corrixido por riba do j) (FFPc7-3)*
e silveiras pillay (MS).

caravelas pajáros e froytas
para os Nenos coller ide ja
Yde ja, ide ja!

Dailles mel, nata, leite e pan-trigo,
porque a broa n'a poden rilar...
Yde ajiña e volvé, preguiceiros,
ja que escola estes dias non hay
Vinde ja, vinde ja!
Rapaces con cabaces de froles e froitas.
Por Dios aceitade tan probes ofrendas
saidas d'o peito que ferve en lealdá.
Daranvos n'algures mais ricas merendas;
pardiola! en ningures con mais volunta.

Queridos Monarcas, iman d'a nos'alma,
quedavos connosco, se tendes vagar,
pois ¿onde hacharedes mais paz e mais calma
Qual nos quen vos ha de querer e mimar?

---

33 *.xardins (corrixido por riba do j) (FFPc7-3)*
e silveiras pillay (MS).

34 *caraveles paxáros (corrixido por riba do j) (FFPc7-3).*
Caraveles, pajáros e froitas (MS).

35 *xa (corrixido por riba do j) (FFPc7-3).*
nenos coller, ide ja. (MS).

36 *xa (corrixido por riba do j) (FFPc7-3). ¡Ide ja, ide ja!! (MS).*

37 *pantrigo, (MS).*

38 *rilar... (FFPc7-3). pòden rillar... (MS).*

39 *axiña e volve, (FFPc7-3).*

40 *xa (corrixido por riba do j) (FFPc7-3). estos días non hay. (MS).*

41 *xa (corrixido por riba do j) (FFPc7-3). ¡Vinde ja, vinde já!! (MS).*

42 *de flores e froita: (MS).*

43 *aceptado (MS).*

44 *Saídas d'o peito que férve en lealdá; (MS).*

45 *Daránvos n'algures mais ricas merendas, (MS).*

46 *¡Pardiola! en ningures con mais voluntá. (MS).*

47 *Queridos monarcas imán d'a nosa alma, (MS).*

48 *Quedaivos con nosco, se tedes (MS).*

49 *calma? (MS).*

50 *Cual (FFPc7-3). Cal nos, ¿quen (MS).*

D'as froitas mais doces d'os nosos pomares,
terés, hey da puja! decote a fartar;
os peijes millores de rios e mares
por vos a tijola viran rebrincar.

Se vos non podedes, deijade os pequenos
que sans e rolizos aqui medraran.
As veigas risoñas, os prados amenos
suspirar por eles, suspiran en van.

Adios ja vos ides, o mesmo que a aurora
que as flores barufa d'orvallo ó pasar.
De amor e soidades Galicia hoje chora:
fugi que en bagullas vos vay á afogar.

Un vello. =
Calade todos: silencio!
que a Rayna ergueuse sorrindo,
e con doce acento lindo
de nos parola muy ben.
Dis que nos quer como a fillos,
que a sua mayor delicia

---

51 *pomares (FFPc7-3), (MS).*

52 *puxa (corrixido por riba do j) (FFPc7-3).*
Terés ¡ey da puja! decote á (MS).

53 *peixes (corrixido por riba do j) (FFPc7-3). d'os (MS).*

54 *á tixola (corrixido por riba do j) (FFPc7-3).*
á tijola virán (MS).

55 *deixade (corrixido por riba do j) (FFPc7-3). vós (MS).*

56 *aquí medrarán; (MS).*

58 *suspiran (FFPc7-3), (MS).*

59 *xa (corrixido por riba do j) (FFPc7-3).*
Adios si vos ides, o mesmo qu'a (MS).

60 *barrufa (FFPc7-3). barrufa d'orvallo, ó pasar, (MS).*

61 *hoxe (corrixido por riba do j) (FFPc7-3).*
D'amor e soedades Galicia hoje chora...; (MS).

62 *fuxí (FFPc7-3). Fugí, qu'en bagullas vos vay afogar. (MS).*

63-64 *Un vèllo.— Calade todos: ¡silencio! (MS).*

65 *Reyna (FFPc7-3). Reina érguese sorrindo (MS).*

66 *acento, lindo, (MS).*

67 *moy (FFPc7-3). De nós parola muy bèn. (MS).*

68 *á fillos; (MS).*

que a sua mayor delicia
é ver prosperar Galicia,
que en gran valia nos ten

Esta opinión d'a sobrana,
que entusiasmada se esprica,
moyto nos honrra e vindica
d'os que nos ladran detrás
Vainos a dar un camiño,
que cual tiro de escopeta,
n'un credo en Madrid espeta
a quen quijer: entra e zas!

Todo por carros con lume:
alguns esta peta comena
pero en cuydo que esta endromena
é feitizo (acá para nos)
A Reyna, Dios m'o perdone,
sey que ten pauta c'as fadas,
pois con seu genio e mirada
enfeitiza á todo Dios.

F.co A. Paz.

70 *próspera (MS).*
71 *Q'en gran valía nos tèn. (MS).*
72 *opinión (MS).*
73 *Q'entusiasmada (MS).*
74 *honra (FFPc7-3). honra e vendica (MS).*
75 *detrás, (MS).*
76 *á (MS).*
77 *Que cal tiro d'escopeta, (MS).*
78 *Madril (FFPc7-3), (MS).*
79 *quixer (corrixido por riba do j) (FFPc7-3).*
A quen quíjer: entra, e ¡zás! (MS).
80 *Todos con carros (MS).*
81 *cómena, (FFPc7-3), (MS).*
82 *coydo (FFPc7-3). coído qu'esta endrómena, (MS).*
83 *(acá pra nos). (MS).*
84 *me perdone, (MS).*
85 *fadas (FFPc7-3). tén pauto c'as fadas (MS).*
86 *miradas (FFPc7-3), (MS).*
87 *dios. (MS).*

26

O MAGOSTO*

A noite de San Andrés
Crara como un-a de bran,
C'un bo rebolo n'a man
E a chupa do rivés,
Eu iba a paso de can.
C'o meu pau á cangalleira,
Caído á teima o chapeu,
Atrujei de tal maneira
Que tembrou a carballeira
Soando ó atrujo meu.
Aló na beira do rio
Oyeuse outro forte atrujo
E dimpois un asubío:
Era Alberte d'o Carrujo
Que anda de noite o recío.
Logo que o paso apretey
Hachámonos frente á frente,

* Esta composición aparece publicada nos seguintes lugares: No «Album de la Caridad», co título «O MAGOSTO, (FRAGMENTO)», páxs. 446-447, (non está enteiro, só ata o verso 40), polo tanto podemos datar esta poesía antes do 1862. Figura na Ed. da Concordia, páxs. 47-49. Así mesmo no Índice de «La Noche» do «18-V-1946», que fai referencia á Ed. do Tambre, pero non dispoñemos da poesía. E figura tamén na Ed. de M.S., páxs. 71-74, da que facemos esta reproducción.

1 *A noyte de San Andrés, (Con).*
2 *unha de vran (AC). era como unha (Con).*
3 *na (AC). cun bo revolo no man (Con).*
4 *rivés (AC). rives, (Con).*
6 *Co meu pau á cangalleira (AC). Caído a teima o chapeu (Con).*
7 *chapeu (AC). o meu pau a cangalleira, (Con).*
8 *aturuxei (Con).*
